



CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Nº 10 ANO 2023





CORGA

REVISTA ANUAL DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO
Nº 10 ANO 2023

*Agradecemento expreso ao Concello do Corgo porque sen a súa colaboración
económica esta empresa non daría saído adiante.*

EDITA
Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)

CONSELLO EDITORIAL (Xunta Directiva)
M^a Consuelo Vázquez Castro (Presidenta)
Mario Outeiro Iglesias (Vicepresidente)
Xurxo Xosé Rodríguez Lozano (Secretario)
Josefa González Díaz (Tesoureira)
Manuel.Fernández López “Lolo”
Roberto Rodríguez Páramo
Xosé Manuel Castro Castedo (Vocais)

COMITÉ CIENTÍFICO
Felipe Arias Vilas
Javier Gómez Vila
Xosé Manuel Castro Castedo
Ruben Ruibal Armesto
Ana Cabana Iglesia
Emilio Carral Vilariño
Daniel López Vispo
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Antonio Reigosa Carreiras
Xabier Bruña García
Felipe-Senén López Gómez
Manuel Lamas Castro
Adolfo de Abel Vilela

ASESORÍA LINGÜÍSTICA
M^a Consuelo Vázquez Castro

ASESORÍA TIC
Mario Outeiro Iglesias

*Centro de Estudos do Corgo (C.E.C.)
Casa das Asociacións s/n
27.163 O Corgo (Lugo)
ocorgo@gmail.com
<http://ocorgo.blogspot.com>*

EDITORIAL

O día 28 de marzo de 2009 nacía o Centro de Estudos do Corgo. No berce que a Asociación Cultural Arumes lle preparara soñou con descubrir e divulgar os segredos que o concello do Corgo atesouraba. Pouco a pouco foise achegando arredor do proxecto un grupo de persoas, nadas ou non no Corgo, que desinteresadamente se amosou disposta a poñer os seus coñecementos e o seu tempo para verter luz onde antes había tebras. A idea madurou e do CEC abrollou a comezos de 2010 a primeira das revistas, que levaría o nome de Corga, coa colaboración económica da Área de Cultura da Deputación de Lugo.

Dende aquel primeiro número pasaron trece anos, e o proxecto non deixou de consolidarse. Certo é que houbo malos momentos, como o pasamento do noso compañeiro Xosé Henrique Casanova (impulsor e escritor de tres artigos e, polo tanto, coa categoría de socio investigador), a quen botamos tanto en falta, e que nos levou a rachar a dinámica de sacar un número da revista por ano (algo que se volveu a recuperar dende os últimos catro números, coa axuda económica do Concello do Corgo).

Na actualidade o CEC conta con nove socios investigadores (teñen que ter publicados tres artigos para pertencer a esta categoría) que suman un total de 43 traballos de investigación e con vinte e seis socios numerarios que asinaron un total de 36 (algúns deses traballos contaron coa participación de dúas persoas). E con toda esta mochila finalizamos o ano 2023 presentándovos orgullosos este número tan especial, o décimo, que conta con nove traballos de investigación (tres máis que o número anterior) e un volume de coñecemento que satisfará aos máis curiosos e curiosas.

Co número da revista que tes nas mans damos a benvinda a dous novos socios. Trátase de Xurxo Xosé Rodríguez Lozano que nos trae a biografía do mestre de Queizán Xesús de Xorxe (seu pai), autor de varias cantigas de entroido (e outras temáticas) das terras altas do Chamoso. A outra nova cara é Tamara Fuentes Sánchez, que comparte artigo con Carlos Álvarez Quiroga, co fin de analizar o comportamento dos e das corguesas ante a morte (nos séculos XVIII-XIX) co estudo dos testamentos.

Este número trae dous artigos do etnógrafo Lois Ladra, responsábel do Proxecto CORGORAL ata este mesmo Nadal. No primeiro deles fálanos da creación do Punto de Atención á Lectura nas antigas escolas do Corgo e a súa conversión actual no centro neurálxico da cultura corguesa. O segundo, de autoría compartida con José Manuel Blanco Prado (outro dos habituais nesta revista), trata dos rituais festivos noutro dos santuarios fundamentais nas terras do Neira (O Corgo e Láncara) como é o San Bartolomeu de Abragán.

Neste número contamos co regreso de Marco A. García-Gabilán Sangil, para falarnos dos antecedentes do concello do Corgo a partires da aprobación da Constitución de 1812 e de Fernando Arribas Arias que continúa o artigo publicado no número 3, coa achega de novas cruceiras e un peto de ánimas.

Dous que continúan neste número son Óscar González Murado que fai unha análise do estado das igrexas do arciprestado de Farnadeiros a partir dun inventario realizado en 1763, e Alberto Martín Monge que estuda a xenealoxía dos Díaz de Santo André de Chamoso.

E pechando este número temos a un veterán da revista Corga, Mario Outeiro Iglesias que, con este, leva sete artigos (seis deles en solitario e un compartido). Desta vez, Mario Outeiro achégase ao mundo das construcións corguesas dedicadas á pesca fluvial e, en concreto, aos caneiros e ás arcas, que capturaron, ata o levantamento dos encoros do Miño, milleiros de escorregadizas e saborosas anguías.

A todas as persoas que participastes neste número, moitas grazas polo voso traballo e dedicación. Agradecementos que queremos estender, outro ano máis, ao Concello do Corgo, que financia integramente a revista dende o número sete. Finalmente, grazas a vós, que nos seguides coa vosa lectura e que sodes alento fresco para as persoas que nos achegan ano a ano o seu coñecemento en forma de artigo. Ata o vindeiro número!

O CONSELLO EDITORIAL

ÍNDICE

Xurxo Xosé RODRÍGUEZ LOZANO

Xesús de Xorxe. O entroido de Queizán e outras cantigas 6

Carlos ÁLVAREZ QUIROGA e Tamara FUENTES SÁNCHEZ

Aproximación ao comportamento ante a morte dos habitantes do Corgo
dos séculos XVIII-XIX a través dos testamentos..... 20

Lois LADRA

O Punto de Atención á Lectura do Corgo: un novo espazo cultural para a comunidade..... 34

Lois LADRA e José Manuel BLANCO PRADO

Rituais festivos no santuario do San Bartolomeu de Abragán (O Corgo, Lugo) 46

Marco Antonio GARCÍA-GABILÁN SANGIL

O concello do Corgo: unha primeira achega á súa orixe. Das xurisdicións de Adai,
Arxemil e Manán de Arriba ao concello constitucional da “Villa y Puebla de Aday”58

Fernando ARRIBAS ARIAS

Novas cruces e un peto no concello do Corgo..... 88

Óscar GONZÁLEZ MURADO

O arciprestado de Farnadeiros no ano 1763. Presentación do primeiro inventario das súas
igrexas..... 94

Alberto MARTÍN MONGE

Xenealoxía dunha familia da parroquia de Santo André de Chamoso: os Díaz 116

Mario OUTEIRO IGLESIAS

Construcións para a pesca fluvial no Corgo..... 128

MEMORIA DE ACTIVIDADES DA A.C. ARUMES DO CORGO E CEC 144

DOCUMENTACIÓN PARA INSCRICIÓN COMO SOCIO/A DO CEC149

NORMAS DE PUBLICACIÓN156

XESÚS DE XORXE. O ENTROIDO DE QUEIZÁN E OUTRAS CANTIGAS

Rodríguez Lozano, Xurxo Xosé
xurxoquinte@edu.xunta.gal

Mestre, Director durante 18 anos do CEIP A Nosa Sra. Da Piedade de Vila de Cruces (Pontevedra).
Na actualidade, Profesor de Lingua Castelá e Literatura no CPI Ramón Piñeiro (Láncara).

AGRADECEMENTOS:

A toda a miña familia, en especial á miña compañeira Olga, ás miñas fillas Olga, Olalla e Uxía e aos meus netos Antón e Xela. Á miña nai, Carme e ao meu irmán Pablo (ámbolos dous finados), á miña cuñada Inés e sobriña Zeltia, a todas as miñas curmáns. Tamén, como non, aos veciños de Queizán que conservaron as coplas, a todas as persoas que as difundiron (os informantes, Mero e Mini, Xosé Manuel Castro, Lois Ladra e outros que seguramente esquezo) e á Asociación Arumes do Corgo por animarme a escribir este artigo.

RESUMO:

Jesús Rodríguez Álvarez (Xesús de Xorxe) foi un mestre de Queizán que, malia finar moi novo, tivo moitas e variadas vivencias na súa curta vida.

Este artigo pretende adentrarse, en primeiro lugar, nos feitos máis relevantes da súa biografía, para centrarse despois nas cantigas de entroido da súa autoría, que motivan esta publicación, e algunhas outras que foron agromando pouco a pouco nunha procura que me levou certo tempo porque moitas non apareceron nunha primeira inmersión entre os seus papeis.

Publicamos, pois, os orixinais das cantigas de entroido xa coñecidas, porque formaron parte dalgúns libríños que Lois Ladra popularizou para o proxecto Corgoral, engadindo novas achegas.

Aparecen despois outras coplas e cancións diversas. Unhas teñen que ver co Entroido de Gracián (Castroverde), aldea situada a carón do Chamoso, como Queizán. Outras presentan unha temática diferente (A romaría de San Brais de Uriz, A fonte de Gracián ou O salto da ra).

Que se saiba, non se ten noticia doutras coplas ou cantigas compostas por autores do Corgo

nos anos corenta e cincuenta, así que parece de xustiza que se conserven como patrimonio inmaterial do concello.

PALABRAS CLAVE:

coplas, entroido, cantigas, Queizán, Gracián, Xesús de Xorxe, O Corgo.

1. LIMIAR:

Quixera, en primeiro lugar, explicar que escribo este artigo por moitas e variadas razóns.

A primeira é que eu son un dos fillos de Xesús, polo tanto é unha débeda que teño con el, xa que coido que é merecente de ser lembrado, e porque algúns compañeiros de Arumes (nomeadamente, Mario Outeiro) me animaron a facelo. Así que, despois de andar remexendo papeis, atopei algunha documentación da que tiña noticia pola familia, pero que estaba extraviada e, polo tanto, pensei que podía facer algunha achega nova. Seguramente tamén porque xa non son un rapaz e quixera deixarles aos meus netos algunha nova referencia do seu bisavó, nestes tempos caracterizados pola escasa comunicación entre xeracións e que, por desgraza, substitúen ás persoas por aparellos electrónicos variados, que moitos consideran o paradigma da modernidade.

Eu tiven a sorte de criarme nese mundo no que se contaban historias nas aldeas nas noites frías de inverno. Memoricei mesmo anécdotas e narracións sobre persoas que non cheguei a coñecer e participei sendo neno nos Entroidos de Gracián. Estas vivencias forman parte dos meus valores sociais, da tribo. Permanecen nos miolos, malia as distintas circunstancias que me levaron por lugares moi afastados dela.

Xesús de Xorxe participou activamente nos entroidos da súa época, tanto en Queizán (O Corgo), como despois en Gracián (Castroverde),

para os que compuxo cantigas que foron conservadas polos veciños de Queizán e recollidas en diferentes publicacións.

Xosé Manuel Castro Castedo, veciño de Queizán e profesor de Lingua galega e portuguesa, co gallo da súa tese de licenciatura, tivo ocasión de gravalas directamente de veciños (nomeadamente Pepe de Montero) que, na súa mocidade, foron destacados protagonistas ao cantalas nos entroidos da época. Teño escoitado moitas veces que a muller de Pepe, Braulia, tiña unha privilexiada voz e defendíase moi ben coa pandeireta.

Hai constancia de que, por diferentes fontes, chegaron a Mero e Mini (Fuxan os Ventos e a Quenlla), con pequenas variacións que son habituais na transmisión oral deste patrimonio inmaterial.

Foron tamén utilizadas polo grupo corgués Legua Dereita para se incorporar ao seu repertorio.

E, como non, lembrar que, por iniciativa do BNG do Concello do Corgo para recuperar ese noso patrimonio inmaterial, o Concello contratou ao antropólogo Lois Ladra, que fixo un inmenso traballo recompilador de refráns, adiviñas e cantigas que, ao abeiro do Proxecto Corgoral, permitiron a súa publicación nuns libríños moi interesantes. Pois ben, neses libríños aparecen as cantigas de Xesús de Xorxe coas oportunas reflexións, sempre sabias, do antropólogo.

É unha mágoa que non se conte xa con Lois para completar a revitalización cultural do concello, despois do traballo que veu desempeñando nos últimos anos. Tristemente, ás veces os galegos non valoramos o que nos é propio.

Pretendo, por tanto, contribuír a que algunhas cantigas inéditas queden a disposición das novas xeracións nesta revista Corga que tanto fixo pola cultura e patrimonio do Corgo.

Cóñecer de onde vimos, aos protagonistas da nosa historia local, esa nosa cultura tradicional que tanto temos que reivindicar día tras día, é unha parte fundamental para gañarmos o futuro.

Recuperar, pois, unha boa parte desa historia rural que nos arrebataron nalgúns tristes épocas, supón reconciliarnos dalgún xeito cos nosos antergos.

2. UNHA BREVE BIOGRAFÍA DO AUTOR DAS CANTIGAS.



JESÚS RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Considero obrigado facer unas pequenas reseñas biográficas da familia para centrar a figura de Xesús no seu tempo, porque poden aportar algún dato que, espero, posiblemente puideran ser interesantes para entender os tempos da posguerra que lles tocou vivir e o contexto no que se insiren as cantigas.

O día 15 de agosto de 1918 nace en Queizán (O Corgo) Xesús Rodríguez Álvarez, fillo de Domingo Rodríguez Castro e Asunción Álvarez Losada, irmán de José, Leonides e Irene, na casa coñecida como “Casa de Xorxe”, unha casa labrega como todas as da parroquia, con tradición de ferreiros, tamén como case todas as da parroquia.

Non é, por tanto, ningunha novidade que o apelido Ferreiro sexa corrente en Queizán e noutras parroquias do Corgo. Este vello oficio xa aparece

moi documentado noutro traballo da revista CORGA, de Roberto Rodríguez Páramo e outros sobre o mazo de Santa Comba e os ferreiros do concello.

Asunción, a nai de Xesús, era muller culta para os tempos que corrían. Viñera casar dende a Fiolleda, da bisbarra de Monforte, parece que descendente de familia fidalga, e vivira cun tío crego. Co tempo, cheguei á conclusión de que manexaba con facilidade a retranca, habilidade moi necesaria naquela época. Do pai, Domingo, labrego de Queizán, non podo dicir moito, porque teño poucos datos del.

Así que a vida da familia da casa de Xorxe transcorreu durante anos dedicada ás tarefas propias do agro. Teño que dicir que Xesús foi tamén un home mañoso (no campo hai que saber de todo). El fixo o berce onde nos criamos as miñas curmáns Otita e Rosina, e despois eu mesmo e o meu irmán Pablo. Como mostra desa habilidade, adxunto unha foto dun álbum para fotos tallado por el cunha navalliña e que, por sorte, aínda conservo.



E, tanto José como Xesús, fixéronse mestres. Aí comezou un oficio familiar, o do ensino, ao que nos dedicamos unha boa parte dos sucesores desa primeira xeración.

Ámbolos dous traballaron como interinos na posguerra. Xesús moveuse por distintas zonas da provincia de Lugo (segundo me consta, Palas de Rei, Celeiro de Mariñaos, Becerreá, Franqueán...).

Neste último destino, Franqueán, no concello do Corgo, tamén fixo algunhas coplas que eu non conservo, mais teño constancia delas por escoitalas a veciños de alí. Domingo de Tendeiro, veciño de Franqueán, que foi concelleiro polo PSOE no concello do Corgo, e tamén amigo da mocidade, aínda lembra algunhas delas. Eran coplas que, segundo teño entendido, podíanse clasificar como retranqueiras, intervindo nas cuestión relevantes da parroquia.

Nun contexto, pois, labrego, nunha época demográfica moi diferente da actual, coas casas cheas de mozos e mozas, aparecen as coplas de Antroido de Queizán, aló polo ano 1947. Tamén aparecen algunhas copliñas que é posible que se cantaran nas romarías da contorna, ás que adoitaban ir con merendas veciños de diferentes parroquias, aínda que non se pode confirmar definitivamente a autoría das mesmas.

A guerra civil truncou, prematuramente, os soños dos dous mestres que tiveron que agardar anos ata que se convocaran oposicións. Mentres, traballo no campo para sobrevivir e interinidades no ensino para non descolgarse da profesión que elixiron.

Chegou a Guerra Civil. Mobilizacións e máis problemas para todos. Mais rematou un día.

Xesús coñecera en Gracián, a aldea de Castroverde que, cruzando o río Chamoso, compartido con Queizán dende hai séculos (non fronteira, si cordón umbilical entre ambas aldeas), a Carmen (a miña nai).

Teño que dicir que Carmen era nativa de Madrid. Alí viviu na Rúa Villanueva, a carón do Museo do Prado cos seus pais (José Lozano Ortega, natural de Matas de Pozancos, preto de Sigüenza, en Guadalajara e garda, que casou con Manuela Docando Conde en terceiras nupcias, e que viña sendo a rapaza galega que ía servir a Madrid). Foi un dos superviventes da guerra de Cuba e eu aínda lembro historias que de neno me contaba sobre aquela guerra cando estaba cego e eu era, a miúdo, o seu “lazarillo”.

Por certo, a pedanía do meu avó é hoxe un dos moitos lugares abandonados, ruínas dun pasado

máis glorioso de tantas aldeas e vilas do Estado español.

A Guerra Civil determinou o futuro da familia, que decidiu volver á humilde casa familiar de Manuela, porque na capital non había moito que comer.

O novo matrimonio instalouse, pois, en Gracián. A economía familiar pasaba por tres vacas, algún porcos, un fermoso galiñeiro, coellos e plantacións básicas de centeo, millo, etc.

Despois da guerra tardaron tempo en convocar oposicións para Mestres (o Réxime foi tirando dalgúns oficiais e suboficiais que amosaran os seus méritos “pedagóxicos” no exército golpista).

Así as cousas, Xesús montou unha escola particular, para ir sobrevivindo e completar a exigua economía familiar, nun local da chamada casa de Zapateiro de Gracián. Parece ser que a falta de escolas na época e as boas artes do mestre conseguíronlle alumnos que viñan a pé desde lugares ben afastados.

Instalado xa, pois, en Gracián, empezou a montar o entroido da aldea. Tiña a experiencia do que, anteriormente, se tiña feito en Queizán.

No muíño de Besteiro adoitaba ensaiar para o entroido rascando un violín que seica lle prestara un cego dos que viñan daquela polas feiras de Castroverde.

Caracterizado de vella cega facía as pertinentes críticas da aldea e dos seus habitantes. Porque nos seus papeis non so aparecen cantigas, tamén monólogos e diálogos reflexionando sobre as mulleres, os homes, os vellos e as vellas, as inimizadas entre veciños, o matrimonio, a vestimenta moderna, todo con hipérboles acaídas.

Despois de aprobar a oposición, o seu primeiro destino foi Luelmo de Sayago (Zamora). Alí vai coincidir cun médico tamén lucense, Santos Vega, fillo de Rafael Vega Barrera, fusilado polos fascistas, e moi coñecido en Lugo.


Posteriormente, foi destinado a Urueña (Valladolid), na Terra de Campos. Cónstame que foi tomar posesión do seu novo destino a bordo da moto BULTACO de Manolo de Besteiro de Gracián, que se prestou a levalo a Valladolid, por

aquela nacional VI que non era precisamente unha autovía.


E xa en Urueña, outro mundo. Ovellas e cereais. Alcalde que viña das familias nobiliarias sobranceiras, non moi interesado pola cultura do pobo. As vivendas dos mestres non se podían utilizar por falta de traída de auga e outros problemas. Así que había que vivir de aluguer nunha casa que, curiosamente, tamén era do alcalde.

Ao final, un mecenas con raíces en Urueña e contratista en Valladolid, como tantos indianos que na Galiza fundaron escolas, correu coas obras das vivendas e dignificouse a vida dos mestres.

Foron anos nos que Xesús tivo unha total dedicación á escola. Creou un xardín escolar, seguramente movido polo escaso arborado existente e pola morriña dos sotos e carballeiras do Corgo. Todo foi feito co traballo do mestre e dos alumnos. Constaba dun enorme mapa de España en relevo no que con botellas de vidro invertidas e cunha parte enterrada, así como pintadas de diferentes cores (segundo as daquela “rexións”), tamén con vías de comunicación en cordel de plástico de cores, impartía clases de xeografía ao alumnado. Completábase o xardín con parterres de diferentes figuras xeométricas (rombos, cadrados, triángulos, trapecios, círculos...) que tamén servían para impartir clases prácticas de matemáticas, xeometría, etc. Cada grupo de alumnos debía coidar a súa parcela. Este proxecto mereceu un premio dun concurso chamado **“Mantenga limpia España”**, o que resultaba moi honroso para unha escoliña de vila pequena.



Traballou moito nas manualidades. Chegou a facer un belén moi completo con casiñas en cortiza e iluminación, que tamén foi premio da Asociación Belenista Castellana.



Logrou que lle permitiran utilizar terreos ermos da igrexa para proceder á plantación de árbores cos alumnos.

Facía festas de fin de curso nas que se cantaban diferentes cantigas de todas as comunidades. Lémbrome daquela que comeza “Onte á noite funche ás peras que tes no fondal da horta, deume un trancazo teu pai, dicindo volve por outra...”

Conseguíu que moitos rapaces puideran, naquela época dura, saír da vila a estudar formación profesional ou bacharelato. Hoxe parece doado, mais non o era neses anos.

Na vila non había médico, así que como persoa implicada na comunidade, con permiso do galeno que so viña algún días, actuaba de practicante para quen o precisaba, de maneira altruísta.

Ao final, cando gozaba dunhas vacacións en Gracián, un infarto deixouno tocado, e unha segunda crise levouno definitivamente, deixando á familia na maior das soidades que non se podían pensar.

Queda aí a súa obra, a súa loita polo ensino nos lugares onde as circunstancias o levaron, o seu interese porque os fillos dos humildes puideran ter estudos medios e superiores, a súa entrega en todo o que facía, o espírito colectivo e, por suposto, o seu humor, unha parte moi importante da súa identidade e que está presente nas cantigas.

3. AS CANTIGAS.

3.1. Vai en primeiro lugar a antroidada de Queizán, que é unha das máis antigas. Data do ano 1947 e cantábase a ritmo de pasodobre.

Como ben apunta Lois Ladra no proxecto Corgoral, trátase de cantigas que se cantaban polas casas para divertirse, meterse cos veciños e ser agasallados por eles con comida ou bebida propia da época do entroido.

ANTROIDADA- 1947 – QUEIZÁN (Pasodobre)

Aquí vos vai o antroido,
aquí vos vai o antroido,
o antroido deste ano,
e se queredes que toque,
e se queredes que toque,
que nos de permiso o amo.

Estribillo.

Afina a gaita, trai a pandeira,
e tocaremos e bailaremos a muiñeira.

Aquí estamos estes mozos,
aquí estamos estes mozos,
disfrazados con bigotes;
hemos de tocar a jota,
hemos de tocar a jota
e hannos de ensinar os potes.

Estribillo.

Un pedazo de cachola,
un pedazo de cachola,
que nos ha de dar a ama,
pra non ser unha famenta
pra non ser unha famenta
con esta carnavalada.

Estribillo.

La da casiña de enfrente,
 ia da casiña de enfrente,
 esa sí que foi honrada,
 que nos deu uns bos chourizos,
 que nos deu uns bos chourizos,
 pra facer unha empanada.

Estribillo.

Mira pro patrón da casa,
 mira pro patrón da casa
 como corre xa co viño;
 queira Dios que chegue a vello,
 queira Dios que chegue a vello,
 pero a vello moi velliño.

Estribillo.

Las rapaciñas da casa,
 ias rapaciñas da casa
 seica teñen moito pico;
 todo gastan en pinturas,
 todo gastan en pinturas,
 non nos dan un perro chico.

Estribillo.

Para divertir á xente,
 para divertir á xente,
 por iso nós o facemos;
 se a casa se porta ben,
 se a casa se porta ben,
 proutro ano volveremos.

Estribillo.

3.2. Veñen agora unas coplas que se cantaron por primeira vez en Queizán, datadas a 10 de febreiro de 1948, celebrando, segundo consta, a festividade do Carnaval “La Armonía”. Así se denominaba o grupo de mozas e mozos que participaban nas entroidadas.

O Antroido xa vai vello,
 xa está cheo de aguantar,
 agora de acabadiño
 deulle o rauto de casar
 cunha moza moi fermosa
 que o ha de consolar.

Hoxe casou o Antroido,
 O Antroido de Queizán,
 cunha nena do seu tempo,
 coa Pascua de San Xulián,
 que lle gustan moito os ovos
 e ben sabe onde os hai.

Seica lle deron de dote
 unha cestiña prós ovos
 feita de pelo encrespado
 que volve aos homes tolos,
 aos solteiros e aos casados,
 aos velliños e máis novos.

O padriño foi Don Dente,
 a madriña A Cachola,
 de compañía, os chourizos
 mezcladiños con filloas
 untadas cun pouco mel
 que che estaban moito boas.

Casáronse na cociña,
 seica o crego foi o lume;
 de testigos, os tres pés,
 o morillo e máis o fume;
 amarradiños quedaron
 e agora quen os desune.

Non nos deron os cigarros
 pra quentarnos o fuciño,
 que nos deron dun pelexo
 unhos bos tragos de viño
 que trouxeron do Ribeiro
 pra quentar aquel velliño.

Vide mozas á ruada
que vos han de convidar
o Antroido e máis a Pascua
que acaban de chegar,
que nos vexan todos xuntos
alí cantar e bailar.

Ruxe, ruxe, pandeiriña,
que saiban que non calaches,
que aínda che dura o folgo,
que non che entrou a friaxe,
que tes viño do Ribeiro
que che dá boa fogaxe.

Cata praquí esa bota
que quero botar un trago,
que casamos o Antroido,
paga a pena de botalo.
E aquí, todos xuntiños
que bebamos proutro ano.

**Engádesse este apartado que apareceu
rebuscando na documentación de Jesús e que
completa a anterior cantiga.**

(Todos)

Vivan!
Todos xuntiños
aquí cantemos.
Vivan os novios
que aquí os temos!

Viva o Antroido!
Viva a Pasquíña!
Que se casaron
tras da cociña.

Ela é pobre
e el non ten nada.
Vivan os novios!
Viva a ruada!

Viva o padriño,
o desta boda!
Viva Don Dente
e Dona Cachola!

Viva o pelexo
que trouxo o viño!
Toma, consogro,
bota un traguíño.

Viva o Antroido
que é moi formal,
que se casou
sen capital.

Viva Pasquíña.
que non ten nada;
é moi bonita,
foi moi honrada.

Cantar e bailar
Todon redor.
Vivan os novios!
Viva o humor!

(Os novios sos cantando)

Vivamos todos
por moitos sigros,
e vivan tamén
os nosos fillos.

Que viva o cura
que nos casou,
que foi Don Dente
quen nos quentou.

3.3. A FONTE DE GRACIÁN.

**Gracián ten unha fermosa fonte no medio
da aldea, unha fonte con dous canos e que
sempre deu unha auga ben fresquiña. Cando
eu era neno, os excedentes da auga que vertía
saían por un rego que cruzaba a praza. Era
unha sensación ben gratificante: o son da**

auga, as espadanas, as rás, os cágados, as noites tépedas do verán escoitando aos grilos, mesmo ás veces algún porco ceibo ...

Xesús personifica esa fonte, porque é o centro da aldea, o lugar de reunión dos veciños que van buscar auga e, ao mesmo tempo, parolar. Xesús personaliza esta fonte, como testemuña do que pasa no lugar, e iso sérvelle para facer as oportunas críticas.

Non sei se foi esta noite
ou foi a outra pasada,
escoitei soñar á fonte
e desta maneira falaba.

Levo ben anos aquí
e sempre estiven mollada,
aguantando sol, reñas,
as neves e as xeadas.

Xa de mañanciña
o sol fíreme de fronte.
Canto teño escoitado!
Miña naiciña, que xente!

Dende que viñen ao mundo
levo a mesma levita;
aínda que me vexa enferma
non me matan unha pita.

Sempre estiven verquendo
desta auga fresquiña.
Que pouco aprezo me teñen!
Miña nai, miña naiciña!

A aquel que estaba suxo,
deille auga pra se lavar.
Cantas manchas eu quitei!
E cantas hei de quitar!

Non sei que lle fixen á aldea
pra que me queira afogar;
será para que non fale,
mais eu quería falar.

Eu non sei se estou soñando
ou se o que digo é verdá.
Seivos contiños das vellas,
cousiñas da mocedá.

Dos homiños desta aldea
tamén teño que falar,
pero pouco hei de dicir,
non os quero avergoñar.

Chega aquí a tía Antonia,
coa sella, moi apurada;
ten que marchar axiña,
ten a casa abandonada.

Logo que a viu a veciña,
que lle gusta a parolada,
sae correndo co balde
pintándose a asustada.

-Buenos días, Antonia.
-Buenos días, Culasa.
-Ai, muller, e ti non sabes
que pasou onte na casa?

-E, que pasou, muller?
dime que foi, Culasiña.
-Que a pelexa de enfrente
matoume onte unha galiña.

-Anda, non fagas caso,
non queiras ser coma ela,
tamén lle pegou ao home
porque me deu unha pera.

Vén arreglar o pote
a Sra. Virtudes da Cova.
-Deixade esas cousas, comadres,
pois xa vos hai outra nova.

Vaise casar a Pirrixa,
a filla da Xacinta;
xa vos tivo vinte mozos,
non sei de cal vai encinta.

Aí foronche moitos,
di a Culasa moi axiña;
seica era un parachoques
e ela ben pouco valía.

Tamén vos reñeu Visita
onte á noite coa nora,
porque amañou o caldo
sen lle botar a cebola.

3.4. O SALTO DA RA (Muiñeira de Gracián)

É unha cantiga de afirmación do lugar onde se vive. Na literatura popular galega hai miles de exemplos de cantigas louvando as aldeas, aos homes e mulleres que viven nelas e as súas virtudes, frecuentemente comparadas con outras aldeas veciñas que, por suposto, adoitan ter todos os defectos.

Á sombra boa do Pelaíño
vive este pueblo todo xuntiño.
A súa festa sempre lle fan
ao patronciño dos de Gracián,
pra bailar todos na carballeira,
ruxe que ruxe a nosa pandeira.

Estribillo:

**Todos nos chaman os da laguna,
pois non lles temos envidia ningunha.
Todas as mozas, ata a Coruña,
canto darían por vir prá laguna.
Se queres mozas de bo sabor
nesta laguna está o mellor.**

Todos pedimos, santiño, que atendas
libres de pestes as nosas facendas.
Facémosche a festa todos os anos,
bendice, Pelaio, os nosos sembrados.
Outro santiño non hai como tú;
a todos, Pelaio, danos salú.

Estribillo.

Casiñas todas moi ben formadas,
coas súas raíñas, mulleres casadas;
cos pratos cheos nas nosas mesas,
as mozas mociñas parecen princesas.
Os rapaciños non vos son moitos,
pero prás mozas sonche moi cucos.

Estribillo.

Xente santiña haina no pueblo,
todos, todiños, iremos ao ceo.
Ben aquel vello ou a velliña,
e aquela moza que está completiña.
E os celibatos, por non casar,
merecen o ceo por tanto rabiar.

Estribillo.

Todos os homes teñen porfía
por ver quen máis xunte máis vida;
este na feira, aquel muiñeiro,
este co arado e aquel de canteiro.
Todos traballan no seu oficio,
todos con cartos, todos sen vicio.

Estribillo.

Aquí diñeiro haino a rodar,
todo se gaña a traballar.
Hai boas medas e bos palleiros,
xente decente, non mentireiros.
Saiban os outros que aquí na laguna
viven as ras e non a garduña.

Estribillo.

Uns aos outros ben nos queremos,
pasan as rabias, ben nos lambemos.
Os da xustiza están perdidíños,
pois non lles damos os nosos cartiños;
están esperando polo xamonciño,
comémolo nós e os cartos pró viño.

Estribillo.

Boas mociñas, moi falangueiras,
todas limpiñas, moi churrusqueiras.
Os nosos mociños, todos morenos,
por eles as nenas chupan os dedos.
Vellos e nenos e a mocedá,
todos sabemos saltar coma rá.

Estribillo

No medio do pueblo, a nosa fontaña,
ai que resol de auga fresquiña!
Alí vai a moza, alí vai a vella
todas honradas coa súa sella.
Alí vai o mozo a parrandear
por un biquiño se o pode pillar.

Estribillo

A mesma Lúa se queda pasmada
ao ver na laguna a súa cara,
porque Gracián é un espello,
é un exemplo, exemplo de pueblo.
Toda a xentiña é moi honrada
porque marchou a mala fada.

Estribillo.

Aquí remata a muiñeira,
o pueblo do lado que diga o que queira.
Todo é limpeza ata a cociña.
aquí hai ras, non lodo de anguña.
Todos xuntiños, trailará,
somos felices vivindo coa rá.

3.5. Para a romaría de San Brais (Uriz-Castroverde)

As romarías, as promesas aos santos, son parte da cultura desta terra. No Corgo temos varias (As Virtudes, Anseán...). Mais, na Galiza desa época, o movemento das xentes das aldeas estaba circunscrito a feiras, festas, etc. que transcendían os límites de cada concello.

Non podo confirmar que Xesús fose o autor destas coplas, mais o que di o manuscrito que conservo e o estilo faime pensar que si. En todo caso, forma parte do noso patrimonio inmaterial.

O que di é isto:

Uriz é unha aldea do concello de Castroverde. O seu patrón é San Blas. Na honra deste santo celébrase alí a festa o día 3 de febreiro, acudindo romeiros das aldeas veciñas. Estes romeiros adoitaban ir cumprindo promesas feitas ao santo para que lles curase os males da gorxa e catarros varios.

Polo xeral, levan ofrendas (uñas, lacóns, cachuchas, linguas de porco, etc.)

Este cantar, en forma de pregaria, cántano moitos romeiros, pero en Queizán é onde mellor se coñece.

Hoxe é o día tres,
está contento San Blas
avogado das gorxas,
tamén lle imos cantar.

Se tiveches catarros
da gorxa ou do nariz,
ofréctete a San Blas,
ao San Blasiño de Uriz.

Anda axiña, saca esa alforxa,
traí chourizos, viño e lacón,
que me seca a miña gorxiña,
San Blasiño, ten compaixón.

Vimosche de moi lonxe,
pisamos moito camiño,
por verte a ti, San Blas
e darche o corazonciño.

Aquí nos tes, San Blas,
a caronciño do altar,
estamos todos moi ledos
podéndote visitar.

Anda, moza, cura ese papo,
para ese paxelo poder lucir;
ven comigo ver ao San Blas
e mil anos has de vivir.

Aínda que hoxe chova ben
ninguén se debe apurar;
coa axuda do San Blas
ninguén se ha de afogar.

Viremos a Uriz
mentras teñamos folguiño,
por verte a ti, San Blas,
e darche un grolo de viño.

3.6. MONÓLOGOS DO ANTROIDO.

Recollo, a título de exemplo, algún monólogos da vella cega, que rematan cunha copliña da que descoñezo a música. Nalgúns intres da representación alguén replicáballe intentando minimizar os problemas, establecéndose un pequeno diálogo que servía para que a protagonista volviera insistir con máis forza nos seus argumentos.

Boas noites a todos:

-Mandoume o meu compadre, O Antroido, este papel para que o lese a todos sen receo, pois ao parecer non se trata máis que de catro ducias de cousas que suceden na vida dos labradores, das mozas, dos mozos e algo tamén das vellas, para que aínda que non lles pique teñan algo que rascar.

-Eu, o que pasa cos homes casados e vellos ben o sei, porque ao meu home xa foron varias as malleiras que lle peguei por non andar como é debido, e a culpa aínda non era toda del senón dalgúns veciños que o aconsellaban para que a casa que aínda non é nosa fora para baixo. O outro día mesmo, zorregueille unas labazadas cun escobo de xesta porque prestara a macheta e moitas máis levaría se non chega o señor Marcelo da Furoca que é o que goberna a nosa casa porque a del xa non a dá gobernado.

-O outro día chegou dicindo o meu Antón que debíamos vender o único porco da ceba que tiñamos, porque o Xacinto do Caseto casaba unha filla e non a quería o rapaz se non lle daba 6.000 reás de capital, e claro, como o Xacinto non tiña os cartos díxolle ao meu Antón que venderá o porco e que con eses cartos xa podía casar a súa filla. Eu tiña unha pota na man e non pensei máis nada. E zas! Deille con ela nunha chinceira e rompín a pota, pero a el quedoulle un pote novo sobre dun ollo que valía para facer o caldo para 16 de familia. E... chameille burro, pasmón e non sei cantas cousas máis. E díxenlle despois: non é mellor que pase fame de casamento a filla do Xacinto ca que morramos nós coa fame?

-Pois aínda non conto todo o que sei dos homes, mais a *títalo* de exemplo vou contar un caso: O outro ano os porcos da casa do Agro fozáronlle un pouco nas patacas que tiña sementadas a casa do Ánxel de Arriba. Nin un nin o outro sabían nada de tal fozamento e as dúas casas eran moi amigas dende había xa moito tempo. Empezaron os chismes dun lado e do outro, empezaron os homes coreos a traballar sen que lles deran outra cousa máis que un vaso de viño e remataron de compoñer o asunto sete ducias e media de mulleres na fonte e no lavadoiro, e remataron entre unas e outras en que as mulleres da casa de Arriba e as do Agro rifaron chamándose mil alcumes, que non eran senón verdades, esguedelláronse, todo polo fozamento dos porcos que non fora nada e todo, pero que meddas mulleres goberneiras das moito nas linguas de trapo rara casas alleas. E os homes reñeron tamén, dixeron catro barbaridades para acobardar uns aos outros, pegáronse malamente e foron a xuízo, que rematou en falta de cartos e de tranquilidade pras dúas casas.

Eu penso que a eses homes correos mellor lles sería calar, porque eles non han ser os máis limpos, e, ao non apagar o lume, tan siquera que non o encendan. Tamén puidera ser que eses homes tiveran envidia dos porcos e quixesen ser eles os que fozaban. E as mulleres tiñan bastante con fregar as potas que, seguramente, non as lavaron desque as mercaron. E así moitas máis cousas...Hasta lavarse elas mesmas que

Ile farían moito ben aos prados do Trigoal porque hainas que teñen bastante que lavar e son as que máis falan porque pensan que están moi limpiñas e vaia por Deus!

-Aínda che sei máis, meu Antón, pero agora deixarei aos casados que fagan exame da conciencia que non teñen, e falarei algo das mozas, que eu deses casos sei moito porque estou moi experimentada desque era moi nova e andaba coas ovellas, porque xa daquela o Xanciño da Carmela empezou a ensinarme o mundo todo un día a carón dunha pena que mesmamente aínda a estou vendo agora, e lembrándome, empézame a aformigar todo o corpo dende os callos dos pes ata o curuto da cabeza. Ai canto me ensinou! Deus o teña no ceo que xa morreu!

Eu son filla de bos pais, en boa hora o diga! Eu nunca contei unha mentira porque Deus descansa a miña avoa pediume unha Praga dicíndome que por cada mentira que contase se me puxese un pelo en branco, na cabeza, claro! E xa vedes... Cando casou a miña nai eu tiña sete anos e ela casou con Perico da Cachoza que tiña catro fillos da Colasa de Fontal e dúas nenas da Marica do Xurto. E, o que era o meu pai, estaba casado coa Pirrixa que viña sendo irmá da prima da cuñada do irmán do tío do sobriño da nora da Pepa do Cortello. Eu cando sabía que unha cousa era unha mentira levábaa lonxe.

-Hoxe as rapazas non son guapas como as do meu tempo. Antes eramos gordas e coloradas, vestiamos sete saias e unha boa camisa de estopa. Agora levan unha roupa que parecen as fundas dos cabezais da cama.

Agora non gastan pantalóns ata o xeonllo coma antes. Así, claro, so tran uns taparrabos que non lles tornan o frío nin, se se deitan por aí nun prado, unha toupa ou un toupo.

...

Pois si, é certo, é certo, é certo,
é certo todo o que dixen,

é, ié, ié, ié, é verdade

é si, é si, é si,

e senón vídevos aquí

e mirai pra aí.

4. CONCLUSIÓNS.

As conclusións son moi simples. É importante conservar o noso patrimonio inmaterial ao mesmo tempo que damos a coñecer ás persoas deste concello que, nun intre determinado, apostaron por manter vivas tradicións seculares do noso pobo.

A literatura popular galega está recompilada en cancioneros, traballos monográficos promovidos por entidades diversas, gravacións en cintas magnetofónicas, películas ou vídeos. Vive no noso rico e variado folklore.

Mais aínda quedan polo país, con toda seguridade, moitas xoias inéditas e a obriga de cada xeración está en seguir investigando, recollendo e conservando toda esa riqueza. Vainos a identidade niso.



5. BIBLIOGRAFÍA.

PUBLICACIÓNS

Revista CORGORAL (Coplas de Entroido)
LADRA, Lois.


ARQUIVOS

Documentación orixinal persoal do autor

RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, Jesús.

Audio de parte das coplas.

Recollido por CASTRO CASTEDO, Xosé Manuel



Manuscript page of a song titled "Joka". The title is written in a stylized font at the top, followed by a musical notation. The lyrics are:

Este mozo, este mozo
este mozo na crubada
amigue un home tiña ben
pre este non chega a nada
pre este non chega a nada
eche moito a foliada.

- Estribillo -

Quem vos vora rapazas
quem vos vora rabias
se que voady o chifre
por collets e chifrar
por collets e chifrar
pre chifrar por adante
e chifrar por atra.





- Estribillo -

Nunha ou o tede furado
o zapato por atra
anigue o sapo vora mai
non llo digay o rapaz
non llo digay o rapaz
que esta furado d'atra.

- Estribillo -

Ben cho viu o outro dia
que u'ensenach'o refaixo
o que tiñay mai arriba
y o que tiñay mai abaixo
yo que tiñay mai abaixo
mai abaixo do refaixo.

- Estribillo -



APROXIMACIÓN AO COMPORTAMENTO ANTE A MORTE DOS HABITANTES DO CORGO DOS SÉCULOS XVIII-XIX A TRAVÉS DOS TESTAMENTOS

Álvarez Quiroga, Carlos.

c.alvarezquiroga@gmail.com

Enxeñeiro Superior de Telecomunicacións (Universitat Politècnica de Catalunya)

Fuentes Sánchez, Tamara.

tamarfs@gmail.com

Licenciada en Filoloxía francesa e hispánica (Universitat Autònoma de Barcelona)

RESUMO

O presente traballo ten como propósito analizar o comportamento ante a morte dos habitantes do Corgo dos séculos XVIII e XIX e atopar tendencias comúns. O obxectivo deste estudo é comprobar o ritual funerario a través dos documentos notariais, analizar as diferentes mandas que compoñen o testamento e demostrar se existen diferencias segundo o contexto socioeconómico do testador ou testadora e se hai tamén disparidades segundo o xénero.

PALABRAS CLAVE

Morte, últimas vontades, testamentos, actas de defunción, O Corgo, antropoloxía galega, séculos XVIII-XIX.

1. INTRODUCCIÓN

A nosa cultura posúe ritos e prácticas ancestrais que son de moita utilidade para sobrepoñerse dunha das poucas certezas que hai na vida: a morte. O culto da morte é considerado un dos temas máis fascinantes xa que está enormemente arraigado en Galicia. Porén, é necesario poñer ao público lector en contexto, posto que dende o século XX a relación coa morte mudou radicalmente por un cambio cultural na sociedade. Adveu a causa dos avances tecnolóxicos e científicos e tamén da chegada dun novo modelo da vida urbana. Ese cambio cultural transformou a sociedade e implicou un cambio na relixiosidade, unha perda do peso do catolicismo -aínda que non da Igrexa-, a substitución do interese común polo ben individual -a causa do sistema capitalista- e unha nova organización das comunidades.

Antes da transformación existía unha relación simbiótica coas ánimas. A morte non supoñía

unha ruptura, senón que convivía cos vivos. Iso transcendeu, por exemplo, na paisaxe: temos elementos que evocan aos defuntos como os cruceiros e os petos de ánimas.

A morte no mundo rural estaba integrada e aceptada como unha realidade irremediable e é por iso que a análise realizada neste artigo teno en consideración. Os testamentos brindan unha oportunidade única para coñecer de primeira man non só as últimas vontades dos nosos antepasados senón tamén as súas preocupacións, os sentimentos máis íntimos cara aos seus seres próximos ou o propio balance que facían das súas vidas.

Esa aceptación da morte permitía a exhibición do corpo e a socialización da dor. O antropólogo Rafael Quintía¹ afirma que os ritos como o velorio daban amparo aos familiares de maneira que estes podían experimentar unha catarse, xa que non se reprimían as emocións. Polo tanto, tamén teñen moita importancia os símbolos como o pano negro, dado que era un elemento visual que deixaba á comunidade coñecer a realidade vulnerable desa persoa e que puidera acompañala.

Durante a análise puidemos constatar outra diferenza respecto á actualidade: o concepto de “boa e mala morte”. Nos nosos días, morrer de súpeto é considerado un xeito “bo” de morrer, non obstante, para os nosos devanceiros, cando un familiar falecía de socate, supoñía un desacougo xa que decidir a natureza de todos os rituais *post mortem* pasaba a ser a tarefa doutro familiar.

¹Nesta parte citamos en concreto informacións expostas na conferencia «Transformacións da ritualística funeraria na Galicia contemporánea» de Rafael Quintía.

Introducido xa o contexto da nosa análise, cabe engadir que é necesario abrazar esta visión dos nosos devanceiros ante a morte para comprender como de importante e solemne era prepararse antes de finar.

2. O CORPUS DE TRABALLO: OS TESTAMENTOS

Os testamentos constitúen a principal ferramenta a nosa disposición para achegarnos a mentalidade coa que os nosos devanceiros afrontaban un momento tan transcendental como é a chegada da morte.

Tal como indica Máximo García Fernández², a morte percibíase non só como a desaparición corporal e o desprendemento dos bens, afectos e vivencias atesourados ao longo da vida, pero ante todo, o fin do tempo concedido para gañarse a gloria eterna para que «o home foi creado». Neste contexto, o testamento era recoñecido polos nosos devanceiros como o instrumento principal para prepararse para unha boa morte e asegurarse a eternidade. Polo tanto, a medida que se aproximaba o momento posible, ou certo, do fatal desenlace, sentían a necesidade de render contas ante Deus, asegurar a salvación eterna e poñer en orde os seus asuntos materiais. De feito, a gran maioría dos testamentos realizábanse cando a persoa temía unha morte próxima, estando xa encamada ou tendo unha idade moi avanzada.

Habitualmente as últimas vontades eran manifestadas seguindo as indicacións e baixo a pluma dun funcionario público, o notario ou escribán, que era o encargado de «dar fe» e acreditar o testamento resultante. Non hai que esquecer con todo que só unha minoría da poboación facía testamento, xa que tiña un custo económico que moitas familias non podían permitirse.

Unha vez feito o testamento, o notario recollíano nos denominados protocolos notariais, que eran coleccións das escrituras realizadas cada ano e ordenadas cronoloxicamente.


Nas escrituras podemos atopar entre outros, trocos e transaccións de terras, vendas, doazóns, dotes, contratos de matrimonio, foros, fianzas, redencións, e algúns de particular interese para este estudo, como melloras, inventarios de defuncións e os testamentos anteditos. Afírmase polo tanto que os notarios eran os segundos, só por detrás dos párrocos, no coñecemento non só dos asuntos legais das familias senón tamén dos mais íntimos.



Portada dos protocolos notariais do ano 1832 do notario José Ramón Freire y Díaz. Como curiosidade, pódese ler «¡Muera el Rey, muera!» na base dunha das dúas columnas xa que nesa época turbulenta o rei Fernando VII exerceu unha gran represión.

Malia que a maioría dos nosos antepasados empregaba o galego como lingua falada, sendo na maioría dos casos a única que coñecía, os protocolos dende o século XV son sempre en castelán. Eran os propios notarios quen, ao redactar o testamento, realizaban a tradución das vontades do testador.


²GARCÍA FERNÁNDEZ, MÁXIMO «Herencias y particiones de bienes en Valladolid durante el siglo XVIII: Testamentos e inventarios post-mortem» Investigaciones históricas: Época moderna y contemporánea. 1988.



Nesta acta do século XIX, a finada, Tomasa Rodríguez, de Gomeán, faise mención a causa de que non recibera os sacramentos—por dar lugar el achaque— e o seu propio fillo, Domingo, fíxolle as funcións do enterro e das honras.

Unha vez producida a morte, as actas de defunción tamén nos ofrecen información relevante, xa que normalmente o párroco rexistraba se a persoa realizou testamento, e no seu caso, o notario ante quen se efectuou. Nalgúns casos nos que a morte se sentía próxima pero non había tempo de convocalo, a persoa compartía as súas últimas vontades de forma verbal ante testemuñas. Nese caso, o párroco indicaba na acta de defunción que a persoa realizara «disposición verbal», rexistrando en particular os oficios relixiosos que pedira.

O noso estudo toma principalmente como base a información dispoñible nos protocolos notariais das parroquias do Corgo nun período que abarca desde o ano 1681 ao ano 1832, abarcando por tanto século e medio da historia do concello do Corgo. O elevado número de testamentos nese período facía dificilmente abarcale unha análise pormenorizada de todos eles, polo que se seleccionaron un conxunto de 132 testamentos, que cremos que asegura unha boa representatividade a nivel das parroquias do concello, pero tamén cunha visión de xénero e condición social.



Mostra de testamentos utilizada no estudo³

³As referencias aos conxuntos de protocolos notariais analizados poden atoparse nun anexo ao final deste artigo.

Unha vez identificado o conxunto de testamentos utilizado no estudo, é conveniente facer un primeiro achegamento a súa estrutura. Os testamentos, como documentos formais e xurídicos, seguían na gran maioría dos casos unha estrutura moi similar, cun preámbulo, unha parte dispositiva e unhas cláusulas finais, malia que condicionadas polas propias prácticas de cada notario.

No preámbulo, parte inicial do testamento, o testador reafirmaba a súa fe mediante fórmulas protocolarias estándar coa que pedía unha pronta salvación da súa alma despois de confirmar a súa convicción no misterio da Santísima Trindade e en todo o establecido pola Igrexa católica. Neste preámbulo o testador identificábase brevemente polo seu nome, lugar de residencia e estado civil -ou no seu caso declárase seglar-.



Eufemia Fernández de Souto fixo testamento⁴ no 1711 «cargada de años y otros achaques que de continuo me persiguen»

O testador expresaba tamén o estado de saúde no que se atopaba no momento de facer o testamento. A inmensa maioría deles realizábanse cando a persoa temía unha morte próxima, estando xa encamada e declarando que estaba no seu san xuízo pero afectada por unha enfermidade física ou natural. Nalgúns casos, mencionábanse «achques» cada vez máis frecuentes ou unha idade moi avanzada, noutros mencionábanse accidentes, como é no caso de Juan López Torrón⁵, que no ano 1689 estaba na cama despois da caída dun castaño ou o de

⁴Protocolo notarial 387 ante Blas de Remesil. Folio 44. Testamento de Eufemia Fernández. Ano 1711. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSLC-4S4D-6?i=252&cat=697417>.

⁵Protocolo notarial 319-02 ante Blas de Remesil. Folio 10. Testamento de Juan Torrón. Ano 1689. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSLC-4S4D-6?i=252&cat=697417>.

Antonio da Vila⁶ que no ano 1744 estaba doente como consecuencia dun couce dun cabalo.

A porcentaxe de casos nos que a persoa realiza o testamento gozando de bo estado de saúde é moi reducido, inferior ao 5%. É o caso por exemplo de Juana Gómez Gondoy⁷ que afirma no 1818 que «se encuentra sana y buena por misericordia de Dios y en su cabal juicio». Como na actualidade, ás veces os testamentos utilizábanse para premiar ou asegurar a fidelidade ou coidado dos herdeiros no tempo que transcorrera ata a morte. Domingo Silba e Isabel González, matrimonio do Picato, xa moi vellos, din no seu testamento conxunto que «por cuanto tenemos mucho amor, afición y voluntad a Domingo Miguel González nuestro nieto legítimo de Juan y Ana, nuestra hija que tenemos con nosotros en casa y nos asisten y han asistido [...] y [...] nos han de asistir en nuestra vejez.»

A data, o nome das testemuñas e as subscricións do outorgante e testemuñas e autorización notarial forman parte do peche da escritura. O estudo revela que unicamente ao redor dunha cuarta parte dos testamentos inclúen a firma do testador, acompañando á firma do propio notario no resto de casos a firma dunha o varias testemuñas que son sempre varóns.


Podemos atribuír esta baixa porcentaxe a diferentes razóns. En primeiro lugar, ao alto grao de analfabetismo da maioría da poboación -aínda que saber asinar non sempre implicaba saber escribir ou ler-, non sendo estraños os casos nos que o testador explícita que non asina o testamento «por no saber». A porcentaxe é notablemente superior cando poñemos o foco nos membros do clero, revelando un maior nivel de alfabetismo nesa comunidade. O contrario obsérvase cando poñemos o foco nos testamentos das mulleres, xa que non atopamos ningún testamento dos estudados asinado por elas, aparecendo en todos os casos a firma dunha testemuña varón.

⁶Protocolo notarial 510-07 ante Antonio Arias. Folio 10. Memoria de testamento con su corroboración de Antonio da Vila. Ano 1744. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSL6-4Q49-T?i=1369&cat=703839>

⁷Protocolo notarial 809-02 ante Jose Ramón Freire. Folio 60. Testamento de Juana Gómez Gondoy. Ano 1816. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSG8-GWHX-V?i=182&cat=712804>

Por outro lado, son tamén habituais os casos en que se indica que a firma non pode realizarse debido á súa propia debilidade ou incapacidade. É o caso de Juana Manuela Zedrón Riomol e Quiroga de Riomol que declarou no ano 1745 que co rigor dá enfermidade non podía asinar.

O rigor ou a propia debilidade causada pola vellez ou a enfermidade reflíctese de forma descarnada na firmas dalgúns dos testadores. Firmas, noutro tempo claras e reveladoras dunha certa formación, deveñen trémulas ou simples garabatos.



A sinatura tremente (dereita) de Pedro del Paramo de Bergazo reflicte claramente o seu estado no momento de facer o testamento ao finais do século XVII

A parte dispositiva dos testamentos aborda dous ámbitos claramente diferenciados, o espiritual e o terreal, e que son obxecto dos seguintes apartados de este artigo.

3. A ANSIEDADE POLA SALVACIÓN ETERNA

Os nosos devanceiros trataban de asegurarse a salvación das súas almas por todos os medios, sendo os principais a realización dun elevado número de misas cantadas e/ou rezadas, a elección do lugar de enterramento apropiado dentro da igrexa, o uso dun hábito ou mortalla, así como a realización de ofrendas que puidesen resarcirlles das desatencións anteriores en vida.

En todos os casos, tendo en conta que esta relixiosidade colectiva é propia dunha mentalidade sacralizada como era a sociedade galega desa época, a súa capacidade económica xogará un papel importante á hora de dotarse de todos eses medios para achegarse non só á vida eterna senón tamén para reducir a súa estancia no purgatorio⁸. É importante resaltar que boa parte

⁸Na teoloxía católica, o purgatorio é o lugar de expiación dos pecados onde, despois da morte, as persoas que morreron sen pecado mortal -ofensa directa a Deus-z, pero que cometeron pecados leves na súa vida, teñen que limpar esas culpas para poder alcanzar o ceo.

dos gastos orientados para garantir a salvación eterna, os gastos da sepultura e das misas de funeral, eran os primeiros que tiñan que ser cubertos polo quinto de bens do defunto, e sen importar se o testador tivese contraídas débedas ou dispuxese outros legados⁹.




Sepulturas no lateral da igrexa de Santalla do Alto

3.1 O enterro

Unha das disposicións que conforma o peso principal dos testamentos, son todas aquelas que teñen que ver cos desexos do testador en relación ao cerimonial do enterro. E de todos eles imos analizar, por unha banda, o lugar concreto onde se celebra a cerimonia e, por outra, o sitio da sepultura. Practicamente a totalidade dos testamentos estudados, reflicten a vontade de ser enterrados na igrexa da propia parroquia onde habitaba a persoa finada, a pesar de que se atoparon algúns casos onde o testador pedía ser enterrado na súa parroquia de orixe.


⁹MÁRTIR ALARIO, M^a José. Los Testamentos en los formularios notariales castellanos el siglo XVI. Universidad de Granada. 2011

Boa parte dos nosos antepasados deixaban a decisión respecto á sepultura onde debía descansar o seu corpo á vontade dos seus cumpridores, dos testamentarios ou do propio párroco. Pola súa banda, outros demandaban ser enterrados na sepultura onde se acostumaba enterrar os antepasados ou en localizacións dentro da igrexa de maior relevancia espiritual. Os defuntos das familias poderosas descansaban nos laterais da igrexa, en ocasións en capelas, o resto das familias baixo as lousas do chan. En definitiva, canto máis rica era a persoa falecida, máis preto do altar pedía a sepultura, e os pobres, sen medios para mercar unha tumba, xacían no patio contiguo.



Juan López Torón de Chamoso pedía no ano 1689 ser enterrado na igrexa de Arxemil, nunha das sepulturas á beira da capela onde estaban enterrados os seus sogros, na que estivese máis desocupada

O temor a que esta demanda puidese ser percibida como unha mostra de altiveza e por tanto, que puidese dificultar o camiño cara á salvación comporta a inclusión dunha fórmula en algúns testamentos do século XIX onde os testadores demandan que esa petición non fose vista como un acto de vaidade.



Eugenio Arias de Paradelo solicita no ano 1817 ser «sepultado en la Iglesia parroquial de esta feligresía de medio cuerpo arriba, en el sitio que mejor parezca a sus albaceas en lo que no funda el otorgante acto ni espíritu de vanidad antes bien quiere que se le trate como el más humilde pecador».

3.2 Preparativos do corpo: O hábito

A disposición da mortalla ou hábito con que os testadores pedían ser amortallados para ser enterrados resultaba ser beneficioso no tránsito á outra vida. A mortalla simbolizaba desposuírse daquilo pertencente ao mundo terreal. A elección

do hábito está unida á preocupación por conseguir indulxencias que reduzan a estancia no purgatorio. Dos testamentos analizados podemos extraer os datos seguintes:

Número de testamentos do século XVIII	Con petición explícita de ser amortallados	Sen petición
87	45	42
Número de testamentos do século XIX	Con petición explícita de ser amortallados	Sen petición
45	43	2

A alta porcentaxe de testamentos do século XIX onde o testador ou testadora fai a petición de ser amortallado, pon de manifesto unha evolución da gran influencia de orixe relixiosa –respecto ao século anterior– que posuía o ser enterrado con mortallas, e a posibilidade de recibir indulxencias que facilitase o acceso a unha “boa morte”. Nalgúns



Pintura de Francisco de Zurbarán « San Francisco de Asís segundo a visión do papa Nicolás V», circa 1640. Pódese observar como era un hábito franciscano con detalle.

dos testamentos analizados existen diferentes peticións específicas sobre os diversos tipos de “adorno” que imos precisar a continuación.

Tipo de hábito/mortalla	Nº de persoas
Hábito de San Francisco	37
Hábito de Santo Domingo	1
Hábito de San Pedro	3
Hábito del Carmen	1
Hábitos clericales ¹⁰	4
Hábitos brancos	1
Amortallados en roupas de lino do país	2
Amortallados como decidan os cumpridores.	6

Achamos que o hábito de San Francisco é o máis popular en calquera tempo e parroquia, debido fundamentalmente ao símbolo de pobreza e humildade que representaba a comunidade franciscana e ás indulxencias que ese hábito acaparaba, posto que o Papa Nicolás IV concedeu 8.100 días de perdón cada vez que se bicasa a vestidura franciscana e a remisión da cuarta parte dos pecados aos enterrados co devandito hábito¹¹.

3.3 As misas

As misas foron un dos recursos máis demandados polos testadores para asegurar a súa salvación. Algunhas das verdades do dogma católico céntranse na Resurrección e na vida eterna e sobre elas versarán os actos litúrxicos. Mártir Alario¹² afirma tamén que como se parte dunha visión negativa da natureza humana, ao fundamentar a súa doutrina no pecado orixinal, transmitiuse a necesidade de compensar a culpabilidade do crente mediante a petición de misas.

Os oficios de defuntos xa aparecían perfectamente delimitados nos misales romanos, con salmos,

¹⁰Neste caso, trátanse de curas ou presbíteros.

¹¹RODRÍGUEZ BECERRA, S: «Los privilegios espirituales de la orden tercera de San Francisco», op. cit. p. 16.

¹²MÁRTIR ALARIO, M^a JOSÉ: «Los testamentos en los formularios castellanos del siglo XVI» Tesis Univ. Granada. Departamento de Historia Medieval y Ciencias y Técnicas Historiográficas, páxs 228-229.

oracións e unha liturxia característica e apropiada como reflexo da importancia dada a este acto. A proba de todo isto obsérvase tras a lectura dos testamentos, cando non só se mencionan expresamente o desexo do testador en que se diga maior ou menor número delas, no lugar e no período de tempo, senón que moitos testadores recollen o mandato aos seus testamenteiros pedíndolles que se no momento de repartir os bens quedase algo de diñeiro, se digan misas con ese remanente. Un caso onde atopamos a suma importancia do cumprimento do número misas é no testamento de Antonio do Corral¹³, do ano 1700. Unha das disposicións testamentarias insta ao herdeiro a asegurarse que se materialicen as misas pola súa ánima pero se o cura non as quere dar, deberá ir a outra igrexa para que se cumpra coa cantidade establecida nas últimas vontades. Esta situación pode estar motivada por unha causa económica, ou ben o testador sabía que a cantidade de diñeiro non era suficiente e o sacerdote podía negarlle as misas polo recordo perpetuo, ou que a calidade destas non foran a esperada.



Altar Privilegiado da Nosa Señora dos Ollos Grandes
—Santa María, parroquia de Lugo.

¹³Protocolo notarial ante Alvaro Sanjurjo. Folio 61. Testamento de Antonio do Corral. Ano 1700. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSLH-13RP-6?i=2742&cat=680182>.

As misas de corpo presente tiñan lugar o día seguinte do falecemento na parroquia onde pertencía a persoa finada. As misas eran rezadas e cantadas polos sacerdotes asistentes. Os testadores facían disposicións sobre as honras e misas despois da sepultura, como as misas de cabodano e de octavario —unha misa diaria durante 8 días— ou misas no día do santo o da santa do seu nome. Cabe engadir que durante a nosa análise atopamos que algúns testadores pedían misas noutras igrexas ou conventos cos que tiñan unha estreita relación espiritual ou ben para acurtar o paso polo purgatorio. Algúns deses lugares son o Convento de San Francisco na cidade de Lugo, a Ermida do Carmen de Vilabade e o Altar Privilegiado da Nosa Señora dos Ollos Grandes —Santa María, patroa de Lugo—.

Nos testamentos analizados do século XVIII, a media de misas demandadas é de 71, aínda que debemos salientar algúns casos como o de Juan de Bande, presbítero da parroquia de San Fiz de Bergazo, que fixo a petición de 700 misas, o de Juan de Quiroga y Osorio de Folgosa, que pediu 400 misas cantadas e rezadas, e o de Ana Álvarez Cedrón, viúva de Francisco Valcarce Neira y Osorio, do Corgo, cunha demanda de 300 misas. Nestes casos que saen claramente da media habitual, debemos ter en conta a relación coa Igrexa do primeiro e o feito de pertencer a boas familias da parroquia no caso do segundo e da terceira.

No caso dos testamentos do século XIX, a media é semellante ao do século anterior, 78 misas. Tamén existen casos a subliñar como o do Cura don Juan Antonio Sánchez —cura de San Paio de Arcos, Castroverde— que especificou no seu testamento que deberían celebrarse 400 misas e o de Antonio Pardo Santiso Rivadeneira y Saavedra —de liñaxe moi destacable—, de Santiago de Gomeán, que pediu un total de 276 misas. Outro caso onde a petición de misas superou a media habitual no que reparamos foi o do matrimonio don José Pardo Vivero e Josefa de Castro, de Santa María de Marei. O testamento data do 1820 e o marido é quen manifesta ao notario todas as disposicións para el e a súa muller. Polo que respecta ás misas, don José Pardo solicita

200 misas para a súa ánima e 100 para a da súa muller. Esta disposición amosa unha diferenza entre o home e a muller no seo da familia, sendo o home a cabeza de familia e a muller quen o acompaña nun nivel inferior na toma de decisións.

Outro elemento de suma importancia é o número de sacerdotes que deben asistir á misa do funeral ou ás misas en honor da anima do finado. Forma parte das disposicións do testador e a cantidade está estreitamente conectada co status socioeconómico da persoa finada. Mandianes Castro suxeitaba o seguinte: «O número de curas depende da economía da casa e as veces, das boas relacións cos curas, porque cando hai moitos, é que veñen porque son amigos da casa»¹⁴. Na nosa análise podemos constatar o seguinte: nos testamentos do século XIX, a media de sacerdotes para a misa do funeral é de 8 e nos casos que a cantidade excede do común é cando se trata de familias reputadas do concello: Antonio Pardo Santiso Rivadeneira y Saavedra, de Santiago de Gomeán e don José Pardo Vivero de Santa María de Marei, pediran a asistencia de 16 señores sacerdotes e don José Díaz Castroverde de Folgosa, 20 párrocos.

3.4 Ofrendas e esmolos

O cortexo incluía outros elementos que non se citaban no ritual pero si nos testamentos: referímonos á ofrenda. Trátase dun dereito que corresponde percibir ao párroco e que se satisfai en cereal, carne, viño e cera —para as candeas empregadas nos sufraxios— ou en metálico —sendo esta forma de pago a máis común no século XIX—, sempre en relación co nivel económico do finado. Podían ser iguais ou diferentes ao día do enterro ou das honras. As ofrendas que teñen orixe en civilizacións previas á expansión do cristianismo e conseguiron persistir ata os nosos días da forma xa mencionada. Como é evidente, as ánimas, á luz do cristianismo, están necesitadas de sufraxios —misas— para garantir a súa lembranza eterna. Con todo, as ofrendas mantivéronse ata hoxe toleradas pola Igrexa,

malia que nalgúns casos foron perseguidas pola Inquisición ante o seu evidente carácter pagán. Argumentouse que se a Igrexa permitiu estas manifestacións foi causa da escaseza de moeda xa que as ofrendas en especie eran a forma máis cómoda que tiñan os habitantes do rural de pagar os dereitos por funeral debidos á parroquia.

Por último, é vital tratar as esmolos, outro mecanismo para demostrar que o defunto era un bo cristián e seguía os preceptos eclesiásticos. Ademais, mediante o pago de esmolos, o testador aspiraba ao fundamental e xa citado anteriormente: á salvación eterna e a redución do seu paso polo purgatorio,

Nos testamentos do século XIX, as persoas testadoras especificaban no documento o pago de esmolos a distintas causas como aos Santos Lugares de Xerusalén ou ás ordes mendicantes ou aos pobres de solemidade. É difícil precisar cal era a cantidade de diñeiro posto que nos testamentos analizados atopamos que se incluía unha fórmula fixa: «limosna de costumbre a las órdenes mendicantes». Atopamos unha cantidade concreta no testamento de Dominga Fernández¹⁵ de San Fiz de Paradela: un total de 35 marabedís para as ordes mendicantes. Agora ben, hai que ter en conta que Dominga é unha muller solteira de avanzada idade e de familia humilde, e que as esmolos tamén se adaptaban á situación económica dos testadores.

4. A PREOCUPACIÓN POLO LEGADO

4.1. As débedas

Como vimos, o camiño da salvación requiría solucionar os problemas de conciencia, e para iso era necesario obviamente cumprir coas obrigas adquiridas na vida, pagar débedas, devolver o prestado, etc.


É representativo o caso de don Gabriel de Quiroga Osorio¹⁶ de Santalla do Alto. No seu testamento

¹⁴MANDIANES CASTRO, MANUEL: «Loureses, antropoloxía dunha parroquia galega». Ed. Galaxia (1984).

¹⁵Protocolo notarial ante Jose Antonio Freyre. Folio 197. Testamento de Dominga Fernández. Ano 1817. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSG8-GWHK-2?i=739&cat=712804>.

Protocolo notarial 411-03 ante Antonio Arias. Folio 73. Testamento de don Gabriel Quiroga Osorio. Ano 1739. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSLC-Z9X5-B?cat=698132>.

non só declarou as débedas que outros veciños tiñan con el, sino tamén «para descargo de mi conciencia» as débedas que el tiña. Non deixa de ser tamén curioso o testamento de Catalina López Teixeira¹⁷ de Hospital de Chamoso e que data do ano 1687 onde se manifesta o seguinte: «Si alguna cosa se hestuviere debiendo a algún criado o criada muy bien lo save mi hijo clerigo ... con esto se lo dejo a su cargo y conciencia y con la suya descargo la mía».



Fragmento do testamento de Catalina López Teixeira de Hospital de Chamoso en 1687


Engadimos outros casos que amosan débedas de cantidades relevantes relacionadas con aspectos da vida cotiá da época como as débedas contraídas por Manuela Díaz¹⁸ de San Cosme de Manan que pediu prestados 100 ducados de vélaro a Andrés Valcárcel, residente na cidade de Lugo, para pagar a renda de dominio -impuesto propio da época que implicaba un pago ao señor ou a Igrexa do dominio- ou as de Dominga Vázquez¹⁹ de San Xoán do Corgo, que contraeu unha débeda de 600 ducados -gran cantidade de diñeiro- para reedificar a súa casa.

Desde un punto de vista mais terreal, detallar as débedas no caso de que existiran, era de suma importancia para poder calcular a cantidade lexítima que ían percibir os herdeiros. Practicamente a metade dos testamentos analizados fan referencia a débedas. Habitualmente preséntase a lista das contraídas e non pagadas, a favor e en contra, así como instrucións para regularizalas. Cada débeda preséntase de forma sucinta, indicando


¹⁷Protocolo notarial 319-01 ante Blas de Remesil. Folio 37. Testamento de Catalina López Teixeira. Ano 1687. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSLH-NQVF-R?cat=679911>.

¹⁸Protocolo notarial ante Jose Antonio Freyre. Folio 38. Testamento de Manuela Díaz. Ano 1815. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSG8-GWQ4-Y?cat=712804>.

¹⁹Protocolo notarial ante Jose Antonio Freyre. Folio 108. Testamento de Dominga Vázquez Díaz. Ano 1817. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSG8-GW3N-V?i=1334&cat=712804>.



Testamento do cura de San Paio de Arcos e Santo Tomé de Souto de Torres (Castroverde) onde manifesta o seguinte: «si algún deudor fuese pobre dejo a discreción de sus cumplidores el perdonarles lo que adeudaren»



Relación de débedas no testamento de don Gabriel de Quiroga de Santalla do Alto en 1742

o nome do debedor ou prestamista, e nalgúns casos o contexto no que se orixinou a débeda. O obxecto de débedas máis habitual era diñeiro -en reais, moedas de ducados de vélaro, moedas de prata, soldadas, «doblonos de ocho»....- a pesar de que tamén aparecen referencias a débedas de fanegas de pan, gando, libras de cera, etc.

Nalgúns casos, o testamento fai mención ao libro da casa como referencia para coñecer os detalles das débedas. É o caso do cura de San Mamed en 1742, Pedro Diaz Guitián²⁰, que encargou ao seu sobriño cobrase «cuanto antes las deudas que constan de mi libro de Casa que se me están debiendo».

²⁰Protocolo notarial 411-07 ante Antonio López Torón. Folio 46. Testamento de Pedro Diaz Guitián. Ano 1742. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSLC-2968-F?mode=g&cat=698132>.

Nun bo número de testamentos, a relación de débedas é aínda mais xeral, e simplemente menciónase quen é coñecedor da natureza das débedas, xeralmente un cónxuxe ou fillos, e instase a pagar e/ou cobralas. Domingo Ferreiro²¹ de Queizán, casado con Dominga Pallín y Sanjurjo, prostrado en cama e enfermo, declara en 1818 que dous veciños lle deben e que a súa muller sabe moi ben o que deben. Pola súa banda, Juana Varela²² de Santa Mariña de Cabreiros, viúva de José Pérez, declara en 1822 que non lembra ter débedas, pero de ser así, que se pagasen con xustiza.

En canto as instrucións para a xestión das débedas, o testamento do devandito don Gabriel de Quiroga Osorio de Santalla deixa instrucións xerais a súa muller para «que pague mis deudas y pague las que yo debiere, a la cual dejo por ser heredera, y usufructuaria de todos mis bienes», a pesar de que cando o considera necesario dá instrucións mais específicas «declaro que los cuatrocientos reales que me debe mi primo Thomas Pardo los dejo y consigno para pagar al expresado Don Pedro Ysidro de Yebra Pimentel treinta y nueve ducados».

Non deixa de resultar entrañable como a propia descrición das débedas revelaban nalgúns casos o afecto ou a protección por aqueles que quedaban en vida, como é o caso de Juan de la Riguera y Quiroga²³, cura de Fonteita, prostrado en cama e gravemente enfermo, que pide aos acredores que miren ben ao seu herdeiro, que se atopa en mala situación. Ou o caso do cura de San Paio, don Juan Antonio Sánchez²⁴, quen uns anos antes, ademais de doar mobles e outros obxectos da súa casa aos pobres de solemnidade afirma que «si algun deudor fuese pobre deja a

discrección de sus cumplidores el perdonarles lo que adeudan», realizando así un derraideiro acto de pobreza.

4.2. O legado

Dacordo con Hortensio Sobrado²⁵, no período cuberto polo noso estudo o sistema hereditario indiviso apoiado na mellora do terzo e remanente do quinto²⁶ xeneralízase de forma absoluta nas terras lucenses, sendo empregado en máis do 90% dos casos. A mellora facíase normalmente ao cónxuxe e, unicamente despois da súa morte mellorábase a un dos fillos, favorecendo aos fillos homes sobre as fillas e os primoxénitos sobre os secundóns.

O mesmo autor afirma²⁷ que este sistema sucesorio estaba destinado á favorecer a perpetuación do patrimonio -principalmente da casa e das súas terras circundantes como a aira, o horto e as cortiñas-. Aínda que a mellora podía facer en vida mediante unha escritura notarial, a maioría adoitaban facelo no testamento, xa que esperaban ata o último momento para transferir ao sucesor a administración do patrimonio, o que lles garantía as atencións e coidados do fillo mellorado ata o fin dos seus días.

Nese contexto, o noso estudo volve poñer o foco no balance e as reflexións que levaban aos nosos devanceiros a decidir a súa herdanza.

A importancia de asegurar a transmisión do patrimonio e a responsabilidade de dirixir a unidade familiar ponse de manifesto por exemplo no caso do matrimonio de Antonio Álvarez e María Quiroga de Sabarei²⁸. No seu testamento afirman que non creen que o seu fillo Francisco sexa capaz para o goberno da casa «por su poca robustez» e por iso melloran o terzo ao seu fillo Vicente, que lles deu e lles dá mostras de humildade e de bo

²¹Protocolo notarial 809-04 ante Jose Antonio Freyre. Folio 24. Testamento de Domingo Ferreiro. Ano 1818. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSG8-GW7D-K?mode=g&cat=712804>.

²²Protocolo notarial 811-01 ante Jose Antonio Freyre. Folio 149. Testamento de Juana Varela. Ano 1818. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSG8-GWCH-1?cat=712804>.

²³Protocolo notarial 813-02 ante Jose Antonio Freyre. Folio 67. Testamento de Juan de Ribera y Quiroga. Ano 1828. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSG8-2L6T?cat=712804>.

²⁴Protocolo notarial 810-01 ante Jose Antonio Freyre. Folio 20. Testamento de Juan Antonio Sánchez. Ano 1819. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSG8-GW3G-D?cat=712804>.

²⁵SOBRADO CORREA, Hortensio. Heredero único y familia troncal en la Galicia Interior, 1750-1860. Ediciones Universidad de Salamanca. Stud. his., H.a mod., 23, 2001, pp. 275-303.

²⁶O quinto é a parte da herdanza que non forma parte da lexítima.

²⁷SOBRADO CORREA, Hortensio. Las tierras de Lugo en la Edad Moderna: Economía campesina, familia y herencia, 1550-1860 (Galicia histórica). Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2001.

²⁸Protocolo notarial 809-02 ante Jose Antonio Freyre. Folio 2. Testamento de Antonio Álvarez y su muger María Quiroga. Ano 1818. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSG8-GWHD-W?mode=g&cat=712804>.

labrego. O beneficiario debe con todo asumir a súa responsabilidade respecto aos outros membros da familia, alimentando e facéndose cargo dos irmáns solteiros e facilitándolles o casamento no seu debido momento.

Tamén vemos instrucións específicas encamiñadas a asegurar a continuidade e integridade do patrimonio no caso de Juan González²⁹ de Picato. Juan fixo mellora no seu neto, Pedro, pola súa obediencia e por axudalo na súa vellez e nos seus negocios, e especificou a sucesión da mellora, «preferiendo siempre el barón a la embra conforme a los bínculos regulares de España con calidad y condición que los vienes de dicha mejora siempre han de andar junto e incorporados en una sola persona ... y que no se puedan vender trocar enajenar ni dividir ni sobre ellos imponer cenzo ni haver pensión»

Nalgúns casos, xa sexa por mención explícita ou por omisión, o testamento tamén permite axustar contas con aqueles que non cumpriron en vida. Juan Antonio Freire³⁰ de San Andrés de Chamoso non deixa nada a un dos fillos, Antonio, por casarse sen a súa licencia e expreso consentimento: «sin jamás procurase ser obediente a mis preceptos». E o caso tamén de Froylán Rodríguez de Escoureda quen pide que se separe a parte dun dos seus fillos, Pedro, que non obedece con acatamento de «hijo de bendición» e que a reciba Domingo, a quen lle profesa o amor debido a que o socorreu dos seus achaques. Mellóralle a herdanza e pide que este faga o mesmo se falece en favor do fillo ou filla máis obediente.

Como acabamos de ver, son numerosas as referencias -mais frecuentes nos testamentos das mulleres- a razóns afectivas para escoller beneficiarios, recoñecendo as atencións e cariño ofrecido en vida. Por exemplo, dona Ana de Quiroga Pardo³¹ de Santalla do Alto declara no seu

testamento que «estando sana en mi libre juicio memoria entendimiento natural... en cuanto no tengo hijos ni herederos ni esperanza de tenerlos ...» nomea herdeira universal a súa sobriña dona María de Quiroga porque «ella me ha dado razones justas que me mueven dignas de remuneración». A antedita, Catalina López Teixeira de Hospital de Chamoso, enferma na cama, mellora no terzo ao seu fillo clérigo «por cuanto el sudodicho me a sustentando y alimentado en mi bejez dandome bestido y calzado por tener mas de noventa años de hedad, haber seguido muchos pleitos a su costa en mi defensa y tenerle muchas obligaciones por la buena asistencia y siempre me a tenido otras justas causas y me mueven por tanto para el pago y renumeracion de todo ello en la bia y forma mas de derecho que hubiere lugar».

As lembranzas esténdense tamén para aqueles que sen ser beneficiarios principais do testamento, son obxecto do agradecemento. É o caso por exemplo, de dona Ana Alvarez Zedron³² do Corgo, viúva de Francisco de Valcarce Neyra y Ossorio, que enferma con «hachaques avituales y de crezida edad», afirma que «mi cuñado siempre me tuvo estima concurriendo a mis urgencias, le mando una taza de plata». O devandito Domingo Díaz de Guitián de Bergazo deixou unha vaca á súa cuñada pola «ayuda de su remedio».

En definitiva, a maneira de dispoñer o legado por parte da persoa testadora dá moita información das súas preocupacións e das relacións humanas e familiares, e achamos que aínda que o estudo se centra nas xentes de hai máis de 300 anos, as súas inquietudes resultan tan universais que as podemos recoñecer na nosa propia realidade.

5. CONCLUSIÓNS

A morte, paradoxicamente, despertou nos nosos devanceiros dous sentimentos moi intensos ao mesmo tempo: o temor e o respecto, de maneira que permitiu o xurdimento dunha sensibilidade social e socializar o feito da morte individual, algo

²⁹Protocolo notarial 408-11 ante Antonio López Torón. Folio 85. Testamento de Juan González. Ano 1711. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSLC-H36C-9?i=2596&cat=698132>

³⁰Protocolo notarial 809-02 ante Jose Antonio Freyre. Folio 5. Testamento de Juan Antonio Freire. Ano 1816. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSG8-GWHS-S?cat=712804>.

³¹Protocolo notarial 387-03 ante Antonio Arias. Folio 49. Testamento de Ana de Quiroga Pardo. Ano 1708. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSLC-98KL?i=2585&cat=697417>.

³²Protocolo notarial 511-02 ante Juan Antonio Cedron. Folio 102. Testamento de Doña Ana Alvarez Zedron. Ano 1750. AHP. Lugo. <https://www.familysearch.org/ark:/61903/3:1:3Q9M-CSL6-4Q89-K?i=2068&cat=703839>.

que impregnou o noso imaxinario colectivo. Un exemplo é este anaco dunhas coplas:

«Anque tocan as campanas
Non tocan po-los que morren
Tocan po-los que estan vivos
Para que d'eles s'acorden. »

Esta manifestación cultural da nosa literatura popular amosa inequivocamente a transcendencia de lembrar aos mortos como é debido por parte dos que aínda gozan da vida terreal.

Como primeiro punto, este artigo reflicte que un requisito importante que había que ter previsto cando chegara a morte era o testamento, xa que transmitía a intención do finado no momento do seu falecemento. O testador debía reunir certas condicións para o seu redactado: estar en pleno xuízo, contar con testemuñas, designar cumpridores ou executores, aspectos que viñan establecidas polo ordenamento xurídico de cada zona, pero que a Igrexa interveu para facer obrigatorios algúns compromisos, como os legados e as mandas. A partir da Idade Moderna, facer testamento considerábase unha forma de facilitar o camiño para a salvación da alma porque seguía unhas pautas que tiñan relación coa relixión e os seus códigos. O momento da elaboración do testamento era na maioría dos casos próximo á morte da persoa testadora, e iso lévanos a crer que a acción de testar estaba moi arraigada ao final da vida, e facelo antes podía ser visto como un acto de mal agoiro.

Ante un momento tan crucial como a morte, o noso estudo revela que a preocupación dos nosos antepasados radicaba en dous piares fundamentais: a salvación da alma e a continuidade do legado.

A preocupación pola salvación de alma demostra a inmensa influencia da Igrexa na mentalidade da época. A Igrexa controlaba a transición cara á vida eterna mediante unha serie de rituais de

suma impotancia para os nosos devanceiros. A necesidade destes rituais xustificaban o papel central da Igrexa no día a día dos habitantes das parroquias e mesmo axudaban a súa propia supervivencia. Podemos falar por tanto dunha certa comercialización da morte, que se materializaba nas ofrendas e nos pagos necesarios para o enterramento e para as misas. Malia que na actualidade a influencia da Igrexa diminuíu substancialmente, boa parte dos rituais constitúen a base das tradicións que ao redor da morte perduran nos nosos días no concello, como a lembranza eterna dos mortos e as misas cabodano.

A perpetuación do patrimonio, principalmente a casa e as súas terras pero tamén a liñaxe, era tamén crucial para os nosos antepasados. Aínda que a xestión do patrimonio tiña un punto práctico, asegurarse unha vellez digna, a continuidade do patrimonio víase como un compromiso vital coa terra e os seus antepasados. Esa visión cremos que perdura nos nosos días.

Outros aspectos que destacamos da nosa análise son as claras diferencias entre testamentos a causa da propia condición social das persoas testadoras, e podemos afirmar que as boas relacións sociais e unha cómoda situación económica facilitaban que os rituais espirituais se cumprisen, e mesmo sobrepasasen o que era común –por exemplo, cantidades desorbitadas de misas postmortem, misas en igrexas ou ermidas distintas á da parroquia do finado...– Isto reforza a existencia dunha “comercialización da morte”: a Igrexa actuaba como depósito e garante da salvación eterna a través duns rituais que a propia sociedade apoiaba, polo tanto, cando unha persoa testadora tinha poder adquisitivo dabondo resultaba moito máis doado acceder a salvación eterna. No caso dos testadores máis humildes, buscaban – e esta procura constituía unha gran preocupación– a maneira de asegurarse o acceso aos rituais por medio da venda de bens.

Alén da condición social, o xénero é sen dúbida outro elemento onde queremos deternos. Dentro

do corpus de análise, tomamos testamentos de mulleres solteiras, viúvas e casadas coa finalidade de abranger a máxima representatividade da sociedade da época. Por unha banda, nos testamentos onde aparece unha muller casada trátanse de testamentos conxuntos co marido, onde a voz que dicta as disposicións ao notario é a do home, polo tanto, quen ten o peso definitivo nas decisións en relación aos rituais espirituais e materiais é o esposo. Por outra banda, un feito salientable é que ningunha muller asina o testamento, en cambio, o home é máis frecuente que o faga, en consecuencia, observamos que a taxa de analfabetismo ten maior impacto nas mulleres. Engadimos tamén que a figura da testemuña é sempre un varón e que no caso da herencia, atopamos a preferencia do home (fillo primoxénito, sobriño, xenro, irmán...) en detrimento da muller co obxectivo de dar continuidade á liñaxe e ao patrimonio vinculado.

Por último, unha característica que achamos nos testamentos femininos é unha maior apelación aos sentimentos e emocións no momento de facer balance das súas relacións. Tratan de deixar por escrito o que sinten para xustificar mellor as súas decisións polo que respecta as disposicións materiais. Ademais, é nas mulleres onde encontramos unha espiritualidade máis forte, con peticións de misas adicionais ás virxes (por exemplo, misas a Virxe das Virtudes, Virxe de Ferreira, Virxe do Carme ou a Virxe dos Ollos Grandes) ou ben ao Anxo da Garda. Isto é debido á alta participación das mulleres nos ritos e actividades relixiosas da igrexa.

6. AGRADECEMENTOS E DEDICATORIA

Queremos agradecer ao noso amigo Alberto Martín Monge a súa xenerosidade e toda a axuda que nos brindou para este artigo, esclarecendo dúbidas e sombras durante o proceso de redacción.

A Manuel Álvarez Álvarez que partiu durante a realización deste artigo, e que legou en vida o amor polas terras do concello.

ANEXO A.1. Protocolos notariais utilizados no estudo³³

Período	Notario	Parroquia
1680-1698	Blas de Remesil Obarrio	Adai
1686-1717	Alvaro Sanjurjo Montenegro	Adai
1699-1737	Antonio Arias	Adai
1700-1707	Francisco Riesgo y Neira	Pobra de San Xiao
1702-1751	Antonio López Torrón	Burón, Adai
1738-1774	Juan Antonio Cedrón y Valcarce	Adai
1777-1814	Felipe Antonio Taboada	Adai
1815-1832	José Ramón Freire y Díaz	Corgo

7. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Libros

- Mariño Ferro, Xosé Ramón. Antropoloxía de Galicia. Vigo, Editorial Xerais (2000).
- Rodríguez López. Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares. Lugo. Ed. Celta (1974).
- Ponte, Manuel. Velatorio de aldea. Montevideo, Editorial Alma Gallega (1927).
- González Reboredo, X.M. Nacemento, casamento e morte en Galicia Repostas á enquisa do Ateneo de Madrid, (1901-1902) Santiago de Compostela Consello da Cultura Galega. Comisión de Antropoloxía (1990)
- Sobrado Correa, Hortensio. Las tierras de Lugo en la Edad Moderna: Economía campesina, familia y herencia, 1550-1860 (Galicia histórica). Fundación Pedro Barrié de la Maza (2001).

³³A pesar de que os protocolos dos antigos partidos xudiciais incluían parroquias dos actuais concellos de Castroverde, Corgo, Láncara, e Páramo o estudo centrouse nas aldeas do Corgo.

- Sobrado Correa, Hortensio. Heredero único y familia troncal en la Galicia Interior, 1750-1860. Ediciones Universidad de Salamanca. Stud, his., H.a mod., 23, (2001)
 - Mandianes Castro, Manuel. Loureses, antropoloxía dunha parroquia galega». Vigo, Ed. Galaxia (1984).
- Artigos:**
- Blanco Prado, José Manuel, 1997: Análisis sobre Rituales Funerarios en la parroquia de Pacios (Begonte). Boletín do Museo Provincial de Lugo, nº 3. <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/1299768.pdf>
 - Pintos, Juan Luis, 2005: «Tanatorios vs. Velorios. Las transformaciones de los imaginarios sociales de la muerte en el último decenio». SÉMATA, Ciencias Sociais e Humanidades, núm. 17: Muerte y ritual funerario en la historia de Galicia. https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/4473/pg_565-600_semata17.pdf?sequence=1&isAllowed=y
 - Mártir Alario, M^a José: «Los testamentos en los formularios castellanos del siglo XVI» Tesis Univ. Granada. Departamento de Historia Medieval y Ciencias y Técnicas Historiográficas. <https://digibug.ugr.es/flexpaper/handle/10481/22206/20710549.pdf?sequence=1&isAllowed=y>
 - M. (1988). Herencias y particiones de bienes en Valladolid durante el siglo XVIII: Testamentos e inventarios post-mortem. <https://uvadoc.uva.es/bitstream/handle/10324/21303/Investigaciones-1988-08-Herencias-ParticionesDeBienesEnValladolidDuranteEl-66302.pdf?sequence=1&isAllowed=y>
 - RODRÍGUEZ BECERRA, S: «Los privilegios espirituales de la orden tercera de San Francisco», en El Franciscanismo en Andalucía. La orden tercera seglar: (Priego de Córdoba, 26 a 29 de julio de 2005) / coord. por Manuel Peláez del Rosal, 2006.

O PUNTO DE ATENCIÓN Á LECTURA DO CORGO: UN NOVO ESPAZO CULTURAL PARA A COMUNIDADE

Ladra, Lois

Proxecto CORGORAL

proxecto.corgoral@gmail.com

Centro em Rede de Investigación em Antropologia – CRIA

Grupo de Investigación sobre Práticas e Políticas da Cultura – GIPPC

<https://cria.org.pt/pt/people/l-ladra>

RESUMO

Con pouco máis dun ano de vida activa, o Punto de Atención á Lectura do Corgo (PALCO) tense convertido nunha infraestrutura municipal de referencia para o desenvolvemento de actividades culturais: xornadas de literatura, música, teatro, obradoiros, faladoiros, clubs de lectura, mostras fotográficas... O PALCO posúe un fondo bibliográfico recentemente inventariado, que sobrepasa as catro mil referencias e os cinco mil volumes. Amais de monografías e publicacións periódicas, o PALCO tamén conta con numerosos soportes multimedia (cinema, documentais, música...). Coa súa posta en andamento a partir do Proxecto CORGORAL e grazas ao esforzo desinteresado de numerosas persoas e institucións, as súas instalacións teñen acollido máis de medio cento de actividades ao longo do bienio 2022-2023.

PALABRAS CLAVE

O Corgo, Proxecto CORGORAL, Punto de Atención á Lectura do Corgo.

1. LIMIAR

Jon Hawkes, un dos principais teóricos da planificación das políticas públicas, ensinounos que o cuarto pilar da sustentabilidade das mesmas, xunto coa economía, a sociedade e o medio natural é a cultura (Hawkes, 2001). Porén, a diferenza do que acontece con outros concellos de menor tamaño, con menor poboación e da súa propia contorna, o do Corgo careceu sistematicamente e continúa a carecer dunha concellaría de cultura. Se cadra, como consecuencia directa disto que vimos de referir e facendo un siloxismo moi sinxelo, o mesmo se podería dicir en relación coas políticas culturais endóxeas. Unha rápida diagnose

das infraestruturas e dos recursos culturais, patrimoniais e turísticos das Terras do Chamoso, susceptibles de ser usufruídos actualmente polos propios veciños ou por eventuais turistas e visitantes, non deixa indiferente a ningún: ningún museo, ningunha sala de exposicións, ningunha biblioteca pública municipal, ningún xacemento arqueolóxico musealizado... Tan só media ducia de pazos con certo interese, pero todos eles privados e pechados.

Este feito, xunto coa frecuente deriva errática de moitas políticas culturais que se levan a cabo noutros concellos rurais, non deixa de ser común a outras administracións locais da Galiza, independentemente da cor política dos seus gobernos (cfr. Ladra, 2022). Calquera pode repasar as noticias de ámbito local recollidas nas hemerotecas e comprobar o impacto realmente negativo que este fluxo informativo ten no referente á imaxe reputacional. No entanto, a base dun grande esforzo, isto ten vindo a mudar nos últimos tres anos.



Logotipo oficial do Proxecto CORGORAL ©.

2. O PROXECTO CORGORAL E AS ORIXES DO PALCO

Os acordos partidarios derivados da sorprendente aritmética parlamentaria que se orixinou a partir dos penúltimos comicios locais no Corgo permitiron poñer en funcionamento un programa de recompilación da Literatura Popular de Tradición

Oral (LPTO), que acabaría por transformarse nunha ambiciosa proposta de activación cultural, denominada Proxecto CORGORAL (Ladra, 2021). Malia o feito de se tratar dun plano inicialmente limitado a unha única anualidade, o certo é que diversos factores, en nada alleos á peculiar situación política que vimos de referir, permitiron a súa dupla renovación anual consecutiva, facendo así máis doado un vizoso proxecto que chegou a atinxir un total de dezaioito estudos e publicacións específicas sobre o patrimonio cultural inmaterial do concello do Corgo (Cfr. Anexo I).

Sexa como for, o certo é que non é este o lugar nin o momento axeitado para realizar unha avaliación final dos resultados acadados polo referido proxecto, aínda que si consideramos pertinente esclarecer o seguinte: como consecuencia directa da implementación do Proxecto CORGORAL e do seu desenvolvemento, o diagnóstico do contexto inicial, no que foi asinalada a carencia dun espazo público dinámico, de cultura, consulta, lectura, lecer e convivencia cívica, levounos a procurar unha solución construtiva, atendendo sempre ás numerosas eivas que condicionaron desde o primeiro momento calquera tipo de iniciativa.



Antiga escola pública dos Agros, hoxe sede do PALCO.
Ca. 1970.

A parcela que ocupa hoxe o PALCO consta aproximadamente duns 2.500 m² e nela localízanse tres edificios senlleiros: a Casa das Asociacións, o Punto de Atención á Infancia e o Punto de Atención á Lectura. Este último espazo corresponde ao inmobile do vello centro de ensino do Corgo. A antiga escola pública dos Agros atopábase previamente en estado de desuso e total abandono, até que no ano 2000 foi encetada a súa rehabilitación no ámbito dos traballos da Escola Obradoiro Ponte de Areas IV. O proxecto de actuación relativo a estas obras, xa indicaba no título da súa correspondente memoria valorativa, a finalidade funcional para a cal se planteaba destinar este inmobile: “para servizos educativos, culturais e recreativos asociados á valorización do patrimonio cultural” (García-Boente, 2020).



Vista exterior actual do Punto de Atención á Lectura do Corgo.

A proposta de crear un pequeno Punto de Atención á Lectura na antiga escola dos Agros, que tiña sido recentemente rehabilitada, correu mellor sorte.

O edificio orixinal da escola era un inmobile construído no ano 1968, con planta única de base rectangular, dividido á metade en dúas áreas diferenciadas, e dotado duns pequenos aseos laterais. Logo dunha primeira toma de contacto

Aspecto parcial da biblioteca do Teleclub de Marei.

co seu interior no mes de decembro do 2021, comprobamos que na súa rehabilitación fora implementada unha nova cuberta de madeira a dúas augas, ao tempo que se eliminara o tabique divisorio central e se construíra un acceso complementario en rampla; nun dos extremos foron habilitados dous baños e no outro un terceiro baño e un pequeno armacén auxiliar.

Aínda que o interior da vella escola dos Agros estaba practicamente baleiro, o certo é que a disponibilidad dun amplo espazo e a presenza de tres potentes bombas de calor permitiu que fora temporalmente aproveitado en diversos momentos polos membros da Asociación Cultural “A Legua Dereita” como local de ensino e de ensaio de baile e música tradicional. Tratábase polo tanto, naqueles intres, dunha infraestrutura cultural municipal claramente infrautilizada.



Vista parcial actual do espazo polivalente interior do PALCO.

Ao longo dos tres primeiros meses do ano 2022, procedemos á instalación manual de diversas dotacións básicas, co propósito de transformar a vella escola dos Agros nun espazo multifuncional que acollese o Punto de Atención á Lectura do Corgo, o cal acabaría por ser oficialmente inaugurado como tal o 23 de Abril, día Internacional do Libro.

3. CARACTERÍSTICAS XERAIS BÁSICAS DO PALCO

O edificio que acolle o Punto de Atención á Lectura do Corgo ten 23,8 m. de longo e 5,70 m. de ancho, acadando o inmovible unha superficie total aproximada de 136 m².



Detalle parcial do mobiliario cos fondos bibliográficos do PALCO.

No seu interior existen a día de hoxe vintecinco estantes ou unidades de ordenación de madeira maciza (2,17 x 0,80 x 0,25 m), con máis de 125 m. lineais utilizados e máis de 15 m. dispoñibles. Amáis do xa referido, o PALCO conta hoxe con dous armarios metálicos con dobres portas (2,20 x 0,88 x 0,45 m), tres mesas de lectura (1,20 x 0,80 x 72 m) e 38 cadeiras móbiles de plástico. Á súa potente iluminación artificial hai que engadir 10 xanelas cos seus estores, así coma unha pizarra (1,00 x 0,70 m), un retroproector EPSON ELPMB23 e unha pantalla fixa enrolable de 2,40 x 2,40 m.



Detalle da cabeceira interior, con mesas, cadeiras, proxector e pantalla.

Cómpre salientar que os 4.466 rexistros e 5.473 volumes que conforman os fondos bibliográficos, videográficos, discográficos e multimedia actualmente existentes no PALCO son resultado de numerosas doazóns realizadas por diversos particulares e institucións, cuxos nomes e filiacións xeográficas, sempre que non nos foi solicitado o seu anonimato, figuran en varios cadros permanentemente expostos en sinal de agradecemento. Entre as moitas institucións

doadoras, habería que citar as seguintes: Biblioteca do Seminario de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, Academia Galega de Belas Artes, Museo do Pobo Galego, Consello da Cultura Galega, Fundación Barrié, AELG...

En total, as instalacións do Punto de Atención á Lectura do Corgo acollen máis de catro mil rexistros bibliográficos e máis de cinco mil volumes á libre disposición e consulta por parte das persoas usuarias. Todos eles foron inventariados, organizados e dispostos temáticamente (Silva, Costa e Ladra, 2023). A compoñente fundamental deste fondo radica nas monografías e nas publicacións periódicas, sendo as linguas predominantes o galego e o castelán, aínda que tamén existen publicacións dispoñibles en inglés, portugués, italiano, alemán, asturiano, latín, checo... Todas elas, insistimos, foron froito de doazóns desinteresadas. A troca de publicacións con diversas institucións (RAG, RAGBA, MPG, CCG, SED, IESCHA, MPL, MCV...) foi posible grazas á franca xenerosidade do CEC e da Asociación Cultural Arumes.



Detalle da Carta Xeométrica de Galicia
exposta no PALCO.

As paredes interiores do PALCO tamén acollen unha reprodución facsimilar da Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán (1845), a serie completa de oito carteis conmemorativos do Día das Artes Galegas (2015-2023) ofrecidos pola Real Academia Galega de Belas Artes, dous cadros cedidos en depósito polo Museo do Pobo Galego e dezaseís paneis correspondentes a

diversas actividades culturais desenvolvidas neste senlleiro espazo ao longo do bienio 2022-2023. Convén aínda non esquecer que o PALCO conta con unha rede wi-fi propia de acceso rápido a internet e con unha porta de emerxencia dotada de barra antipánico.



Logotipo oficial do PALCO – Punto de
Atención á Lectura do Corgo ©.

En termos de imaxe corporativa, o Punto de Atención á Lectura do Corgo ou PALCO conta con un logotipo específico, marca rexistrada, desinteresadamente elaborado polo arqueólogo e deseñador madrileño Domingo Martínez, que representa en branco e negro, no interior dun círculo, un libro aberto co mapa do termo municipal na páxina esquerda e a designación oficial completa na dereita, todo elo sobre o seu respectivo acrónimo enfeitado con unha estrela de cinco pontas.

4. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Ao longo da súa breve historia, o PALCO ten demostrado neste bienio 2022-2023 que ao xuntarmos o trinomio vontade, esforzo e compromiso, é posible encetar medidas que contribúan a activar e dinamizar a vida cultural nos pequenos concellos rurais do interior do país (Cfr. Anexo II).

Isto xa nolo ensina o refraneiro tradicional: “moitas veces fai máis quen quere que quen pode”. Este labor, silandeiro e constante, pode incluso chegar a merecer o recoñecemento público de numerosas institucións e particulares,

pois o Punto de Atención á Lectura do Corgo ten sido sistematicamente loubado por numerosas institucións: a Real Academia Galega, o Museo do Pobo Galego, a Academia de Belas Artes, a RTVG, os xornais Lugo Xa e *El Progreso*...

Tampouco falta quen chegou a afirmar publicamente, non sen grandes doses de entusiasmo localista, que a iniciativa do PALCO constitúe “o xermolo do que chegará algún día a ser a Biblioteca Pública Municipal do Corgo” (Outeiro, 2023: 46).

Nun plano máis modesto, aínda que cheo de agarimo polo que representa de amor ás cousas feitas coa razón do corazón, convén sinalar que o Punto de Atención á Lectura do Corgo foi declarado “Honorable biblioembaixada” polo IES Xograr Afonso de Sarria, o cal tamén foi recentemente premiado polas súas boas prácticas en educación inclusiva.



O PALCO durante unha das súas frecuentes actividades culturais.

Así mesmo, diversos colectivos locais e redes culturais comunitarias como as asociacións culturais Arumes, o Centro de Estudos do Corgo ou o Circuito de Teatro Afeccionado da Deputación Provincial tamén partillaron a súa programación, usufruindo deste espazo.

O coñecido ceramista local Manuel Vázquez doou ao PALCO varias pezas de louza esmaltada da súa autoría, ao tempo que cedeu en depósito temporal un total de trece cacharros de olaría tradicional dos obradoiros de Bonxe, doce dos de Gundivós e catro reproducións a pequena escala das diferentes tipoloxías que dos pombais tradicionais existen no concello do Corgo.



Mural de Diego As dedicado a Jesús Abuín, na entrada do PALCO

O ano 2023 despediuse do PALCO con dous destacados eventos: a realización dun fermoso mural por parte do recoñecido artista Diego As e a homenaxe ao cronista local e fillo predilecto do Corgo, Sr. D. Jesús Abuín Arias.

Por outrabanda, sen caer nos na autocomplacencia e sen fuxirmos ás críticas relacionadas con aspectos tristemente negativos, tamén é certo que o PALCO sufriu algunhas accións puntuais de vandalismo local por parte duns poucos inimigos da cultura e do ben común. Os efectos das mesmas, con todo, foron rapidamente subsanados. Agardamos que non se volten a repetir, pois o verdadeiro *quid* de toda a cuestión reside no feito de que “as políticas culturais deben primeiramente estimular a creatividade da cidadanía, facilitando a libre expresión da súa conciencia crítica, ademais de colaborar na mellora da calidade de vida da poboación e no desenvolvemento económico do lugar (Lorenzo, 2019: 29). A final de contas, xa se sabe que a cultura é bastante máis que un dereito: é unha poderosa ferramenta de transformación social.

En definitiva, como ben foi referido no seu momento, “o traballo máis difícil xa está feito” (Outeiro, 2023: 46) e, grazas ao Proxecto CORGORAL o Punto de Atención á Lectura do Corgo é hoxe unha realidade, constituíndose como unha nova infraestrutura cultural a disposición de todas as persoas interesadas nela.

Agora tan só nos resta confiar en que a sensibilidade municipal lle permita seguir cumprindo moitos anos de vida útil e activa para a comunidade.

Facemos votos para que así sexa, sen esquecermos que o tempo será sempre o mellor e máis implacable de todos os xuíces.

5. BIBLIOGRAFÍA.

GARCÍA-BOENTE, G. *Memoria valorada para a rehabilitación da antiga escola no lugar de Agros (O Corgo, Lugo), para servizos educativos, culturais e recreativos asociados á valorización do patrimonio cultural*. Lugo: Boente Arquitectura y Gestión Urbanística SLP, 2020.

HAWKES, J. *The fourth pillar of sustainability: culture's essential role in public planning*. Melbourne: Cultural Development Network, 2001.

JABLONSKI, P. "Clientelismo en democracia: una propuesta para el análisis de las relaciones clientelares a nivel local". *Perifèria. Revista de investigación y formación en Antropología*. 2005, 2, 1-21.

Accesible en

<https://revistes.uab.cat/periferia/article/view/v2-n1-jablonski/143-pdf-es>

LADRA, L. "O Proxecto CORGORAL. Unha proposta para a recolla da Literatura Popular de Tradición Oral no concello do Corgo". *Lvcensia*. 2021, 62, 119-130.

Accesible en

https://www.academia.edu/49048231/_2021_O_Proxecto_CORGORAL_Unha_proposta_para_a_recolla_da_Literatura_Popular_de_Tradici%C3%B3n_Oral_no_concello_do_Corgo

LADRA, L. "Prácticas e políticas do Patrimonio Cultural na Galiza. Breves reflexións a partir de tres experiencias". *Descubriendo. Anuario de Estudos e Investigación de Deza*. 2022, 15, 35-50.

Accesible en <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=9052048>

SILVA, N.; COSTA, P. e LADRA, L. *Inventario dos fondos bibliográficos do Punto de Atención á Lectura do Corgo*. Caderno especial, depositado no Concello do Corgo. 2023.

Accesible en

<https://www.concellodocorgo.com/punto-de-atencion-a-lectura/>

LORENZO, M. "As políticas culturais en Galicia". En S. Lago e M. Lorenzo (Eds.): *A xestión cultural en Galicia. Unha visión panorámica e actual*, páxs. 15-42. Compostela: Andavira, 2019.

OUTEIRO, M. "Un PALCO cultural". *El Progreso*. 07-07-2023.

Accesible en

<https://www.elprogreso.es/opinion/mario-outeiro/un-palco-cultural/202307071930141678869.html>

ROLDÁN, C. "A biblioteca rural do Corgo: un espazo de literatura, arte, cine e baile tradicional sen saír do rural". *El Progreso*. 23-04-2023.

Accesible en

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2023/04/22/biblioteca-do-corgo-espazo-literatura-arte-cine-baile-tradicional-sen-sair-dorural/00031682175698183449395.htm>

<https://www.concellodocorgo.com/punto-de-atencion-a-lectura/>

ANEXO I: ESTUDOS E PUBLICACIÓNS DO PROXECTO CORGORAL.

LADRA, L. "O Proxecto CORGORAL. Unha proposta para a recolla da Literatura Popular de Tradición Oral no concello do Corgo". *Lvcensia*. 2021, 62, 119-130. Ed. Caderno [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL 1*].

LADRA, L. "Documentar o Patrimonio Cultural Inmaterial en tempos de pandemia". Comunicación presentada no *IV Congreso Galego de Antropoloxía*. 2021 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL, 2*].

ARES, N. “Toponimia do Concello do Corgo”. *Lvcensia*. 2007, 34, 37-62. Reed. como Caderno polo Concello do Corgo – Proxecto CORGORAL, 2021 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 3].

LADRA, L. “A prensa escolar como fonte para a recompilación da Literatura Popular no Corgo”. *Corga*. 2021, 8, 22-31 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 4].

LADRA, L. “Adiviñanceiro tradicional do Corgo”. *Lvcensia*. 2022, 64, 9-31. Ed. como Caderno polo Concello do Corgo – Proxecto CORGORAL [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 5].

LADRA, L. “Achegas para un refraneiro tradicional do Corgo”. *Lvcensia*. 2022, 65, 85-108. Ed. como Caderno polo Concello do Corgo – Proxecto CORGORAL [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 6].

LADRA, L. “Nomear a terra no Corgo: a toponimia local vista por un filólogo. Entrevista con Oscar Castro Castedo”. *Corga*. 2022, 9, 62-67 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 7].

LADRA, L. “Oficios tradicionais no Corgo: Toño do Carrizo, o último ferreiro”. *Corga*. 2022, 9, 68-75 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 8].

LADRA, L. *Os cantares do entroido no Corgo: 1945-2022*. Ed. como Caderno polo Concello do Corgo – Proxecto CORGORAL, 2023 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 9].

LADRA, L. *Antoloxía poética do Festival “ÉPICO no PALCO”*. Ed. como Caderno polo Concello do Corgo – Proxecto CORGORAL, 2023 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 10].

LADRA, L. *O patrimonio camiñeiro do Corgo. Posta en valor dos marcos legoeiros no antigo Camiño Real de acceso a Galicia*. Folleto divulgativo, 2023 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 11].

LADRA, L. (comp.) *Contos tradicionais do Corgo*. Concello do Corgo. Ed. como Caderno polo Concello do Corgo – Proxecto CORGORAL, 2023 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 12].

LADRA, L. “Aspectos do patrimonio intanxible no Corgo”. *Lvcensia*. 2023, 66, 115-126 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 13].

LADRA, L. “Historia(s) do «pazo» de Adai: escravitude, represión e paternalismo”. *XVI Congreso Internacional de Antropoloxía ASAE - AGANTRO*. 2023 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 14].

LADRA, L. “A recolla do PCI nos centros escolares lucenses do Corgo e Láncara”. *6.º Congreso Internacional Patrimonio Cultural Inmaterial e Educación*. 2023 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 15].

LADRA, L.; COSTA, P. e SILVA, N. *Inventario dos fondos bibliográficos do Punto de Atención á Lectura do Corgo*. Caderno especial. 2023 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 16].

BLANCO PRADO, J. M. e LADRA, L. “Rituais festivos no santuario do San Bartolomeu de Abragán (O Corgo, Lugo)”. *Corga*. 2023, 10, 46-57 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 17].

LADRA, L. “O Punto de Atención á Lectura do Corgo: un novo espazo cultural comunitario”. *Corga*. 2023, 10, 34-45 [*Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL*, 18].

ANEXO II: ACTIVIDADES DO PROXECTO CORGORAL/PALCO (2022-23).

Indícanse, de xeito aínda incompleto, o mes e o ano do evento por orde cronolóxica, así como a referencia no portal <https://www.concellodocorgo.com/>

MARZO-ABRIL 2022

Acondicionamento e inauguración da biblioteca do Punto de Atención á Lectura co gallo do Día Mundial do Libro nas instalacións da antiga escola do Corgo. O acto contou coa presenza do cronista **Jesús Abuín** e da coñecida actriz local **Benedicta Sánchez**. Con un **recital de poesía** a cargo de Alberte Momán e interpretación de varias pezas de **música tradicional** pola agrupación folclórica local A Legua Dereita.

<https://www.concellodocorgo.com/2022/04/26/inauguracion-da-biblioteca-do-corgo/>

ABRIL 2022

Primeira edición do **Programa “Coñece o teu patrimonio”**, en colaboración coa Diocese de Lugo: visita guiada dos alumnos de primaria ás pinturas murais da igrexa de Santalla do Alto e ao belén articulado de Folgosa.

<https://www.concellodocorgo.com/2022/04/28/programa-conece-o-teu-patrimonio/>

MAIO 2022

Celebración do Día das Letras 2022 coa presentación da novela *O caso dos amantes de París*, de Miguel Alonso, seguida dun recital de poesía a cargo de Irene Quinteiro, Morte de Rei e Manuel López Rodríguez.

<https://www.concellodocorgo.com/2022/05/09/celebracion-do-dia-das-letras-galegas-2022/>

MAIO 2022

Edición do Adiviñanceiro tradicional do Corgo, recollido de xeito colaborativo entre os veciños do concello a partir de traballos escolares de carácter voluntario. Esta publicación figura como artigo na revista cultural *Lvcensia*. Caderno CORGORAL, n.º 3.

<https://www.concellodocorgo.com/2022/05/26/o-corgo-protagonista-da-revista-lvcensia/>

XUÑO 2022

Obradoiro de paleografía, cun curso gratuito de iniciación á lectura e interpretación de

documentos antigos, impartido polo director do **Arquivo Diocesano de Lugo**.

<https://www.concellodocorgo.com/2022/05/30/obradoiro-de-iniciacion-a-lectura-de-documentos-antigos/>

XULLO 2022

Proxección cinematográfica ao aire libre da película *Cuñados* no Campo da Feira de Adai, coa participación activa de mais dun cento de espectadores.

<https://www.concellodocorgo.com/2022/07/07/cine-na-rua-sabado-23-de-xullo-as-2230-h-campo-da-feira-de-adai/>

XULLO 2022

Celebración do Día Nacional de Galiza coa colocación no Punto de Atención á Lectura do Corgo de unha réplica a escala 1:1 e tamaño real da Carta Geométrica de Galicia, mais coñecida como **mapa de Fontán**.

<https://www.concellodocorgo.com/2022/07/26/celebracion-do-dia-de-galicia/>

AGOSTO 2022

Recuperación e posta en valor do patrimonio audiovisual municipal coa realización de unha exposición de fotografías antigas.

<https://www.concellodocorgo.com/2022/08/12/fotografias-antigas-do-corgo/>

AGOSTO 2022

Intercambio bibliográfico de publicacións do Proxecto CORGORAL co Seminario de Estudos do Deza.

<https://www.concellodocorgo.com/2022/08/17/novos-libros-no-punto-de-atencion-a-lectura/>

AGOSTO 2022

Presentación do libro *Nieve de Agosto* de Nieves Neira e recital poético.

<https://www.concellodocorgo.com/2022/08/19/nieves-neira-recital-poetico-e-novo-libro/>

SETEMBRO 2022

Exposición fotográfica temporal sobre imaxes antigas do Camiño de Santiago ao seu paso pola provincia de Lugo, en colaboración co **Colectivo Exeria**.

<https://www.concellodocorgo.com/2022/09/20/exposicion-fotografica-temporal/>

SETEMBRO 2022

Xuntanza comunitaria e Polafía do Proxecto CORGORAL no Punto de Atención á Lectura, en colaboración coa **Asociación de Escritores en Lingua Galega**.

<https://www.concellodocorgo.com/2022/09/22/xuntanza-e-polafia-no-corgo/>

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowPolafia.do?id=50>

OUTUBRO 2022

Presentación dos novos fondos bibliográficos doados ao Punto de Atención á Lectura pola asociación **Amigos de Galicia**.

<https://www.concellodocorgo.com/2022/10/10/amigos-de-galicia-doa-libros-ao-corgo/>

NOVEMBRO 2022

Encontro festivo multicultural no Punto de Atención á Lectura, coa inauguración da **mostra temporal** *Alfarería tradicional lucense*, de Lolo da Vila, seguida da **proxección da película** *El rey del río* e pola **presentación do libro** *Paisaxes de Pan*, de Ánxela Gracián.

<https://www.concellodocorgo.com/2022/11/03/encontro-festivo-no-punto-de-atencion-a-lectura/>

NOVEMBRO 2022

Presentación da nova páxina web do Concello do Corgo, con **ampliación dos contidos multimedia / mediateca en diversos formatos do Proxecto CORGORAL**: audios, fotos antigas, vídeos, textos con romances, cantigas, monografías, revistas locais...

<https://www.concellodocorgo.com/2022/11/28/presentacion-da-nova-paxina-web-do-concello-do-corgo/>

DECEMBRO 2022

Presentación do refraneiro tradicional do Corgo, coa recompilación de mais de catrocentos refráns documentados polos escolares de primaria no concello.

<https://www.concellodocorgo.com/2022/12/13/presentacion-do-refraneiro-tradicional/>

XANEIRO 2023

Inauguración da Mostra Fotográfica Temporal “Castelao e as cruces de pedra na Bretaña”, da **Asociación Cultural Vagalumes**, da Estrada.

<https://www.concellodocorgo.com/2023/01/24/exposicion-sobre-castelao/>

FEBREIRO 2023

Conferencia de Felipe-Senén López Gómez, da Real Academia Galega de Belas Artes, sobre “Os cruceiros en Galiza e nos confíns célticos de Europa”.

<https://www.concellodocorgo.com/2023/02/01/conferencia-sobre-cruces-e-cruceiros/>

FEBREIRO 2023

Festa popular do Entroido, con concurso de disfraces organizado por categorías, atendendo á súa orixinalidade e creatividade.

<https://www.concellodocorgo.com/2023/02/10/festa-de-entroido-2023/>

MARZO 2023

Edición do libro *Cantares do Entroido*, con un estudo introdutorio sobre as orixes e o significado deste xénero concreto da nosa Literatura Popular de Tradición Oral.

<https://www.concellodocorgo.com/2023/03/03/edicion-dos-cantares-do-entroido/>

ABRIL 2023

Primeiras Xornadas sobre o Patrimonio Cultural do Corgo: a arte das cruces de pedra Proxección do documental “Castelao e as cruces de pedra na Bretaña”.

Conferencia de Fernando Arribas Arias, da Asociación Galega de Amigos das Cruces, Cruceiros e Petos de Ánimas, sobre “Os cruceiros e as cruces de pedra do concello do Corgo”.

<https://www.concellodocorgo.com/2023/03/28/xornadas-sobre-o-patrimonio-cultural-do-corgo/>

ABRIL 2023

Primeiro aniversario do PALCO - Punto de Atención á Lectura do Corgo
Celebración do Día Mundial do Libro - Festa do Libro e da Lectura

<https://www.concellodocorgo.com/2023/04/19/festa-da-cultura-polo-primeiro-aniversario-da-biblioteca-do-palco/>

ABRIL 2023

Primeiro Festival Internacional EPICO (Encontro de Poesía Ibérica no Corgo) no PALCO

<https://www.concellodocorgo.com/2023/04/19/festa-da-cultura-polo-primeiro-aniversario-da-biblioteca-do-palco/>

<https://www.concellodocorgo.com/2023/04/21/programa-do-festival-epico-no-palco/>

ABRIL 2023

Inauguración da Mostra Fotográfica Temporal “AbandonARTE” do Colectivo Desastre

<https://www.concellodocorgo.com/2023/05/03/mostra-fotografica-temporal-no-palco/>

MAIO 2023

Semana da Cultura e das Letras Galegas – Lanzamento da Antoloxía Poética ÉPICO no PALCO

Conferencia do Proxecto CORGORAL na **Asociación Cultural Val de Láncara**

Debuxos animados no PALCO para as crianzas

do PAI – Lanzamento dun novo **Caderno CORGORAL – Festa do Libro**

<https://www.concellodocorgo.com/2023/05/10/semana-da-cultura-e-das-letras-galegas/>

XUÑO 2023

Concesión do premio “Honorable Biblioembaixada” do IES Xograr Afonso de Sarria á biblioteca do PALCO – Punto de Atención á Lectura do Corgo

<https://www.concellodocorgo.com/2023/06/02/novo-premio-para-a-biblioteca-do-corgo/>

XUÑO 2023

Presentación do novo libro de Mario Outeiro: *Da Tribuna ao Outeiro*

<https://www.concellodocorgo.com/2023/06/07/mario-outeiro-presenta-o-seu-libro-na-biblioteca-do-palco/>

XUÑO 2023

Reunión preparatoria do Club de Lectura PALCO na biblioteca do Corgo

<https://www.concellodocorgo.com/2023/06/27/clube-de-lectura-estival-na-biblioteca-do-palco/>

XULLO 2023

Inauguración da Mostra Fotográfica Temporal “Hai presente” de Esther López

<https://www.concellodocorgo.com/2023/07/11/mostra-fotografica-temporal-na-biblioteca-do-palco/>

XULLO 2023

Presentación do libro *O pracer da chuvia*, de Manuel Vázquez

<https://www.concellodocorgo.com/2023/07/12/presentacion-do-libro-de-manuel-vazquez-na-biblioteca-do-palco/>

XULLO 2023

Proxección cinematográfica en galego e ao ar libre: ***Crebinsky*** no Campo da Feira de Adai

<https://www.concellodocorgo.com/2023/07/20/cine-de-veran-no-campo-da-feira-de-adai/>

XULLO 2023

Presentación do libro *Contos tradicionais do Corgo*

<https://www.concellodocorgo.com/2023/07/26/presentacion-do-libro-de-contos-tradicionais-do-corgo/>

SETEMBRO 2023

Participación no XVI Congreso Internacional de Antropoloxía da ASAE na Coruña

<https://www.concellodocorgo.com/2023/09/12/o-corgo-destacado-nun-congreso-de-antropoloxia/>

SETEMBRO 2023

Clube de Lectura PALCO: *O Conserxe*, de X. L. Vázquez Somoza

<https://www.concellodocorgo.com/2023/09/27/primeiro-club-de-lectura-no-palco/>

SETEMBRO 2023

Presentación dos libros do corgués Eladio B. Castedo *La rosa del azafrán* e *Parejo al tiempo*

<https://www.concellodocorgo.com/2023/09/19/a-cultura-reistada-por-dous-vecinos-do-corgo-palco-do-corgo/>

SETEMBRO 2023

Conferencia do corgués Xosé Luís López Castro: “Galicia, un nome para dous reinos”

<https://www.concellodocorgo.com/2023/09/19/a-cultura-reistada-por-dous-vecinos-do-corgo-palco-do-corgo/>

OUTUBRO 2023

Teatro coa Compañía Nova Escena de Lugo: “A tortilla e a peste”

<https://www.concellodocorgo.com/2023/10/18/teatro-de-balde-no-palco-a-tortilla-e-a-pestes/>

OUTUBRO 2023

Celebración do Día Internacional das Bibliotecas no PALCO

<https://www.concellodocorgo.com/2023/10/24/celebracion-do-dia-da-biblioteca-no-palco/>

OUTUBRO 2023

Inauguración da Mostra Fotográfica Temporal “Sentinelas do Desleixo”, do Proxecto CORGORAL

<https://www.concellodocorgo.com/2023/10/26/mostra-fotografica-de-pombais-tradicionais/>

OUTUBRO 2023

Clube de Lectura PALCO: *A praia dos afogados*, de Domingo Villar

<https://www.concellodocorgo.com/2023/10/27/club-de-lectura-do-palco/>

NOVEMBRO 2023

Celebración do centenario do SEG e conferencia de Iria-Friné Rivera: “O ollo atento. O espírito internacional do Seminario de Estudos Galegos”

<https://www.concellodocorgo.com/2023/10/30/conferencia-sobre-o-seminario-de-estudos-galegos/>

NOVEMBRO 2023

Recital poético coa dobre ollada feminina da escritora Ánxela Gracián e da actriz Benedicta Sánchez

<https://www.concellodocorgo.com/2023/11/08/recital-de-poesia-a-cargo-de- anxela-gracian/>

NOVEMBRO 2023

Faladoiro de Oscar G. Murado: “As preocupacións de San Martiño”

<https://www.concellodocorgo.com/2023/11/10/faladoiro-sobre-san-martino-de-dume/>

DECEMBRO 2023

Club de Lectura PALCO: “Hugo Pratt: o desexo de ser inútil”

<https://www.concellodocorgo.com/2023/12/13/club-de-lectura-do-palco-2/>

DECEMBRO 2023

Presentación do novo libro de Alberte Momán *Raro*

<https://www.concellodocorgo.com/2023/12/14/presentacion-literaria-de-alberte-moman/>

DECEMBRO 2023

Cerimonia de entrega dos premios do XVII Certame Literario “Terras de Chamoso”, organizado pola A. C. Arumes.

<https://www.concellodocorgo.com/2023/12/19/o-palco-acolleu-os-premios-literarios-da-a-c-arumes/>

DECEMBRO 2023

Presentación en formato físico (monografía) e dixital (portal municipal) do inventario de recursos bibliográficos do PALCO.

<https://www.concellodocorgo.com/punto-de-atencion-a-lectura/>

DECEMBRO 2023

Acto de homenaxe ao Cronista Local Sr. D. Jesús Abuín Arias e inauguración do mural realizado por Diego As no PALCO.

<https://www.concellodocorgo.com/2023/12/21/homenaxe-a-jesus-abuin-arias-no-palco/>

RITUAIS FESTIVOS NO SANTUARIO DO SAN BARTOLOMEU DE ABRAGÁN (O CORGO, LUGO)

Blanco Prado, José Manuel
Doutor en Historia

Ladra, Lois
Proxecto CORGORAL

RESUMO

Achega etnolóxica ás crenzas, devocións e rituais propios da romaría do santuario do San Bartolomé de Abragán (O Corgo, Lugo). O estudo foi elaborado polos autores *in loco*, seguindo as bases metodolóxicas propias do método etnográfico: observación directa, observación participante, entrevistas semidirixidas... Os traballos de campo decorreran durante as festividades correspondentes aos anos 2022 e 2023.

PALABRAS CLAVE

Antropoloxía da relixión, método etnográfico, observación participante, relixiosidade popular, santuarios, O Corgo.


1. LIMIAR

No concello do Corgo existe unha ermida no lugar de Abragán, na que cada 24 de Agosto segue viva a chama da piedade popular. Esta móstrase viva de cara a un territorio de gracia que ocupa unha extensión menor á doutros santuarios do municipio¹. Non obstante, isto non é motivo para que non se leve a cabo o estudo dun recinto sacro, que aínda segue posuíndo unhas peculiaridades específicas en canto á súa operatividade, reflectida nunha serie de rituais e ofrendas moi ben cumprimentadas polos seus devotos. Pois ben, neste breve estudo imos facer alusión aos seguintes trazos: en primeiro termo, é mester localizar o santuario por medio das Coordenadas U.T.M. e, tamén, dende unha óptica eclesiástica e civil; logo, cómpre sinalar os seus datos artísticos e documentais máis relevantes; finalmente, hai que analizar o influxo devocional que exerce este

santuario sobre a súa contorna, patentizado non só nos pedimentos dos devotos, senón tamén nos rituais e nas ofrendas de observancia.

2. O CONCEPTO DE SANTUARIO

A relixiosidade de cada pobo, como todo fenómeno vivo, ten os seus trazos especiais. Cada comunidade vive e manifesta a fe dun xeito propio. Unha relixiosidade é popular cando se configura con ese pobo e manifesta o seu sentir. É parte da cultura, dun modo de pensar e de vivir.




Localización do concello do Corgo na provincia de Lugo. Elaboración: Antonio Figueroa Paz

Para comprender a relixiosidade popular cómpre ter en conta varios factores: o pasado, o que na actualidade o rodea, os trazos do lugar, o estilo das persoas, como viviron o cristianismo, que é o que herdaron dos séculos pasados, que é o que cada unha das xeracións recibiu e achegou... Polo tanto, é popular o que o pobo crea mais tamén o que recibe, asimila e fai propio. Unha das manifestacións típicas da relixiosidade popular radica nos santuarios.

O santuario é un espazo de culto representado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial. A el acoden devotos da propia parroquia na que se empraza o recinto sacro e, tamén, doutras comunidades máis ou menos lonxanas, segundo o grao de influencia que exerza o lugar sacro.

¹As Virtudes, na freguesía de San Miguel de Pedrafita, celébrase o domingo de Ascensión; o San Bernabé do Castrillón, na de Santiago de Gomeán, o 11 de Xuño e o Santo Anxo da Garda, na de Santa Catarina de Anseán, o segundo domingo de Maio.

«*El Santuario es un lugar de culto que atrae romeros en ámbito superior al local*»². Cando os romeiros non pertencen á parroquia, o máis habitual é que veñan a ela o día ou os días propios da festividade da entidade sacra, simbolizada por algunha advocación de Cristo, de María, ou dalgún santo/-a. «*El santuario es un templo en el que se venera la imagen o una reliquia de la Divinidad, de la Virgen o de un santo de especial devoción*»³. Estes adoitan acudir, ben dun xeito individual, ou colectivo, para suplicar á divindade a súa mediación perante unha serie de rogativas de índole material (sandar, obter boas colleitas, rogar polos recén nados...) e algunhas -as menos- de carácter espiritual. Tamén veñen para cumprir coas promesas ofrecidas, logo de que a entidade sacra lles outorgase as peticións solicitadas. «*Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva*»⁴.



Localización da parroquia de Abragán no concello do Corgo. Elaboración: Antonio Figueroa Paz

3. LOCALIZACIÓN DO SANTUARIO DO SAN BARTOLOMEU⁵

A efectos eclesiásticos, a ermida obxecto de estudo está situada no lugar de Abragán⁶,

²CEBRIÁN FRANCO, Juan José: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*. Santiago de Compostela, 1982, pág. 6.

³MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Las romerías / peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo: Ed. Xerais, 1987, pág. 13.

⁴PRAT i CARÓS, Joan: "Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía", en *La Religiosidad Popular. III. Hermandades. Romerías. Santuarios*. Anthropos, Barcelona, 1989, pág. 227.

⁵Os autores agradecen a Antonio Figueroa Paz, experto en Sistemas de Información Xeográfica, a elaboración dos mapas de localización do santuario obxecto deste estudo.

⁶A 1 de Xaneiro do ano 2022, esta aldea tiña 7 habitantes.

pertencente á parroquia homónima de San Bartolomeu⁷, anexionada actualmente á parroquia de Santa María de Escoureda, arciprestado de Sarria-Samos⁸, e diocese de Lugo. Dende unha óptica civil, este recinto sacro está emprazado na aldea de Abragán, parroquia de San Bartolomeu de Abragán, concello do Corgo, comarca de Lugo e provincia de Lugo. O concello do Corgo contaba a comezos do ano 2022 con un total de 3429 habitantes, distribuídos nunha superficie de 157,33 km² correspondente a 38 parroquias⁹. A comarca de Lugo está situada na parte central da provincia do mesmo nome; ocupa unha superficie de 1365 km² e a principios do ano 2022 posuía unha poboación de 117.657 habitantes, distribuída polos seguintes municipios: Castroverde (2592), O Corgo (3429), Friol (3627), Guntín (2627), Lugo (97211), Outeiro de Rei (5296), Portomarín (1352) e Rábade (1503). Tomando como punto de referencia a cidade de Lugo, o santuario de San Bartolomeu dista uns 17 km. Para chegar a el hai que seguir a N-VI en sentido Madrid ata Nadela e logo a LU-546 cara a Sarria ata Maceda, onde unha estrada local nos levará directamente ata o espazo sacro.



Aspecto exterior da ermida, con varios devotos asistindo á misa solemne do 24 de Agosto.

⁷Trátase dunha pequena freguesía, que foi suprimida hai anos; está situada no sueste do Concello do Corgo, e limita co municipio de Lámara. No ano 2019 esta parroquia contaba con 51 habitantes, distribuídos nunha superficie de 3,76 km² onde se encontraban as entidades de poboación de Abragán, Coedo, Lago e Laguiño.

⁸Dende a reestruturación feita no ano 2010. Denantes tratábase do arciprestado de Farnadeiros.

⁹Abragán, San Bartolomeu; Adai, Santiago; Anseán, Santa Catarina; Bergazo, San Fiz; Cabreiros, Santa Mariña; Campelo, San Xulián; Camposo, Santiago; Castrillón, San Salvador; Cela, San Xoán; Cerceda, San Pedro; Chamoso, San Cristobo; Escoureda, Santa María; Farnadeiros, San Pedro; Fonteita, Santiago; Franqueán, Santa María; Gomeán, Santiago; Lapio, San Miguel; Laxosa, Santiago; Maceda, San Pedro; Marei, Santa María; O Alto, Santalla; O Corgo, San Xoán; Paradelas, San Fiz; Pedrafitas, San Miguel; Queizán, Santa María; Quinte, Santalla; Sabarei, Santa María Madanela; San André de Chamoso; San Bartolomeu de Chamoso; San Cosme de Manán; San Martiño de Folgosa; San Pedro de Arxemil; San Xiao de Vilachá; Santa María de Manán; Santa María de Piñeiro; Santo Estevo de Farnadeiros e Santo Estevo de Folgosa.

4. DESCRICIÓN DO ESPAZO SACRO¹⁰

A ermida de San Bartolomeu, antiga igrexa parroquial, está emprazada no sitio máis elevado do lugar de Abragán, ao carón dunha carballeira. A súa fachada posúe unha porta alintelada e unha espadana dun van cun campanil no que se pode ler a seguinte inscrición: **“San Bartolomé / ora pro nobis / 1799”**. A súa construción foi realizada en boa medida con bloques graníticos. Este recinto sacro amosa no seu exterior unha cuberta a dúas augas, realizada con laxas de pizarra ao igual que o seu pavimento. Con respecto ao seu interior, de nave única, presenta un arco triunfal en aresta, realizado con pedra granítica. Ademais, é mester distinguir un sinxelo retablo de deseño renacentista con dúas tallas: unha delas, con libro e capa, podería corresponder a San Bieito e a outra a San Busto, segundo Elías Valiña.

Ao carón da parede lateral dereita hai un moble a xeito de carruaxe, no que están colocadas catro tallas de San Bartolomeu: unha, pequena, úsase para “poñer o santo”; outra, a de “San Berto vello”, foi restaurada por unha devota anónima; outra amosa a figura do santo a calcar o pecado, outra corresponde a un “San Berto novo”¹¹ e outra máis á Virxe do Carme co seu escapulario¹².

Ata hai aproximadamente uns vinte anos, este pequeno templo era coidado por Pilar Díaz Porto, da “Casa do Rizo”, de Abragán; todos os anos gardaba nunha caixiña “a coroa e o escapulario”, que levaba o San Bartolomeu e o día da súa festividade -o 24 de Agosto- poñíallo ao santo, xunto cun manto novo. Ao morrer esta devota, a capela pasou ao coidado de Carmen Pardo Vilanova, tamén da “Casa do Rizo”. Haberá uns dez anos, fixéronse algunhas reformas no edificio, afectando preferentemente á cuberta, ao pintado e ás masas. Nesta restauración foi decisiva a colaboración de D. Enrique Casanova, concelleiro municipal. Froito da mesma é a placa

que se colocou nun recuncho do interior, na que se pode ler o seguinte: **“En agradecimiento a / Enrique Casanova / de la Asociación de / Vecinos de / San Bartolomé”**. Nos últimos catro anos dotáronse cinco cadeiras¹³ e uns bancos¹⁴. Desta maneira, os devotos asistentes o día da festividade do San Bartolomé podían ter un comfortable acomodo.

5. ACHEGAS DOCUMENTAIS

5.1 ALGÚNS DATOS SOBRE A VISITA PASTORAL DO BISPO DE LUGO, D. LUCAS BUSTOS DE LA TORRE, Á VIGAIRÍA DE SAN BARTOLOMEU DE ABRAGÁN (O CORGO) NO ANO 1701

No ano 1701, o bispo da diocese de Lugo, D. Lucas Bustos de la Torre levou a cabo unha visita pastoral¹⁵ ás parroquias do actual concello do Corgo, que formaban parte de seis arceprestados (cotos de Lugo, Farnadeiros, Maestrescolía, Páramo-Gondrame, Picato e Sarria).

Con respecto á parroquia de San Bartolomeu de Abragán, consérvanse os seguintes datos:

Es vicaría del Monasterio de Samos, que lleva todos los frutos. Sírvela el cura de Marei y le da el Monasterio quatro ducados cada un año y los frutos menores. La yglesia lleva las primicias.

No hai sacramento ni chrismeras. No sirve más que si fuera hermita. Sólo se diçen en misa en ella tres veces al año. Está casi aruinada y no se sabe liquido lo que tiene de caudal. Queda comisión al cura para que lo liquide y comisión para su cobrança y con ello reedifique la yglesia y asee lo mejor que pueda y no alcançado requiera al reverendísimo padre Abad de Samos su plato que faltare en consideración de perçivir todos los diezmos.

¹⁰VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, Madrid: Servicio de Publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia. Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, 1975, pág. 13.

¹¹Doado por un membro da “Casa de Neiras”, de Abragán.


¹²Doado pola devota Elena Santa Cruz Toirán, procedente da “Casa de Penelo”, de Abragán.

¹³Dúas cadeiras foron feiras por Elda e Luís, familiares da “Casa do Rizo”; e outras tres, por Manuel Díaz Pardo, tamén da “Casa do Rizo”.

¹⁴Os bancos foron realizados coa esmola que se recadou o día da festividade do Santo.

¹⁵O Libro de Visitas de Bustos de la Torre é a única visita pastoral encadernada conservada no Arquivo Histórico Diocesano de Lugo. Cfr. GONZÁLEZ MURADO, Oscar: “Estado das Igrexas do Corgo a principios do Século XVIII”, en Corga (Revista Anual do Centro de Estudos do Corgo), nº 9, 2022, pág. 42.

No ai saçerdote, hermita, capilla, capellania ni cofradía.¹⁶



Documento recollido no Libro de Fábrica depositado
no Arquivo Diocesano de Lugo.

5.2 A VIGAIRÍA DE SAN BARTOLOMEU DE ABRAGÁN ENTRE OS ANOS 1690 E 1769

Esta vigairía dependía do mosteiro de Samos, que levaba todos os froitos. Estaba administrada polo párroco de Marei, nomeado D. Luís Teijeiro, ao que o mosteiro lle entregaba inicialmente cada ano catro ducados¹⁷ e os froitos menores¹⁸. Posteriormente, dende o ano 1719 ata o 1761, sería rexida polo crego D. Alonso do Páramo, que levaba tamén a freguesía de Marei. Finalmente, dende o ano 1761 ata o 1768, a súa administración iría recaer no crego D. Antonio Núñez de Fontela¹⁹. Estes cregos dirixían esta vigairía coa axuda dun mordomo, que se encargaba de cobrar as primicias²⁰ aos que habitaban o seu territorio. Estes entregaban “a primicia” en especie,

empregando como unidade de medida a fanega²¹, o ferrado²², ou o celemín²³. A primicia non era igual para todos, xa que había unha primicia especial para os pobres²⁴. Ademais, os veciños do lugar de **Lago** pagaban a metade da primicia á ermida de Abragán, e a outra metade á igrexa de **Marei** posiblemente debido a algún servizo eclesial, que lles proporcionaba a devandita freguesía. Algúns exemplos de primicias: **Ano 1702**. Total da primicia. Dúas fanegas de pan de primicia, máis tres reais²⁵ de primicias dos pobres. **Ano 1707**. Dúas fanegas de pan e un celemín de pan. **Ano 1712**. Once ferrados e dous reais dos pobres. **Ano 1715**. Once ferrados e un celemín. **Ano 1730**. Dúas fanegas, dous ferrados e a terceira parte doutro de pan. **Ano 1743**. Dúas fanegas, dous ferrados e a terceira parte doutro. **Ano 1763**. 14 ferrados e un tercio doutro pola medida vella. Ademais, no libro de Fábrica, adoitaba poñerse o prezo da “unidade de medida” máis específica da primicia. Así, no ano **1702** a fanega valía 22 reais. No **1712**, 22 rs. No **1730**, 18 rs. No **1761**, 44 rs... Pola súa tarefa, o mordomo adoitaba cobrar unha pequena remuneración económica ou subsidio: **“A este maiordomo un real y 14 maravedis de subsidio. Ano 1758”**. Dende principios do século XVIII ata o ano 1769²⁷, houbo un bo número de mordomos, que colaboraron nas tarefas de administración co crego encargado desta vigairía²⁸. Neste labor de administración cómpre sinalar o pago da “décima” ao Colexio do Seminario de Lugo²⁹. Tamén, diferentes arranxos

¹⁶GONZÁLEZ MURADO, Oscar: "Estado das Igrexas do Corgo a principios do Século XVIII", en Corga (Revista Anual do Centro de Estudos do Corgo), nº 9, 2022, páx. 42.

¹⁷Moeda castelán. O seu valor era de once reais ou trescentos setenta e cinco maravedís.

¹⁸GONZÁLEZ MURADO, Oscar: "Estado das Igrexas do Corgo a principios do Século XVIII", en Corga (Revista Anual do Centro de Estudos do Corgo), nº 9, 2022, páx. 42.

¹⁹Arquivo Central Diocesano. Parroquia: Escoureda. Abregán (Capilla). Libro de Fábrica, nº 1. 1690-1769.

²⁰Primícias era a oferta para as divindades do gallo das colleitas, do nacemento das crías do gando ou da caza. No cristianismo, a primícia pasou a ser a parte voluntaria, que se ofrecía a Deus: “a primeira entre todas”. Ao comezo da Idade Media, era coma unha renda polo uso de terras que eran propiedade da igrexa e das ordes relixiosas. Logo iríase incorporando, coma o dezmo, aos beneficios eclesíásticos, que constituían as formas de financiamento fundamental da igrexa católica ata ben entrando o século XIX.

²¹En Galicia, unidade de superficie equivalente a dous mil cento tres metros cadrados. Unha fanega = case cinco ferrados.

²²En termos xerais, soe establecerse a equivalencia dun ferrado ó redor dos 500 metros cadrados, aínda que hai variacións importantes entre concellos e mesmo entre parroquias. A comezos do século XIX, co nacemento dos concellos, foise unificando a medida para cada municipio. Así, no Corgo a medida do ferrado equivalería hoxe a uns 436 metros cadrados.

²³En Galicia o celemín coñécese como ferrado, aínda que existen variacións na súa equivalencia dunhas zonas a outras.

²⁴Exemplos: ano 1702, tres reais de primicias de pobres; ano 1720, un real e medio de primicias de pobres; ano 1733, un real de primicia de pobres.

²⁵No século XVIII, había reais de prata. ½ real, 1 real, 2 reais, 4 reais, e 8 reais. Tamén, había moedas de cobre: o maravedí, ½ cuarto, cuarto.


²⁶Arquivo Central Diocesano. Parroquia: Escoureda. Abragán (Capilla). Libro de Fábrica, nº 1. 1690-1769.

²⁷Ano no que remata o Libro de Fábrica existente sobre a vigairía de San Bartolomeu de Abragán.

²⁸ Así, podemos sinalar os seguintes: ano 1702, Domingo López; ano 1707, Angel Mourelo; ano 1712, Domingo López; ano 1715, Antonio Mourelo; ano 1720, Pedro Díaz; ano 1733, Bernabé Fdez.; ano 1736, Diego Mourelo; ano 1740, Jacobo Ribera; ano 1743, Felipe Mourelo; ano 1748, Francisco de Sta. Cruz; ano 1752, Juan Mourelo; ano 1758, Manuel do Porto; ano 1761, Juan Capón; ano 1763, Cayetano Mourelo...

²⁹A décima era unha contribución pecuniaria que todas as freguesías da diocese lle facían ao Colexio do Seminario de Lugo para colaborar nos seus gastos. Así, por exemplo, no ano 1715, tres reais e dous maravedís; no 1720, tres reais e nove mrs.; no 1733, cinco reais e catorce mrs.; no 1750, catro reais e vintenove mrs.; no 1757, sete rs. e vinte dous mrs...

que houbo que realizar tanto no interior como no exterior da capela, así como a incorporación de determinados materiais e obxectos de culto. No ano 1702, o visitador pastoral mandou ao crego D. Luís Teijeiro, que as débedas pendentes dos mordomos de anos anteriores se empregasen en reparar as paredes e o teito da igrexa; e no caso de que non alcanzasen os cartos, requiríse ao Abade de Samos para que puxera o que faltase³⁰. Anos despois, no 1720, mercáronse uns santos, un misal, un cáliz, un pano de mans... ademáis, realizáronse algúns arranxos no interior e no exterior da capela. No ano 1736, levouse a cabo a reconstrución da igrexa, que supuxo un custo de 630 reais. Máis adiante, no 1743, adquiriuse un retablo por 498 reais. Finalmente, xa no ano 1763, fíxose un pagamento de case 400 reis, distribuídos do seguinte xeito: 48 rs., para as táboas da porta da igrexa; para comprar as bisagras, a chave e as pechaduras, 17 rs., que cobrou o carpinteiro por construír a porta cos seus marcos correspondentes. E 323 reais por realizar de novo o pé do cáliz, que era de chumbo, e ao que se lle engadiron sete onzas e media de prata³¹; neste último pago incluíanse tamén a reconstrución da copa, a patena e os seus dourados.



Documento recollido no Libro de Fábrica depositado no Arquivo Diocesano de Lugo.

³⁰Xa vimos que S. Bartolomeu de Abragán é unha vigairía dependente do mosteiro de Samos.

³¹Unha onza de prata equivale a 31 gramos.

Por outra banda, tanto as primicias coma os gastos da capela eran regulados polo bispo da diocese ou no seu nome por un visitador pastoral, que case sempre era un coengo da catedral de Lugo. Así, todos os anos, entre os meses de xuño e setembro, levábase a cabo unha visita pastoral a esta vigairía. Case sempre, tanto o bispo³² como o visitador pastoral³³ aceptaban as contas que lles amosaban o crego e máis o mordomo. Con todo, algúns anos mostraron as súas queixas pola falta de atención que lle prestaban á ermida.

6. ALGÚNS DATOS HAXIOGRÁFICOS E ICONOGRÁFICOS

San Bartolomeu naceu no ano 17 da nosa era en Caná de Galilea; é mencionado nos catro evanxeos, sempre na compañía do apóstolo Felipe. Segundo o evanxeo de San Xoán, foi nomeado Natanael e chamado xunto a Felipe por Xesús. Segundo os “Feitos dos Apóstolos” foi testigo da Ascensión de Xesús.

Varias tradicións referen que predicou en Asia Menor, a India e Armenia. Aquí, a influencia positiva que tivo a súa tarefa evangelizadora motivou que os sacerdotes pagáns influísen no rei armenio Astiaxes para que o mandara esfolar e decapitar. Non obstante, algunha tradición alude ao feito de que foi crucificado coa cabeza cara abaixo. O artista renacentista Miguel Anxo inmortalizou o seu martirio na Capela Sixtina amosando ao santo coa pel nas súas mans. Este santo é considerado patrón dos curtidores, viticultores, xastres, marroquineiros, panadeiros... Hoxe, algunhas das súas reliquias gárdanse nunha pequena igrexa homónima ao pé do río Tiber; outras, encóntranse nas catedrais de Frankfurt (Alemaña) e Canterbury (Inglaterra). A súa festividade conmemórase o 24 de Agosto na igrexa latina, o 11 de Xuño nas igrexas orientais e o 8 de Decembro entre os cristiáns armenios³⁴.

³²D. Lucas Bustos de la Torre, realizou a visita pastoral nos anos 1701, 1702, e 1706. Logo, nos anos 1750, 1754 e 1763, fixo a visita o bispo D. Francisco Izquierdo.

³³Nos anos restantes, salientamos as seguintes visitas, realizadas case sempre por coengos: no ano 1713, D. José Quiroga, canónigo; no 1715, D. Froilán Sánchez, canónigo, que repite no 1719; no 1724, D. Francisco Xabier del Barco; no 1740, D. Antonio Felipe, canónigo, que repite no 1743; no 1748, D. Carlos Saavedra, canónigo; no 1757, D. Antonio Rodríguez, canónigo; no 1761, D. Romualdo Izquierdo, canónigo; no 1768, D. Jerónimo Agudo, canónigo.

³⁴ECWIKI. Enciclopedia Católica online.



Carro procesional con tres imaxes do San Berto e a Virxe do Carme.

Verbo da súa iconografía, adoita representarse con barba, cun libro e cun coitelo, instrumento usado no seu martirio. Ás veces aparece cunha cadea na súa man, termando do demo ou, tamén, co maligno baixo os seus pés³⁵.

Nesta ermida, como vimos, hai catro imaxes do San Bartolomeu situadas enriba dunha carruaxe, amosando unha variada iconografía:

1-A imaxe colocada na parte anterior esquerda da carruaxe mostra barba e un libro na súa man esquerda; terma dun coitelo na súa man dereita e baixo os seus pés figura a imaxe do demo.

2-A talla situada no lado posterior dereito presenta barba e unha cadea na man esquerda, suxeitando ao demo.

3-A que está colocada no lado posterior esquerdo mostra barba, un coitelo na súa man dereita e un libro na súa man esquerda.

³⁵VORÁGINE, Santiago: *La Leyenda Dorada*, Madrid: Alianza. "Segundo a tradición, expulsou do interior dunha estatua que había nun templo a un demonio denominado "Astaroth".

4-Finalmente, a imaxe pequena do San Bartolomeu está asociada a un coitelo de madeira. Con estas dúas pezas lévanse a cabo os rituais de "poñer o Santo" e o de "pasar o coitelo".



Imaxe de San Berto e coitelo de madeira utilizados nos rituais de poñer o santo e pasar o coitelo.

7. FESTIVIDADE, TERRITORIO DE GRACIA E PEDIMENTOS

Antano, a festividade do San Bartolomeu conmemorábase os días 24 e 25 de Agosto. O 24 era o día principal, no que adoitaban acudir os devotos da contorna: Sabarei, Escoureda, Chousa, Maceda, Marei e, tamén, dalgunhas parroquias do municipio limítrofe de Láncara, moi especialmente da Pobra de San Xiao, onde hai uns anos até se chegaban a pechar os bares, tendas e comercios, para que os fregueses puidesen asistir ao evento relixioso. O día 25, celebrábase o San Berto³⁶ pequeno: era un día adicado aos parroquianos e aos convidados que aínda quedaban do día anterior; adoitaban vir menos fieis, aínda que se realizaban os mesmos rituais que o día 24.

Afirman os veciños que San Bartolomeu foi un santo protector dos mozos da parroquia que

³⁶Empregamos indistintamente San Bartolomeu e San Berto. A forma "San Berto" úsase máis que a de "San Bartolomeu" por parte dos fregueses de Abragán.

tiveron que ir á guerra civil española. E así, algúns fregueses expresan esta gratitude dicindo: **“Estamos moi agradecidos ao santo por devolvernlos aos nosos fillos sans e salvos”**³⁷. Por outra banda, cando había moita seca os veciños adoitaban sacalo en procesión para propiciar a chuvia. Aínda hoxe quedan algunhas persoas na parroquia que lembran un ano de moita seca, no que sacaron ao santo en procesión e pouco despois comezou a chover, sen parar de facelo durante oito días seguidos³⁸.

Na actualidade, o día 24 de Agosto acoden devotos das parroquias limítrofes, como Escoureda, Chousa, Maceda e, tamén, da parroquia lancaresa da Pobra de San Xiao. O motivo consiste en pregarlle ao santo a concesión dalgunha petición ou como agradecemento por un favor recibido. Os pedimentos máis usuais adoitan ser por mor de doenzas ligadas coa pel, coas articulacións e con vultos. Ás veces, os pedimentos soían levarse a cabo por fregueses que non podían acudir personalmente á ermida por algún motivo.

8. RITUAIS E OFRENDAS

O ser humano dende sempre estivo suxeito a unha serie de perigos e vicisitudes. Por tal causa, leva a cabo unha serie de rituais e ofrendas coa finalidade de que as diferentes entidades sacras sintan compaixón e sexan propiciatorias.

Hoxe por hoxe, os devotos que acoden a esta capela, fano para suplicar do santo a concesión dun pedimento ou ben como mostra de gratitude por un ben acadado. Tanto nun caso coma noutro realizan varios rituais e ofrendas, que poden estar máis ou menos ligados cunha liturxia oficial ou popular.

Así, hai anos, os devotos para acceder ao espacio sacro viñan andando e, tamén, en eguas e a cabalo; ademais, algúns facían o último treito de xeonllos, xa que era un signo de sumisión e purificación, baseado na mortificación física, algo que se está erradicando paseniño. Na actualidade, os devotos adoitan vir en coches propios ou

dalgún amigo ou familiar. Non obstante, algúns veñen andando dende os seus lugares de orixe. O camiñar tamén constitúe unha forma sinxela de purificación e mortificación corporal.

Xa no santuario, os fieis cumpren con dous rituais de carácter oficial: a misa e a procesión.



Ritual da misa solemne no interior da ermida, totalmente ateigada de devotos.

8.1 A MISA

Noutroira, tanto o día 24 coma o día 25 o párroco e algúns cregos da contorna oficiaban varias misas ao longo da mañá e primeiras horas da tarde. Logo, entre as 13:30 e as 14:00 horas, concelebrábase unha misa solemne na que participaban varios cregos. Hoxe, o párroco ou ás veces un crego³⁹ que fai ás veces de párroco oficia unha misa ás 13:00 horas. Nos anos 2022 e 2023, estas misas foron oficiadas polo párroco do Corgo, D. Oscar González Murado. Houbo bastante afluencia de devotos, ata o punto de que algúns deles tiveron que oír a misa solemne dende o exterior da ermida.



Ritual da procesión ao saír da ermida.

³⁸Informante: Carmen Pardo Vilanova, de Abragán.

³⁹Segundo Carmen Pardo Vilanova, da “Casa do Rizo”, unha das imaxes atribuída ao San Berto representa ao San Gabriel.

8.2 A PROCESIÓN

Ao rematar a misa solemne ten lugar a procesión. Algúns devotos, case sempre da freguesía, sacan nas andas as imaxes do San Bartolomeu e a imaxe mariana do Carme ata o sitio denominado A Campa, fronte á “Casa do Rizo”, ou ata A Cortiña do Campo, situada un pouco máis abaixo, dependendo de onde se vaia realizar a celebración profana. Detrás das imaxes van os cregos concelebrantes, algúns músicos e os devotos, en xeral colocados sen distinción de idade nin sexo.



Ritual da procesión ao voltar á ermida.

No ano 2023, logo da misa oficiada ás 13:00 horas, saíu a procesión disposta do seguinte xeito: en primeiro termo, ía a cruz parroquial, portada por un fregués da comunidade local; logo, seguíalle unha carruaxe levada por dous devotos na súa parte anterior e dúas devotas na súa parte posterior. Sobre ela ían as tres imaxes maiores do San Bartolomeu⁴⁰ e unha da Virxe do Carme. Esta carruaxe foi mandada facer por Carme Pardo Vilanova⁴¹. As procesións en carros enfeitados e carruaxes son moi habituais nos santuarios marianos do municipio do Saviñao⁴². A procesión ten como finalidade proxectar as manifestacións sacras fora do recinto sacro, santificando o espazo circundante. Para realzar a súa transcendencia, adoita ser calificada como “grandiosa”, “solemne”, “maxestosa” ou “de gala”⁴³.

⁴⁰Tamén chamado San Berto polos devotos e fregueses asistentes.

⁴¹Pertencente a “Casa do Rizo” de Abragán.

⁴²BLANCO PRADO, José Manuel: “Os Santuarios Marianos do Municipio do Saviñao (Lugo)”, en *Croa*, nº 30, 2020, paxs. 69-87.

⁴³LADRA, Lois: *Religiosidade popular e mitos fundacionais no Douro Transmontano*. Vila Real: Cámara Municipal de Vila Real, Caderno Cultural nº 24, páx. 79.



Ritual de poñer o santo.



Ritual de pasar o coitelo polo corpo, neste caso pola cabeza de unha devota.

8.3 OS RITUAIS POPULARES: “POÑER O SANTO” E “PASAR O COITELO”

Logo da procesión, realízanse dous rituais no interior da capela: o ritual de “poñer o santo” e o ritual de “pasar o coitelo do San Bartolomeu”. Ambos os dous son realizados por unha freguesa de Abragán, chamada Carmen Pardo Vilanova, da “Casa do Rizo”⁴⁴.



Ritual de pasar o coitelo polo corpo, neste caso pola gorxa de unha devota.

⁴⁴Vai para uns corenta anos que esta freguesa leva realizando os dous rituais.



Ritual de pasar o coitelo polo corpo, neste caso polas costas dun devoto.

A muller encargada deste ritual dá comezo ao mesmo pasando unha imaxe pequena do San Berto por riba da cabeza dos devotos, mentres pronuncia a seguinte xaculatoria: **“Cristo viva / Cristo Rei / San Bartolomé bendito / te libre de todo mal / Amén.** Logo, collendo o coitelo de madeira do San Bartolomeu, toca con el os vultos e outras partes doentes dalgúns ofrendantes, mentres recita a mesma xaculatoria que no intre de poñer o santo. No ano 2023, puidemos apreciar como a freguesa encargada do ritual pasou o chamado **“coitelo do San Berto”** pola cabeza, a gorxa, as costas, o peito e, tamén, polas extremidades inferiores dalgúns devotos. Asemade, fixo unha cruz co coitelo por riba da foto dunha persoa, que lle entregou para tal fin outra devota. De aí, que o poder inherente ao coitelo se transmita ao exterior dun xeito directo, mais tamén indirecto. Este ritual do coitelo tamén se emprega hoxe nalgúns santuarios da Terra Chá adicados ao San Adrián⁴⁵.



Ritual de pasar o coitelo polo corpo, neste caso polos xeonllos de unha devota.

⁴⁵BLANCO PRADO, José Manuel: “A Devoción popular ao San Adrián na Terra Chá”, en *Croa* nº 27, 2017, páxs. 104-119.



Ritual de pasar o coitelo, neste caso pola foto de unha devota ausente.

8.4. OFRENDAS

Finalmente, hai devotos que deixan un velón aceso ao carón da imaxe obxecto de devoción, e tamén adoitan entregar unha esmola en metálico (depositada nunha cesta aberta ou nun peto pechado), case sempre no intre de realizar os rituais xa mencionados.



Ritual de acender as velas e de ofrecer esmola.



Ritual de deixar esmola na cesta aberta ou no peto pechado.

Hai anos era moi habitual que os devotos trouxesen exvotos ou figuras de cera que representaban as partes do corpo polas que viñan ofrecidos: pernas, mans, cabezas...

Ao rematar os oficios relixiosos, os fieis retornan aos seus lugares de orixe, a non ser que houbera festa profana. Neste caso, adoita realizarse no lugar denominado A Campa, aínda que o máis habitual era que se celebrase na Cortiña do Campo. A festa caracterizábase antigamente pola presenza de carruseis, moi demandados polos cativos e polos mozos da parroquia. Tamén facía acto de presenza algún bar ambulante ou da comisión de festas, así como unha banda ou orquestra, que adoitaba actuar dende o anoitecer ata as primeiras horas da mañá. Aínda hoxe se garda lembranza dunha pretérita festa moi sonada, que organizou José de Pena Grande a principios da década dos noventa do século pasado⁴⁶. Nesta celebración cóntase que houbo foguetes, carruseis, cabezudos, orquestra e xantar campestre⁴⁷.



Xantar campestre na carballeira de San Berto. Ca. 1933-34.
Arquivo familiar.

No ano 2023, celebrouse no interior da “Casa do Rizo” un xantar comunitario para os veciños de Abragán e os seus respectivos convidados.

9. BREVES CONSIDERACIÓNS ANTROPO-LÓXICAS

Como xa referimos anteriormente, Abragán é unha freguesía relixiosa que foi suprimida como tal eclesiasticamente, malia o feito de aínda existir como parroquia civil. Moi probablemente, un dos últimos sinais identitarios nos que a comunidade

se proxecta ciclicamente con carácter público é a romaría anual do San Berto. Esta data conmemórase todos os anos cada 24 de Agosto, en pleno estío festivo. Na misa e na procesión reúnen-se moitos dos fregueses, así coma os seus amigos e familiares, sen que falten devotos oriundos doutras terras.

A pesar de pretender transmitir unha imaxe unitaria e ordenada, o certo é que, como en todas as manifestacións da relixiosidade popular, os conflitos de orde externa ou mesmo interna están decote latentes e ben presentes. Vexamos tan só un exemplo. A freguesía de San Bartolomeu de Abragán está integrada por catro barrios ou lugares: Abragán, Coedo, Lago e Laguinho; todos eles conforman unha aparente unidade parroquial no ámbito civil e todos eles, como parroquia, manteñen de vello unha certa rivalidade coa freguesía veciña de Marei. As memorias orais que recollimos no núcleo de Abragán aínda conservan e transmiten vellas rivalidades locais, moitas veces materializadas en coplas e cantares con claras invectivas dirixidas a certas aldeas e comunidades veciñas:

“Marei, Mariño;
Lago, Laguinho;
San Simón e Samprizón...
...lugares da fame son”

Convén non esquecer o feito de que, dos seis lugares que refere a mentada cantiga, catro deles –os dous primeiros e os dous últimos– pertencen á parroquia de Santa María de Marei, pero os dous centrais están vencellados á de Abragán. Por uns motivos ou por outros, o certo é que esta copla é coñecida tanto a nivel intraparroquial como noutras freguesías veciñas. Interpelados varios informantes sobre o significado máis fondo que se agacha baixo esta composición estrófica, non foron precisamente poucos os que indicaron que devotos oriundos de todos estes barrios participaban antigamente na romaría do San Berto, pero que as disputas entre eles por diversos motivos estaban moi arraigadas e viñan de lonxe, incentivando ciclicamente certas rivalidades.

⁴⁶Esta persoa era oriunda de Madrid, mais fillo duns veciños desta parroquia.

⁴⁷Algo habitual nas festas de antano. As persoas que viñan de ofrenda a esta capela soían traer a comida en cestas que deixaban na “Casa do Rizo”.

Sexa como for, o certo é que, todos os anos, cada 24 de Agosto, un heteroxéneo conxunto de devotos ao San Berto escenifica ritualmente o ideal dunha comunidade espiritual unida e ordenada, que celebra no interior da ermida un discurso de paz e harmonía na fe católica, posteriormente proxectado no espazo exterior inmediato á carballeira de Abragán. Con esta escenificación preténdense minimizar simbolicamente as tensións e os conflitos, invertindo metaforicamente unha cotidianidade de existencia laboral para substituíla por unha festividade idealizadora dos valores de harmonía e convivencia pacífica. Nada novo, pois. Unha vez mais, a festa do santo repítese para invertir a realidade nun sentido oposto ao do Entroido. No día do San Berto haberá excepcionalmente paz e harmonía, por oposición aos conflitos cotiáns do resto do ano e no día do Entroido haberá excepcionalmente foliada e transgresión, por oposición ás estritas normas que rexen a sociedade.

Hoxe en día, os veciños de Lago, Laguiño e Coedo pertencen eclesiasicamente a Marei, mentres que os de Abragán están vencellados a Escoureda. Convén salientar que os de Coedo celebran hoxe a festa de Marei, en tanto que antigamente houbo anos en que se celebrou por duplicado o San Berto, xuntando aos veciños de Lago e Laguiño por un lado e aos de Abragán polo outro. Tamén se conservan algunhas memorias moi esvaídas que referen a pretérita celebración dunha feira paralela. Sexa como for, o certo é



Xantar campestre na carballeira de San Berto. Ca. 1960-61.
Arquivo familiar.

que a realidade pasada e presente non deixa de ser poliédrica, dinámica e complexa, amosando moitas mudanzas conxunturais.

Con este traballo pechamos un ciclo que se abriu hai mais de dez anos e que nos levou a estudar consecutivamente os catro santuarios existentes no termo municipal do Corgo: o da Virxe das Virtudes en Pedrafita⁴⁸, o do San Bernabé no Castrillón⁴⁹, o do Santo Anxo en Anseán⁵⁰ e o que agora vimos de presentar: o do San Berto en Abragán. Así pois, deste xeito fican recollidas coa súa correspondente descrición etnográfica todas as manifestacións da relixiosidade popular corguesa vencelladas aos seus respectivos santuarios locais.

10. BIBLIOGRAFÍA.

Arquivo Diocesano de Lugo. Parroquia: Escoureda. Abragán (Capilla). Libro de Fábrica, n.º 1. 1690-1769.

BLANCO PRADO, José Manuel: *Exvotos e rituais nos santuarios lucenses*. Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, 1996.

BLANCO PRADO, José Manuel: "O santuario da Virxe das Virtudes (Pedrafita)". *Corga*. 2011, n.º 2, páxs. 58-65.

BLANCO PRADO, José Manuel: "Etnorituais e ofrendas relixiosas a nivel popular en dúas comunidades do Corgo". *Corga*. 2012, n.º 3, páxs. 12-21.

BLANCO PRADO, José Manuel: "Santuario do Santo Anxo de Anseán". *Corga*. 2013, n.º 4, páxs. 78-93.

BLANCO PRADO, José Manuel: "A Devoción popular ao San Adrián na Terra Chá (Lugo)". *Croa*. 2017, n.º 27, páxs. 104-119.

⁴⁸BLANCO PRADO, José Manuel: "O santuario da Virxe das Virtudes". *Corga*, 2011.

⁴⁹BLANCO PRADO, José Manuel: "Etnorituais e ofrendas relixiosas a nivel popular...". *Corga*, 2012.

⁵⁰BLANCO PRADO, José Manuel: "Santuario do Santo Anxo de Anseán". *Corga*, 2013.

- BLANCO PRADO, José Manuel: “Os Santuarios Marianos do Municipio do Saviñao (Lugo)”. *Croa*. 2020, n.º 30, páxs. 69-87.
- CEBRIÁN FRANCO, Juan José: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*. Santiago: Arzobispado, 1982.
- GONZÁLEZ MURADO, Oscar: “Estado das Igrexas do Corgo a principios do século XVIII”. *Corga*. 2022, n.º 9, páxs. 42-61.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel: *Guía de festas populares de Galicia*. Vigo: Galaxia, 1997.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel: *Os Santos titulares de parroquias en Galicia*. Santiago: Sotelo Blanco, 2012.
- LADRA, Lois: *Arte relixiosa popular na Terra de Valga: cruceiros, cruces e petos de ánimas*. A Coruña: Fundación Barrié, 2002.
- LADRA, Lois: *Religiosidade popular e mitos fundacionais no Douro Transmontano*. Vila Real: Câmara Municipal, 2021.
- LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Invitación a la antropología cultural de España*. Madrid: Akal, 1980.
- MALDONADO, Luís: *Religiosidad popular. Nostalgia de lo mágico*. Madrid: Cristiandad, 1975.
- MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Las romerías/ peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo: Xerais, 1987.
- MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Santuarios mágicos de Galicia*. Vigo: Nigratrea, 2003.
- PRAT i CARÓS, Joan: “Los Santuarios Marianos en Cataluña”, en *La Religiosidad Popular*, vol. III, páxs. 211-252. Barcelona: Anthropos, 1989.
- VALIÑA SAMPEDRO, Elías et al.: *Inventario artístico de Lugo y su provincia*. Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia, 1975.

O CONCELLO DO CORGO: UNHA PRIMEIRA ACHEGA Á SÚA ORIXE. DAS XURISDICCIÓNS DE ADAI, ARXEMIL E MANÁN DE ARRIBA AO CONCELLO CONSTITUCIONAL DA «VILLA Y PUEBLA DE ADAY¹».

García-Gabilán Sangil, Marco A.

Licenciado en Dereito. Funcionario de Administración local con Habilitación de carácter Nacional. Secretario do Concello do Corgo

Ao meu tío avó, o doutor en Medicina, D. Pascual García-Gabilán Ferreiro, entusiasta colaborador na revista Maruxa na Compostela universitaria de comezos do século XX.

A Ana Pardo Valdés, a Ana Catalina, a Julio Ildefonso e a Izzy.

ABSTRACT

After the approval of the Spanish Constitution of 1812, the people had to govern themselves through their town council. However, its formation was not easy due to the repeal of the Constitution by Fernando VII.

This article is a first contribution on the formation of the City council of La Villa y Puebla de Aday, immediate predecessor of the current Corgo town hall.

RESUMO

Despois da aprobación da Constitución española de 1812, os pobos tiñan que gobernarse por medio dos concellos. Sin embargo, a formación destes non foi doada debido á derogación da Constitución por Fernando VII.

Este artigo é unha primeira contribución sobre a formación do Concello de «la Villa y Puebla de Aday», antecedente do actual do Corgo.

1 LIMIAR

Este artigo pretende relatar como e cando se orixinou o actual concello do Corgo desde os comezos do século XIX, en concreto a partir da primeira Constitución española aprobada polas Cortes o 19 de marzo de 1812.

Desgraciadamente, moi poucas noticias escritas son as que se conservan dos primeiros andares

do noso primeiro concello constitucional: no arquivo municipal só atopamos as actas dos seus «ayuntamientos» desde 1840, de onde tomamos a preciosa denominación que figura no título deste modesto e nada doado traballo. Polo tanto, descoñecemos cando se constituíu por primeira vez, que número de habitantes tiña nese momento, cal era a súa superficie, cales as freguesías que o integraban, por onde ían o seus límites territoriais, como era a súa organización interna, e, en definitiva, quen foron os seus primeiros alcaldes, rexedores, procuradores síndicos, secretarios, o seu orzamento, etc.

Pero non por iso quedamos orfos de todo, xa que a diferente normativa da época, as numerosas «ordes circuladas» do Xefe Político Superior de Galicia, e as diversas instrucións acordadas polas Cortes Xerais para o novo modelo territorial implantado pola Constitución de Cádiz, nestos «reinos de las Españas», como se titulaba Fernando VII, permitíranos acadar unha idea do primeiro concello constitucional de Adai ou «Villa y Puebla de Aday», que, loxicamente, non se pode separar da constitución doutros municipios. Contaremos, ademais, coas aportacións de Fariña Jamardo no seu traballo sobre os concellos galegos, que deron como froito a obra titulada «Os concellos galegos. Parte xeral» e «Os concellos galegos. Parte especial» e cos documentos anteriores a 1812, referentes a unha organización territorial diferente, que recollen as operacións realizadas para unhas finalidades distintas á formación destes novos institutos (os concellos). Referímonos ao establecemento da única contribución (Catastro de Ensenada) e a elaboración/revisión do censo de poboación (Censo de Floridablanca). Por iso, resúltannos

¹O nome de «Villa y Puebla de Aday» figura no encabezamento do libro actas do «ayuntamiento» de 1840 e tamén no libro de respostas Xerais do Catastro do Marqués de Ensenada.

imprescindibles para coñecer, cunha certa aproximación, e como primeira achega, cal era a situación anterior á vixencia da Constitución de 1812.

2 OS ANTECEDENTES DO CONCELLO DA «VILLA Y PUEBLA DE ADAY»

2.1 Introducción

Parece oportuno, antes de chegar ao miúdo, facer unha pequena síntese da organización territorial de Galicia que se mantivo, practicamente, ata a entrada do século XIX, e que foi mudando como consecuencia da aprobación da Constitución de 1812 e das leis e reais decretos posteriores, que pretenderon acadar unha organización do territorio máis coherente e operativa, aínda que subordinada ao poder central.

Segundo Río Barja², Galicia, durante o Antigo Réxime, era unha das trinta e unha Intendencias en que se organizaba territorialmente España. No Censo de Floridablanca aparece como unha provincia (Reino), que estaba baixo a autoridade dun Intendente, e que á súa vez subdividíase en sete «provincias», como ámbitos territoriais de representación na Xunta Superior do Reino das sete principais cidades galegas. Estas «provincias» estaban organizadas en xurisdicións e coutos.

Nese período Pegerto Saavedra³ distingue, na división do territorio galego, catro comunidades diferentes que convivían entre si: as xurisdicións e coutos, os partidos fiscais, as parroquias e as aldeas. Os dous primeiros, de tipo señorial, e o terceiro de tipo fiscal, dos que se servía o poder real para o reparto de impostos e o sorteo de quintas.

As xurisdicións e coutos eran administrados por un xuíz e meiriño que se encargaba do goberno político e económico, do mantemento da moral pública e entendía de asuntos de natureza xudicial

en primeira instancia, e que era nomeado polo señor xurisdiccional. Este -que ben podía ser tanto un nobre titulado, un mosteiro, ou a Igrexa, como un fidalgo ou un enriquecido- nomeaba tamén ao escribán de número e aos mordomos. Aínda que non se pode xeneralizar xa que hai grandes diferenzas entre unhas e outras xurisdicións en canto ao nomeamento destes cargos⁴.

No período constitucional serán estas xurisdicións e coutos o punto de partida para a formación dos municipios, como nova forma de organización territorial. Así podemos afirmalo para o municipio que estamos analizando.

En efecto, á vista das diferentes freguesías que actualmente integran o actual Concello do Corgo, pódese afirmar que este ten a súa orixe máis inmediata nas antigas Xurisdicións de Adai, Arxemil, Manán de Arriba, San Fiz e o couto de Gomeán, que estiveron «operativas» para o «civil, criminal y de realengo»⁵ ata a entrada en vigor da Constitución de Cádiz, e que rexurdiron de novo durante os tres períodos en que esta estivo derogada⁶. Referímonos a que o actual termo municipal do Corgo abrangue a maioría das freguesías que compuñan cada unha das citadas xurisdicións, con algunhas variacións. Alomenos, das trinta parroquias da Xurisdición da «Villa y Puebla de Aday», vinte e dúas pertencen na actualidade ao termo municipal do Corgo. Por iso, hoxe podemos entender a información que, o 2 de outubro de 1876, deu D. Antonio Bande, alcalde segundo constitucional do Concello do Corgo, no que afirmaba que desde antigo a alcaldía do Corgo coñecía polo nome de «jurisdicción de Aday»⁷.

²RÍO BARJA, FX. "Cartografía Xurisdiccional de Galicia no Século XVIII". Consello da Cultura Galega

³SAAVEDRA, P.: "Demarcación, topónimos, papeis, memoria. Sobre a división e control do territorio na Galicia Moderna". Discurso lido o 14 de setembro de 2013 na Real Academia Galega.

⁴SAAVEDRA, P.: «Economía, Política y Sociedad en Galicia. La provincia de Mondoñedo». Servicio Central de Publicaciones (Consellería de Presidencia). Xunta de Galicia (páx. 487 e ss).

⁵AGS, DGR, 1RE, 1056,7: Así o expresa nalguna das actas incluídas nas operacións de comprobación das operacións do establecemento da Única Contribución, neste caso referida á xurisdición de Arxemil.

⁶A Constitución gaditana estivo vixente en tres curtos períodos: de 19 de marzo de 1812 a 4 de maio de 1814; de 10 de marzo de 1820 a 1 de outubro de 1823 e de 13 de agosto de 1836 ata o 18 de xuño de 1837.

⁷GARCIA-GABILAN SANGIL, M.A.: "O deslinde municipal entre os concellos do Corgo e Lámbara". Revista CORGA, nº 8 do 2021.

O documento no que contén esta información consérvase no Archivo Histórico Nacional, coa sinatura_Tinta_Lugo 10 N 16, que literalmente di: «Llevando desde antiguo este distrito el nombre de jurisdicción de Aday, por la segregación de algunos pueblos, y la unión de otros a su término municipal, se le ha dado el nombre de Alcaldía de Corgo, por cuanto la parroquia de San Juan del Corgo, de que toma el nombre, se halla en el centro de su término. Es el único sello de alcaldía que hace veintiocho años, poco más o menos se viene usando».

Se a finalidade deste traballo é dar unha primeira noticia do concello da «Villa y Puebla de Aday» -antecedente do actual do Corgo-, cómpre ter en conta os elementos que conforman un ente de natureza territorial, como son os municipios: a poboación, o territorio e a súa organización. Sería a poboación un dos elementos determinantes para formar «ayuntamiento» constitucional. Ao longo deste traballo intentaremos concretar cada un deles.

2.2 A Xurisdición da «Villa y Puebla de Aday»

Segundo o Censo de Floridablanca esta xurisdición estaba integrada por trinta freguesías. Se ben todas estas non conformaban un só «termo», senón dous ámbitos territoriais descontinuos. Por unha banda, un «termo ou distrito», por chamarlle así, estaba integrado polas seguintes parroquias que se citan, relacionadas de norte a sur e de oeste a leste: San Salvador de Soutomerille, Santa María de Moreira, Santo Tomé de Souto de Torres, San Paio de Arcos; Santo Estevo de Paderne, Santa María de Piñeiro, Santiago de Adai, Santa María de Queizán, San Bartolo de Chamoso, Santiago de Laxosa, Santa Mariña de Cabreiros, San Cristovo de Chamoso, San Pedro de Bergazo, San Xulián de Campelo, San Martiño de Folgosa, San Xoán do Corgo, O Salvador de Castrillón, Santa María de Franqueán, Santo Estevo de Folgosa, San Cosme de Manán, Santo André de Chamoso, San Pedro de Farnadeiros, Santa Catarina de Anseán, Santa Olalla de Quinte, Santa María Madalena de Sabarei, Santa María de Marei e Santo Estevo de Farnadeiros, o que fan un total de 27 freguesías; e por outra banda, outro ámbito territorial integrado polas parroquias de Santiago de Espasande, San Pedro de Cellán e Santiago de Miranda. Este «termo» estaba separado do anterior por algunha das parroquias que estaban integradas na Xurisdición de Castroverde (Santa María do Monte, Santa María Madalena de Goi, Santa María de Uriz, Santo Tomé de Tórdea). Sen dúbida algunha, o lector atento percatarase de que algunhas destas

parroquias non pertencen ao actual concello do Corgo, senón ao limítrofe de Castroverde.

O profesor Río Barja elaborou o mapa Xurisdiccional de Galicia⁸, baseándose na información contida no Censo de Floridablanca e no Catastro de Ensenada, e foi quen de medir a superficie de cada unha das súas xurisdicións e coutos, delimitando o seu termo.

Segundo os seus cálculos a Xurisdición da Adai acadaba os 115,625 km², unha superficie considerable tendo en conta que había numerosas xurisdicións e coutos en Galicia de menor extensión. Así podemos afirmar que, das 178 xurisdicións e coutos que abranguía a antiga provincia de Lugo, a xurisdición da «Villa y Puebla de Aday» ocupaba o lugar décimo oitavo en extensión, tralas de Brón -Burón-, (529 km²), Lugo (501,375 km²), Vilalba (426,875 km²), Deza (368,25 km²), Pobra de Brollón (273,500 km²), Navia de Suarna (236,875 km²), Cervantes (229,14 km²), Samos (219,125 km²), Ulloa (176,25 km²), Castro de Rei (172 km²), Camba (157,75 km²), Chantada (157 km²), Meira (135,75 km²), Outeiro de Rei (130,875 km²), Monterroso (126,625 km²) e San Xoán (120,500 km²).



Plano da antiga Xurisdición da «Villa y Puebla de Aday», segundo o Censo de Floridablanca, elaborado polo enxeñeiro Carlos Escudero Roldós

⁸RÍO BARJA, F.X: "Cartografía Xurisdiccional de Galicia no século XVIII". Consello da Cultura Galega. Santiago 1990, páxina 112

Entre febreiro e abril de 1753 recompilouse a diferente información para o estudo do establecemento da Real Única Contribución. As operacións realizáronse diante do Intendente General de Galicia na cidade e provincia de Lugo e da «Real Junta de la Única Contribución», D. Rafael Pardo Ribadeneyra Montenegro; o meiriño e «Justicia ordinaria», D. Juan Balcarce Neira e Osorio⁹ e o escribán da xurisdición, Juan Cedrón Balcarce.

Naquel tempo, as diferentes declaracións fixéronse no lugar de Serín, na freguesía de San Xoán do Corgo, aínda que, como veremos noutro lugar deste texto, a capitalidade da xurisdición e lugar onde se celebraban os seus concellos públicos non estaba nesta parroquia. A razón de que se celebrasen neste lugar as reunións dos veciños para as primeiras operacións do Catastro de Ensenada, puido ser debido a que o citado xuíz ordinario e meiriño era o señor do pazo do Corgo¹⁰, onde tiña a súa residencia, ubicado a escasa distancia de Serín, onde podería haber algunha construción da súa propiedade que servise de refuxio para os veciños ou mesmo un espazo do común.

Dos libros de «Respostas Xerais» do Catastro do Marqués de Ensenada das diferentes freguesías que integraban a Xurisdición de Adai, que se relacionan no cadro do Anexo I, obtivemos datos de interese para este traballo.

En todos os documentos consultados, lese no seu comezo que a comisión encargada dos traballos de recompilación de información: «(...) se halla practicando las operaciones de *esta jurisdicción de la Villa y Puebla de Aday y cotos de su circunferencia*(...)», o que nos serve para recalcar na súa denominación e na categoría de vila que se daba ao pobo de Adai.

Xa apuntamos que a poboación era un dos elementos fundamentais para formar

«ayuntamiento» constitucional. Cómpre, polo tanto, analizar como punto de partida que número de habitantes tiña a xurisdición obxecto do noso estudo nas datas nas que se formou o Catastro de Ensenada, xa que non fomos capaces de analizar censos de poboación posteriores¹¹. A falta doutra información, tomaremos como referencia a que se contén nas repostas á pregunta 16 do Interrogatorio Xeral do referido Catastro. Dos datos que estes documentos nos achegan de cada unha das freguesías que estaban integradas na Xurisdición da «Villa y Puebla de Aday», a poboación da xurisdición en 1753 acadaba os 3.211 habitantes. Para obter esta cifra aplicamos o factor de conversión de 5,3 habitantes -que Sobrado Correa¹² estableceu para o interior de Lugo-, ao número de veciños obtido das respostas xerais, é dicir, multiplicamos o número de veciños (que naqueles tempos eran 606, como se pode comprobar no Anexo I) por 5,3.

Para verificar este resultado utilizamos os expedientes de comprobación de bens, rendas e cargas do Catastro de Marqués de Ensenada de tres parroquias¹³, instruídos en 1762, resultando o mesmo factor de conversión para as de Laxosa e Fonteita e de 5,8 na de Arxemil. Se ben estas dúas derradeiras non pertencían á xurisdición que agora analizamos.

Na táboa contida no Anexo I descríbense polo miúdo, os datos referidos, obtidos do libro de

⁹ABUÍN ARIAS, J.: «Historia de Corgo»: D. Juan Antonio Alonso Cayetano Valcarce Neira e Osorio naceu o 1 de abril 1719 e finou o 6 de outubro de 1777, e segundo se deriva deste libro, este fidalgo era o señor do pazo do Corgo.

¹⁰Juan Antonio Cedrón e Valcárcel actuou como escribán de número da xurisdición da Vila e Pobo de Adai entre 1738 e 1774. Os seus protocolos consérvanse no AHPLU.

¹¹O censo español de Floridablanca executouse por orde comunicada por El-Rei a D. José Moñino e Redondo, conde de Floridablanca, primeiro Secretario de Estado e de Despacho no ano 1787. Pretendíase coñecer o estado da poboación repetindo a enumeración de xente que se fixera en 1768.

Na edición facsímile que manexamos, publicada en 1986, non contén información dos pobos que analizamos, senón un recento xeral, razón pola que utilizamos a información do número de veciños do Catastro de Ensenada coas correspondentes precaucións.

¹²SOBRADO CORREA, H. "Transformaciones agrarias, estrategias hereditarias y crecimiento demográfico en las tierras lucenses, 1750-1860". Obradoiro de Historia Moderna, 1998, nº 5.

También, REY MODIA, J. E PÁRAMO IGLESIAS, M^a B. "E responden. Análise das terras do Corgo a mediados do XIII a partir das respostas do catastro de Ensenada". Revista A Corga, nº 4 de 2013. Centro de Estudos do Corgo

¹³Santiago de Fonteita (AGS, DGR, 1RE, Nº 1034,5): naquel tempo esta parroquia tiña 21 veciños (número de casas con fume). Segundo o noso cómputo residían nela 118 habitantes, do que resulta unha media de 5,6 membros por fogar (excluído do cálculo o persoal eclesiástico), que se aproxima ao coeficiente estándar de 5,3 membros por fogar antes referido.

-Santiago de Laxosa (AGS; DGR, 1RE, Nº 1040,8): tiña 30 veciños legos e 159 habitantes, do que resulta unha media de 5,3 membros por casa.

-San Pedro de Arxemil (AGS, DGR, 1RE, Nº 1019,10): esta freguesía tiña 21 veciños legos e 123 habitantes, do que resulta unha media de 5,8 veciños.

Esta media incrementábase se computamos os eclesiásticos. En Arxemil, por exemplo, nas casas dos curas residían un total de 13 persoas.

«Respostas Xerais» do Catastro do Marqués de Ensenada, con indicación da sinatura do Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Como se pode ler no cadro referido, todas as freguesías pertencían a un señor xurisdiccional. Neste caso, a súa maioría eran da condesa de Lemos e Andrade (nobreza titulada), e nos menos dos casos, a particulares fidalgos, ou a persoas xurídicas, como á Encomenda de San Xoán de Portomarín ou ao Real Colexio de Meira de San Bernardo.

Por esta pertenza señorial, os veciños pagaban os trabucos e satisfacían as prestacións seguintes: vasalaxe, pedido¹⁴, traballos persoais e a luctuosa¹⁵ (aínda que esta prestación variaba algo dunha freguesía a outra), ademais de pagar a El-Rei os servizos ordinarios e extraordinarios, alcabalas e o diezmo aos párrocos, a algúns particulares, a algún arcedianato -como o de Nendo-, ao mosteiro de Samos ou mesmo a Igrexa Catedral de Santiago, segundo cada parroquia, polos produtos da terra, e variando dunhas freguesías a outras, tamén, polos cordeiros, cabritos, lá das ovelas ou polos leitóns.

Para facer fronte aos trabucos, nalgunhas freguesías, os veciños subarrendaban tabernas a outro que a xestionaba, servindo a renda obtida para afrontar os pagos repartidos entre o común¹⁶.

Pero a diferenza do que sucede actualmente ou sucedeu na época constitucional de primeiros do XIX, en ningún caso estes trabucos poden ser considerados como unha fonte de ingresos para afrontar posibles gastos públicos da comunidade ou xurisdición. De feito, nas «Respostas Xerais» do Catastro do Marqués de Ensenada é coincidente á

que deron as diferentes freguesías da xurisdición, de que o común non ten gastos para o pago de salarios á Xustiza, Deputados, Festas do Corpus, empedrados, fontes, serventes, non existindo cargos de Xustiza que satisfacer. Porén, ao meiriño e xuíz ordinario, o citado D. Juan Balcarce Neira e Osorio, estímase unha utilidade de 300 reais de vellón anuais, polo seu exercicio¹⁷.

Dos expedientes de comprobación de bens, rendas e cargas das diferentes freguesías que integran a xurisdición, indícase que a Vila de Adai¹⁸ era a súa capital e o lugar onde se reunían os veciños das diferentes parroquias que a compoñían, agás algunha excepción, para tratar dos asuntos que lles afectaban. A modo de exemplo transcribimos o comezo da seguinte acta¹⁹, correspondente á reunión que mantiveron os veciños de San Xoán do Corgo na citada vila:

«En la Villa y Puebla de Aday a veinte y cuatro días del mes de Noviembre de mil setezientos sesenta y uno, su Merced D. Joseph Antonio Lamela Freixo y Guitián, Alcalde y Justicia Hordinaria de la Jurisdicción de la Puebla de Aday, en la que es comprendida la feligresía de San Juan do Corgo, a fin de dar el debido cumplimiento a lo que se manda por la Real Ynstrucción de quince de Diciembre del año pasado de mil setezientos y sesenta y sus tres primeros capítulos *hizo convocar a esta Villa, como capital de la Jurisdicción*, a todos los vecinos de que se compone la expresada feligresía, y estando juntos la maior parte a presencia de D. Julián Rodríguez de Quiroga, cura párroco de ella, pasaron a nombrar los tres peritos [...]».

As xuntas dos veciños celebrábanse normalmente a rentes do cárcere público na citada vila:

¹⁴No Interrogatorio dalgunha freguesía indícase que o pagan os do «estado llano» e «según el caudal de cada uno», como é o caso de San Cristovo de Chamoso (AHPLU, SINATURA 10.405-05)

¹⁵A luctuosa era unha prestación de orixe medieval que se devindicaba cando finaba un veciño casado e consistía en entregar ao señor do couto ou da xurisdición a mellor cabeza de gando que houbera na casa, e non habéndoa, a mellor peza de catro pés. Entre as freguesías estudadas esta prestación era frecuente, aínda que con pequenas variacións: por exemplo, nalgunhas freguesías pagábase cando o pasamento da muller do petrucio, e noutras, non.

¹⁶AHPLU. FONDO CATASTRO DE ENSENADA; Entre outras, as sinaturas nº 10627-01 (Santiago de Laxosa); nº 10567-01 (San Martín de Folgosa); nº 10831-1 (Santa María de Franqueán); nº 10.405-05 (San Cristovo de Chamoso); nº 10.255-01 (San Pedro Fiz de Bergazo); nº 10.468-01 (San Pedro de Farnadeiros); nesta dise que hai unha taberna que leva [un veciño] por cuxo subarriendo paga 24 reais de vellón anuais para axuda dos 79 reais de vellón e 17 maravedís que están cargados a esta freguesía polo encabezaemento.

¹⁷AHPLU. FONDO CATASTRO DE ENSENADA; Sinatura 10318-11, correspondente ao Interrogatorio xeral da freguesía de San Xoán do Corgo.

¹⁸REAL ACADEMIA DA HISTORIA: «España dividida en provincias e intendencias en 1798», prólogo de Miguel Artola: Na páxina 39, do Tomo I lese «Provincia de Lugo: una de las Reyno de Galicia. Se compone de una ciudad, 11 villas y mil ciento quarenta y siete Feligresías, que en todo asciende a mil ciento cincuenta y nueve pueblos, sujetos a ciento setenta y nueve jurisdicciones», do que se deduce que Adai era una das once vilas da antiga provincia. Ao respecto, tamén PEGERTO SAAVEDRA: «Sobre a división e o control do territorio na Galicia moderna», discurso de recepción na Real Academia Galega.

¹⁹AGS, DGR, 1RE, 1052.15: Expediente de comprobación de bens, rendas e cargas da freguesía de San Estevo de Paderne. Outros exemplos no mesmo arquivo, expediente nº 1055, 1 relativo á freguesía de Santa María de Piñeiro

«[...] junto a la cárcel pública de ella, sitio acostumbrado para hacer las juntas que se ofrecen en esta jurisdicción a quince días del mes de diciembre [...]».



Antigo cárcere da Xurisdición de Adai, na vila do mesmo nome. Imaxe cedida por Mario Outeiro Iglesias

Aínda que no momento de realizar os traballos previos para obter a información e confeccionar os diferentes libros do Catastro²⁰, entre febreiro e abril de 1753, os veciños reuníronse no lugar de Serín, como xa apuntamos anteriormente, a curta distancia do pazo dos Valcárcel, na freguesía do Corgo, do que era dono D. Juan Antonio Balcarce Neira e Osorio, que naquelas datas exercía a xustiza, polo que tal vez por iso, aqueles *concellos* (reunións) tiveron lugar preto da súa casa señorial.

Como se pode observar no Anexo I, a maioría das freguesías que constituían a Xurisdición da Vila e Pobo de Adai, vinte e catro enteiras eran de señorío secular da casa condal de Lemos, e supoñemos que era súa a decisión de nomear ao meiriño e xuíz ordinario para toda a xurisdición, impondo a súa vontade sobre o resto de señores xurisdiccionais: uns poucos fidalgos, o marqués de castelar, a Encomenda de San Xoán de Portomarín e o mosteiro de san Bernardo de Meira.

²⁰O Catastro de Ensenada compoñese de varios libros resultado das averiguacións catastrais realizadas, segundo a Instrución que acompañaba o Real decreto de 1749: o libro do Interrogatorio xeral de 40 preguntas, libro de persoal de legos, libro de persoal eclesiástico, libro real de legos e libro real de eclesiásticos.

2.3 A xurisdición de Arxemil e Fonteita

Nos documentos analizados atopamos noticias contraditorias en relación coa composición desta xurisdición, xa que nuns documentos a freguesía de Arxemil aparece integrada na Xurisdición da Vila e Pobra de Adai, e noutros con xurisdición propia; e Gomeán, nuns aparece dentro da de Arxemil e noutros como couto con propia xurisdición.

Así vemos como nas respostas ao Interrogatorio Xeral da Única Contribución do Catastro do Marqués da Ensenada, realizada en Serín o 24 de abril de 1753, inclúen a esta freguesía na Xurisdición de Adai. Isto mesmo parece deducirse nas actas dos autos xudiciais de 15 de decembro de 1761, realizados para a comprobación de bens, rendas e cargas declarados naquel ano, xa que a reunión dos veciños celébrase na Pobra de Adai, a rentes do cárcere público «[...] acostumbrado para hacer las juntas que se ofrecen a esta población [...]»

No entanto, do expediente de comprobación de bens da freguesía de San Miguel de Pedrafita de 1761²¹, resulta que Arxemil tiña a súa propia xurisdición e era cabeza de partido (fiscal?) no que se refería ao real servizo da que eran sufragáneas as parroquias de Pedrafita, Fonteita e Santiago de Gomeán:

«En el lugar y feligresía de *San Pedro de Arxemil*, *coto de ese nombre y cabeza de partido*, por lo que toca al real servicio y cumplimiento de las órdenes de SM de que por este respeto son sufragáneos de esta feligresía de *San Miguel de Piedrafita, Santiago de Fonteita e Santiago de Gomeán*, a treinta días del mes de noviembre de mil setecientos sesenta y uno, su merced D. Juan de Neira y Balboa, Juez Ordinario en esta referida feligresía de Arxemil, por lo que le toca a lo civil, criminal y realengo, y por este respecto en los que van referida, en cumplimiento de lo mandado por su señoría el señor intendente general de este Reino de Galicia y Reales

²¹AGS, DGR, 1RE, 1056,7

No Censo de Floridablanca, esta xurisdición estaba integrada polas parroquias de Arxemil, Pedrafita e Fonteita, acadando una extensión territorial de 12,625 km² ²² ; pola contra, o couto de Gomeán tiña xurisdición propia, da que era señor o bispo de Lugo, cunha superficie de 5 km² ²³.



Segundo as respostas do Interrogatorio de 1753²⁴, e tendo en conta só as parroquias de Arxemil, Pedrafita e Fonteita, no seu ámbito territorial vivían 83 veciños nun total de 78 casas, e pagaban os mesmos tipos de trabucos e prestacións señoriais, en xeral, que os de Adai, sen que presente ningunha diferenza con respecto a estoutra xurisdición, conforme se pode ver no cadro do Anexo II.

²²RIO BARJA, F.X. «Cartografía Xurisdiccional de Galicia no século XVIII», páxina 113.

²³Ibid., Nota 17.

²⁴AHPLU, FONDO CATASTRO MARQUÉS DA ENSENADA, Sinaturas nº 10.310-10; 10.636-01 e 10.310-10

«En la feligresía de Santiago de Fonteita a (...) días de decembro de 1761, su merced Francisco de Lence, Juez y Justicia Ordinaria de esta feligresía, con la asistencia de mi escribano,, la de D. Bernardo de la Riguera y Quiroga, cura párroco de ella, y todos los vecinos a saber: (...) y otros más vecinos de ella, estando así juntos en forma de concejo público, según lo tienen de costumbre para tratar de negocios graves y correspondientes a la Real Hacienda, léidoseles la Real Instrucción mandada por su Magestad de 15 de diciembre de 1760...».

Neste ano, a freguesía de Arxemil estaba integrada por tres coutos: Arxemil, Perliños e Boelle, pertencendo os dous primeiros a dous fidalgos: a D. Agustín Henríquez, veciño de Ourense, e a D. Joseph das Seixas, respectivamente; mentres que o de Boelle era da casa condal de Lemos.

A de Pedrafitá tiña tres coutos: Lamas, «Fondo de Vila» e «Cima de Vila», que pertencían a outros tantos fidalgos: D. Alonso de Mendoza, veciño de Lugo; D. Alejandro Páramo Neira e D. Joseph María das Seixas, respectivamente.

O mesmo sucedía coa parroquia de Fonteita²⁷. Esta estaba integrada por tres coutos Barrio, Chavín e Baldomiro, pertencendo os dous primeiros a dous fidalgos: a D. Joseph de Páramo, veciño de Santa María de Vilabade, o primeiro dos coutos citados, namentres que o segundo pertencía a D.

²⁵ AGS, DGR, 1RE, nº 1034,8, expediente de comprobación de bens, rendas e cargas da freguesía de Fonteita.

²⁶AGS, DGR, 1RE, n° 1019.10

²⁷AHPLU, Sinatura 10636-01

Pedro Luis de Ulloa, señor da casa de Noceda, residente en San Xoán do mesmo nome (hoxe no concello das Nogais). O couto de Chavín era da casa de Lemos.


A primeira reunión desta parroquia para formar o Catastro de Ensenada tivo lugar en Serín, en San Xoán do Corgo, o 16 de abril de 1753, sendo o xuíz ordinario D. Juan Antonio Valcarce Neira e Osorio, é dicir, o mesmo que o da Xurisdición de Adai, e é nesta mesma xurisdición no que se incluíu a freguesía nun primeiro momento, pero, como xa se indicou anteriormente, esta parroquia estaba integrada na Xurisdición de Arxemil, cabeza de partido (fiscal?), e non na da «Villa y Puebla de Aday». Así resulta na correspondente acta no expediente de comprobación dos bens, rendas e cargas da parroquia de Pedrafita, xa citada, onde se indica claramente que Fonteita é sufragánea da de Arxemil, e no Censo de Floridablanca.

Na documentación que consta nas comprobacións²⁸ realizadas en decembro de 1761, mandada realizar en cumprimento da Real Instrución de 15 de decembro de 1760, os veciños desta parroquia, reúnen-se na igrexa parroquial de Fonteita, ante o xuíz ordinario, Francisco Lence, polo tanto, unha persoa distinta de quen, por aquelas datas, ostentaba a vara en Adai (D. Joseph Antonio Lamela Freixo y Guitián).

Esta xurisdición tiña 83 veciños en 1753, aplicando o factor de conversión antes aludido, tiña 440 habitantes, aos que se poderían sumar 190 de Gomeán.

2.4 A xurisdición de Manán e San Fiz de Paradela

O Censo de Floridablanca inclúe nesta Xurisdición as freguesías de Manán de Arriba, é dicir, a de Santa María Madalena de Manán, e a de San Pedro de Paradela, cunha extensión territorial de 6,70 km² ²⁹.



Porén, cando se realizan as operacións de recompilación de información para elaborar o Catastro de Ensenada en 1753, tanto para Manán de Arriba como San Fiz, indícase que son da Xurisdición de Adai. Aínda así, entendemos que son xurisdición diferente, no só porque así figure no Censo de Floridablanca, senón porque o oficio de xuíz ordinario estaba desenvolvido por persoas diferentes³⁰ en ambas xurisdicións.

Para resumir, o mesmo que se apuntou anteriormente respecto dos trabucos e cargas señoriais, os veciños desta xurisdición pagaban os mesmos que os das outras xuridicións antes citadas.

Só engadir que igual que sucede nalguna das freguesías das anteriores xurisdicións, nas de Manán e San Fiz tamén existían varios coutos. En San Fiz había varios: Placer, Paradela, Vilanova, San Fiz e Chamoso, sendo os señores xurisdicionais dos dous primeiros, a Encomenda de San Xoán de Portomarín, do terceiro, o convento das Dominicas de Lugo, e á casa de Lemos, o resto.

Naquelas datas Paradela tiña 31 veciños e Santa María Madalena de Manán (de Arriba) 7.

²⁸AGS, DGR, 1RE, 1034,8. Expediente de comprobación de bens, rendas e cargas da freguesía de Fonteita

²⁹RÍO BARJA, FX.: «Cartografía Xurisdiccional de Galicia», páxina 138

³⁰En 1753 era xuíz ordinario en Adai, D. Juan Valcarce Neira e Osorio e en Manán e San Fiz, Pedro da Fouce; e en 1762, en Adai, D. Joseph Antonio Lamela Freijo e Guitián e en Manán San Fiz, D. Francisco Bernardo de la Vega y Montenegro, do pazo de Santa Mariña de Cabreiros

Pero, como apuntamos anteriormente, a falta de actas, e sen analizar os posibles preitos civís entre veciños, descoñecemos hoxe en día o funcionamento destas xurisdicións, xa que non atopamos nos arquivos investigados ningún documento que dese luz sobre este tema.

3 O PERIODO CONSTITUCIONAL

3.1 A «Junta Superior del Reyno de Galicia»: Fin do seu mandato e das súas Comisións Provinciais

A Xunta Superior citada instalouse na cidade da Coruña o 22 de xaneiro de 1810³¹, por expresa orde do conde de Noroña³², cesando nas súas funcións o 8 de marzo de 1813, para deixar paso á nova corporación que tiña que constituírse trala aprobación da Constitución de Cádiz: a Deputación de Galicia.

Como despedida, esta Xunta dirixe ao «Pueblo de Galicia» un longo e patriótico relato³³ onde explica todas as vicisitudes que tivo que afrontar no período citado, en plena ocupación do territorio galego polo xeneral Soult.

Pero o que aquí interesa é que esta corporación (A Xunta Superior do Reino) deixa paso, na data referida, ás novas autoridades (a Deputación de Galicia) nos termos seguintes, en clara referencia ao establecido no artigo 335 da Constitución de 1812:

³¹AHPLU; sinatura 0937-00, sección concello de Lugo: Bando ao Pueblo de Galicia, ditado por acordo da Xunta Superior do Reino de Galicia, asinado polo seu vicepresidente Juan Francisco Rivadeneyra, e o vogal secretario Luis López de Ballesteros, onde se di: «(...) el Conde de Noroña Comandante General del Reyno, instado por patriotas de energía (...) expidió convocatorias a las siete provincias, anunciando el peligro en que Galicia se hallaba, y disponiendo el orden de las elecciones para Diputados de la Junta Superior y Provinciales, que agregados a individuos natos que él nombró, debían formar estas corporaciones que han sido instaladas en la ciudad de La Coruña y en las siete capitales en 22 de enero de 1810, en el que el Pueblo gallego recobró la representación que todas las provincias de España tenían, y que estaba privada desde la entrada del Mariscal Soult en aquella plaza».

³²Gaspar María de Nava Álvarez de Noroña, conde de Noroña, era naquel tempo Comandante Xeneral do Reino de Galicia. En 1809 obtivo unha importante vitoria sobre os exércitos do xeneral Ney en Ponte Sampaio, a beira do río Verdugo, na actual provincia de Pontevedra, evitando que o exército francés cercase as cidades de Vigo e Tui.


³³AHPLU; sinatura 937-00, sección Concello de Lugo: Asinou o documento Luis López de Ballesteros, secretario da Xunta co visto e prace do seu vicepresidente, Juan José de Rivadeneyra. O conde de Noroña a vista da situación existente, na súa calidade de «Comandante General del Reyno (de Galicia)» dispuxo «el orden de las elecciones para diputados de la Junta Superior y Provinciales, que agregados a miembros natos que él nombró debían formar estas corporaciones» que quedaron constituídas en A Coruña e nas sete capitais na data indicada. Deste xeito o pobo galego recuperou a representación que tiñan todas as provincias de España nas Cortes Xerais da que estaba privada desde a invasión do Mariscal Soult naquela cidade.

«[...]tendréis al frente de Galicia esta Representación constituida que intervendrá y aprobará el repartimiento de contribuciones, velará sobre la inversión de fondos [...] y examinará cuentas; *cuidará de que se establezcan los ayuntamientos*, propondrá al gobierno los arbitrios convenientes para la fundación de obras nuevas y reparación de las antiguas; promoverá la educación, el fomento de la agricultura, industria y comercio; dará parte al Gobierno de los abusos de la Administración de Rentas Públicas, formará censo y estadística, cuidará de los establecimientos piadosos y dará finalmente cuenta a las Cortes de infracciones de la Constitución [...] rogando al Todopoderoso que Galicia libre [...], aliviada, feliz y rica, deba su prosperidad a las nuevas Autoridades después de una guerra sostenida por vuestros sacrificios (...)»

Polo tanto, foi a partir desta data cando se empezaron a constituír os concellos, baixo o cuidado da Deputación Provincial, como de seguido se explica.

3.2 A Deputación de Galicia: os primeiros andares para a formación dos concellos conforme á nova orde constitucional

A Deputación Provincial de Galicia deu comezo ás súas funcións o 9 de marzo de 1813, así o indica o bando³⁴ que, o seu presidente e Xefe Político Superior, o marqués de Campo Sagrado, dirixe ao pobo galego.



Bando do marqués de Campo Sagrado ao pobo galego, o día 9 de marzo de 1813

³⁴AHPLU, sinatura 937-00, sección concello de Lugo: Circular de 9 de marzo de 1813, asinada polo Presidente, marqués de Campo Sagrado

A Constitución de Cádiz estableceu, nos seus artigos 309 e 310, a obriga dos pobos de mil almas de formar concello para o seu goberno interior, mais, porén, tamén permitía formalo a aqueles pobos que aínda non alcanzando ese número acreditasen a súa conveniencia. Na súa formación tiña que sinalarse o seu termo municipal, ámbito territorial onde exercería as súas competencias³⁵.

O 13 de marzo de 1813, o presidente da Deputación galega dirixe unha circular aos pobos de Galicia na que lles notifica que lle poden solicitar formar concello onde conveña ou haxa, ordeando, ao mesmo tempo, a constitución daqueles que coa súa comarca «compongan» mil almas. En relación con este mesmo obxectivo, na circular do día 17³⁶, ademais de encargar que todas as corporacións «[...] le dirijan y manifiesten sus ideas para ilustrar las materias referidas a promover la educación de la juventud conforme a los planes aprobados, fomentar la agricultura, la industria, el comercio, y protección de los inventores, de tanta importancia para la prosperidad de Galicia», require aos concellos e ás xustizas onde non estivesen establecidos lle remitan certificacións auténticas dos párrocos que acrediten o número de almas que residen nas parroquias dos respectivos distritos municipais, así como os repartos realizados da Contribución Subrogada de Guerra³⁷, sen omitir ningunha partida nin circunstancia.

Á vista da documentación analizada, a Deputación galega pretendía a formación dos «ayuntamientos» e o traspaso a estes das competencias que antes se exercían polas «Justicias de los Pueblos»³⁸, entre outras os alistamentos e sorteo de quintas, conforme establecía a Real Orde de 4 de xaneiro de 1810 e a Ordenanza de 1800, o que implicaba o cesamento dos xuíces que aínda subsistían nos distritos que xa se constituían en concellos³⁹.

³⁵O Decreto de 23 de xuño de 1813 aprobou a citada Instrución

³⁶AHPLU, sinatura 0937-00, sección Concello de Lugo: Circular de 17 de marzo de 1813, dirixida, entre outros ao alcalde do concello de Lugo, asinada polo vicesecretario da Xunta, Pedro Olmo

³⁷Esta contribución estableceuse co fin de custear os gastos da guerra contra os franceses.

³⁸AHPLU, Sinatura 0937-00, sección Concello de Lugo: Circular de 20 de marzo de 1813, na que se encarga aos novos «ayuntamientos» o sorteo de quintas e alistamento de mozos, e onde non estivesen constituídos a «las Justicias», asinada polo marqués de Campo Sagrado e polo secretario, Francisco Gándara.

³⁹AHPLU, Sinatura. 0937-00, sección Concello de Lugo: Circular de 14 de outubro de 1813.

3.3 O acordo da Deputación Provincial de Galicia de 4 de setembro de 1813

Co fin de evitar «toda duda y trastorno» na formación dos concellos e para facilitar a súa pronta constitución, a Deputación de Galicia, na súa sesión celebrada o 4 de setembro de 1813⁴⁰, estableceu unhas instrucións de observancia xeral, que traemos aquí polo interese que ten na formación do concello que estudamos.

O acordo contén doce artigos. Os catro primeiros refírense á súa difusión e noticia: o acordo tiña que publicarse en todos os pobos e parroquias de Galicia ao día seguinte de recibilo, debendo os alcaldes, ou persoas que os substituísen, lelo ao saír da misa parroquial en dous días festivos inmediatos. En cambio, dos artigos quinto a duodécimo establecíanse unhas precisas instrucións para a formación dos novos concellos que se describen de seguido.

Artigo V.- Os concellos tiñan que formarse por pobos e freguesías enteiras, sen que os anexos puidesen separarse das súas matrices, agás que a larga distancia, os pasos difíciles de ríos, montañas ou outras causas xustificaran a desunión.

Artigo VI.- Cando un pobo, cun número fixo de mil almas, quixese formar «ayuntamiento» tiña que acreditar a súa poboación⁴¹ ante os responsables do *concello no que estivese integrado*, para que estes nomeasen «desde luego» ao alcalde ou a un dos rexedores do pobo, que se encargaría de «formalizar y presidir» as eleccións de conformidade co establecido no Decreto de 23 de maio de 1812, e a Instrución para o goberno económico e político de 23 de xuño de 1813.

No suposto de que o pobo pertencese a unha *xurisdicción* que, con anterioridade ao 4 de setembro de 1813, non estivese constituída en «ayuntamiento», debía actuar da mesma maneira

⁴⁰AHPLU, Sinatura 937-00, sección Concello de Lugo, documento sen numerar. Circular de 18 de setembro de 1813, do Goberno Político Superior de Galicia, asinado por Damián José de la Santa.

⁴¹O número fixo de almas que residía na parroquia tiña que acreditarse con certificación comprobada do cura ou curas párrocos.

ante o alcalde constitucional da xurisdición, quen verificaría as eleccións ou «comisionaría al intento persoa íntegra y de su confianza».

Artigo VII.- Cando un pobo, que non tivese a poboación antes referida, decidise unirse con outro ou outros limítrofes para formar un concello, non podían facelo de xeito inmediato, senón que tiñan que solicitalo ao alcalde do concello ao que pertencían -ou ao alcalde constitucional da xurisdición na que estivesen integrados-, expoñendo as razóns e utilidades que lles reportaría, ben por ser limítrofes ou por outras razóns tales e como a comunidade de pastos ou de aproveitamentos, ou por outras razóns de conveniencia. O alcalde do concello constitucional ou da xurisdición á que pertencían remitirían o expediente ao xefe político do seu partido, quen emitiría informe valorando diversos aspectos tales como a proximidade das freguesías, a comodidade do lugar onde se pretendía establecer os novos concellos, a distancia entre os pobos que pretendían unirse, os accidentes xeográficos que supuxesen atrancos (ríos, montañas, etc), a existencia doutras freguesías moi próximas, así como outras observacións que permitisen determinar a efectiva utilidade da unión e sinalar o termo correspondente, e o elevaría á Deputación de Galicia.

Artigo VIII.- Os pobos que por si mesmos ou cos da súa comarca non tivesen mil almas fixas, pero que deberan formar concello por outras razóns de ben público, debían instruír un expediente no que as farían constar, remitíndoo ao xefe político do seu o partido para que este o elevase a Deputación de Galicia, nos termos indicados anteriormente.

Artigo IX.- Non se admitía ningunha solicitude de establecemento de concellos que non reunisen estes requisitos, pero os pobos ou freguesías que pretendesen formar concello podían elevar queixa fundada ante os xefes políticos do seu partido e o xefes políticos superiores, quen ditarían providencias prontas e enérxicas contra os concellos constitucionais ou alcaldes das xurisdicións -ás que pertencían aqueles pobos ou

freguesías-, que non tramitasen inmediatamente as súas pretensións ou retardasen os informes anteriormente citados.

Artigo X.-Os pobos ou freguesías que se uniron para acadar mil almas co fin de formar concello, con anterioridade á data deste acordo da Deputación Provincial de Galicia, e non tivesen confirmación de estar constituídos conforme ao que prescribían as leis, estarían nos supostos citados anteriormente en canto a sinalamento de termo, polo que os seus membros debían solicitar aos concellos das sete cidades principais de Galicia, segundo o caso, que aprobasen as testemuñas de poboación e informasen nos termos indicados no artigo VII citado anteriormente, sen prexuízo de que os xefes políticos dos partidos engadisen o que lles parecese ao remitir o expediente á Deputación de Galicia, quen resolvería definitivamente.

O pobo ou freguesía enteira que por ter mil almas formou concello, e se atopase no mesmo estado co anterior, debía dirixirse ao xefe político do seu partido, e se non acreditase os actos de eleccións, por medio de testemuña íntegra, tiña tamén que aportar certificación comprobada do número fixo de almas e veciños.

Artigo XI.-Unha mesma persoa non podía desempeñar o cargo de secretario de dous concellos. Todos os secretarios dos pobos declarados [ayuntamientos] ben formados remitirán á Deputación Provincial de Galicia certificación do acordo do nomeamento, a dotación que se lle atribuíu, indicando con cargo a que fondos, e se se estableceu por regulamento ou costume ou ben, no seu defecto, por outra circunstancia.

O nomeamento do secretario debería facerse conforme ao que expresaba a Constitución, o Decreto de 10 de xullo de 1813 e conforme ao capítulo I do Decreto de 23 de xuño de 1813 das Cortes Xerais e Extraordinaria, no que se aprobaba a Instrución do goberno económico-político das provincias.

O derradeiro artigo -XII-, expresaba o desexo da Deputación galega do pronto establecemento dos concellos, da súa boa formación e da rectitude nas eleccións, para que os pobos estiveran gobernados por persoas dignas da súa confianza que cumpriran escrupulosamente coas obrigas do seu cargo, desexando que as persoas que presidisen as eleccións coidaran de que as xuntas parroquiais observasen a Constitución, o Decreto de 23 de maio de 1812 e o artigo 22 do capítulo I da instrución citada anteriormente.

3.4 As primeiras noticias de formación de concellos

A constitución dalguns «ayuntamientos» realizouse sen dúbida algunha. Así resulta do escrito de 9 de outubro de 1813 do xefe político do partido de Lugo⁴² dirixido ao alcalde desta cidade, onde se contiña a Orde da Rexencia para manter a seguridade de camiños e persegemento de malféitores, coa finalidade de que este a notificase a outros concellos e xurisdicións do partido.

O interesante deste documento é que dá unha primeira noticia da formación dalgúns concellos, uns na serra de Ancares, outros no interior da provincia de Lugo e outros na costa oeste de Galicia.

Na serra de Ancares -hoxe en día, no termo do municipio de Cervantes-, infórmanos da unión dos coutos de Vilarello e Vilapún para formar concello e tamén das antigas Xurisdicións de Cancelada de Arriba e de Cervantes coa mesma finalidade, xa que estas dúas non lograran que se lles incorporasen parroquias enteiras e inmediatas, e individualmente non tiñan número suficiente de veciños para formar un concello.

Outras unións, que cita o documento, son as dos coutos de «Aubime, Tuiriz, Tor e Villasante», hoxe en día nos termos de Ferreira de Pantón e Sober, que «se hayan unidos para todo lo

gubernativo, económico y político», achegando un dato curioso, xa que cada un «*tiene su alcalde para lo contencioso*». Tamén as dos coutos de Pinza e «Meyjente», no actual concello de Sarria; e os de «Arcillá, Germar e Cospeito», no interior da actual provincia de Lugo, e mesmo «o couto de Cedrón para unirse á Xurisdición da Somoza de Vilaouzá»⁴³, na serra da Meda, estas dúas actualmente no municipio de Láncara.

Nun escrito posterior do Goberno Político Superior de Galicia, de 23 de outubro de 1813⁴⁴, confirmase a formación de «ayuntamientos». Nel encárgaselle ao alcalde de Lugo que obteña información doutros concellos en relación co coidado dos establecementos públicos, tanto de instrución como de beneficencia, debido a que «[...] circulada aquela orden á los Ayuntamientos de esta provincia en 12 de julio último, parece haberla mirado con frialdad y abandono, pues solamente los de Lugo y Monforte cumplieron con lo mandado, de todos los demás ni uno solo ha contestado siquiera, haciendo así imposible que los Gefes Políticos enviasen á la superioridad los informes y noticias pedidas [...]».

Todo isto nos fai crer que a antiga xurisdición da «Villa y Puebla de Aday» debeu formar, neste primeiro período, «ayuntamiento constitucional» dada a súa entidade que, cunha extensión territorial de consideración, como xa se indicou no epígrafe anterior, abrangía unhas 30 freguesías, nas que residían 606 veciños en 1753⁴⁵, do que resulta unha poboación de 3.211 habitantes.⁴⁶ Polo momento, e cos datos atopados, non sabemos se as xurisdicións de Arxemil e Manán de Arriba uniríanse a outras limítrofes ou á de Adai, para formar concello, pero do que estamos seguros é que por si soas non podían constituírse como «ayuntamiento» pola súa escasa entidade de poboación e non ter

⁴²AHPLU, Leg.0937. Documento manuscrito de 9 de outubro de 1813, subscrito por Francisco Díaz Molina, xefe político do partido, residente en Mondoñedo, no que comunicaba ao alcalde lucense que quedaba enterado de que este o recibira xunto cos 174 exemplares manuscritos da orde referida.

⁴³A Somoza de Vilaouzá continúa aparecendo como concello na lista alfabética dos establecidos na provincia de Lugo, conforme ao soberano Decreto de 23 de xullo de 1835 (BOPLU de 22 de novembro). Neste antigo concello ten o seu solar os Sánchez de Sangil-Guiza

⁴⁴AHPLU. Leg. 0937-00 (documento sen numerar)

⁴⁵Consideramos o número de veciños que resultan do interrogatorio xeral do Catastro do Marqués da Ensenada, realizado nas parroquias da xurisdición en 1753. Indubidablemente, o número de veciños desde esta data ata 1813 puido variar.

⁴⁶Ibid. Nota 10.

circunstancias excepcionais que así o permitisen. Por outra banda, descoñecemos se as freguesías de San Pedro de Cellán, Santiago de Miranda e Santiago de Espasande se integrarían con outras freguesías para formar «ayuntamiento» ou se separarían da de Adai, para integrarse na Xurisdición de Castroverde, xa que non eran limítrofes con outras parroquias integradas na de Adai, e a poboación que tiña -uns 63 veciños en 1753-, era moi inferior ao esixido no decreto de marzo de 1812, para formar por si mesma unha nova entidade local.

Porén, durante este período non debeu ser doada a formación dos concellos constitucionais, como se deduce da formación de causa⁴⁷ contra o Xefe Político Superior de Galicia, o marqués de Campo Sagrado, por poñer atrancos á constitución das novas autoridades constitucionais. Así, se lle acusaba de ditar sendas providencias dispoñendo a disolución dos recentes constituídos concellos de San Martiño de Moaña e San Pedro de Domaio (hoxe en día concello de Moaña) por «reunirse sin su previo consentimiento», o que supuxo, ademais, que apresasen aos seus rexedores, razón pola que as súas respectivas donas elevaron queixas ás autoridades gobernativas competentes.

Tralo regreso a España, Fernando VII derogou a Constitución de 1812, e por Decreto de 4 de maio de 1814, toda a lexislación das Cortes. Uns meses despois, por Real Cédula de 30 de xullo, ordenou a disolución de todos os «ayuntamientos», regresando a situación existente en 1808, completándose este mandato por outra Real Cédula de 19 de agosto de 1814⁴⁸:

«Por la qual se manda que se disuelvan y extingan los Ayuntamientos y Alcaldes constitucionales: que se restablezcan los Ayuntamientos, Corregimientos y Alcaldías mayores en la planta que tenían en el año de 1808, con lo que se expresa».

⁴⁷AHPLU, Sinatura 0937-00, sección concello de Lugo: Escrito de 1 de abril de 1813 do «Secretario de Estado y del Despacho de Gobernación de la Península» polo que se deu traslado do dos secretarios das Cortes Xerais dirixido ao Xefe Superior Político de Galicia.

⁴⁸MANCOMUNIDAD DE DESARROLLO DEL CONDADO DE HUELVA: "Bicentenario de las Reales Cédulas de Fernando VII, 1814-2014."

Engadindo:

«Que por punto general se restablezcan los Ayuntamientos en los pueblos donde los había en el año de mil ochocientos ocho en la planta y forma que entonces tenían, sin novedad ni alteración alguna en quanto á la denominación, número, calidades y funciones de los oficios y empleados de que entonces constaban, sin perjuicio de lo prevenido en las leyes y Reales decretos acerca de la incorporación, consumo y tanteo de los enagenados de la Corona, asi en los pueblos de Realengos, como en los de Ordenes, Abadengo y Señorío».


3.5 As primeiras noticias do concello da «Villa y Puebla de Aday»

Tralo triunfo da sublevación do xeneral del Riego, en Cabezas de San Juan, volveu a estar vixente a Constitución de 1812, durante un breve período comprendido entre o 7 de marzo de 1820 e o 1 de outubro de 1823, o que supuxo a volta dos concellos constitucionais que se formaron no período de 1813 a 1814 e a formación doutros que non lograran facelo antes.

Neste período, as primeiras noticias documentais do Concello de «Aday» atopámolas nun escrito do «Jefe Político Superior de la Provincia» de 26 de marzo de 1821⁴⁹, asinado por Rodrigo Rodríguez de Campomanes, no que se recolle a resposta á solicitude desta corporación para que se lle desen máis recursos económicos para gastos de escritorio:

«[...] Por lo que respecta a la segunda parte del citado oficio de "Aday", en que aquel ayuntamiento, pide se le asignen medios para ocurrir a los gastos de Escritorio, debe arreglarse al presupuesto de gastos que se le ha remitido el 18 de enero último [...]».

⁴⁹AHPLU, Sinatura 938-00, sección concello de Lugo, documento sen numerar



Documento de 26 de marzo 1821

Segundo se deduce do texto do escrito, a corporación de Adai interesouse por outras cuestións, das que non nos dá noticia o documento, polo que descoñecemos que outros asuntos eran do seu interese. Pero nos permite afirmar que o Concello de Adai estaba xa *operativo* desde xaneiro dese ano.

No entanto, o 19 de marzo de 1821 aínda non debían estar formados todos os «ayuntamientos» conforme á Constitución, ao Decreto de CLXIII de 1812 e ao acordo da Deputación de 4 de setembro de 1813, citado anteriormente, xa que o Xefe Político Superior da Provincia de Galicia, á vista de que non se lle dera resposta a un requirimento seu anterior, cuxo prazo de contestación remataba o 15 de xaneiro daquel ano, ordenou novamente, ao alcalde constitucional de Lugo, para que se dirixira aos presidentes dos concellos do seu distrito especial, co fin de obter noticias da poboación das parroquias co obxecto de «proporcionar datos para el mejor arreglo de tan interesante asunto».

Nese período atopamos as seguintes referencias do Concello de Adai:

-Reparto decretado polas Cortes de Cádiz o 29 de xuño de 1821 polos consumos de viño, vinagre, augardente, aceite e carne.

Nestas datas Galicia dividíase en corenta e sete partidos⁵⁰. O concello de Adai aparece entre os de Lugo⁵¹, cun reparto de 13.695 reais e 17 maravedís.

-Reparto⁵² entre os pobos da provincia de Galicia da contribución territorial de trece millóns trescentos setenta e catro mil novecentos cincuenta e tres reais vellón sobre as rendas e cánones dos predios rústicos, acordada polas Cortes por Decreto de 29 de Xuño de 1821, entre as provincias da Península, realizado sobre a base do valor dos produtos decimais do derradeiro quinquenio.

-Acuse de recibo de 4 de agosto de 1822, do xefe político Ángel del Arenal, das certificacións dos concellos de San Xoán do Campo, Torre Dez, Narla; Páramo, San Xoán de Portomarín, Riomol, Adai e Lugo sobre publicación do bando do mes anterior.

-Reparto do número de homes co que debe contribuír a provincia de Galicia ao exército no ano 1822⁵³. Ao concello de Adai correspondíalle proporcionar 2 homes e 9 décimos, dos 28 e 4 décimos que tiñan que achegar todos os concellos do partido de Lugo, no que estaba integrado aquel.

-Oficio de 12 de agosto de 1822, no que se contén a lista do recadado en certos concellos do partido de Lugo, sobre o recargo de medio maravedí en real para financiar os gastos da Deputación, asinado por Cipriano Sánchez Guardamuro.

⁵⁰AHPLU, sección concello de Lugo, sinatura 938-00. Nestas datas os partidos de Galicia eran 47: 1) Ribadeo, 2) Mondoñedo, 3) Viveiro, 4) Santa Marta de Ortigueira, 5) Ferrol, 6) Pontedeume, 7) Betanzos, 8) A Coruña, 9) Sisamo, 10) Vímianzo, 11) Outes, 12) Noia, 13) Padrón, 14) Cambados, 15) Pontevedra, 16) Redondela, 17) Vigo, 18) Tui, 19) Pontearreas, 20) A Cañiza, 21) Bande, 22) Xinzo de Limia, 23) Monterrei, 24) Viana do Bolo, 25) Valdeorras, 26) Quiroga, 27) Cruzul, 28) Fonsagrada, 29) Vilalba, 30) Melide, 31) Poulo, 32) Santiago, 33) Sar, 34) Lalin, 35) Bemposta, 36) Cadas de Reis, 37) A Lama, 38) Rivadavia, 39) Carballino, 40) Ourense, 41) Celanova, 42) Maceda de Limia, 43) Castro Caldelas, 44) Monforte, 45) Sarria, 46) Lugo, e 47) Chantada.

⁵¹Na data á que se refire este documento -1821- o partido de Lugo (nº 46 dos de Galicia) estaba integrado polos seguintes dezaseis concellos: San Xoán do Campo, San Miguel de Bacurín, San Martín de Carballido, Lugo, Torres Dez, Friol, Ferreira de Pallares, San Xoán de Portomarín, San Pedro de Portomarín, concello do Páramo, Pobra de San Xiao, Adai, Riomol, Luaces, Castro de Rei e Lea.

⁵²AHPLU, sección concello de Lugo, sinatura 938-00: Oficio asinado o 13 de xuño de 1821, polo presidente da Deputación de Galicia, Manuel Latre, e polo seu secretario Domingo Fontán. A Adai contribuíu con 28.256 reais e 12 maravedís, dentro do partido de Lugo (nº 46 de Galicia). Porén neste reparto non aparecen dentro do partido de Lugo os concellos de San Xoán do Campo, San Miguel de Bacurín, San Martín de Carballido.

⁵³Documento asinado o 7 de agosto de 1822, polo presidente da Deputación Provincial de Galicia Ángel del Arenal.

Porén, non atopamos ningunha documentación que nos achegase datos relativos ás freguesías ou pobos que o integraban, o que, en definitiva, nos informaría da extensión do seu termo ou distrito. Tampouco temos información nin da súa poboación, nin da súa organización interna.

O 1 de outono de 1823; Fernando VII decreta⁵⁴ novamente a derogación da Constitución, volvendo á situación anterior a 1808:

«Primeiro:- Son nulos e de ningún valor todos os actos do Goberno chamado constitucional, de calquera clase e condición que sexan, que dominaron aos meus pobos desde o 7 de marzo de 1820 ata hoxe en día 1 de outono de 1823, declarando, como declaro, que en toda esa época carecín de liberdade, obrigado a sancionar as leis e a expedir ordes, decretos e regulamentos que contra a miña vontade meditábanse e expedían por el mesmo Goberno».

4 O PADRÓN DE VECIÑOS DA XURISDICIÓN DE ADAI DE 1827⁵⁵

Comentábamnos ao principio que a poboación era un dos elementos esenciais dos concellos. Xa a Constitución de 1812 -durante os períodos en que estivo vixente-, esixía unha poboación mínima para poder formalos. Mais, a pesar das procuras realizadas nos fondos que se conservan no Arquivo Municipal do Corgo, no Arquivo Histórico Provincial e mesmo no da Deputación Provincial, ambos de Lugo, non atopamos ningún censo de poboación correspondente ao período comprendido entre 1813 e 1835, agás o que se cita a continuación, aínda que podemos afirmar que os houbo en base ao que expresa o Gobernador civil de Lugo, o marqués de la Romana, na súa Orde de 15 de decembro de 1835⁵⁶, na que encomendaba aos recentemente creados concellos da provincia de Lugo a elaboración dos censos de poboación, que debían ser entregados antes do 30 de xaneiro de 1836.

⁵⁴Decreto de 1 de outono de 1823, publicado na Gaceta de Madrid de 7 de outono.

⁵⁵AHPLU: sección concello de Lugo. Sinatura 0415-04.

⁵⁶BPLU. BOPLU de 20 de decembro de 1835.

Nesta orde esixíase a máxima corrección na súa elaboración, xa que dos estados de poboación⁵⁷ «que existen en este Goberno civil pertencentes a distintas épocas, ofrecen los mayores absurdos y contradicciones, porque según las esperanzas y los intereses del momento que animaban a los alcaldes y demás personas que intervenían en la formación del censo, resultaba este con errores bien sea por defecto o por exceso».

O padrón debía confeccionarse conforme ao modelo que acompañaba á orde referida e que se reproduce a continuación:

Censo de poblacion del ayuntamiento de.....

Nombres de las parroquias.	Nombres de los lugares de cada parroquia.	Número de vecinos.	Número de habitantes.		Totales de las parroquias.
			Varones.	Mujeres.	
	Cima de Vila.....	5	5	6	
	Caspedo.....	13	20	53	
Santa Eulalia de.....	Redrollán.....	21	58	45	
	Rabiega.....	19	45	48	
					54
					296

Fecha y Firma del presidente y del secretario por acuerdo del ayuntamiento.

Como dicíamos, no período referido (1813-1835) atopamos un padrón de veciños da Xurisdición de Adai correspondente a 1827, con algunhas correccións de 1828 e 1833. Consta de trinta e sete folios e está incompleto, xa que abrangue só tres freguesías das trinta que tiña a antiga Xurisdición de Adai:⁵⁸ San Xoán do Corgo, San Cristovo de Chamoso e Santa María de Moreira.

O documento que leva por título o de «Padrón General», está escrito a man sobre un modelo impreso en castelán no que se cubriron datos dos veciños. No medio do documento atópase unido un sorteo de quintas, realizado o 27 de maio de 1794, en Santa Mariña de Cabreiros, ante o alcalde ordinario, o procurador síndico xeral e o escribano da citada xurisdición (Vega, Valcarce e Taboada, respectivamente) e dous veciños da freguesía de Santiago de Adai: Juan e Joseph Rodríguez.

⁵⁷O Real decreto de 3 de febreiro de 1823 atribuíu aos concellos a competencia para a formación dos censos de poboación (Art. 3), que debía formarse no mes de xaneiro de cada ano para o goberno e administración do seu respectivo pobo, para que servise á policía, á seguridade, para repartimento de contribución e cargas, e para os alistamentos á Milicia Nacional.

⁵⁸Trala derogación da Constitución de 1812, entre o 1 de outono de 1823 -data na que se disolven os concellos constitucionais-, e o 23 de xullo de 1835 -data a partir da que se implanta unha nova organización municipal-, volven á súa situación orixinaria as xurisdicións de Adai, Arxemil, Manán e o Couto de Gomeán.

O modelo impreso do padrón ao que nos referimos contén os seguintes epígrafes: xurisdición, parroquia, lugar; e no que respecta aos veciños: nomes, idade, estado, natureza, destino, ocupación e tempo de residencia, de onde obtivemos os lugares das parroquias onde estaban empadroados os residentes. Na freguesía de San Xoán do Corgo: O Corgo (con 11 persoas), Mesón de Penela (con 13 persoas), Santa «Eugenia» (con 3) e Sindín (con 10); na de San Cristovo de Chamoso: o propio San Cristovo con 24 habitantes; e na de Santa María de Moreira, as aldeas de Monte, Moreira, Nadela e Vilardecás, cun total de 106 habitantes.

No entanto, o cómputo de veciños non é doado pola falta de claridade do documento, con moitas palabras riscadas, ademais de emendas.

5 AS XURISDICIÓNS DE ADAI, ARXEMIL E MANÁN E O COUTO DE GOMEÁN ENTRE 1834 E 1835

Entre xaneiro de 1834 e xullo de 1835, o novo Boletín Oficial da Provincia de Lugo⁵⁹ danos información destas xurisdicións, unha vez desaparecidos os concellos constitucionais como consecuencia da derogación da lexislación constitucional por Fernando VII.

Aínda que nun principio pode darnos a impresión que carecen de interese, o certo é que nos achegan información da existencia desta antiga organización territorial naquel convulso período histórico, que doutra maneira non teríamos pola inexistencia de actas.

As noticias que atopamos son as seguintes:

-No boletín de 20 de marzo de 1834 aparece a relación de xurisdicións e coutos que deben recibir este periódico oficial, así como o número de exemplares que corresponde a cada unha.

O asunto vén do interese das autoridades de dar unha maior difusión deste boletín, que debía lerse todos os días festivos, polo que o Goberno Civil

da provincia de Lugo, autorizado pola Real orde de 13 de febreiro de 1835, tomou a decisión de destinar un maior número de exemplares para enviar ás diferentes xurisdicións, co fin de que as súas autoridades remitisen un exemplar para cada dúas freguesías do seu termo, encargándose o pedáneo da máis poboada de conservar os diferentes exemplares e telos a disposición da outra, unha vez lidos e publicados.

Entre as xurisdicións e coutos que recibían este periódico estaban a de Adai, con trinta parroquias, correspondéndolle quince exemplares; a de Arxemil, con tres freguesías, a quen lle correspondía dous exemplares; a de Manán, cunha parroquia e un exemplar; e a Gomeán un periódico para a súa única parroquia.

Como vemos, o número de freguesías de cada unha destas xurisdicións coincide co número das freguesías da que nos dá información o Censo de Floridablanca, é dicir, trinta en Adai, tres en Arxemil, unha en Gomeán, das que demos noticias nas primeiras páxinas deste artigo.

Podería facernos dubidar a de Manán, integrada pola freguesía do mesmo nome e pola de San Fiz de Paradela segundo este censo; pero posiblemente sexa un erro motivado porque, como dixemos, a cada dúas parroquias lles correspondía un exemplar do periódico, neste caso como eran dúas só recibían un periódico.

Esta opinión vese amparada polo requirimento de 20 de setembro de 1835 do Gobernador civil de Lugo, publicado no Boletín oficial do día 23, onde se relacionan os nomes das xurisdicións e coutos que non satisfaceron a cota distribuída para afrontar os gastos e axudas de custo dos deputados que asistiron ás Cortes de xura, entre as que se atopan a de «Manán e Sanfiz».

-No boletín de 22 de abril de 1834, publicouse o reparto veciñal que realizou o Concello de Lugo, aprobado o 31 de marzo de 1831⁶⁰, polo Gobernador civil da provincia de Lugo, para facer fronte a unha dotación de cinco mil reais para o

⁵⁹A provincia de Lugo créase polo Real decreto de 1833, e o Boletín Oficial da Provincia de Lugo substitúe ao de Galicia no ámbito desta provincia, empezando a súa publicación a partir do 1 de maio de 1835 (BOP LUGO de 4 de abril de 1835)


⁶⁰BPLU. BOP Lugo de 20 de abril de 1835

Correxidor do seu partido, D Pascual Fernández Baeza, que se distribuíu entre as diferentes parroquias integradas nas xurisdicións que se expresan. Nesta relación aparecen, entre outras:

Xurisdición ou couto	Reparto que lle corresponde
Adai	541 Rs e 31 Mrs
Arxemil	54 Rs e 14 Mrs
Gomeán	30 Rs e 5 Mrs
Manán	22 Rs e 2 Mrs
Pedrafitá	16 Rs e 6 Mrs

Descoñecemos os criterios utilizados para realizar o reparto (número de habitantes?), pero si que podemos afirmar que a Xurisdición de Adai era a que máis achegas lle correspondía por riba de Lugo (372 reais), Castroverde (435 reais e 10 maravedís), «Castro de Rey de Tierra Llana» (488 reais e 8 maravedís) e a xurisdición de Luaces (222 reais e 2 maravedís), sendo a súa cota moi superior á do resto.

-No boletín de 8 de xuño de 1834⁶¹, publícase a relación de pobos que pertencen ao partido xudicial de Lugo, no que quedan integradas todas as parroquias da xurisdición de Adai, Arxemil, Manán e Sanfiz de Paradela e couto de Gomeán.



⁶¹Unha vez dividido o territorio da península e illas adxacentes en provincias conforme ao Real decreto de 30 de novembro de 1833, a Reina Gobernadora, por outro de 21 de abril de 1834, subdividiu estas en partidos xudiciais co fin de achegar a Xustiza aos pobos e para realizar as eleccións a Procuradores do Reino. Conforme a esta disposición, os alcaldes ordinarios de todos os pobos tiñan que cesar no exercicio do poder xudicial, remitido os procesos que estivesen pendentes aos xuíces letrados das cabezas de partido para súa continuación e fallo.

Os correxidores e alcaldes maiores de pobos que non eran cabeza de partido, continuarían administrando Xustiza neles e nos seus termos e os dos pobos cabeza de partido continuarían ata nova resolución.

-No boletín de 26 de abril de 1835, publícase a relación de xurisdicións debedoras do Boletín de Galicia, entre a que se atopa a Xurisdición de Adai.

6 O CONCELLO DA «VILLA E PUEBLA DE ADAY» A PARTIR DE 1835.

6.1 Introducción

O Concello de Adai aparece na lista alfabética dos municipios que se estableceron na provincia de Lugo a finais de 1835⁶², ao abeiro do establecido no Real decreto de 23 de xullo dese ano⁶³. Con todo, no Arquivo Municipal do Corgo só se conservan actas dos seus concellos -da «Villa y Puebla de Aday»-, desde o 23 de febreiro ata o 6 de decembro de 1840, é dicir, faltan as do período comprendido entre 1835 ata 1839.

As trece primeiras sesións do concello de Adai en 1840⁶⁴ celebráronse baixo a vixencia do Real decreto de 23 de xullo de 1835 e as cinco restantes coa Lei de 14 de xullo de 1840⁶⁵, que devolve a vixencia da Instrución do Goberno Político da Provincias, aprobado polo Real decreto de 3 de febreiro de 1823, que regula as atribucións destes institutos.

⁶²BOPLU. O Gobernador civil da provincia de Lugo, marqués de Astariz, por oficio de 20 de novembro de 1835, ordenou publicar a lista alfabética dos concellos establecidos na provincia de Lugo (BOPLU de 22 de novembro de 1835). Os concellos establecidos eran os seguintes: «Aday, Alfoz del Castro de Oro, Amarante, Asma, Baamonde, Barreiros, Bretoña, Cabarcos, Cancelada de Abajo, Cancelada de Arriba, Castro de Rey de Lemos, Castro de Rei de Tierra LLana, Castromayor, Castroverde, Caurel, Cebrero, Cervantes, Coto Nuevo, Coto Viejo, Chantada, Doncos, Ferreira de Pallares, Foz, Friol, Fuensagrada, Galdó, Incio, Lánacara, Lea, Luaces, Meira, Miranda, Mondoñedo, Monforte, Montefurado, Monterroso, Moreda, Murás, Neira (San Payo), Narla (San Pedro), Navia de Suarna, Neira de Jusá, Neira de Rey, Noceda, Nogales, Nois, Orrea, Otero de Rey, Parga, Peibás, Penamayor, Portocelo, Puebla del Brollón, Puebla de S. Julián, Puertomarín (San Juan), Puertomarín (San Pedro), Quiroga, Ribadeo, Rivas de Sil (S. Clodio), Samos, San Ciprián, Sante, Sarria, Saviñao; Somoza mayor de Lemos, Somoza de Villouzan, Sover, Taboada, Tierra de la Orden, Tierrallana del Valle de Oro, Torrede, Triacastela, Valeira, Valle de Lorenzana, Valle de Oselle, Villaformán, Villalba, Villameá, Villanueva de Lorenzana, Villar, Villarente, Villaronte, Vivero y Ulloa».

⁶³BOPLU. BOPLU de 25 de outubro e de 11 de novembro de 1835.

⁶⁴O Real decreto de 23 de xullo de 1835, para o arranxo provisorio dos concellos da península e illas adxacentes, publicouse na Gaceta de Madrid do día seguinte, venres 24, e no BOPLU do mércores 5 de agosto de 1835.

⁶⁵Neste ano 1840, a «Villa y Puebla de Aday» celebrou dezanove concellos os días 23 e 28 de febreiro; 8, 14, 18 e 28 de marzo; 4, 11 e 18 de abril; 2, 11, 23 de maio; 25 de xuño; 14 de agosto; 4 de setembro (extraordinaria), 17 de setembro; 14 de novembro (extraordinaria); 29 de novembro e 6 de decembro.

⁶⁶Ainda que Fariña Jamardo opina que o Real decreto de 23 de xullo de 1835 estivo vixente ata a entrada en vigor da Lei de 15 de outubro de 1836, nós entendemos que esta non derogou aquel, senón que devolveu a vixencia ao Real decreto de 3 de febreiro de 1823, que regulaba o goberno económico político das provincias (no seu capítulo I, establecía as obrigas dos concellos), pero non outros aspectos contemplados ou escasamente regulados no de 23 de xullo de 1835 como, por exemplo, a organización dos concellos, a natureza dos oficios da república, algúns aspectos do proceso electoral para oficios municipais, entre outras materias, que non son obxecto deste traballo.



Encabezamento da primeira acta que se conserva do concello da «Villa y Puebla de Aday», de 23 de febreiro de 1840

6.2 A organización do concello da «Villa y Puebla de Aday»

O Real decreto de 23 de xullo de 1835 dispoñía, no seu Título primeiro, que os concellos terían un alcalde, un ou máis tenentes de alcalde e certo número de rexedores, segundo esixise a veciñanza, conforme á escala que establecía o seu artigo 2⁶⁶.

Na acta da primeira sesión das que se conservan deste concello, de 23 de febreiro de 1840, na que se tratou do nomeamento do secretario municipal, a corporación compoñíase dun alcalde primeiro-presidente, un alcalde segundo, un procurador síndico xeral e seis rexedores⁶⁷. Con esta composición o número de veciños naquela data oscilaría entre 500 e 1.500, aínda que non podemos confirmalo, xa que o Real decreto de 1835, para esa poboación establecía cinco rexedores, e para o seguinte tramo de poboación (de 1.500 a 3.000), establecía 7, polo que non nos cadra ben a existencia de seis rexedores. En troques, na Lei de 1840 o número de membros descritos na acta referida correspondería a un

⁶⁶ De 100 á 200 veciños	1 alcalde	2 regidores	1 procurador do Común
De 200 á 500	id. 1	id. 1	Teniente alcalde 3 id. 1 id.
De 500 á 1.500	id. 1	id. 1	id. 5 id. 1 id.
De 1.500 á 3.000	id. 1	id. 2	id. 7 id. 1 id.
De 3.000 á 5.000	id. 1	id. 3	id. 10 id. 1 id.
(...)			

⁶⁷AHMB: O Concello de Becerreá tiña a mesma composición que o de Adai segundo resulta da acta do seu «ayuntamiento» de 21 de outubro de 1840, se ben é a primeira acta desta entidade local, polo tanto, nove meses posterior a primeira de Adai. Esta acta de Becerreá refírese á súa primeira instalación como concello.

municipio cunha veciñanza máis pequena, que abranguería entre 200 e 500 veciños⁶⁸.

Os membros da corporación no ano 1840 foron:

Alcalde primeiro-Presidente: D. Andrés Valcarce e Pardo

Alcalde segundo: D. José Páramo López.

Procurador Síndico Xeral: D. Antonio Lence

Rexedor primeiro: D. Pedro Rodríguez

Rexedor segundo: D. Manuel Díaz de Yebra.

Rexedor terceiro: D. Juan de Neira e Gayoso (non asistiu á sesión).

Rexedor cuarto: D. Francisco Ballón.

Rexedor quinto: D. José Ares Pociña

Rexedor sexto: D. José Díaz Zuneyra.

Relacionamos ao alcalde primeiro e o rexedor terceiro cos pazos de Valcarce de O Corgo e de Quintela en Farnadeiros, respectivamente. O rexedor quinto, D. José Ares Pociña é posible que teña que ver co pazo da Torre en Adai (hoxe en ruínas).

6.3 O termo municipal

En outubro e en novembro dese ano, o Gobernador civil, Laureano Gutiérrez, requiriu⁶⁹ aos municipios recentemente establecidos que lle remitisen a lista nominal das freguesías de cada concello, coa expresión das xurisdicións e coutos de procedencia. Esta lista sería de grande valor para coñecer o termo do municipio de Adai naquelas datas, pero non a atopamos⁷⁰.

Con todo, pódenos axudar para coñecelo, o acordo do concello ordinario de 23 de maio de 1840, no que se nomearon os Comisionados da


⁶⁸A lexislación post constitucional sempre esixiu unha proporción entre o Goberno do pobo e o seu vecindario para a boa orde e administración. O Decreto CLXIII de 23 de maio de 1812, no seu apartado IV establecía a mesma. Para concellos de entre 500 e menos de 1000 veciños, establecíase un alcalde, 6 rexedores e un procurador xeral.

⁶⁹Ver nota 62.

⁷⁰Podería ser de grande axuda o libro «Proyecto de división municipal de la Provincia de Lugo, con arreglo a la de partidos judiciales» de D. Benito Pla y Cancela. Lugo. Imprenta de D. Manuel Pujol y hermano, 1837. Non fomos quen de atopar un exemplar para estudialo.

corporación nas Xuntas que tiña que ter cada curato do distrito municipal, segundo establecía a Orde do Intendente de 30 de abril de 1835. Neste acordo relacionáanse as freguesías seguintes: San Pedro de Farnadeiros, seu anexo San Esteban; Santa Catarina de Anseán; Santa María de Marei, Gomeán, seu anexo; Santo André de Chamoso; Manán de Arriba; San Fiz de Paradela, Cabreiros, seu anexo; Santiago de Laxosa, Manán de Abaixo, seu anexo; San Xoán do Corgo, San Cristovo, seu anexo; Bergazo, seu anexo; Santiago de Adai, Piñeiro, seu anexo; San Pedro de Arxemil, San Bartolomé, seu anexo; Pedrafita, Moreira, seu anexo; San Paio de Arcos, Souto de Torres, seu anexo; Santiago de Espasande; Santa María de Queizán, Campelo, seu anexo; San Martín de Folgosa, San Esteban, seu anexo; Santiago de Fonteita.

Disto deducimos que, polo menos, estas vinte e oito parroquias constituían o termo municipal de Adai. Non obstante, non podemos dar por totalmente exacta esta relación, xa que despois da acta da sesión de 25 de xuño dese mesmo ano, consta unha nota «de lo que se cargó a las parroquias omisas y más atrasadas en el pago de la contribución extraordinaria», entre as que se atopa San Pedro de Cellán.



Mapa do termo municipal do concello da Vila e Poboación de Adai, segundo resulta dos datos da acta de 23 maio de 1840. Elaborado polo enxeñeiro Carlos Escudero Roldós

O artigo 4º do Real decreto de 23 de xullo de 1835 establecía que se a poboación estivese dispersa e sen centro de reunión -circunstancia na que se atopaba este municipio-, marcaríase o territorio

correspondente a cada «ayuntamiento», que non debería exceder de catro leguas⁷¹ en cadro, nin dunha poboación de 500 veciños. Á vista das parroquias integrantes do Concello da «Villa y Puebla de Adai» parece evidente a dispersión da veciñanza, polo que é doado que se fixese a delimitación do seu termo conforme a estes parámetros.


O establecemento de concellos conforme ao Real decreto de 1835 e as parroquias que conformaban o seu termo, trouxeron algunhas dúbidas nos sorteos de quintas ao longo de 1835.

Así, por exemplo, o Concello da Somoza de Vilouzán preguntaba á Deputación de Lugo se debía sortear aos quintos das freguesías de San Román de Armesto e de parte da de San Pedro de Tortes, que de antigo pertencían ao extinguido couto de Villa Esteva (Vilaesteva), ou do contrario, debía facelo Nogales (As Nogais), concello que se entendía competente. Outros casos son os de Neyra de Rey (Neira de Rei) que consultaba a aquela corporación provincial se debía computar os quintos das parroquias de Furís, Freiría, Masoucos e San Cosme, que eran do seu distrito, pero que estaban integradas no partido xudicial de Lugo. E tamén o caso de Adai que remitiu á Deputación Provincial de Lugo un oficio «que noticiaba el entorpecimiento de las operaciones de la quinta, porque debiendo ser comprendida allí la parroquia de Franqueán, como lo había sido siempre, la reclamaba el de Puebla de San Julián (Póboa de San Xiao); y además porque estando todavía en duda sobre las parroquias que debían entrar al sorteo, no podía concluir el alistamiento [...]». A lo que aquela corporación provincial resolvió, en sesión de 20 de novembro de 1835, que una vez que «que fue del partido judicial de Sarria, la dejase al distrito a que la hubiese unido la Junta del mismo partido y que sobre la asignación de otras parroquias se entendiese con la de Lugo a quien correspondía»⁷²

De todo esto concluímos que parroquias que pertencían a un concreto distrito municipal podían pertencer a partidos xudiciais distintos.

⁷¹Segundo o dicionario da RAE a legua no sistema español equivale a 5.572,7 m.

⁷²ADPLU. Sinatura 3965. Libro de actas de 1835.



Mapa da posible evolución desde as antigas Xurisdicións da Vila e Pobo de Adai; Arxemil; Manán de Arriba e San Fiz de Paradela e o couto de Gomeán ao actual concello do Corgo, elaborado polo enxeñeiro Carlos Escudero Roldós.

6.4 As actas dos «ayuntamientos» de 1840

a) Introducción

As actas do ano 1840 refírense a diversos asuntos relacionados coa vida municipal: nomeamento do secretario municipal, periodicidade das sesións e forma de levalas a cabo, dación de conta das diversas ordes circuladas polo Xefe Político da Provincia, reparto de racións de alimentos, contas, reclamación, organización do «Cantón», elaboración de veciños que dispoñían «yunta» de gando propia ou allea para o arranxo de racións etc.

As actas están encadernadas nun libro que leva por título: «Libro de actas que forma el ayuntamiento constitucional de la Villa y Puebla de Aday para este año de mil ochocientos cuarenta en el que se asentaron todos los acuerdos que en sesión hagan los Señores que lo componen y existirá en la Secretaría del mismo ayuntamiento con todos los demás Documentos a ella pertenecientes».

b) Réxime de sesións do concello

Na primeira sesión correspondente ao 23 de febreiro de 1840, noméase secretario municipal «por pluralidade absoluta de votos», a D. Manuel Francisco Cela, veciño de Santo André de Chamoso deste distrito, para acto seguido fixar

a periodicidade das sesións ou «ayuntamientos» ordinarios que se celebrarían todos os domingos do ano á unha da tarde, «a no ser que haiga causas o motivos justos que lo impidan vajo la responsabilidad de los omisos cuyas reuniones serán en la Sala Consistorial de este Distrito sita en San Cristóbal de Chamoso», debendo asistir ás ordinarias os mordomos pedáneos de todas as parroquias do distrito municipal, e non podendo «han de facultar una persona que lo ejecute en su nombre bajo la multa de un ducado al que fuese omiso». Uns meses máis adiante, na sesión de 11 de marzo, cambian o día para celebrar os concellos ordinarios para os sábados, ás dúas da tarde.

Nas reunións non se permitía estar con chapeu na cabeza, nin fumar ou facer ruído, nin «barullo alguno que interrumpa la atención del ayuntamiento en los negocios que tenga que despachar».

O acordo tamén contempla a celebración de sesións extraordinarias para tratar asuntos correspondentes á milicia nacional «y mejor administración de Justicia», previa convocatoria do presidente oficiada aos demais individuos do concello sinalando o día e hora.

c) Organización do arquivo municipal

O acordo referido establece que a documentación municipal estaría a cargo do secretario do concello «quien de ellos será responsable, teniendo el buen orden para presentar cualquiera Decreto Circular o instrucción que por la corporación le fuese pedida con la ligereza y exactitud que corresponde».

Con esta decisión parece que se quería facer fronte ao problema de que a documentación estivese en mans que non correspondían, xa que na mesma sesión ordénase oficiar ao alcalde primeiro cesante do ano anterior, un tal D. Domingo Antonio Trebolle, para que «en el día y hora de la una de la tarde se presente en esta casa del ayuntamiento a hacer entrega en la secretaría del mismo todos los documentos que existen en su poder, los cuales se tomarán por inventario

formal». Non debeu ser menor o asunto porque na sesión ordinaria de 28 de marzo dese ano, aínda non achegara os documentos e Boletíns dos anos 1837 a 1839, polo que a corporación decide que o Presidente «le estreche valiéndose de los medios que estén a su alcance y si fuese preciso fuese hasta el de la fuerza armada».

Tamén se ordena a levanza dun libro de rexistro para a anotación por número e día da correspondencia co Xefe Político da Provincia, asentando ademais, as contestacións coa Excmá. Deputación Provincial ou outras autoridades, cando traten de negocios que puidesen ter transcendencia.

d) Organización do Cantón

En 1835 España estaba na primeira guerra carlista, quizabes por iso no distrito estaba acantoadada unha forza militar, a que atendía en materia de bagaxes e subministros aos «rexedores de semana», o que lles obrigaba a residir no pobo do Corgo, para o que dispoñían dunha sala con cama e escritorio na casa de Froilán López, podendo saír e entrar cando se lles acomodase, o que lle supuxo a este a exención de bagaxes, en concepto de remuneración. Nela almacenábanse as racións que se pedían aos pobos para o subministro da tropa.

Este cantón produciu algún malestar entre os veciños das parroquias pola inversión que tiñan que facer para os subministros de cabalería, polo que o concello, en sesión de 1 de abril, acordou aos rexedores de semana que non deran máis cabalerías aos señores oficiais sen autorización do comandante.

Na sesión ordinaria de 2 de maio suprimiuse a obriga de permanecer no pobo aos rexedores de semana, por cambio das circunstancias, pero a tropa aínda estaba instalada en xuño de 1840 na casa mesón de D. Apolinar Valcarce, sito na estrada xeral de Castela, na que o exército construíu, o 3 de setembro de 1839, un forte baixo a dirección do comandante de enxeñeiros D. Francisco Javier Pardo Pimentel, por orde do Excmo. Sr.

Capitán Xeneral de Galicia. Nel edificáronse dous tambores, dos que un deles dificultaba a entrada ao mesón. Esta casa mesón pasou a ser sé da casa do concello no ano seguinte.



Foto da Casa de Resch, hoxe desaparecida, na antiga estrada de Castela (á carón da actual Casa do Concello)

Foto tomada por D. Jesús Abuín Arias, cronista oficial do Concello do Corgo, actualmente na web oficial do Concello do Corgo

e) Outros asuntos tratados

Os diferentes asuntos tratados nas sesións refírense a temas de recadación de arbitrios e de contribucións extraordinarias de guerra, nomeamento do cargo de depositario de contribucións e dos membros das xuntas dos diferentes curatos do distrito, cuestións da orde pública e fixación de prezos de alimentos, así como sacar a pública postura o aluguer para o ano 1841 da casa que serviu de cárcere, emprazada en Santiago de Adai. O derradeiro acordo de 1840 foi o de iniciar os trámites para a renovación dos membros do concello.

7 CONCLUSIÓNS

A desaparición ou destrución da documentación, unhas veces para evitar a represión absolutista no primeiro terzo do século XIX, outras para

acender a calefacción ou ben por outros expurgos documentais mal executados, priváronnos de escritos fundamentais para poder estudar con máis precisión os tres elementos que caracterizan aos concellos, dos que falábamnos ao comezo: a poboación, o termo municipal e a organización interna, e poder profundizar no de Adai, obxecto deste estudo, como antecedente inmediato do Concello do Corgo.

Porén, podemos concluír que a base histórica do núcleo central do Concello da Vila e Pobo de Adai foi á xurisdición do mesmo nome.

Sabemos, polo referido documento de 1821, que o de Adai, alomenos, estaba constituído como concello constitucional en xaneiro dese ano; pero

opinamos que é moi posible que se constituíse no primeiro período constitucional ao redor de 1813, xa que outras xurisdicións de menos entidade, como a Somoza de Vilaouzan -cunha superficie de 32,125 km²-, atopámolos formando concello en 1813, aínda que, posteriormente, trala volta de Fernando VII, este derogase a lexislación constitucional, e se volveuse á situación anterior de 1808.

O Concello do Corgo aparece xa na primeira acta de 1841, que corresponde ao 7 de febreiro, e nela tratouse o réxime de sesións e estableceuse a casa do concello na casa mesón de D. Apolinar Valcarce, sita en San Xoán do Corgo, «cabeza do distrito municipal», a que antes nos referíamos.

ANEXO I

FREGUESÍAS DA XURISDICIÓN DA VILA E POBOA DE ADAI

NOME PARROQUIA	Nº VECIÑOS	Nº CASAS	TRABUCOS/ PRESTACIÓNS SEÑORIAIS	TITULAR DO SEÑORÍO	LINDES DA PARROQUIA	DATA DA REUNIÓN EN SERÍN
ADAI (Santiago) Sin. 10.409-01	18	22	Pedido: 5 Rv y 17 Mrs. Servizo ordinario e extraordinario: 30 Rv e 24 Mrs	Condesa de Lemos	L: Santa M ^a de Queizán, P: S. Pedro de Arxemil N: Santa M ^a de Piñeiro S: San Miguel de Pedrafitá	25.04.1753
ANSEÁN (Sta. Catarina) Sin. 10.310-06	18	18	Vasalaxe: 78 Rv Pedido: 9 Rv Servizo ordinario e extraordinario	Condesa de Lemos	L: Santa M ^a de Marei P: Marei de Abaixo N: San Pedro André de Chamoso S: Santa M ^a Madalena de Sabarei	16.04.1753
ARCOS (S. Paio) Sin. 10.618-01	19	19	Vasalaxe: 122 Rv Pedido: 10 Rv	Condesa de Lemos	L: Santa M ^a do Monte P: Santo Estevo de Paderne N: Santo Tomé de Souto de Torres S: Santa M ^a de Queizán	16.04.1753

BERGAZO (S. Pedro Fiz) Sin. 10.255-01	14	14	Vasalaxe: 64 Rv Pedido: 5 Rv Servizo ordinario e extraordinario: 29 Rv	Condesa de Lemos	L: San Xulián de Campelo P: San Miguel de Pedrafita N: San Xoán do Corgo S: Santiago de Adai	24.04.1753
CABREIROS (Sta. Mariña) Sin. 10.409-10	12	12	Vasalaxe: 93 Rv e 24 Mrs Pedido: 4 Rv e 8 Mrs Servizo ordinario e extraordinario: 25 Rv e 14 Mrs	Condesa de Lemos	L: Santo André de Chamoso, P: Santiago de Laxosa N: San Bartolomeu de Chamoso Santiago de Laxosa S: Santa M ^a Madalena de Manán	30.03.1753
CAMPELO (S. Xulián) Sin.10.269-01	17	16	Vasalaxe: 90 Rv e 24 Mrs Pedido: 8 Rv y 26 Mrs Servizo ordinario e extraordinario: 38 Rv e 21 Mrs.	Condesa de Lemos	L: Salvador de Castrillón P: San Fiz de Bergazo N: Santa M ^a de Queizán S: San Xoán do Corgo	18.04.1753
CASTRILLÓN (S. Salvador) Sin. 10.309-06	14	14	Vasalaxe: 71 Rv Pedido: 22 Rv Servizo ordinario e extraordinario: 48 Rv (por compartimento feito pola cabeza de provincia como consta do testemuño dado polo escribán de número desa xurisdición)	Condesa de Lemos e Andrade	L: Santa M ^a de Franqueán P: San Xoán do Corgo N: Santiago de Fonteita S: Santiago de Gomeán	31.03.1753
CELLÁN (S. Pedro) Sin. 10.618-11	21	21	CELLÁN DE CALVOS: Vasalaxe: 7 Rv CELLÁN DE MOSTEIRO: Vasalaxe: 1 Rv e 17 Mrs e unha galiña/veciño/ano equivalente a 39 Rv	CELLÁN DE CALVOS: Conde de Altamira CELLÁN DE MOSTEIRO: D. Juan Regueira Quiroga	L: Sta María de Freiría N: San Xulián de Pereiramá S: Santa María de Uriz	16.04.1753
CHAMOSO (S. Bartolomeu) Sin. 10.201-06	11	11	Vasalaxe: 77 Rv Pedido: 6,5 Rv Servizo ordinario e extraordinario: 18 Rv	Condesa de Lemos	L: San Pedro de Arxemil P: San Vicente de Coeo N: San Xoán de Segovia S: Santiago de Laxosa	16.04.1753

CHAMOSO (S. Cristovo) Sin. 10.405-05	18	19	Vasalaxe: 83 Rv Pedido: 9,5 Rv Servizo ordinario e extraordinario: 17 Rv	Condesa de Lemos	L: San Xoán do Corgo P: San Bartolomeu de Chamoso N: San Miguel de Pedrafita S: San Pedro André de Chamoso	17.04.1753
CHAMOSO (Sto. André) Sin. 10.445-01	36	36	Veciños ou COUTO DE SAN ANDRÉS: Luctuosa Resto Condesa de Lemos: Vasalaxe: 73 Rv e 22 Mrs Pedido: 9 Rv e 24 Mrs	Condesa de Lemos Couto de Santo André da citada condessa e do Marqués de Castelar por metade	L: Santa M ^a de Marei P: Manán de Arriba N: San Cristovo de Chamoso S: San Cosme de Manán de Abaixo	16.04.1753
CORGO (S. Xoán) Sin. 10.318-11	22	21	Vasalaxe: 104 Rv Pedido: 9 Rv e 17 Mrs Servizo ordinario e extraordinario: 42 Rv e 2 Mrs	Condesa de Lemos	L: San Salvador de Castrillón P: San Cristovo de Chamoso N: San Fiz de Bergazo S: Santa M ^a de Marei	25.04.1753
ESPASANDE (Santiago) Sin. 10.208-10	20	17	Vasalaxe: 79 Rv / ano Pedido: 7 Rv e 17 Mrs /ano Servizo ordinario e extraordinario: 36 Rv e 30 Mrs	Condesa de Lemos	L: San Pedro de Cellán P: Santa M ^a Madalena de Goi N: Santa M ^a do Monte S: Santa María de Uriz	16.04.1753
FARNADEIROS (S. Pedro) Sin. 10.468-01	30	30	Vasalaxe: 156 Rv /ano Pedido: 23 Rv/ano Servizo ordinario e extraordinario: 87 Rv	Condesa de Lemos	L e S: Santa M ^a Madalena Sabarei P: Santa Olalla de Quinte N: San Fiz de Paradela	24.04.1753
FARNADEIROS (Sto. Estevo) Sin. 10.202-06	16	16	Vasalaxe: 79 Rv Pedido: 7 Rv e 6 Mrs Servizo ordinario e extraordinario: 11 Rv e 30 Mrs	Condesa de Lemos	S: San Pedro de Cerceda L e N: San Pedro de Farnadeiros P: río Miño	15.02.1753
FOLGOSA (Sto. Estevo) Sin. 10.203-11	23	23	Vasalaxe: 100 Rv Pedido: 76 Rv Servizo ordinario e extraordinario: 76 Rv	Condesa de Lemos	L: Santa M ^a de Pacios P: Santa M ^a Franqueán N: San Pedro de Santa Cruz S: San Martiño de Folgosa	31.02.1753

FOLGOSA (S. Martiño) Sin. 10.567-01	31	29	Vasalaxe: 156 Rv Pedido: 145 Rv Servizo ordinario e extraordinario: 111 Rv	Condesa de Lemos	L: Santa Mª de Pacios P: Santiago de Fonteita N: Santa Mª de Agustín S: Santo Estevo de Folgosa	31.02.1753
FRANQUEÁN (Sta María) Sin. 10.831	29	31	Condesa de Lemos: Vasalaxe: 96 Rv Pedido: 12 Rv Agustín Henríquez: 1 día de traballo ou 2 Rv e luctuosa Servizo ordinario e extraordinario: 109 Rv e 17 Mrs	Condesa de Lemos (a excepción de 7 casas do couto de Oubime de D. Agustín Henríquez)	L: San Martiño de Folgosa P: San Salvador de Castrillón N: Santiago de Fonteita S: Santiago de Gomeán	16.04.1753
LAXOSA (Santiago) Sin. 10.627-01	31	30	Vasalaxe: 82 Rv Pedido: 9 Rv e 17 Mrs Servizo ordinario e extraordinario: 50 Rv	Condesa de Lemos	L: Santa Mariña de Cabreiros P: San Pedro de Santa Comba N: San Bartolomeu de Chamoso S: San Vicente de Coeo	16.04.1753
MANÁN DE ABAIXO Sin. 10.310-01	10	10	Vasalaxe: 9 Rv e 28 Mrs Pedido: 5 Rv e 26 Mrs Servizo ordinario e extraordinario: 21 Rv e 12 Mrs	Condesa de Lemos	L: Santa Mariña de Cabreiros P: San Pedro de Farnadeiros N: Santa Mª Madalena de Marei de Arriba S: Santa María Madalena de Sabarei	15.02.1753
MAREI (Sta. María) Sin. 10.525-01	60	61	Condesa de Lemos: Vasalaxe: 269 Rv y 48 Rv Pedido: 30 Mrs Servizo ordinario e extraordinario: 111 Rv A D. Pedro Ysidro Yebra Pimentel, señor do couto de Vilanova: prestación persoal: 1 día de traballo cada veciño estado llano ou 2 Rv Luctuosa: 17 Rv / cada ano Servizo ordinario e extraordinario : 140 Rv e 27 Mrs	Condesa de Lemos Couto VILANOVA: D. Pedro Isidro de Yebra Pimentel	L: Santalla do Alto P: Santa Catarina de Anseán N: San Xoán do Corgo S: Santa Mª Madalena de Escoureda	10.04.1753

MIRANDA (Santiago) Sin. 10.801-06	22	22	Vasalaxe: 15 Rv Pedido: 14 Rv Servizo ordinario e extraordinario: 34 Rv e 17 Mrs	Condesa de Lemos	N: Santa Madalena de Manán de Arriba L: Santo André de Mirandela P: Santo Tomé de Tórdea S: San Martiño de Folgosa	16.04.1753
MOREIRA (Sta. María) Sin. 10.432-05	25	23	COUTO VILARDECÁS: Vasalaxe: 78 Rv Pedido: 6 Rv COUTO DE MOREIRA: Luctuosa e ademais, toda a freguesía (os veciños) tiñan os servizos ordinarios e extraordinarios: 50 Rv e 2 Mrs	MOREIRA, señorío do Real Colexio de Meira de San Bernardo e Vilardecás, señorío da Condesa de Lemos Condesa de Lemos	L: Santo Tomé de Souto de Torres P: San Pedro de Romeán N: Santo André de Barredo	16.04.1753
PADERNE (Sto. Estevo) Sin. 10.490-06	14	13	Vasalaxe: 72 Rv / año Pedido: 9 Rv /año Servizo ordinario e extraordinario: 42 Rv	Condesa de Lemos	L: San Paio de Arcos; P: San Pedro de Romeán N: Santa Mª de Moreira S: Santa Mª de Piñeiro	16.04.1753
PIÑEIRO (Sta. María) Sin. 10.207	21	15	Vasalaxe: 97 Rv Pedido: 9 Rv Servizo ordinario e extraordinario: 54 Rv e 24 Mrs	Condesa de Lemos	L: Santiago de Adai P: río Ponte do Bao N: Santo Estevo de Paderne S: San Pedro de Arxemil	20.04.1753
QUEIZÁN (Sta. María) Sin. 10.208-05	24	27	Vasalaxe: 129 Rv Pedido: 39 Rv Servizo ordinario e extraordinario: 101 Rv e 13 Mrs	Condesa de Lemos	L: Santiago de Fonteita P: Santiago de Adai N: Santa Mª do Monte S: San Fiz de Bergazo	16.03.1753
QUINTE (Sta. Olalla) Sin. 10.196-11	18	18	Vasalaxe: 82 Rv e 16 Mrs Pedido: 10 Rv Servizo ordinario e extraordinario: 17 Rv	Condesa de Lemos	L e N: San Pedro de Farnadeiros S: Santo Estevo de Farnadeiros P: río Miño	15.02.1753
SABAREI (Sta Mª Madanela) Sin. 10.197-13	24	20	Vasalaxe: 87 Rv Pedido: 15 Rv Servizo ordinario e extraordinario: 9 Rv e 10 Mrs	Condesa de Lemos	L: San Pedro de Maceda S: San Miguel de Lapío P: Santo Estevo de Farnadeiros N: Santa Catarina de Anseán	15.02.1753

SOUTO DE TORRES (Santo Tomé) Sin. 10.252-06	8	8	Vasalaxe: 156 Rv Pedido: 7 Rv e 18 Mrs Servizo ordinario e extraordinario: 43 Rv e 11Mrs	Condesa de Lemos	L: Santa M ^a Madalena de Goi P: Santa M ^a de Moreira N: San Xurxo de Rebordaos S: San Paio de Arcos	15.02.1753
SOUTOMERILLE (S. Salvador) Sin. 10.246-21	4	4	Servizo ordinario e extraordinario Non recibe nada por razón de vasalaxe nin luctuosa	D. Diego Cabarcos D. Angel Pallín Zapata	L e S: Santa M ^a de Moreira P: Santo André de Barredo N: San Xoán de Barredo	16.04.1753

ANEXO II

FREGUESÍAS DA XURISDIÇÃO DE ARXEMIL, PEDRAFITA E FONTEITA

NOME PARROQUIA	Nº VECIÑOS	Nº CASAS	TRABUCOS	TITULAR DO SEÑORÍO	LINDES CON PARROQUIAS DOUTRAS XURISDIÇÕES	DATA DA REUNIÓN EN SERÍN
ARXEMIL (S. Pedro) Sin. 10.310-10	25	23	ARXEMIL: Vasalaxe: 4 Rv/ veciño/ano (nos outros coutos non se pagaba) Servicio ordinario e extraordinario: 54 Rv y 12 Mrs	A parroquia tiña tres coutos: Couto de ARXEMIL: de Agustín Henríquez; Couto de PERLIÑOS: de Don Joseph dos Seixas; e Couto de BOELLE da Condesa de Lemos	L: San Miguel de Pedrafita P: San Bartolomeu de Chamoso N: Santa M ^a de Piñeiro S: San Cristovo de Chamoso	24.04.1753
FONTEITA (Santiago) Sin. 10.636-01	40	39	VALDOMIRO: Vasalaxe: 10 Rv/ veciño á Condesa de Lemos. BARRIO: Unha galiña e 1 Rv/ veciño e luctuosa. CHAVIN: luctuosa Na freguesía: Servizo ordinario e extraordinario: 54 Rv por compartimento entre os veciños estado llano	Compoñíase de tres coutos: BARRIO de D. Joseph Páramo; CHAVÍN de D. Pedro Luis de Ulloa, señor da casa de Noceda e veciño nela; e VALDOMIRO da Condesa de Lemos	L: San Martiño de Folgosa P: San Xulián de Campelo N: Santa M ^a Madalena de Goi S: Santa M ^a de Franqueán	16.04.1753

PEDRAFITA (S.Miguel) Sin. 10.310-10	18	16	LAMAS: Luctuosa FONDO DE VILA: Vasalaxe: 3 Rv e un día de traballo ou 2 Rv/veciño. Vasalaxe CIMADEVILA: 2,5 Rv e traballo persoal con bois e carro un día ao ano ou 6 Rv	Compoñíase de tres coutos: LAMAS de D. Alonso Mendoza; FONDO DE VILA de D. Alejandro Páramo Neira; e CIMA DE VILA de D. Joseph María Seijas	L: San Fiz de Bergazo P: San Pedro de Arxemil N: Santiago de Adai S: San Cristovo de Chamoso	25.04.1753
---	----	----	---	--	---	------------

ANEXO III

COUTO DE GOMEÁN

NOME PARROQUIA	Nº VECÍÑOS	Nº CASAS	TRABUCOS	TITULAR DO SEÑORÍO	LINDES CON PARROQUIAS DOUTRAS XURISDICIÓN	DATA DA REUNIÓN EN SERÍN
GOMEÁN (Santiago)	36	35	Luctuosa Vasalaxe: estímase unha utilidade de 220 Rv (1 galiña e 2 ferrados/veciño / ano)	Obispo de Lugo	L: San Pedro de Vilavello P: San Xoán do Corgo N: San Bernabé de Castrillón S: Santa Mª de Marei	09.01.1753

BIBLIOGRAFÍA:

ABUIN ARIAS, J.: «Historia de Corgo». Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo.

BIBLIOTECAVIRTUALMIGUELDE CERVANTES:
«Colección de los decretos y órdenes que han expedido las Cortes Generales y Extraordinarias desde el 24 de septiembre de 1811 hasta el 24 de mayo de 1812. Tomo II».

CEBREIROS ÁLVAREZ, E.: “Conflictos entre municipios gallegos durante el trienio liberal: lucha por la capitalidad”. Revista de Dret Català [Societat Catalana de Estudis Jurídics]. Vol.14 (2015), P.149-181.

FARIÑA JAMARDO, J.: «Os concellos galegos. Parte xeral».

FARIÑA JAMARDO, J.: «Os concellos galegos. Parte especial».

GARCÍA ROJAS, J. A.: “La administración local en el constitucionalismo español”. Anales de la Facultad de Derecho, 19 de diciembre de 2002.

GARCÍA-GABILÁN SANGIL, M. A.: “O deslinde municipal entre os Concellos do Corgo e Láncara”. A Corga nº 8, ano 2021. Revista anual do Centro de Estudos do Corgo.

LA VOZ DE GALICIA (Diversos autores): “A grande historia de Galicia”.

MANCOMUNIDAD DE DESARROLLO DEL CONDADO DE HUELVA: “Bicentenario de las Reales Cédulas de Fernando VII, 1814-2014”.

MUÑOZ MUÑOZ, Mª D.: “Recopilación legislativa sobre las Diputaciones Provinciales”. Boletín de Estudios Giennenses. Enero-junio 2013, nº 207.

POLO MARTÍN, R.: “Los municipios y el territorio en la obra gaditana”. AHDE, tomo LXXXI, 2011.

REAL ACADEMIA DA HISTORIA: «España dividida en provincias e intendencias en 1798», prólogo de Miguel Artola.

REY MODIA, J. e PÁRAMO IGLESIAS, M^a B.: “Análise das terras do Corgo a mediados do XVIII a partir das respostas xerais do Catastro de Ensenada”. Revista A Corga nº 4, ano 2013. Revista anual do Centro de Estudos do Corgo.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.: «Economía, Política y Sociedad en Galicia: La provincia de Mondoñedo 1480-1830». Servicio Central de Publicacións da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.: “Demarcación, topónimos, papeis, memoria. Sobre a división e control do territorio na Galicia Moderna”. Discurso lido o 14 de setembro de 2013 na Real Academia Galega.

SOBRADO CORREA, H.: “Transformaciones agrarias, estrategias y crecimiento demográfico en las tierras lucenses 1750-1860”. Obradoiro de Historia Moderna, nº 5, 1998.

VALIÑA SAMPEDRO, E.: «Catálogo de los archivos parroquiales de la diócesis de Lugo». Servizo de publicacións da Deputación Provincial de Lugo.

ARQUIVOS

Arquivo Deputación Provincial de Lugo

Archivo General de Simancas

Arquivo Histórico Provincial de Lugo

Arquivo Municipal do Corgo

Arquivo Municipal de Becerreá

ABREVIATURAS.

ADPLU. Arquivo Deputación Provincial de Lugo

AGS: Archivo General de Simancas

AHPLU: Arquivo Histórico Provincial de Lugo

AHMB: Arquivo Municipal de Becerreá

AMC: Arquivo Municipal do Corgo

BOPLU: Boletín Oficial da Provincia de Lugo

BPLU: Biblioteca Pública de Lugo

L: levante (Leste)

Mrs: marabedís

N: Norte

P: poniente (Oeste)

Rs: reais

Rv: real de vellón

S: Sur

Fernando Arribas Arias

fernandoarribasarias@gmail.com

Doutor en Antropoloxía pola USC. Licenciado en Humanidades e Diplomado en EXB (especialidade en Xeografía e Historia).

No número 3 desta revista, correspondente ao ano 2012, publicamos o artigo **Cruceiros e cruces do concello do Corgo**. Aínda que coidabamos que o noso traballo de campo fose exhaustivo, sempre hai sorpresas, neste caso moi agradables, pois a localización de novos elementos do noso patrimonio sempre é unha ledicia. Así, grazas aos compañeiros e amigos Manolo Muñiz e J. M. Blanco Prado, que hai un par de anos andaban facendo o inventario dos cruceiros e cruces do Páramo, tivemos coñecemento dunha cruz na parroquia de Cela que non incluíamos no noso artigo, porque coidabamos que a partir do río Neira xa era outro concello. De volta a esta parroquia para completar o noso traballo sobre os cruceiros e cruces do Corgo, tivemos unha nova sorpresa pois, ademais da cruz da que nos informaran Muñiz e Blanco, atopamos outra máis.

As dúas atópanse no Reconco, lugar da parroquia de Cela. Trátase de dúas cruces altas moi semellantes entre si e situadas, respectivamente, en dous outeiros da entrada e saída da aldea. Talladas dunha soa peza, o que pon de manifesto unha certa pericia técnica do seu artífice, estas dúas cruces son de sección cuadrangular pero coas arestas lixeiramente redondeadas en toda a súa lonxitude. Ademais, as dúas comparten o feito de estar situadas en terreos privados.

Cruz alta da Cavada.¹

Esta cruz é a que está á entrada do Reconco e dámoslle esta denominación porque así se chama o lugar onde está situada. O terreo, no que están plantados piñeiros, pertencelle a Alicia Rodríguez Liz, de setenta e cinco anos á hora de escribir estas liñas, e que, xunto con Concha Cruz Pallares, de 56 anos, foron as nosas informantes².

¹As súas coordenadas xeográficas son: N: 42° 51.813' e W: 7° 29.140'.

²Agradecemoslles a Alicia Rodríguez e a Concha Cruz as informacións que nos deron para a realización deste traballo.

Chama a atención que esta cruz presenta no seu lado sur tres pedras, dúas verticais e unha horizontal, colocadas a xeito de mesado, se ben esta estrutura non parece ter, na actualidade, ningunha función ritual. Conformada a súa base unha pedra irregular, pero con tendencia a forma de prisma rectangular. A cruz, como xa dixemos, é monolítica, apreciándose unha notable diferenza entre os brazos, pois o da dereita, sempre dende a perspectiva do espectador, está máis alto e é máis estreito co esquerdo. Lamentablemente, a contorna deste monumento está moi deteriorada, pois está parcialmente cuberta de toxos e xestas, ademais dos piñeiros que a rodean que, cando se corten, poden supoñer un perigo para a súa integridade.



Cruz de a Cavada



Cruz de a Cavada (detalle)

Cruz alta da Aira de Arriba³

Levántase sobre un afloramento rochoso, nun terreo propiedade de José Pardo. A súa base é monolítica e ten forma de prisma, aínda que está bastante deteriorada, pois ten unha acusada fenda polo seu lado E. A cruz, tamén monolítica, está mellor traballada que a da Cavada, ademais de presentar o relevo en oco dunha cruz na intersección dos brazos polo seu lado W. Como xa dixemos, esta cruz é a que está situada á saída do Reconco, aínda que agora, coa mellora das comunicacións, compensa chegar a este lugar dende o corredor de Nadela a Monforte (CG-2.2).

Diante desta cruz, que se atopa a escasos metros da pista, paraban os enterros para rezar un responso pola alma do defunto.



Cruz da Aira de arriba (anverso)



Cruz da Aira de arriba (reverso)

³As súas coordenadas xeográficas son: N: 42° 51.777' e W: 7° 28.824'.

A función destas cruces

Segundo nos contaron, estas cruces puxéronse á entrada e saída do Reconco para tornar as bruxas. Posteriormente, díxome Concha que, falando con outra veciña, comentoulle que escoitara dicir dos “antigos” que as colocaran porque, durante algúns anos, “lles axeara o pan” e que, despois de poñelas, non volvera pasar este fenómeno metereolóxico. Tamén lle comentou que era costume chantar cruces de madeira, con ramos de loureiro e oliveira, bendicidos o domingo de Ramos, como medio de evitar as xeadas nos campos do pan.

Outras informacións

Ademais da información sobre as cruces, recollemos de Alicia Rodríguez Liz unha cantiga que reproducimos a continuación:

O pobiño de Reconco
dende lonxe parece vila,
está o Santo na entrada
e a María na saída.

Refírese as chamadas “Casa do Santo” e “Casa da María”, situadas, respectivamente, á entrada e saída deste lugar; mentres que, no medio do lugar, está a “Casa da Cruz”.

Cruz de ferro de San Xoán de Segovia

Está situada sobre o muro que delimita o adro da igrexa parroquial, concretamente, á súa entrada⁴. Non sabemos con certeza a súa orixe, pero coidamos que hai dúas posibilidades: ou ben procede dunha vella sepultura ou era a cruz que coroaba a espadana da igrexa, na que se observa a ausencia deste símbolo, tan habitual en todos os nosos templos. De sinxela factura, trátase dunha cruz grega realizada en ferro forxado, cos extremos dos brazos, da cabeceira e do pé, ornamentados cunha omega que, lembramos, é

⁴As súas coordenadas son: N: 42,99° 59.25' 14.85" e W: 7.45° 27.02' 1.11".

a última letra do alfabeto grego, o que nos leva a supoñer que a súa orixe ben puidera estar nunha antiga sepultura.



Cruz de ferro de Segovia

Cruz de pedra no cemiterio de Queizán

Grazas ás informacións de Mario Outeiro, sabemos que sobre o muro que delimita o adro da igrexa de Queizán⁵, concretamente no seu lado E, hai unha cruz granito que, na nosa opinión, debeu pertencer a un antigo viacrucis que circundaba este adro. Hoxe só queda esta cruz levantada sobre unha base monolítica de forma cúbica. A cruz, latina e de sección cuadrangular, presenta as arestas rebaixadas, tendo unhas trazas moi semellantes ás que atopamos no muro da igrexa de Cela, de aí a nosa suposición de que pertencera a un viacrucis.



Cruz de pedra no cemiterio de Queizán

⁵As súas coordenadas son: N: 42° 58.607' e W: 7°23.238'.

Cruces de misión e peto de ánimas en Adai

Tamén, na parroquia de Adai, incrustada no muro S da súa igrexa, construción realizada en torno ao ano 1890, podemos ver unha cruz de misión do ano 1952.⁶ Chama a atención a súa forma, pois a maioría destas cruces son de tipo trevoado, pero, neste caso, é latina e está realizada en mármore. Nos seus brazos figura o seguinte texto:

**“LA PERSEVERANCIA DEL BIEN/ES SEÑAL
CIERTA DE SALVACIÓN/SAN AGUSTÍN”.**

No seu pé, aparece outra inscrición na que pode lerse:

**“RECUERDO/DE LA/SANTA MISIÓN/POR
EL/SEÑOR OBISPO/Y PP AGUSTINOS/EN
SANTIAGO/DE ADAY/6 SEBRE 1952”.**



Cruz de Misión de Adai

No interior deste templo, hai outra cruz misional que data do ano 1921. Tamén está realizada en mármore e trátase dunha cruz latina de tipo lanceolada. Nos seus brazos podemos ler o seguinte epígrafe pintado con letras negras:

“RECUERDA/LOS NOVÍSIMOS/Y NO/PECARÁS”

Mentres que no pé, tamén en letras negras, aparece:

⁶As súas coordenadas son: N: 42° 58.630' e W: 7° 25.200.

“MISIÓN/DE/PP FRANCISCANOS/21 ABRIL/1921”



Cruz Misional 1921 Adai

Tamén, neste mesmo lateral da igrexa de Adai, atopamos incrustado no muro un curioso peto de ánimas⁷ presidido por unha cruz latina de tipo pometeada. Dicimos curioso, porque carece do típico retablo de ánimas e de fornela, tan frecuentes neste tipo de construcións. Consta de dous corpos, separados por dúas pequenas ménsulas horizontais. O inferior ten forma rectangular, con rebaxe e relevo de igual forma, que descansa sobre unha ménsula moldurada. O corpo superior arrinca sobre outra ménsula de perfil recto que fai as veces de altar. Carece de retablo de ánimas e, no seu lugar, figura unha inscrición coas letras en relevo que di:

ANIMAS/Y/S. ANTONIO

Por debaixo deste epígrafe sitúase un burato para as esmolos.



Peto de ánimas de Adai

Cruz de misión de Fonteita⁸

Trátase dunha cruz latina de madeira que se atopa moi deteriorada por estar situada no exterior do muro N da igrexa parroquial, templo que conserva importantes vestixios (parte da nave e cabeceira) da primitiva fábrica románica.



Fonteita

⁷As súas coordenadas son: N. 42° 58.627' e W: 7° 25.203'.

⁸As súas coordenadas son: N. 42° 57.285' e W: 7° 22.642'.

Tamén, no cemiterio desta parroquia atopamos unha construción, do ano 1942, con cuberta de lousa a dúas augas sobre armazón de madeira. No seu lado NE ten un groso muro formado por grandes cachotes de granito; mentres que, no lado contrario, a estrutura da cuberta descansa sobre dous piares monolíticos de sección cuadrangular. A parte interior do muro, que está enlucido de con xeso, ofrece unha cruz latina pintada, ademais dun texto, tamén pintado, xa algo borroso, a ambos lados da cruz:

AÑO DE 1942

Lado esquerdo

**La deuda que adquirimos al nacer
ya está cumplida entregando a Dios
nuestra alma y vida. Los cuerpos nos
los han traído aquí.**

EN CARIDAD

**pedid a Dios que tenga piedad y mi-
sericordia de nosotros.**

Lado dereito

**EL DESTINO DEL
CUERPO AQUÍ LO VE-
MOS, EL DEL ALMA
SEGÚN OREMOS.**



Fonteita



Fonteita

Cruz de pedra de Quinte⁹

Grazas ás informacións de Lois Ladra, soubemos desta cruz, emprazada á entrada do pista que leva á igrexa parroquial, templo que conserva algún vestixio da súa orixinal fábrica románica. Consta dunha base monolítica de forma rectangular, sobre a que se ergue unha cruz de pedra un pouco desproporcionada, pois os seus brazos son de maior tamaño que o pé. Ten sección cuadrangular, pero coas arestas rebaixadas en toda a súa lonxitude, agás nos extremos dos brazos e da cabeceira. Non sabemos cal era o seu emprazamento orixinal, pero coidamos que, ou ben formaba parte dun viacrucis que circundaba o adro da igrexa, ou se trataba da cruz que coroaba o lintel da porta de acceso a este adro.



Quinte

⁹As súas coordenadas son: N: 42° 54.361' e W: 7° 31.301'.

Como dato curioso diremos que no adro da igrexa desta parroquia atopamos dúas cruces no chan. A primeira é unha cruz gravada no segundo chanzo das esqueiras polas que se accede a este adro, mentres que a segunda está sobre o pavimento.



Quinte



Quinte

Tamén resulta rechamante que a cruz que preside a espadaña deste templo non estea mirando cara o fronte, senón para un lado.

Cemiterio de Farnadeiros

No muro que delimita o cemiterio de Farnadeiros, hai unha curiosa construción. Na súa parte

inferior podemos ver unha fornela de granito con arco de medio punto, posiblemente procedente dunha vella sepultura. O varal é de granito pulido e ten forma tronco piramidal, para rematar nun corpo de mármore presidido por unha cruz. Este corpo consta dunha base de forma rectangular e dun frontal no que se abre unha fornela de arco de medio punto. Ten porta de cristal con marco de aceiro inoxidable, o que nos indica que se trata dunha construción relativamente recente. Flanquean esta porta dúas molduras en gola ou cima recta, mentres que o frontón, de arco apuntado, aparece voado con respecto ao frontal.

Coroa esta construción unha cruz de mármore. Latina e de aresta viva, amosa un sudario colgando dos seus brazos.¹⁰



Farnadeiros

¹⁰As súas coordenadas son: N: 42° 54.776' e W: 7° 30.368'.

O ARCIPRESTADO DE FARNADEIROS NO ANO 1763. PRESENTACIÓN DO PRIMEIRO INVENTARIO DAS SÚAS IGREXAS

Óscar González Murado

oscar.gonzalez.murado@gmail.com

PhD en Historia da Igrexa

Director do Arquivo diocesano de Lugo

RESUMO

Presentación dos inventarios das igrexas do arciprestado de Farnadeiros realizados no ano 1763 polos párrocos. É unha descrición pormenorizada do axuar das igrexas e doutros bens existentes nas parroquias.

PALABRAS CLAVE

Farnadeiros, arciprestado, axuar, bens móbeis e inmóbeis, 1763.

INTRODUCCIÓN

Farnadeiros é o nome dun arciprestado que existiu nas terras do Corgo englobando sete parroquias. A súa existencia como tal perviviu ata o 1940 ano no que se engloba no arciprestado de Maestrescolía. Quizabes Farnadeiros fose un arciprestado que funde as súas raíces na Idade Media sendo a súa primeira referencia o testamento de Odoario do ano 747 da nosa era. Englobaba sete parroquias: San Fiz de Paradela, Lapío e Sabarei, Cerceda e Quinte, San Pedro e Santo Estevo de Farnadeiros e Santa María Magdalena de Manán de Arriba. Esta última era parroquia rexida pola orde de San Xoán de Xerusalén.


Continuando co fío iniciado no número anterior traemos desta vez outra serie de documentos, que por ser peculiares optamos por publicalos íntegros, xa que a historia tense que facer a partir de fontes e as fontes moitas veces son ignoradas. Trátase dunha serie documental do Arquivo Diocesano que ten a súa orixe nun mandato do bispo de Lugo, Juan Sáenz de Buruaga, quen foi bispo de Lugo desde o ano 1762 ata o ano 1768. É unha documentación mandada facer ós párrocos na que se reflicte o estado material das parroquias. Non conservamos a serie enteira. Desta vez presentamos a serie correspondente ó

arciprestado de Farnadeiros. Hai casos como o presente en que non están todas as parroquias pertencentes a ese arciprestado.

O esquema que se repite en todos estes inventarios é o seguinte:

1. Igrexa parroquial.- Neste apartado danse datos sobre o número de fregueses. Despois fai unha descrición da igrexa parroquial fixándose especialmente en varios elementos: o sagrario e a reserva, que é o pan consagrado, que se garda para levarlle ós enfermos e tamén destinado á adoración; o estado físico das estruturas da igrexa (paredes, portas).
2. Pía baptismal.- Dedícalle un apartado especial á pía baptismal, xa que como é o lugar onde se administra o sacramento do bautismo búscase que teña un decoro particular.
3. Altares.- Faise unha descrición superficial dos altares da igrexa e do seu estado de conservación. Ás veces tamén se engade unha enumeración e descrición de outros elementos como son a sancristía e o axuar da propia igrexa (vestiduras, candeeiros, cálices).
4. Atrio.- Fíxanse especialmente en como está o atrio da igrexa, se está murado ou non, se ten portas.
5. Ermidas.- Neste apartado describen as diferentes ermidas, se as hai.
6. Sacerdotes patrimoniais.- Fai unha relación dos sacerdotes que non teñen parroquia, é dicir, que non son curas nin son capeláns.
7. Confrarías.- As asociacións de fieis

8. Hospitais e obras pías.
9. Caudal da fábrica. Nesta apartado describe o que recibe a fábrica da igrexa destinado ó mantemento da propia igrexa. E non só iso senón que explica como se ingresa e como se reparten os ingresos.
10. Funerais.- Dedícalle un apartado especial ós ingresos que proveñen dos funerais.
11. Remata o inventario co mandato de visita no que se fan observacións para a mellora do culto e do espazo de culto.



Mapa do antigo arciprestado de Farnadeiros
(Elaboración propia)

Como podemos ver son asuntos xa coñecidos polos artigos que vimos anteriormente. A peculiaridade radica en que é o primeiro inventario de todo o que unha parroquia podía ter, sendo máis minucioso e detallista que o era a visita de 1701. Dános unha visión de conxunto de moitos elementos que aínda perduran a día de hoxe: o cemiterio ó redor das igrexas, os retablos, a distribución dos espazos dentro do templo.

Neste caso abordaremos o que ten que ver co arciprestado de Farnadeiros, que comprende as parroquias de San Fiz de Paradela, Cerceda e

Quinte, San Pedro e Santo Estevo de Farnadeiros e Lapío. Faltarían os inventarios das parroquias de Santa María Magdalena de Manán de Arriba e Santa Mariña de Cabreiros.

Sobre San Fiz de Paradela apórtanos a información de que o pobo de Vilanova alterna o cumprimento pascual entre esta parroquia e a de San Pedro de Farnadeiros. Os sacramentos do bautismo e matrimonio recíbenos en San Fiz.

A igrexa parroquial de San Pedro de Cerceda era máis pequena do que agora é. Isto dedúcese porque o visitador manda que se alongue en canto haxa medios. Tamén nos da a noticia de que en Cerceda había cemiterio exterior, cerrado cun crucifixo no medio, no cal non se pagaba nada por enterrarse.

O arquivo parroquial de San Pedro e Santo Estevo de Farnadeiros estaba empezando a compoñerse, xa que nos di que todo o anterior ardera sendo cura Pedro Fernández Senra. Arderalle a casa.

Na parroquia de Santo Estevo de Farnadeiros había unha ermida dedicada a San Cibrao moi antiga. Alí facíanse unhas “rogaciones mayores” e nela xuntábanse os catro curas do arciprestado e as cruces das sete igrexas incluídas nel. Fora amañada a ermida por mandato do bispo Santamaría.

PRATERÍA E VASOS SAGRADOS

Un dos temas que preocupa son os elementos tanto téxtiles como de ourivería que se utilizan tanto para a celebración da misa como para a devoción. Estes inventarios dannos unha imaxe da igrexa do momento, da preocupación que tiñan tanto os visitantes e os párrocos para que o que se usase fose digno e tamén belo, bonito esteticamente. Tamén preocupaba o uso que se facía en cada momento, o cómo se celebraban as diferentes funcións litúrxicas. Son sobre todo cálices, destinados á celebración da Eucaristía, a custodia de especial uso o día de Corpus Christi, o relicario, que para nós é o portaviático, que está destinado a levar a comunión ós enfermos. E tamén se fai mención do monumento de Semana

Santa. A todo isto vai unida a existencia de cantidade de ornamentos litúrxicos. No caso de San Fiz de Paradela os elementos que existen deste tipo están por dourar. Debían de cumprir uns requisitos para que a través da beleza se apreciaran os sacramentos. No caso da custodia había unha que se lle intercambiada o pé co dun cáliz. En San Pedro de Farnadeiros fala dunha custodia á que lle chama “çercha” que ten dous “serafines” que están dourados con estrelas, que se usa para exposición do Santísimo Sacramento. Da mesma maneira o pé é o dun cáliz intercambiable. Sempre se fai referencia a cal é parroquia principal e os anexos, posto que na principal está ben servida do necesario para as funcións das que falamos e nalgúns casos, como a custodia ou o portaviáticos, compárteno cos anexos.

ORNAMENTOS LITÚRXICOS

No tocante ós tecidos normalmente son os mesmos que aínda hoxe se usan. Para os cálices os corporais e purificadores, os manteis para os altares diferentes, os frontais, que como o nome indica eran usados para cubrir os altares por adiante. Despois tamén estaban as vestiduras litúrxicas como son as albas, as casullas, os manípulos, as dalmáticas. No caso de casullas, manípulos, estolas e dalmáticas tiñan que habelas de diferentes cores acordes cos diferentes tempos litúrxicos e festas. No caso dos inventarios presentes, vemos unha cantidade de denominacións dos diferentes tipos de telas. Así por exemplo en San Fiz de Paradela fálanos dun damasco branco, un droguete de lá, capotes para o oficio de defuntos, un capote de damasco de seda encarnado... Tamén neste caso fálanos do palio con flecos, que se usa para a exposición do Santísimo na procesión, e dun pendón de tafetán branco.

IMAXINERÍA E RETABLOS

As novas que nos dan sobre retablos e imaxes fainos caer na conta da renovación do patrimonio artístico nese preciso momento e tamén da conservación de retablos que a mediados do século XVIII -os inventarios están feitos na

década dos 60 do oitocentos- xa lles chaman antigos, podéndose retrotraer quizabes a finais do século anterior. En San Fiz de Paradela danos noticia dos tres retablos: o maior e os colaterais. Os colaterais estaban dedicados á Virxe do Rosario e a Nosa Señora do Carme. Deste retablo do Carme danos conta da súa antigüidade. Fálasenos do retablo de talla pintado con tres imaxes (Nosa Señora das Ermidas, San Diego e San Antonio) na ermida sita en San Fiz de Paradela. Na parroquia de Cerceda fálanos dun retablo moi vello, que o visitador manda substituír por outro de nova fábrica, e de dous colaterais baixo a advocación de Nosa Señora do Patrocinio e de San Gregorio. Na parroquia de Santalla de Quinte había xa un retablo novo sen pintar e dous colaterais, un dedicado ó Anxo da Garda e outro á San Ramón, que se acababa de facer e pintar o ano anterior-. O retablo novo de San Pedro de Farnadeiros atópase dourado, é dicir, pintado seguramente con pan de ouro. Tamén tiña esta igrexa dous altares colaterais, dedicados á Nosa Señora e a San Xoán, respectivamente. O retablo vello pasou á ermida de San Cibrao, sita na mesma parroquia. En San Miguel de Lapío e Santa María Magdalena de Sabarei fábase dos seus retablos antigos pintados coas súas imaxes ben parecidas e non diformes.

ERMIDAS

Se da anterior vez enumerábamos 17 ermidas existentes a inicios do século XVIII no actual concello do Corgo, das cales 3 pertencían ó arciprestado de Farnadeiros, desta vez atopámonos con dúas en San Fiz de Paradela, unha dedicada a San Antonio de Padua e outra sen identificar pero que podemos deducir que está dedicada a Nosa Señora dos Remedios; dúas en San Pedro de Cerceda dedicada a San Antonio de Padua e unha capela pegada á igrexa parroquial dedicada a Nosa Señora e Santa Catalina; dúas en San Pedro de Farnadeiros, unha dedicada a Santo Tomé, apóstolo, e outra a San Bartolomeu; en Santo Estevo de Farnadeiros unha dedicada á San Cibrao; en San Miguel de Lapío unha dedicada a de San Marcos. En total son 7 ermidas e unha capela.

CONCLUSIÓNS

Sempre é unha boa nova atopar documentos que nos axudan a poñerlle data ás cousas. Un inventario non é máis que unha foto instantánea dunha época e vimos de facelo notar no que levamos desenvolvido. Os inventarios axúdannos a poñer cada cousa no seu sitio e coñecer o que había e o que hoxe hai. Habería que facer un cotexo entre os inventarios e a actualidade.

Sobre Farnadeiros como arciprestado descubrimos a existencia dunha función litúrxica que lle daban sentido ás sete parroquias que constituían esa unidade: as rogativas celebradas na capela de San Cibrao. Esas funcións fóronse diluíndo, segundo nos di o documento, celebrándose particularmente en cada parroquia.

Constatamos a importancia deste tipo de documentos para poder facer a trazabilidade de certas realidades patrimoniais, fundamentalmente retablos e imaxes, que nalgúns casos se conservan na actualidade.

Sorprendeunos tamén que xa hai pegadas de inhumacións ó redor das igrexas, cando supoñiamos que na Idade Contemporánea se empezara a facer a partir do 1800. Son os cemiterios parroquiais.

O estado de conservación da documentación é deficiente por iso temos certas lagoas no texto que son representadas entre corchetes. Presentamos a transcripción querendo dar así a coñecer integramente o texto xa que é unha fonte recorrida para a súa consulta. Queda como tarefa un estudio minucioso de cada un dos elementos e unha contextualización dentro do gran mar que é a propia historia.

Sabemos que dar á luz este tipo de documentos nos levan a outra época cun linguaxe para nós hoxe case irrecoñecible, pero seguro que os estudosos hanlle sacar bo partido porque aquí póñense os puntos sobre os is sobre algunhas cousas que criamos froito da amnesia colectiva.

1

ADL, SC, *Estados de las iglesias, Farnadeiros 1, San Fiz de Paradela*

Estado en que se halla actualmente la iglesia parroquial de la feligresía de San Pedro Fiz de Paradela, arciprestazgo de Farnadeiros del obispado de Lugo formado por don Luis Antonio Méndez de Castro Cura de dicha feligresía y unida, de orden del ilustrísimo señor Juan Sáenz de Buruaga, obispo y señor de la ciudad y obispado [...] en este año de 1764.

Iglesia parroquial

La Iglesia parroquial de San Pedro Fiz de Paradela, ... de veinticinco vecinos, con más vecinos del lugar de Vilanova que estos un año cumplen con el precepto pascual en esta feligresía y el otro cumplen en San Pedro de Farnadeiros, bautizar y casar en esta. Tiene sagrario, donde se guarda continuamente el Santísimo Sacramento, en un copón de plata por dorar, tiene relicario de plata por dorar para llevar Su Majestad a los enfermos, un viril de plata por dorar para cuando está manifiesto Su Divina Majestad. A este viril le sirve de pie un pie de un cáliz que es de tornillo. Hay en dicho sagrario ara buena, corporales limpios. El tabernáculo está fijo en el altar, tiene su puerta firme con llave corriente y por la parte de afuera en la puerta una cortina de persiana. Cuando se pone de manifiesto el Santísimo, que es día de Corpus, se pone con decencia con doce luces blancas y algunos años más el altar compuesto con sus ramalletes y flores que hay en la iglesia. En la Semana Santa se guarda Su Majestad en esta iglesia todos los años con la decencia posible. Las lámparas: Hay tres de metal amarillo. Se encienden a la misa parroquial a los días de fiesta, la del altar mayor cuida de ella el mayordomo y las otras ... algunos devotos. Tiene dos puertas la iglesia las cuales cierran con llaves [...] las tiene el cura en su casa [...] decir misa. Las paredes están [...] dentro y fuera. Los techos están fayados de [...] no llueve sino que

la [...] alguna. El piso solado de piedra igual, el campa[...] una campana corriente.

Pila bautismal

La pila está [...] y es de piedra, la tapa de madera cerrada con llave y se guarda. Hay una lacena pequeña en que se guardan las [1^v crismas y más necesario para la administración del sacramento del bautismo.

Altare

Además del altar mayor hay otros dos a los lados. Al lado de la epístola uno con la invocación de Nuestra Señora del Rosario, el colectoral ya antiguo con sus cortinas, frontal de palmarata, una [...] paño de manos, ara y cruz y arriba algunas imágenes [...]. Al lado del evangelio otro altar con la imagen de Nuestra Señora del Carmen de yelso sus dos angeles de lo mismo, el colateral pintado ya antiguo con sus cortinas igual al otro una mesa de manteles, ara, frontal ya viejo. Estos altares no tienen patrono y son de la iglesia. Misales: Hay dos uno mediano y otro viejo y dos atriles.

Hay coro alto sollado de madera.

Hay tres confesonarios de rejillas para las mujeres.

La sacristía es decente fayada por arriba con un cajón en que se guardan los ornatos con decencia. Hay dos cálices por dorar con sus patenas. Una arca que sirve para el pan de primicia.

Ornatos: Hay cinco: uno de damasco blanco cenefa [...] nuevo con todo lo necesario; otro de droguete de lana casi nuevo con lo necesario; otro [...] de lana con lo necesario con su [...] de lo mismo y capotes para las funciones de difuntos, estos medianos y otro viejo de damasco de seda encarnado con lo necesario. Esto se entiende tantos ornatos, tantas albas, amitos, manípulos, estolas. Una capa de damasco blanco de seda nueva.[2^r Hay en esta iglesia un palio de seda verde con sus flecos nuevos. Un pendón de tafetán blanco casi nuevo, un estandarte de persina de lana nuevo con una estampa del Sacramento, una banda de tafetán blanco.

Hay cuatro [...] corporales: una de damasco blanco y otra de seda [...] otra negra de lana, otra [...] de tela vieja, todas con sus corporales los tres nuevos y uno usado, más otra bolsa blanca pequeña con sus corporales también pequeños y decentes que sirve para llevar Su Majestad a los enfermos. Una loba o sotana nueva de bayeta y otra vieja. Dos candeleros de metal, un hisopo de metal, cuatro candeleros de palo pintados. Un incensario de metal usado, dos vinajeras de estaño nuevas, una cuchara para echar agua en el cáliz.

Paños de cálices

Hay uno de tafetán blanco casi nuevo, otro de seda encarnada y otro de tafetán negro, casi nuevos, dos conclusiones de seda en carda nuevas y otro viejo.

Purificadores: Hay seis decentes. Cinco cíngulos de lino: tres nuevos y dos medianos.

Altar mayor [...] pintado a la antigua. Es patrón de esta iglesia San Pedro Fiz o Félix, pintado o retocado de nuevo. Imagen de San Pedro Mártir, otra de San Ramón y en lo alto un Santo Cristo, una Nuestra Señora de la Soledad y San Juan Evangelista, un frontal de madera pintado. Este altar tiene dos mesas de manteles medianos, los paños de manos. Cruz parroquial de madera[2^v pintada. La Capilla mayor de dicha iglesia se haya fallada a lo raso. En el coro o tribuna de dicha iglesia se halla una arca para guardar algunos ornatos, un palio, pendón, cpas y ornato nuevo, un espejo grande para adorno del altar en las funciones, las andas para llevar los santos en procesión.

Atrio

El atrio está con sus paredes y puertas cerrado y no entran animales.

Hay o tiene este curato una casa con algunas cortiñas, prados y propiedades, que todo llevará de sembradura doce fanegas poco más o menos y paga al ilustrísimo cabildo de Lugo diez y siete fanegas de pan y cuatro de trigo, con más cuatro fanegas y media a la dignidad de Maestrescuela.

El beneficio es de presentación laical de la excelentísima señora condesa de Lemos y lo presenta todas vacantes, percibe el cura en este de San Pedro Fiz todos los diezmos, a excepción de seis casas en el lugar de Villanueva, que parten por mitad con el ilustrísimo cabildo de Lugo y en el unido se parte en siete [...] mitad con el cura de Lajosa y otras dos que tienen alguna sincura y sellaman el uno don Francisco Ribera y de [...] Villares, vecino de San Martín de las Cobas [...] quedan cinco casas para cuatro pobres en que [...] y la otra que es mayor la percibe enteramente Su Majestad nuestro rey y sacadas todas [...] el beneficio trescientos ducados, algunos años menos.^{3r}

Capillas

En este de San Pedro Fiz hay dos capillas: la una de San Antonio de Padua, sita en el lugar de Paradela con su altar [...] sin pintar pero decente, las imágenes son decentes, las paredes seguras blancas por [...] fayada de madera a manera [...] se cierra con llave y esta la hizo o fundó [...] que fue de San Fiz de Paradela y la dejó a cargo de Eugenio López y sus herederos y que tuviesen cuidado de su decencia, tiene un cajón con su llave para recoger los ornatos y más necesario. Tiene un cáliz, su pie de metal y el vaso de plata con su patena de lo mismo por dorar y cuchara de plata; un misas casi nuevo, dos manteles con sus toallas decentes, vinajeras de vidrio con su platillo de Talavera, dos casullas con sus correspondientes estolas y manipulos, la una de princesa de seda nueva, color encarnado, flores blanca y la otra de lana de varios colores; dos cingulos, el uno de seda y el otro de hilo, casi nuevos, dos amitos con sus encajes, dos albas, una de tela y otra de lienzo decentes, dos mesas de corporales, dos paños para los cálices, uno de la misma princesa y el otro de tafetán buenos, cuatro purificadores, una loba ya usada, un frontal de tela en el altar.

La otra capilla está sita en el lugar de Villanueva de esta feligresía de San Fiz. Esta la hizo don Mateo de Puga, sacerdote y vecino que fue de dicho lugar que ahora es difunto, con licencia del

ilustrísimo y señor obispo fray Andrés Capero y este fundador la dejó al cuidado de sus herederos y casa de Villanueva, que hoy es Diego de Puga, no sé que tenga renta alguna [...] de esta capilla Mateo, el retablo de talla pintado [...] imágenes de Nuestra Señora de las Hermitas, San Diego y San Antonio y todas con decencia, la capilla blanca por dentro y alguna cosa por fuera, fayado de tabla con su puerta con llave. [...] Santa Cruz una mesa de manteles, un paño de manos, un frontal de patarata florecido, dos vinajeras de vidrio; un cáliz el prode metal blanco, la copa o vaso de la patena de plata, todo por dorar; una mesa de corporales decentes con su bolsita [...]; dos paños de cálices, uno de tafetán blanco y otro encarnado ya usados; misal nuevo con su atril [...] terciopelo de lo mismo, otro ornato [...]; albas medianas, dos amitos [...] cingulos [...].

Sacerdotes patrimoniales

En esta feligresía de San Pedro Fiz, hay patrimonial don Pedro Alonso López, vecino del lugar de Paradela de esta feligresía, presbítero. Tiene licencia de confesar.

Don Pedro Basilio López, vecino do Placer de esta feligresía, presbítero, patrimonial de Santa Eulalia de Quinte de este arciprestazgo. Tiene licencia de confesar.

Don Froilán de Puga Montenegro, vecino del lugar de Villanueva, presbítero, patrimonial de San Esteban de Farnadeiros. Tiene licencia de confesar.

Don Manuel de Puga Montenegro, vecino del mismo lugar y hermano de este de arriba, presbítero, patrimonial de San Pedro de Cerceda. Tiene licencia de confesar.

San Esteban de Farnadeiros como San Pedro de Cerceda son de este arciprestazgo. Las edades de estos: el primero y patrimonial de esta de cuarenta años poco más o menos. Segundo de cuarenta y cuatro, poco más o menos; tercero cuarenta, poco más o menos; cuarto cuarenta y cuatro poco más o menos.

Cofradías

En esta iglesia hay una cofradía del Santísimo Sacramento aprobada y visitada todos los años. No tiene [...] alguna sino la limosna que dan los cofrades [...] mayordomo y da cuenta en la visita.^{4r}

Hospital

No hay hospital ni de enfermos ni de peregrinos ni tampoco hay renta ni obra pía, ni aniversario que se deba dar cuenta.

[...]

[...] oratorio [...] en casa alguno.

La iglesia no tiene archivo de papeles [...] algunos.

Caudal de la fábrica

Esta iglesia de San Pedro Fiz de Paradela tiene de primicia ocho fanegas y medio ferrado y un ferrado de dotación que paga Eugenio López, vecino del lugar de Paradela por el derecho de una sepultura en esta iglesia, de esto se saca la decima para el Seminario o colegio de Lugo y sacada la decima un año con otro valerá de renta catorce ducados, computado la fanega un año con otro veintidós reales de vellón, y esta renta no es fija porque se mueren algunos vecinos o se mudan de esta feligresía a otra se disminuye la renta; de entierros se paga para la fábrica del medio de la iglesia adelante dos ferrados y del medio a la puerta uno; esto no se puede computar porque algún año no hay entierro, otro dos o tres y así un año con otro por lo más veintidós reales que hacen dieciséis ducados. El caudal de la fábrica corre a cargo del mayordomo que se elige cada año y lo eligen el mayordomo que después [...] y estos mayordomos dan cuenta cada uno [...] de lo que se gasta en cera y otras cosas necesarias al culto divino y se asienta como también los [...]. En esta feligresía no hay depositario y lo que hay de caudal está en poder de los mayordomos según lo fueron por años ^{4v}

Funerales

El cura por sus derechos en los funerales percibe por misa cantada siete reales [...] y a los sacerdotes cinco reales si no se les dá de comer y así está en costumbre [...] pocos son los que dan [...] y alguno lo hace [...] no hubo inconveniente por estaren los sacerdotes [...] dejación y capacidad en todo.

Y como cura de dicha feligresía lo firmo a ocho días del mes de octubre del año de 1764.

Don Luis Antonio Méndez de Castro [Rubricado]

Visitó su señoría ilustrísima esta iglesia mandó cobrar sus caudales en el termino de tres meses, aviso en el de quince días, y que este cura rector dore el copón y un cáliz; compre un ornato verde y morado, ponga vidriera entera en la capilla mayor con su rejilla por la parte de afuera, blanquee la capilla mayor y cuerpo de la iglesia y cuando haya caudal alarguela dandonos antes aviso y después de ajustada la obra. Las dos hermitas que hay en esta feligresía las damos por buenas.

2

ADL, SC, *Estados de las iglesias*, Farnadeiros 1, Cerceda y Quinte

^{1r}

Actual estado en que se hallan las dos iglesias de San Pedro de Cerceda y Santa Eulalia de Quinte arciprestazgo de Farnadeiros Obispado de Lugo formado por don Manuel de Neira cura de ellas de orden del Ilustrísimo Señor Don Juan Saenz de Buruaga del Consejo de Su Majestad, obispo y señor de la ciudad de Lugo el año de 1764.^{2r}

Parroquia de Cerceda

Esta iglesia se compone de veinticuatro vecinos. Tiene sagrario donde se guarda continuamente el Santísimo en un copón de plata sin dorar. Relicario de plata sin oro para cuando se lleva

a los enfermos. Viril de palo para cuando hay manifiesto. Ara decente, corporales limpios. El tabernáculo está fijo en el retablo, y altar cerrado con llave que permanece en seguro. Cuando se manifiesta el Santísimo se hace con la posible reverencia, seis u ocho luces de la iglesia, y si algún fiel tiene devoción hay más, y se lleva a los enfermos en la misma forma. En la Semana Santa se guarda con la decencia posible, y asistencia del cura, y mayordomo todos los años. La lámpara, que una sola hay arde unos días mientras se celebra, otros no, por no tener más fondo que la devoción de los fieles y lo más de esta iglesia son muy pobres. Cela el cura la puerta de la iglesia está con llave segura y a cargo de Domingo Fernández por inmediato. Las paredes están de nuevo firmes y seguras y parte de ellas aún sin blanco. Los techos también nuevos y buenos. Tres tragaluces sin vidrio. El [...] con una campana pequeña.

Pila bautismal

Está fija, es de piedra con cerradura de madera llave corriente y alacena para lo necesario.

Altars

Además del mayor cuyo retablo es muy viejo hay dos colaterales bajo la invocación de Nuestra Señora del Patrocinio con tres imágenes no deformes, cruz ara, manteles. El otro de San Gregorio sin misales ni atriles.

Coro y órgano

No los hay.^[2v]

Confesionarios

Hay uno cerrado, es decente y según disposición del Santo Oficio.

Sacristía

Es nueva, pequeña, con su cajón en que se guardan ornatos, cáliz, patena, corporales, vinajeras sin platillos.

Corporales, purificadores, manteles

Hay tres corporales con sus hijuelas: dos decentes, uno viejo. Diez purificadores; dos manteles en los altares y un paño de manos para el lavatorio.

Amitos, albas, cíngulos

Hay tres amitos, dos decentes, uno usado. Dos albas decentes, una usada. Tres cíngulos, dos decentes, uno inservible. El aseo y limpieza de la ropa blanca es de cuenta del mayordomo y (...) del cura.

Ornamentos

Hay una casulla de damasco blanco con su manípulo y estola de lo mismo, es decente. Otro de negro completo es también decente. Hay otro muy usado. Hay banda de tafetán blanco. Hay palio bajo del cual sale Su Majestad. No hay capa ni dalmáticas algunas y las funciones así solemnes, como fúnebres se hacen en ambas iglesias sin ellas con arto dolo de mi corazón. A menos que tal, cual acomodado las busca fuera.^[3r]

Archivo

No lo hay, ni más libros que de bautizados, casados, difuntos, cofradías, fábricas, sinodales de este obispado, prácticas de Carabantes y uno en blanco para los confirmados. Están con sus respectivos rótulos y folios y paran en poder del cura.

Cementerio

Su Señoría Ilustrísima visitó estas iglesias y mandó cobrar sus caudales y de cofradía dentro de tres meses. En el anejo vidriera con rejillas y estas en el cuerpo de la iglesia. Blanquear la capilla mayor y paredes de la iglesia por dentro y fuera todo a cuenta del cura por multa por no haber asistido a recibir la santa visita de Su Señoría Ilustrísima. Llave a la pu[erta] del atrio y a la pila. Componer el lastrado de la iglesia. Comprar una cucharita, dorar el cáliz. [...] [Com]prar un ornato blanco de damasco de seda que ha de hacer a su costa el cura por la misma omisión que en el anejo. Haga copón de moda, trocando el que tiene dorándole el cáliz y relicario. Lastrar con igualdad la iglesia. Llave a las puertas del atrio con cerraduras. Encargósele más celo, atención y limpieza al culto y decencia de la iglesia. Se le previno dar cuenta y aviso de lo mandado dentro de dos meses. Que intime al capellán de la capilla contigua a la iglesia presente la fundación en la visita de Su Señoría Ilustrísima para examinarla. También se providenció sobre dar los tres reales de los santos óleos en este arciprestazgo, no debiendo dar más de un real según los sinodales, mandando la observancia de un real en lo sucesivo.

XENEALOXÍA DUNHA FAMILIA DA PARROQUIA DE SANTO ANDRÉ DE CHAMOSO: OS DÍAZ

Martín Monge, Alberto

albertomartinmonge1@gmail.com

Graduado en Historia (Universidad Complutense de Madrid)

Máster en Dereito Nobiliario e Premial, Heráldica e Xenealoxía (UNED)

RESUMO

Nos últimos anos están a levarse a cabo máis estudos historiográficos relacionados coa historia local, especialmente coa xenealoxía e os entroncamentos de localidades medianas ou pequenas. Neste traballo quixemos continuar esa tendencia e dar a coñecer como se desenvolveu a xenealoxía dunha familia do Concello do Corgo, concretamente da parroquia de Santo André de Chamoso.

Veremos que as persoas mencionadas tendían a moverse bastante por distintos motivos: casamento con outra persoa de distinta parroquia, incluso fose do actual Concello, ao non haber con quen casar na súa ou non entrar na estratexia familiar; por pertencer a unha aldea dunha parroquia lindeira a outra; por oficio, como no caso dos escribáns ou párrocos que aparecerán ao longo destas páxinas; por emigración natural e unha longa listaxe máis.

Palabras clave

Santo André de Chamoso, Díaz, xenealoxía, familia, O Corgo, Idade Moderna, parroquia, Hospital.

1. Contexto de la parroquia

Santo André de Chamoso coñecíase como San Pedro de San Andrés de Chamoso, como queda patente no estudo do seu rexistro parroquial e rexistros civís como o *Catastro do Marqués de la Ensenada* (1753). Este último padrón infórmanos que pertencía ás terras do condado de Lemos e do marquesado de Castelar, polo que eran de señorío e non de reguengo e entendemos que se mantivo esta situación ata a supresión dos señoríos en 1811 e a súa abolición definitiva en 1837.

A súa terra caracterizouse por «tierras de secano, hortalizas, prados de regadío y de secano, sotos de castaños, dehesas de robles¹», producindo, sobre todo, centeo e nabos co método do barbeito, sendo tamén característicos as cerdeiras, perales, maceiras e castiñeiros.

Está formada por tres núcleos poboacionais: Santo André, Hospital e Vilapene. Contaba en 2022 con 80 veciños, chegando fai tan só vinte anos aos 130, divididos entre os 31 de Hospital, os 29 de Santo André e 20 de Vilapene. En canto ás casas que existiron ou existen na parroquia, o doutor Fernando Pérez Peña² menciónanos varias como as de Cacharón, Bacariza, Suairexe, estas en Santo André; Jacob, Outeiro, Milleiro, en Vilapene; Aldegunde, Cuturru, Pendella,



Carteis dos núcleos poboacionais da parroquia

¹Libro interrogatorio da parroquia de San Pedro de Santo André de Chamoso, Catastro del Marqués de la Ensenada. Archivo Histórico Provincial de Lugo (de agora en adiante AHPL), leg. 10445-1.

²PÉREZ PEÑA, F.: Saudade de la aldea, Visión Libros, 2005.

en Hospital; entre outras moitas máis que vai enumerando no seu libro, ata un total de 62. A mediados do século XVIII, o profesor Hortensio Sobrado indica que a parroquia gozaba dunha media de máis de sete habitantes por fogar³, aspecto que amosa que era unha poboación máis concentrada que en outras parroquias próximas.



Cruceiro e igrexa de Santo André de Chamoso

En canto ao estudo dos libros parroquiais, para a análise demográfica, contabilizamos un total de 139 matrimonios no libro que abrangue os anos 1664 a 1788, cunha clara tendencia a ser a contraente a natural da parroquia e o contraente vir doutra. No libro de matrimonios de 1788 a 1815 contamos con 40 vodas, coa mesma preferencia de casar na parroquia da muller. No libro dos anos 1816 a 1851 temos 64 unións, e no de 1852-1862 tan só 21 matrimonios.


Con respecto á aldea de Hospital, onde afunden as súas raíces os Díaz, debe o seu nome á existencia dunha institución hospitalaria para peregrinos⁴, xa que por alí pasaba, ademais do

³SOBRADO CORREA, Hortensio: «Heredero único y familia troncal en la Galicia interior, 1750-1860», en *Studia histórica. Historia Moderna*, vol. 23, 2001, pág. 280.

⁴XIZ, Xulio: *O Corgo, amplo horizonte*, 2007, pág. 27.

Camiño ata Santiago, o Camiño Real que unía a Corte de Madrid coa Coruña no século XVIII.

Xa se ten constancia, en 1597, de testamentos vinculados coa igrexa, concretamente o primeiro deles é o do escribán Juan Alonso, veciño de Hospital, e a súa muller María Besteiro; por tanto é unha parroquia que foi fundada polo menos no século XVI e é moi probable que xa na Idade Media funcionase completamente, do mesmo xeito que as parroquias de ao redor. Tamén é importante para coñecer o estado económico



Detalle da fachada da igrexa de Santo André de Chamoso

da igrexa parroquial, o chamado «iglesario». Na Idade Moderna son as declaracións do cura don Antonio Valcarce e González o 13 de abril de 1747 ante o escribán Antonio López Torrón e en 1748 ante Domingo Antonio de Castro, onde manifestan el e outras veciñas testemuñas as terras que se dispón. Tamén nesta época, en 1702, infórmase que non posúe capelanía nin confraría, pero que ten dúas ermidas: San Roque e Santa Isabel⁵.

⁵GONZÁLEZ MURADO, Óscar: «Estado das igrexas do Corgo á principios do século XVIII. A visita de Bustos de la Torre no ano 1700», en *Corga. Revista anual do Centro de Estudos do Corgo*, n.º 9, 2022, pág. 50.

De gran importancia para coñecer a aldea durante a metade do século XVIII, sobre todo polos detalles cotiáns, é a crónica da viaxe que emprendeu o presbítero Diego Alejandro de Gálvez en 1755. O 25 de maio fai noite en Hospital de Chamoso, na súa escala entre a aldea de Galegos e a cidade de Lugo. Conta que ten tres veciños, aínda que debe ser unha forma de falar como símil de lugar moi despoboado. Non goza dunha pousada o lugar, pero hospedouse en casa dun tal don Francisco, que debe ser o mesmo don Francisco de Páramo que mencionaremos máis adiante, quen «admite en su casa hasta los arrieros más desdichados, por su justo precio» e contoulles «contó cosas de su mucha nobleza, y no sé qué apuntó de una parienta con quien (decía) se quiso casar uno de los Bucareli, y no fueron ellos gustosos». Interesante é que, do mesmo xeito que en toda Galicia, apunta a que lle serviron en pratos de madeira⁶, o que indica que non era un sitio rico pero si cómodo, como tamén narra nos seus diarios de viaxe entre 1754 e 1801 o coruñés José Cornide, corroborando que Hospital era unha parada case necesaria antes de chegar a Lugo, da que distaba dúas leguas⁷.


2. Sebastián Díaz: o xefe da casa

Sebastián Díaz é a persoa que tomamos como referencia, a cabeza da familia. Natural da parroquia de Santo André de Chamoso, foi veciño toda a súa vida do barrio do Hospital. Era fillo de Jorge da Fouce e de Inés Díaz, falecida na parroquia no 22 de marzo de 1671, de quen toma o apelido. Usar o apelido materno era máis común entre as mulleres, pero neste caso podería suceder que se considerase de mellor status o Díaz da súa nai e decidise usalo, ou simplemente que lle coñecían así e quedou xa na súa descendencia.

Sebastián casou tres veces. A primeira con Inés Álvarez, filla de Miguel do Castro e Dominga

Álvarez, natural de San Miguel de Lapío, con quen tivo a Gracia Díaz, casada en primeiras nupcias en Santo André de Chamoso o 4 de febreiro de 1688 con Jacinto Madarro Rodríguez, sendo veciños de Vilapene, e en segundas nupcias dez anos despois, o 21 de marzo de 1698, con Domingo Carpinteiro.

O segundo matrimonio foi con Isabel López, filla de Juan de Manán e María Alonso, natural de San Xoán do Corgo, falecida o 10 de maio de 1688, quen tivo a don Pedro Díaz Guitián (1675), cura da parroquia de San Mamede dos Anxos e anexos e sacerdote patrimonial de Santo André de Chamoso, que fixo testamento ante Antonio López Torrón o 10 de xullo de 1742, e que fora apadriñado por don Pedro Ureta, alcalde de



Sinatura de Pedro Díaz Guitián (1706)

Adai, polo que se ve que as redes familiares eran amplas; e a José, nacido en 1680. Hai que apuntar que don Pedro Díaz Guitián foi un intermediario moi útil para a súa familia, constando como testemuña ou axente dos seus irmáns e sobriños ante distintas transaccións comerciais, preitos, convenios e un longo etcétera, coa seguridade e confianza que daba un párroco, sobre todo un párroco dunha zona rural, neste período histórico. Don Pedro mandou enterrarse na capela maior da igrexa, cos seus hábitos eclesiásticos, sen dúbida o lugar máis privilexiado.

O terceiro matrimonio de Sebastián foi con María Fernández o 14 de xuño de 1686. Ela era natural de Santa María Madanela de Moscón, filla de Juan Paz e de Catalina Fernández. María Fernández chegaba viúva de Pedro de Bande,

⁶GÁLVEZ, Diego Alejandro de: *Itinerario geográfico, histórico-crítico y litúrgico de la España, Francia, Flandes y gran parte de Alemania*, fols. 58v.-59r. Biblioteca de la Universidad de Sevilla, 1755.

⁷ABASCAL, Juan Manuel y CEBRIÁN, Rosario: *Los viajes de José Cornide por España y Portugal de 1754 a 1801*, Real Academia de la Historia, 2009, pág. 168.

natural de Santa María de Marei e fillo de Pedro de Bande e Dominga do Outeiro. Con ela tivo varios fillos: Álvaro (1687), Juliana, María Ana (1692). Falaremos en distintos apartados deles e da súa descendencia.

En 1699 adquiriu a Alonso Torrón no lugar de Vilapene a lamela que chaman dos Pumares» coa cortiña que lle pertence e dezasete pés de castañales «y más árboles de llevar en sembradura media fanega» por 132 reais de vélaro⁸. En 1704 comprou por 300 reais de vélaro ao mesmo Alonso Torrón a lamela «que se dice do Foxado que sirve para hierba de siega, pasto y monte en sembradura de una fanega de centeno» tamén en Vilapene «y sus términos cercada de muro confinante con el camino que se dice dos Cabos⁹».

A Sebastián tocoulle vivir a transición entre os Austrias e os Borbóns, quedando patente a tensión polo tema dos foros xa en 1705¹⁰, ao tratar unhas compras de terras no lugar de Quintela cun tal Andrés Rodríguez, veciño de Gondar¹¹. Tamén coñecemos outro preito de Sebastián con dona Antonia Sanjurjo e Montenegro, viúva de don Froilán López de Neira, por un prado que tiña en propiedade o noso protagonista e polo que pasaba o rego, que foi prexudicado por alongar a señora Sanjurjo unha gabia, polo que Sebastián Díaz presentou querela criminal que posteriormente retirou tras mediar pola concordia un grupo de «personas honradas¹²».

Tamén coñecemos que foi mestre de postas, o encargado das paradas postais que velaba polo mantemento do servizo nos lugares que tiña asignados, entre o que entraba, sobre todo, o coidado dos cabalos que servían para transportar o correo. O seu nomeamento formalizouse o 10 de abril de 1683 por dona Catalina Vélez de

Guevara, condesa de Oñate e Villamediana¹³, que ocupaba o oficio de Correo Maior dos reinos de España. A súa zona delimitouse entre Hospital de Chamoso, a súa casa, ata Santa Mariña de Galegos, onde seguirían as postas cara a Madrid e a Corte; e desde Hospital ata Outeiro de Rei, que continuaría con outros mestres cara á Coruña, Santiago, Pontevedra e outros lugares do Reino de Galicia.

Sebastián Díaz falecería en Hospital o 7 de decembro de 1712 e foi enterrado ao día seguinte. Deixou testamento ante Álvaro Sanjurjo, «secretario de su Majestad», e dispuxo noventa misas pola súa alma máis dúas misas na Nosa Señora dos Ollos Grandes da cidade de Lugo, máis outras dúas na Nosa Señora das Ermidas e dúas na nosa Señora de Agustín¹⁴. Como adoitaba suceder, vinculábanse ao santo do seu nome, neste caso san Sebastián, deixando seis misas na festividade do santo, sostendo esa fundación pía sobre a mellora do quinto e terzo de todos os seus bens.

A importancia da «Boa Morte» nesta época facía que se chegase a hipotecar certos bens, ou todos neste caso de Sebastián Díaz, con tal de cumprir coas misas e demais mandas pías que servisen para liberar a alma do Purgatorio e poder alcanzar o ceo. Pero non só servía para un mesmo, senón que se pedía por outros familiares defuntos e dábase a coñecer que eras un bo cristián e seguías os preceptos que mandaba a Igrexa, por exemplo, coas doazóns post mortem a distintas causas, especialmente aos Santos Lugares de Xerusalén.

María Fernández faleceu máis de dúas décadas despois co seu marido, o 12 de decembro de 1733. Dispuxo pola súa alma practicamente o mesmo que el, incluíndo o testamento mancomunado que realizaron; con todo, ela hipotecou para estes gastos «el prado y era que están junto a la puerta».

⁸AHPL, protocolos de Juan Antonio Cedrón, leg. 513-4, 1766, fol. 42r.

⁹AHPL, protocolos de Juan Antonio Cedrón, leg. 513-4, 1766, fol. 42v.

¹⁰Para este tema, ver EIRAS ROEL, Antonio: «Las ciudades gallegas ante el cambio dinástico. De las Juntas del Reino seiscentistas a las reformas de Nueva Planta», en *El mundo urbano en el siglo de la Ilustración*, 2009, Santiago de Compostela, páxs. 15-50.

¹¹AHPL, protocolos de Antonio López Torrón, 1705, leg. 408-4, fols. 2r.-3r.

¹²AHPL, protocolos de Antonio López Torrón, 1705 leg. 408-4, fols. 37r.-38r.


¹³AHPL, protocolos de Antonio López Torrón, 1704, leg. 408-3, fol. 64r.

¹⁴Arquivo Histórico Diocesano de Lugo (de agora en adiante AHDL), parroquia de Santo André de Chamoso, libro 2 de difuntos, casados y bautizados, fol. 10r.

3. Álvaro Díaz Guitián

Nacido no barrio do Hospital, foi bautizado de socorro o 14 de xuño de 1687 polo párroco don Álvaro de Losada, de quen toma o nome, e polo licenciado don Alonso de Ulloa, que lle puxo os óleos. O seu segundo nome foi Benito, aínda que, como adoitaba suceder, perdeuse e tan só usaba o de Álvaro.

Casou en San Fiz de Paradela o 7 de novembro de 1707¹⁵ con María Díaz de Puga, filla de Diego Álvarez de Puga e de dona Inés Díaz de Páramo (ou Castroverde), que testaron ante Antonio López Torrón en 1718¹⁶. Foi irmá do licenciado don Mateo Álvarez de Puga, sacerdote; de Juan, casado con dona Josefa de Gayoso e Montenegro; de Ana Díaz, casada con Tomás Ares; e de Rosa Díaz.



Sinatura de Álvaro Díaz Guitián

O dote da súa muller compúxose, sobre todo, de cousas do fogar como utensilios e roupa, realizando o contrato co seu sogro Diego¹⁷, o cal cedía en dote á súa filla multitude de propiedades. Mentres tanto, Sebastián Díaz e María Fernández dotaban ao seu fillo da mellora de terza e quinta, que constituía varias terras que logo terán importancia nun preito no momento da morte de Álvaro: o prado chamado «da agra», outro chamado «del molino; a cambio, Álvaro tiña que custear as misas de aniversario da morte dos seus pais sobre estes bens.

Tivo unha gran actividade comercial e de compravenda de propiedades¹⁸, así como tamén

exerceu o oficio de mestre de postas que lle cedeu o seu pai en 1704. Quedou viúvo en 1736, pero non volveu casar. Fixo testamento ante o escribán de Adai Juan Antonio Cedrón e Valcarce o 22 de xuño de 1752¹⁹, falecendo o 1 de xullo. Dispuxo enterrarse co hábito franciscano na sepultura do seu pai. Deixou, así mesmo, oito misas anuais que pagaba a súa casa sobre unha pensión aínda anos despois, unha cantidade bastante alta comparada cos seus veciños.

Con María Díaz de Puga tivo varios fillos:

1. Don Álvaro Díaz de Puga foi cura presbítero do Hospital, aínda que tamén o atopamos exercendo o seu ministerio noutras parroquias como as de Santiago de Laxosa, San Miguel de Lapío, Santa María Madanela de Sabarei, San Cosme de Manán. Faleceu no barrio de Hospital o 30 de setembro de 1797, deixando pola súa alma dúascentas misas e como herdeiros aos seus sobriños menores²⁰.
2. Tomasa Díaz casou en Santo André de Chamoso con José Díaz, fillo de Antonio Díaz e de María do Vale, veciños do barrio de Vilagamelle na parroquia de Santa Mariña de Cabreiros, o 2 de abril de 1746. Tiveron entre outros a:
 - 2.1 Francisca Díaz: casada con Ignacio San Fiz, fillo de Anxo San Fiz e de Isabel Fernández, veciños de Donalban na parroquia de Santiago de Laxosa. Residiron e tiveron descendencia en devandita Santiago de Laxosa, onde exerceu o seu ministerio sacerdotal outro parente: José Díaz da Fouce.
 - 2.2 Ana Teresa Díaz: bautizada polo seu tío don Juan Esteban Díaz en Santa Mariña de Cabreiros o 19 de outubro de 1758, nada o día 16.

¹⁶AHPL, leg. 409-11, protocolos de Antonio López Torrón, fols. 16r.-17r.

¹⁷AHPL, leg. 409-2, protocolos de Antonio López Torrón, fols. 41r.-41v. Tamén a dotal en leg. 408-6, fols. 32r.-33v

¹⁸AHPL, leg. 409-1, protocolos de Antonio López Torrón, fols. 27r.-27v. Leg. 408-9, fols. 7r.-8r e 29r.-30r. Leg. 408-10, fols. 26r.-26v. Leg. 408-11, fols. 19r.-19v e 42r.-43r.

¹⁹AHPL, protocolos de D. Juan Antonio Cedrón, leg. 511-4, fols. 71r.-72v.

²⁰AHDL, parroquia de Santo André de Chamoso, libro 2 de difuntos, casados y bautizados, fols. 77v-78r.

3. Don Juan Esteban Díaz: foi cura da parroquia de Santa María Madanela de Manán de Arriba (actual Manán de Santa María). Residía en Santo André de Chamoso, onde posuía algunhas terras²¹. Faleceu en Hospital de Chamoso o 7 de febreiro de 1774.

4. Domingo Antonio Díaz: casou con dona Jerónima Teixeira Zapata, posiblemente irmá de dona María Cayetana Teixeira Zapata e Aguiar, muller de don Juan López Villar, veciños de Santa María de Lamas de Moreira. Dona Jerónima era filla de don Juan Teixeira da Riguera e Aguiar e de dona Inés Pallín e Zapata, veciños de San Cibrao de Recesende. No Censo de Única Contribución de 1760²² atopamos que Domingo ten 47 anos, está casado e ten tres fillos menores e tres fillas; e reside tamén cun irmán sacerdote, don Juan Díaz ou don Álvaro Díaz, dous criados menores e dúas criadas. Foi o que herdou a casa grande de Hospital do seu pai, que herdara á súa vez do seu pai e este dos seus. Tiveron a:

4.1 Isabel Díaz Teixeira Zapata: casada con don Juan Antonio Freire, fillo de Antonio Freire e de María García, e foron veciños de Lugo.

4.2 Josefa Teixeira Zapata e Díaz: nacida o 28 de febreiro de 1760 e casou con Francisco López do Campo, fillo de Cayetano López do Campo e de Dominga López. Foron veciños de Santiago de Laxosa.

4.3 María Antonia Zapata: casada con Juan Díaz, fillo de José Díaz e de Vitoria do Val.

4.4 María Díaz Teixeira.

4.5 Francisco Díaz: estudante, tivo que deixar os estudos para poñerse á fronte da casa e a facenda familiar.

4.6 Juan Díaz: militar no Rexemento de Vitoria que, posteriormente, en 1769, marchou ás Indias. En 1784, no momento de testar os seus pais, descoñecían o seu paradiro, pero deixábase unha cláusula para, se regresaba ou casaba, outorgarlle seiscentos ducados en bens e diñeiro²³.

5. Sebastián Díaz: casado con dona Manuela Teixeira Zapata, posible irmá da súa cuñada dona Jerónima. Foron veciños de San Cristovo de Chamoso. Faleceu en devandita parroquia, «na casa que chaman de Lamas», o 13 de abril de 1789²⁴. Tiveron a:

5.1 Don Manuel María Díaz: Foi escribán da súa Maxestade en Castroverde e as súas parroquias²⁵ e casou con dona María Cedrón, filla de don Manuel Cedrón e dona Ana de la Vega, veciños de Santa María Madanela de Adai. Residiron en Castroverde e tiveron fillos xa no século XIX con nomes tan longos como Domingo María Juan Manuel Sebastián Carlos Pío Jacobo²⁶. É unha das ramas que máis unións beneficiosas conseguiu, xa que outra das súas fillas, dona María Josefa Cedrón de la Vega, casou con outro fidalgo: don Pedro Santiso, fillo de don José Santiso e dona Josefa Gómez, tamén veciños de Castroverde²⁷. Don Manuel María falecería en Castroverde o 11 de novembro de 1824²⁸, deixando testamento ante o escribán José Ramón Freire o 18 de outubro²⁹.

²¹Catastro Marqués de la Ensenada, libro real de eclesiásticos de San Pedro de Santo André de Chamoso, leg. 10445-3, fol.s 13r.-13v.

²²Archivo General de Simancas, DGR, 1RE, 1027, 10.

²³PARDO DE NEYRA, Xulio: *Iter ad terram Flamosum*. Unha ollada cara ás idades media e moderna polas meñinas das augas d'Ocorgo neirés: desde a educación, o patrimonio inmaterial e a dimensión didáctica dos Eidos da historia social e a literatura galegas, Arumes Asociación Cultural O Corgo, 2022, pág. 152.

²⁴AHDL, parroquia de San Cristovo de Chamoso, libro de difuntos, fols. 16v, 17r e 17v.


²⁵Archivo Histórico Nacional (de agora en adiante AHN), Consejos, 27346, exp. 32.

²⁶AHDL, parroquia de Santa Mariña de Pumarega y anejos, libro 1 de bautizados, fol. 193r.

²⁷AHDL, parroquia de Castroverde y Villabá, libro 2 de bautizados, fol. 19v.

²⁸*Ibidem*, fol. 106v.

²⁹AHDL, parroquia de Castroverde, libro 2 de difuntos, fol. 33r.



5.2 Don José María Díaz: tamén foi escribán real.

5.3 Don Francisco Díaz: escribán do mesmo xeito cos seus irmáns, exerceu o seu traballo en Castroverde por nomeamento do marqués de Astorga³⁰. Casou o 6 de xuño de 1792 con dona María Pardo e Santiso. Faleceu o 6 de setembro de 1794³¹ na cidade de Lugo, enterrándose no convento de San Francisco e deixando como herdeiro ao seu irmán Manuel María. Un ano despois, en setembro de 1794, a súa viúva volveu casar con don Francisco Teixeira e Aguiar.

5.4 Dona Josefa Díaz Teixeira. Nada no lugar de Lamas, faleceu en Castroverde en estado de solteira o 22 de agosto de 1824³², deixando testamento ante o escribán Pedro Arias Dourado o 20 de xuño anterior³³.

6. Rosa Díaz. Casou con Marcos de Reboredo, fillo de José de Reboredo e Petronila Fernández, natural de San Pedro Fiz de Muxa, o 9 de abril de 1731.

7. Francisca Díaz. Casada con Domingo Rodríguez, residindo en San Miguel de Lapio.

8. Ana Díaz: casada con Juan López Torrán, residentes na aldea de Sendín da parroquia de San Xoán do Corgo.

9. Josefa Díaz: casada con Francisco Ferreiro, residindo no barrio de Vilaboa da parroquia de Santiago de Fonteita.

4. María Ana Díaz

Naceu en Hospital e foi bautizada o 19 de setembro de 1692, sendo apadriñada por don Juan de Valdés e dona Mariana de Saavedra, veciños da parroquia. Casada en primeiras nupcias con Francisco Toirán, veciño da Monte da Silva na parroquia de Santo Estevo de Folgosa, con quen tivo cinco fillos: Alejandro, Antonia, Isabel, Juan e Rosa; en segundas con Bernabé Fernández, veciño do lugar de Lamas en Santa María de Pacios, con quen tivo tres fillos: Dominga, Josefa e José; o seu terceiro matrimonio foi con Sebastián Núñez, veciño da aldea de Sobrado na parroquia de Santa Cruz do Picato, con quen non tivo descendencia.

En 1752, Sebastián Núñez afirma que xa ten oitenta anos e viven con el a súa muller, tres fillos, un maior de dezaoito e dous menores, e dous criados. Declaran posuír varias terras e vivir nunha casa pola que pagan un alugueiro de dez reais de vélaro anuais no lugar de Sobrado³⁴.

Das súas fillas sabemos que Josefa casou con Tomás Leirado (veciños de Santa María de Escoureda), Dominga con José Risco (veciños de San Pedro de Bande), Isabel con Joaquín Capón (veciños de San Pedro de Bande), Antonia con José Cancela (veciños da Monte da Silva).

Fixo testamento ante don Juan Antonio Cedrón o 2 de abril de 1763³⁵, falecendo o 2 de decembro de 1764, sendo enterrada na parroquia de San Martiño de Folgosa. Nomeaba como herdeiros aos seus fillos, especialmente ao seu fillo don Juan Toirán, cura presbítero e capelán da capelanía de

³⁰AHN, Consejos, 31255, exp. 8.

³¹AHPL, leg. 675-6.

³²AHDL, parroquia de Castroverde, libro 2 de difuntos fols. 32v-33r.

³³AHPL, leg. 889-1, protocolos de Pedro Arias Dorado, fols. 8r-9v.

³⁴Catastro del Marqués de la Ensenada, relaciones de legos de la parroquia de San Pedro de Santa Cruz do Picato, fols.239r.-247r.

³⁵AHPL, protocolos de Juan Antonio Cedrón, leg. 513-1, fols. 14r.-15r.

San Sebastián na parroquia de Santo Estevo de Folgosa, falecido o 28 de agosto de 1793.

5. Juliana Díaz Fernández

Nada tamén posiblemente en Hospital sobre finais da década de 1680, casou moi nova en Santo André de Chamoso o 23 de abril de 1703 con Anxo Leirado, natural do barrio de Vilar na parroquia de Santalla do Alto e fillo de Domingo Leirado e de María do Val.

Tiveron bastantes fillos:

1. José Leirado Díaz: tivo un primeiro matrimonio non aprobado polos seus pais, imaxinamos que polo menor status da contraente, Ana Rodríguez Fernández, natural de Santa María de Marei. Casaron nesa parroquia o 16 de maio de 1744 e tiveron alí tres fillos: Pedro Froilán Antonio (1744), María Antonia Josefa (1746), Teresa Juana (1749); e polo menos cinco fillos máis en Santalla: María Isabel (1752), Felipa Mariana (1754), Domingo Antonio (1757), Pablo Antonio (1760) e Fernando José (1762).

Sostivo un polémico preito coa súa nai ao redor de 1747, tras a morte do seu pai Anxo Leirado, polo desherdamento que lle realizaba este tras o desacordo polo seu matrimonio e varias liortas físicas e verbais³⁶. Tras enviudar e solucionar o preito, casou cunha muller moito máis nova que el: dona Juana Pardo (1740), filla de Juan Antonio de Valcarce e de dona María Teresa de Quiroga Osorio, veciños de Casanova en Santalla e esta última orixinaria do lugar de Sanamede na parroquia de Santiago de Covas. Tivo deste matrimonio, entre outros, a José Antonio Leirado Pardo (1776), que emigrou a Barallas (Madrid) e deixou descendencia xa no século XIX; Bartolomeu, falecido en Santalla o 7 de xaneiro de 1806; e Álvaro

Ramón Domingo, nado en 1773 na mesma parroquia.

2. María Isabel Díaz: nada en Santalla do Alto o 14 de maio de 1709. Casou con Manuel do Porto, tendo fillos na parroquia de San Bartolomeu de Abragán.
3. María Díaz: bautizada en Santalla o 11 de xullo de 1715.
4. Felipe Leirado Díaz: bautizado en Santalla o 7 de xaneiro de 1724. Casou en Santa María de Escoureda con Antonia López, filla de Lorenzo Roldán e Catalina López, o 30 de abril de 1755.
5. Domingo Antonio Leirado Díaz: bautizado en Santalla o 15 de xullo de 1729.
6. María Librada Díaz: bautizada en Santalla o 1 de febreiro de 1734.
7. Andrea María Díaz. Casada con Francisco de Páramo e con Domingo Gómez. Recibiu a mellora testamentaria da súa nai por ser a pequena e a máis desamparada, como quedaba tamén referido no testamento do seu pai.


6. Preito polo “vínculo” de Sebastián Díaz e María Paz³⁷

O «vínculo» era unha especie de morgado, é dicir, o posuidor duns bens vinculaba todos ou varios nun lote común e indivisible que, normalmente, herdaba o primoxénito para manter o status da casa nunha única persoa, xa que se facía unha división en cada xeración iríase empobrecendo e dificilmente poderían manter apenas a casa familiar e as débedas que se producían.

Isto, loxicamente, prexudicaba aos fillos menores, que tendían a poñerse baixo o amparo do herdeiro do vínculo ou morgado no mellor dos casos, a traballar para el, entrar en relixión (caso dos párrocos que apareceron) ou directamente a

³⁶Ver artigo «Achegamento á vida en Santalla do Alto no século XVIII» deste mesmo autor con Carlos Álvarez Quiroga na revista Corga, nº. 9, 2022.

³⁷Arquivo do Reino de Galicia, Real Audiencia de Galicia, leg. 12230-60.



Sinatura de Domingo Antonio Díaz Guitián,
fillo de Álvaro.

buscar unha saída noutra parroquia próxima ou mesmo máis lonxe. Neste estudo vimos algúns exemplos como o de José Antonio Leirado, que, sendo dos pequenos, tivo que emigrar a unha vila da actual Madrid; outros, considerando que nin co vínculo nin as terras familiares chegaba un sustento suficiente, exploraban outras vías de gañarse a vida folgadamente, como os escribáns Díaz Teixeira.

Todo o preito comeza en 1752, tras a morte de Álvaro Díaz Guitián, e vén máis por mor da mellora testamentaria que realizou don Pedro Díaz Guitián sobre a herdanza paterna e os bens que adquiriu en vida. Dirá o preiteante, Domingo Antonio Díaz Guitián, fillo de Álvaro, que lle correspondería a el iso máis a mellora do terzo e quinto³⁸ de Sebastián Díaz e María Paz.

Empezaron a ser chamados en casa de don Francisco de Páramo, veciño de Hospital, os demais fillos de Álvaro: Rosa Díaz, viúva de Agustín Madarro e veciña de Hospital; Álvaro Díaz, veciño de Hospital; Sebastián Díaz, veciño de Vilapene; Ana Díaz, a través do seu marido Juan López Torrón, veciños de Sendín na parroquia de San Xoán do Corgo; Josefa Díaz co seu marido Francisco Ferreiro, veciños de Vilaboa na parroquia de Santiago de Fonteita; Tomasa Díaz co seu marido don José Díaz Rivera, veciños tamén de Hospital; Francisca Díaz co seu marido Domingo Rodríguez, veciños de San Miguel de Lapío; don Juan Esteban Díaz, cura.

³⁸Para este tema, ver SOBRADO CORREA, Hortensio: *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna. Economía campesina, familia y herencia, 1550-1860*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2001, páxs. 416-429.

Tanto da parte de Sebastián Díaz como de Francisco Ferreiro declararon primeiro as súas mulleres que os seus maridos estaban no Reino de Castela, mentres que Juan Torrón sempre coincidía a visita do enviado xudicial coas súas tarefas laborais. Despois, Sebastián achábase na vila de Padrón comprando mulas, polo que decidiron deixar papel selado por escrito. Seguían sen atopalos varios días despois, nin se presentaron no auditorio (casa de don Francisco de Páramo) en marzo de 1753, polo que acusaron recibo de costas que xeraran «malintencionadamente».

Tamén pasaron os tíos de Domingo Antonio e algúns dos fillos de Sebastián Díaz e María Fernández, os nosos protagonistas: Mariana Díaz e o seu marido Sebastián Núñez, veciños de Sobrado na parroquia de Santa Cruz do Picato; Juliana Díaz, viúva de Anxo Leirado, veciña do lugar de Vilar na parroquia de Santalla do Alto, acompañada dos seus fillos José e Domingo Leirado.

Tomasa Díaz e Juliana Díaz comentaron que se conforman co dote que lles deron os seus pais cando casaron. Álvaro Díaz e Sebastián Díaz respectivamente, non obxectan en principio nada contra a parte (Domingo Antonio Díaz Guitián).

Foi chamado ao auditorio o escribán de oficio, neste caso José Agustín de Mella, que era da cidade de Betanzos e, no momento do oficio, residía na zona de Santo André de Chamoso. Pasaron entón as testemuñas, que eran xeralmente veciños:

- Sebastián Fernández, de oficio labrego e veciño da parroquia, de idade sobre noventa e dous anos. Declara que os Díaz «han sido y son tenidos comúnmente reputados», que lle consta a mellora feita por todas as partes, desde os xefes da familia ata don Pedro e Álvaro Díaz Guitián, sobre o demandante Domingo Antonio. Interesantes son as propiedades que cita directamente, pertencentes aos Díaz: «la cerradura nombrada do Moíño que se halla a prado también cerrada y circundada de



Carteis que indican o paso do Camiño Real pola parroquia

sobre si con mucho número de árboles», así como «otro prado que se halla más abajo del Camino Real»

- Antonio López Mazaille: labrador, veciño da parroquia. Declara que Sebastián Díaz e María Paz tiveron moitos bens mobles e raíces, destacando a casa principal de Hospital, á que se incorporaron outras terras como a eira «y huerta que se halla más abajo de las citadas casas y el Camino Real que atraviesa por medio de este dicho lugar a la ciudad de A Coruña y otras partes», «el cortiñeiro chamado de Quintela», «el prado llamado do Ponto» e outras moitas máis propiedades.
- Don Francisco de Neira e Páramo: de idade ao redor dos sesenta e catro anos, veciño de Hospital. Non aparece se é o mesmo que puxo a súa casa como auditorio, pero é probable. Dá máis datos sobre a casa principal dos Díaz en Hospital ao dicir que tiña cortes para o gando, complementando a propiedade co prado «nombrado da aira», o prado chamado «del molino», la cortiña «da Porta», a cortiña «da cuba», o «prado do Ponton», as cortiñas «de Quintela» e a agra «que se nombra do nabo».

- Cayetano do Campo: veciño de Quintela desa freguesía, pero debe ser a Quintela de San Bartolomeu de Chamoso. De idade ao redor dos corenta e catro anos. Declara o mesmo cos anteriores.

Tras todas as probas e testemuñas, a Real Audiencia dita a sentenza favorable ao demandante Domingo Antonio Díaz Guitián, executándose xa nos meses posteriores ata 1754, ano en que parece que se resolve.

7. Conclusións

Este traballo centrouse, sobre todo, na unión vital dunha familia e unha parroquia corguesa; con todo, queda aberto a investigacións que poidan encher o baleiro historiográfico sobre Santo André de Chamoso de forma xeral ou específica. Unha parroquia pequena, pero con ese encanto que caracteriza toda a zona e aínda con moito que contar.

A xenealoxía non só se compón de nomes e datas, tamén de lugares e lembranzas, ás veces mesmo de lendas. É importante ir á raíz, á terra, para comprender a historia familiar, para coñecer aos devanceiros e poder «humanizalos», saber que viviron, que eran coma nós. Por iso, é de agradecer o labor da revista Corga, que axuda a rescatar a memoria das xentes de todo un concello e convértea nun patrimonio sólido e indeleble.

8. Agradecementos

Agradezo a Tamara Fuentes Sánchez a tradución ao galego deste artigo.

9. Referencias

• Bibliografía

PÉREZ PEÑA, F.: Saudade de la aldea, Visión Libros, 2005.

SOBRADO CORREA, Hortensio: «Heredero único y familia troncal en la Galicia interior, 1750-1860», en Studia histórica. Historia Moderna, vol. 23, 2001.

XIZ, Xulio: O Corgo, amplo horizonte, 2007, Concello do Corgo.

GONZÁLEZ MURADO, Óscar: «Estado das igrexas do Corgo á principios do século XVIII. A visita de Bustos de la Torre no ano 1700», en Corga. Revista anual do Centro de Estudos do Corgo, n.º 9, 2022.

EIRAS ROEL, Antonio: «Las ciudades gallegas ante el cambio dinástico. De las Juntas del Reino seiscentistas a las reformas de Nueva Planta», en El mundo urbano en el siglo de la Ilustración, 2009, Santiago de Compostela.

PARDO DE NEYRA, Xulio: Iter ad terram Flamosum. Unha ollada cara ás idades media e moderna polas meñinas das augas d'Ocorgo neirés: desde a educación, o patrimonio inmaterial e a dimensión didáctica dos Eidos da historia social e a literatura galegas, Arumes Asociación Cultural O Corgo, 2022.

SOBRADO CORREA, Hortensio: Las tierras de Lugo en la Edad Moderna. Economía campesina, familia y herencia, 1550-1860, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2001.

ÁLVAREZ QUIROGA, C. y MARTÍN MONGE, A: «Achegamento á vida en Santalla do Alto no século XVIII» en Corga. Revista anual do Centro de Estudos do Corgo, n.º 9, 2022.

GÁLVEZ, Diego Alejandro de: Itinerario geográfico, histórico-crítico y litúrgico de la España, Francia, Flandes y gran parte de Alemania, Biblioteca de la Universidad de Sevilla, 1755.

ABASCAL, Juan y CEBRIÁN, Rosario: Los viajes de José Cornide por España y Portugal de 1754 a 1801, Real Academia de la Historia, 2009

• Fontes

Libro interrogatorio da parroquia de San Pedro de Santo André de Chamoso, Catastro del Marqués de la Ensenada. Archivo Histórico Provincial de Lugo

Catastro del Marqués de la Ensenada, relaciones de legos de la parroquia de San Pedro de Santa Cruz do Picato.

Protocolos de Juan Antonio Cedrón, leg. 513-4, leg- 511-4 e 513-1, 1766. Archivo Histórico Provincial de Lugo.

Protocolos de Antonio López Torrón, leg. 409-, leg-408-3 e 408-4. Archivo Histórico Provincial de Lugo.

Parroquia de Santo André de Chamoso, libro 2 de difuntos, casados y bautizados, fols. 77v-78r. Archivo Histórico Diocesano de Lugo.

Parroquia de San Cristovo de Chamoso, libro 1 de difuntos, Archivo Histórico Diocesano de Lugo.

Consejos, 27346, exp. 32 y 31255, exp. 8. Archivo Histórico Nacional.

Parroquia de Santa Mariña de Pumarega y anejos, libro 1 de bautizados. Archivo Histórico Diocesano de Lugo.

Parroquia de Castroverde y Villabad, libro 2 de bautizados, Archivo Histórico Diocesano de Lugo.

Protocolos de Pedro Arias Dorado, leg. 889-1, fols. 8r-9v. Archivo Histórico Provincial de Lugo.

Parroquia de Castroverde, libro 2 de difuntos. Archivo Histórico Diocesano de Lugo.

Pleito por el vínculo de Sebastián Díaz e María Paz. Archivo do Reino de Galicia, Real Audiencia de Galicia, leg. 12230-60.

CONSTRUCCIÓN PARA A PESCA FLUVIAL NO CORGO

Outeiro Iglesias, Mario

mariooouteiro@edu.xunta.gal

Enxeñeiro Técnico Industrial (esp. en Química Industrial) e Enxeñeiro Químico.

Profesor de Ensino Secundario (esp. de Física e Química e Tecnoloxía) no IES Pedregal de Irimia (Meira), onde é director.

Se o canto dos carros era a voz do solpor e a dos pechos da noite, o canto do río nos caneiros é a voz misteriosa e alucinada da outa noite. Quen a escoitou moitas veces, sábeo ben. Manuel María (Elxía polos caneiros)

RESUMO

Neste artigo analizaremos as construcións que os corgueses e corguesas empregaron para a pesca fluvial dende hai séculos e que basicamente se restrinxen ao uso de caneiros con rede e un tipo de construción permanente que no Corgo se denomina arca (tamén pesqueira). Este tipo de construcións empregáronse fundamentalmente para capturar anguías que, ata a construción dos encoros do Miño, tiveron unha vital importancia para a economía das familias ribeiregas.

Hoxe, aos obstáculos para poder remontaren os ríos, tamén hai que sumar as sucesivas restricións legais que se foron impoñendo a este tipo de artes. Ambas as dúas cousas (entre outros factores) fixeron que estas construcións quedasen en desuso: as arcas tiveron que ser desmontadas (total ou parcialmente) e as presas que derivaban as augas cara as redes ou as gradas, fóronse esborrallando na súa maioría.

O artigo comeza analizando o ciclo da anguía para centrarse na análise dos caneiros e das arcas. En ambas construcións iniciamos facendo unha descrición superficial: partes, funcionamento, tipos..., apoiados en debuxos e fotografías, para despois facer un pequeno (e seguro que incompleto) inventario dos caneiros e arcas do concello do Corgo. Rematamos con dous anexos que recollen dous textos: un literario (de Orlando Viveiro) que nos axudará a entender o proceso da pesca nun caneiro e outro histórico (de Adolfo de Abel Vilela) que nos fala dunha denuncia pola construción da arca da Fervenza.

PALABRAS CLAVE

O Corgo, pesca fluvial, pesqueira, caneiro, arca, anguía, troita.

1 LIMIAR

Para o estudo da cultura pesqueira en Galiza, pero particularmente no río Miño, son indispensábeis os traballos tanto de Adolfo de Abel Vilela (1996, 1997-1998) como de Lois Ladra (1998, 2008). Afortunadamente, a maioría dos caneiros existentes no Corgo están estudados e publicados en dous libros diferentes, por facer o Miño de fronteira, primeiro co concello de Lugo (VVAA, 2009) e despois co de Guntín (Vázquez Vázquez, 2020). Porén, o Corgo ten máis ríos e atopamos distintos tipos de instalacións, fundamentalmente para a pesca da anguía, tanto no río Neira, como no Tórdea, no Chamoso ou Mazandán.

Dos ríos podíanse obter cangrexos, reos, troitas ou anguías, sendo esta última a principal especie de pesca nos do Corgo. A anguía (*Anguilla anguilla*) é un curioso peixe que medra e vive no río, na auga lamacentas, pero cando está lista para a reprodución descende ata o mar nas crecidas outonais para acadar as augas salgadas despois dun período de adaptación nos esteiros dos ríos. Fundamentalmente son as anguías femia as que remontan os ríos para volver a comezar o ciclo (ver seguinte apartado).


Existen mencións documentais dende a Idade Media da existencia de instalacións para a pesca fluvial na Galiza en arquivos monásticos (hai que lembrar que a propia Igrexa Católica restrinxía o consumo de carne en certos períodos do ano). Foron estes os propietarios da maior parte de construcións ata que coa entrada da Idade Moderna estas comezaron a pasar a mans de particulares laicos.

Case todo o patrimonio material asociado á pesca fluvial está en desuso, xa que a presenza

da anguía nos cursos altos dos nosos ríos é totalmente testemuñal, ao contrario ca no pasado, que constituían unha fonte fundamental tanto para a alimentación doméstica como para as maltreitas economías familiares (tanto en fresco como en salgadura –en salmoira-). Este feito foi facendo que as devanditas instalacións hidráulicas estean nun estado de abandono grande, agás as situadas en presas con outros fins (muíños, rega...) que perduran en mellor estado.

2 A PESCA DA ANGUÍA

Aínda que nas construcións para a pesca fluvial se pescaban peixes e troitas, a verdadeira protagonista era, sen dúbida, a anguía. É por iso que falaremos da súa morfoloxía, hábitat e pesca co fin de entender os procedementos empregados no Corgo para a súa captura.



Imaxe 2.1. Debuxo dunha anguía (Pixabay)

A anguía europea ou anguía común (*Anguilla anguilla*, L. 1758) é unha especie de peixe da familia dos anguílidos que era moi común no norte do océano Atlántico. A anguía pode chegar a medir os 150 cm de lonxitude, acadar os 6 kg de peso e pode vivir varias décadas (a idade máxima descrita foi dun exemplar de 88 anos). Teñen un corpo moi alongado e cilíndrico a excepción da parte posterior que está comprimida lateralmente e é de cor verde-castaño, agás a zona ventral que é abrancazada. A mandíbula inferior é máis longa que a superior. Posúe aleta dorsal e anal moi longas e unidas á aleta caudal, formando unha única aleta que vai dende o ano ata preto da cabeza. A pel está cuberta por unha mucosa que

a fai escorregadiza. Posúen pequenas aberturas branquiais, situadas baixo a aleta pectoral. Teñen ollos pequenos e redondos que se hipertrofian ao madurar sexualmente. As femias son maiores cos machos.



Imaxe 2.2. Foto dunha anguía (Pixabay)

A anguía é unha especie catádroma (peixes que descenden cara a desembocadura dos ríos ou o mar para reproducirse e que están sometidos a un réxime xurídico internacional de conservación e explotación particular), cuxa posta se leva a cabo no mar dos Argazos a elevadas profundidades. Trala eclosión emerxen unhas larvas que coa axuda das correntes chegarán ata as costas europeas e norteafricanas, xogando a corrente del Golfo un papel decisivo nestas migracións. Esta viaxe polo océano atlántico pode durar de 3 a 7 anos.



Imaxe 2.3. Situación do mar dos Argazos

Cando chegan ás nosas costas fano en forma de meixón (ameixón ou meixó) ou angula co fin de remontar os ríos para continuar o seu ciclo vital. Unha vez penetrados nos ríos permanecen neles uns catro ou cinco anos (anguía amarela), fundamentalmente na lama existente no fondo dos leitos. A súa dieta é omnívora, comendo vermes, insectos e pequenos peixes. Por outra banda, as garzas, as cegoñas, as aves de rapina e as donicelas son os seus principais depredadores.

Cando acada a madurez física e sexual (anguía prateada) descende en cardumes aproveitando as primeiras crecidas do outono en dirección ao mar. O aparello dixestivo atrofíase e iso fai difícil que sexan capturadas con cana durante o descenso. Co regreso ao mar dos Argazos para a freza ou desove das femias, e a súa posterior morte, remátase un ciclo que aínda mantén varias incógnitas para os e as investigadores desta especie.

O dramático descenso de capturas nas últimas décadas ten que ver con dous factores clave: por un lado a contaminación das augas fluviais e os parasitos (*Anguillicoloides crassus*), e por outro a construción de grandes encoros que impiden que as anguías remonten os ríos. Por este motivo a anguía está considerada como especie vulnerábel (V) no “Libro Rojo de los Vertebrados de España”.

Afortunadamente para os amantes culinarios das anguías, a acuicultura intensiva deste peixe está moi desenvolvida na Galiza, abastecendo aos múltiples restaurantes especializados neste produto.

Aínda que a anguía se pode cociñar de múltiples formas o certo é que os restaurantes da bisbarra, incluídos os do Corgo (especialmente os da Ponte de Neira, prato no que están especializados), prepáranla frita. O segredo é fritila con aceite ben quente co fin de que queden ben crocantes. No seguinte cadro recolleemos a composición nutricional dun produto que foi, e segue sendo, unha das estrelas culinarias da Galiza interior.


Composición nutricional	Por 100 g de porción comestíbel
Energía (kcal)	205
Proteínas (g)	16,3
Lípidos totais (g)	15,5
AG saturados (g)	3,15
AG monoinsaturados (g)	9,94
AG poliinsaturados (g)	1,48
ω -3 (g)	0,868
C18:2 Linoleico (ω -6) (g)	0,139
Colesterol (mg/1000 kcal)	50
Hidratos de carbono (g)	0
Fibra (g)	0
Auga (g)	68,2
Calcio (mg)	30
Ferro (mg)	1
Iodo (μ g)	10
Magnesio (mg)	19
Cinc (mg)	1,8
Sodio (mg)	89
Potasio (mg)	270
Fósforo (mg)	170
Selenio (μ g)	30
Tiamina (mg)	0,17
Riboflavina (mg)	0,32
Equivalentes niacina (mg)	5,5
Vitamina B6 (mg)	0,3
Folatos (μ g)	13
Vitamina B12 (μ g)	1
Vitamina C (mg)	Tr
Vitamina A: Eq. Retinol (μ g)	1.000
Vitamina D (μ g)	110
Vitamina E (mg)	4,1

Táboa 2.1. Composición nutricional da anguía
(Moreiras et al., 2013)

3 CANEIROS

3.1 DESCRICIÓN

Os caneiros constan duns muros (guiares) que atravesan o río en diagonal, ou con planta de V (incluso W no Miño), co fin de desviar a auga cara a unhas bocas onde se arman as redes.




Imaxe 3.1.1. Vista en planta dun caneiro

Constan das seguintes partes:

- Brazos, guares ou lenzos: muros que canalizan a auga do río en diagonal para dirixir o paso da pesca por determinados puntos do caneiro.
- Pía: con forma de triángulo (coa punta máis ou menos redondeada), co vértice situado cara ao nacemento do río. É onde os pescadores arman o caneiro para a pesca. Nos de maior tamaño construíanse casetas (de pedra ou con canas e xestas –finalmente con plásticos–) para abrigarse nas noites de choiva e tormenta (típicas das primeiras crecidas do outono).
- Peóns ou carruais: son os muros de pedra que hai a ambos lados da pía (para suxeitar as redes).


- Bocas: espazo entre a pía e os peóns, por onde baixa a auga e onde se arman as redes.
- Agulla e tranqueiro (ou tesón): paus horizontais situados nas bocas (na parte de abaixo e na de arriba, respectivamente) para suxeitar as redes e que non as leve a corrente.



Imaxe 3.1.2. Partes dun caneiro (elaboración propia a partir de VVAA, 2009)

As pías accedíase moitas veces empregando os batuxos, de proa biselada en cuña, popa achatada e fondo chan, que se manexaban coa axuda dunha pértiga. Se a pía estaba próxima á beira podíanse construír uns pasos que os pescadores salvaban coa axuda dunha escaleira e unhas táboas.

As redes empregadas (feitas inicialmente con fío de cáñamo e despois con nailon) teñen forma de manga ou embude e están enganchadas a un arco de madeira (forcado) que se sitúa na boca. A rede vaise facendo máis estreita e tupida ata chegar ao final, que está pechada e é onde queda atrapada a pesca.



Imaxe 3.1.3. Rede de caneiro (elaboración propia a partir de VVAA, 2009)

Os caneiros, xeralmente, pertencían a boas familias labregas. Moitas veces estas construcións pertencían a varias (normalmente dúas), de aí que moitos tivesen varias bocas (unha para cada propietario, aínda que ás veces a pesca facíase conxuntamente e despois repartíase á metade). Estes adoitaban situarse en fronte de fincas da mesma propiedade co fin de facilitar o seu acceso e entraban no sistema de herdanza asociado á casa.

Os caneiros do Corgo están situados nos límites cos concellos de Lugo, Guntín (río Miño) e o Páramo (río Neira) e están moi deteriorados pola falta de uso nas últimas décadas.

Para visualizar mellor as distintas partes dun caneiro recomendamos a visita dalgún dos que están rehabilitados. Non hai máis que desprazarse 170 m río arriba da desembocadura do río Chamoso para ver o caneiro de Ribeira. Está situado no lugar de Burneiros (parroquia de Santa Comba) e o caneiro une a ribeira coa insua de Burneiros (a outra ribeira da insua pertence xa á parroquia lucense de Coeses). O caneiro posúe dúas pías e tres bocas. Na segunda pía existe un caseto de planta semicircular, cuberto a unha auga e cunha lareira no seu interior. Só está rehabilitada a parte do guiar (de sección rectangular) que hai preto da boca. A planta do caneiro é en diagonal.

E para entender como era o proceso da pesca nos caneiros recomendamos a lectura do conto titulado “O Caneiro” de Orlando Viveiro Veiga, que tivo o primeiro premio de relato (categoría



Imaxe 3.1.4. Caseto do caneiro de Ribeira

adultos) no I Certame literario Terras de Chamoso que organiza anualmente a A.C. Arumes do Corgo (VVAA, 2010). No ANEXO I recolleemos varios extractos do mesmo.

3.2 OS CANEIROS DO CORGO

A continuación presentamos un pequeno inventario dos caneiros do Corgo organizado por ríos e parroquias (ordenadas segundo o fluír do río). A maiores do nome do caneiro, incluímos as coordenadas para a súa xeolocalización (con aplicacións como Google Maps), xunto cunha moi superficial descrición. No caso dos caneiros do Miño, o seu estudo estaba xa recollido nos libros publicados polo concello de Lugo (VVAA, 2009) e a Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares (Vázquez Vázquez, 2020). Deste xeito, este artigo pódese converter nunha peza que axude e anime á realización doutros traballos máis extensos e rigorosos.

RÍO MIÑO


Paradela (San Fiz):

- Caneiro de Pousada (42.93182, -7.51580): está á altura do cruce que vai cara a Pousada. Ten planta de V asimétrica, con tres bocas e dúas pías. Aínda que antigamente posuía un caseto, na actualidade non se conservan restos del. Atópase en mal estado de conservación. A outra ribeira pertence á parroquia de Ribas de Miño (concello de Lugo).

- Caneiro de Miguel (42.92728, -7.51579): atópase na desembocadura do rego Ceza. Ten planta de W asimétrica con catro bocas e dúas pías. Aínda que antigamente posuía un caseto, na actualidade non se conservan restos del. Atópase en mal estado de conservación. A outra ribeira pertence á parroquia de Ribas de Miño.
- Caneiro de Miña (42.92475, -7.51585): está augas abaixo da desembocadura do rego de Quintela. Ten planta de V simétrica con dúas bocas e unha pía. Non hai constancia de que tivese caseto e atópase en mal estado de conservación. A outra ribeira pertence á parroquia de Ribas de Miño.

Quinte (Santalla):

- Caneiro de Castor e Pardellas (42.92047, -7.51861): está á altura de Porto. Ten planta de W simétrica con catro bocas e dúas pías. Non hai constancia de que tivese caseto e atópase en mal estado de conservación. A outra ribeira pertence á parroquia de Ribas de Miño.



Imaxe 3.2.1. Foto aérea antiga (Voo Americano, 1956) e actual do caneiro de Castor e Pardellas

- Caneiro do Canto (42.91199, -7.52500): está á altura de Framil. Ten planta de V asimétrica con tres bocas e dúas pías. Non tiña caseto (construíase con xestas e palla en época de pesca) e atópase en mal estado de conservación. O caneiro era aproveitado pola casa de Abol de Framil. A outra ribeira pertence á parroquia de Ribas de Miño, onde era usado para a pesca pola casa do Gordo de San Mamede.
- Caneiro de Ánxel Arias (42.90360, -7.52637): está á altura de Quinte. Ten planta de W asimétrica con catro bocas e dúas pías. Non tiña caseto (construíase con xestas e palla en época de pesca) e atópase en mal estado de conservación. O caneiro era aproveitado polas casas de Ánxel Arias e a do Herdeiro de Quinte. A outra ribeira pertence á parroquia de Piñeiro (concello de Lugo), onde era usado para a pesca por outra casa.

Santo Estevo de Farnadeiros (Santo Estevo):

- Caneiro de Barqueiro (42.89797, -7.52300): está á altura do Reguengo. Ten planta de V asimétrica con dúas bocas e unha pía. Non tiña caseto e atópase en mal estado de conservación. A outra ribeira pertence á parroquia de Ferroi (concello de Guntín).
- Caneiro da Fervenza (42.89233, -7.51932): está xusto antes do salto da Fervenza. Ten planta de W asimétrica con catro bocas e dúas pías. Non tiña caseto e atópase en mal estado de conservación. A outra ribeira pertence á parroquia de Ferroi.

Cerceda (San Pedro):

- Caneiro de Monelos ou de Laxas (42.88787, -7.52898): está xusto despois do salto da Fervenza. Ten planta de V simétrica con dúas bocas e unha pía. Non tiña caseto e atópase en mal estado de conservación. A outra ribeira pertence á parroquia de Ferroi, a onde pertencen os propietarios.



Imaxe 3.2.2. Restos do caneiro de Monelos ou de Laxas

- Caneiro de Fouce (42.88490, -7.53303): está na marxe esquerda da insua da Fervenza. Ten planta de V asimétrica con dúas bocas e unha pía. Non tiña caseto e atópase en mal estado de conservación. Tendo en conta que o límite entre os concellos de Guntín e O Corgo pasa polo medio da insua, este caneiro estaría integramente no Corgo (aínda que os propietarios pertencen ao lugar de Outeiro, en Ferroi).
- Caneiro de Camporredondo (42.88175, -7.53449): está xusto augas abaixo da insua da Fervenza. Ten planta de W asimétrica, non tiña caseto e atópase en mal estado de conservación. A outra ribeira pertence á parroquia de Ferroi. Xusto por enriba do caneiro cruzaba antigamente unha barca para unir as dúas ribeiras (Porto de Outeiro).

RÍO NEIRA

Cela (San Xoán):

- Caneiro de Camposo (42.87013, -7.47597): tiña un caseto na beira para refuxiarse os días de pesca.
- Caneiro de Pallota (42.86800, -7.48400): caneiro para pesca da casa de Pallota de

Cela. Atópase nun estado deficiente de conservación.

- Caneiro de Fouce (42.86737, -7.48788): caneiro para pesca da casa de Fouce de Cela. Atópase nun estado deficiente de conservación.
- Caneiro de Curral (42.86599, -7.49310): caneiro para pesca cunha entrada e un caseto, do que xa só quedan os restos. Atópase nun estado deficiente de conservación.

Cerceda (San Pedro):

- Caneiro de Montes (42.87248, -7.52763): sinxelo caneiro en diagonal e cunha boca que na actualidade está moi deteriorado.


4 ARCAS

4.1 DESCRICIÓN

A maiores dos caneiros, para a pesca fluvial empregábanse as pesqueiras que, aínda que algúns autores empreguen este termo como sinónimo de caneiro, outros consideran a pesqueira como o “aproveitamento de canles de muíños para instalar unha rede similar á empregada nos caneiros ou unha estrutura de madeira (pesqueira con arca), nas que se regulaba o paso da auga coa axuda de comportas” (VVAA, 2009), que é no que nos imos centrar a continuación.


Mentres no río Miño predominan os caneiros, no Neira comparten protagonismo coas arcas, sendo esta última instalación pesqueira a maioritaria nos ríos máis pequenos (Chamoso, Tórdea e Mazandán).

As arcas eran polo tanto unha derivación perpendicular á canle do muíño (temos tamén algunha presa cuxo uso era para a pesca e a rega ou o afiado de ferramentas e non a moenda do cereal) na que se instalaba un enreixado feito con doelas de madeira (posteriormente tamén foron feitas de metal ou formigón) tanto horizontal como vertical no final da arca, para reter a pesca. Este enreixado, colocado lonxitudinalmente á corrente



Imaxe 4.1.1. Vista en planta dunha arca

de auga, coñécese co nome de grada. O fluxo de auga era regulado mediante unha comporta na propia presa (“armar a arca”) e a pesca remataba cando o nivel da auga subía tanto que acadaba na saída a altura das gradas (“lapear a arca”).



Imaxe 4.1.2. Vistas dunha arca interior dobre (debuxo baseado na arca do muiño de Paz)

Mentres os caneiros servían para a pesca nas primeiras crecidas outonais, as arcas non estaban tan circunscritas temporalmente (xa que eran instalacións permanentes). Aínda así, a pesca

máis abundante obtíñase na primeira crecida do río, con noite quente e escura (xa que se dicía que cando abría o luar a pesca diminuía).



Imaxe 4.1.3. Foto do final da arca situada no muiño de Paz onde se poden ver as doelas de madeira da grada

A continuación, imos establecer unha pequena tipoloxía das arcas existentes no concello do Corgo:

- Segundo estivesen ou non nunha edificación:
 - Arcas exteriores: son arcas a ceo aberto (a gran maioría das do Corgo).
 - Arcas interiores: trátase de arcas que están protexidas no interior dunha edificación, xeralmente a dúas augas. Ex.: muiño do Caldeireiro, pesqueira de Ron, arca de Ribeira, arca de Olga, arcas de Eleuterio, arca de Andrés...

- Segundo estivesen ou non tapadas:
 - Arcas descubertas: como o seu propio nome indica, a arca estaba completamente descuberta. A maioría estaban descubertas.
 - Arcas cubertas: a arca estaba tapada con grandes laxes de pedra (posteriormente con placa de formigón) se eran exteriores ou cun piso de madeira se eran interiores. Ás mesmas accedíase mediante unha trapela e baixábase por unha sorte de pasos incrustados no propio muro da arca (de pedra ou de aceiro). Ex.: muíño do Caldeireiro, pesqueira de Ron, muíño de Chousa, pesqueira de Reconco...
- Segundo o número de entradas de auga que tiveran:
 - Arcas simples: dispuñan unha única entrada de auga regulada con comporta. Son a maioría.
 - Arcas dobres: dispuñan de dúas entradas de auga e polo tanto eran de maior dimensión que as normais. Aínda que xa pertence á

ribeira de Moscán (O Páramo) temos como exemplo a arca do muíño de Paz).

Mentres que nos caneiros se practicaba moito furtivismo tamén temos constancia de pesca ilegal en arcas, que algunha vez incluso estaban agochadas no interior dalgũa edificación con outros usos.

4.2 AS ARCAS DO CORGO

Ao igual que no apartado 3.2 presentamos agora un pequeno inventario das arcas do Corgo organizado, tamén, por ríos e parroquias (ordenadas segundo o fluír do río). A maiores do nome da arca, incluímos as coordenadas para a súa correcta referenciación, xunto cunha moi superficial descrición. Nalgunhas delas achegamos pouca información porque só temos constancia delas a través das fontes orais. Non incluímos as arcas da Fervenza, porque pese a saber da súa construción (ANEXO II) no século XVIII non atopamos hoxe evidencias das mesmas. Debido á singularidade destas construcións na zona do Corgo animamos a outros estudosos a desenvolver e ampliar a análise deste método de captura.



Imaxe 4.1.4. Restos da arca situada no Mazo de Santa Comba (esquerda) e plano de conxunto, dixitalizado dun folleto informativo da Reserva da Biosfera Terras do Miño (dereita)

RÍO NEIRA

Escoureda (Santa María):

- Arca do muíño do Caldeireiro (42.87191, -7.44729): construción de grandes dimensións, realizada no ano 1937, que consta de 4 pedras de moer e unha arca (no interior do edificio).

Camposo (Santiago):

- Pesqueira de Ron (42.87497, -7.45912): unha presa abastece a dúas arcas de grandes dimensións metidas nun caseto cuberto a dúas augas, así como ao regadío duns prados da casa de Ron.



Imaxe 4.2.1. Interior da pesqueira de Ron

Cela (San Xoán)

- Pesqueira do Reconco ou de Requeixo (42.86858, -7.48059): presa con tres arcas cubertas con pesadas laxes de granito (dúas pertencen ás casas de Losada e de Díaz de Reconco e a terceira á casa do Reguengo de Moscán, que tiña propiedades no lugar). A presa tamén alimentaba varias moas de afiar.



Imaxe 4.2.2. Foto aérea antiga (Voo Americano, 1956) e actual da pesqueira de Reconco

- Arcas do muíño de Chousa (42.86693, -7.49116): a presa, a maiores de alimentar o muíño, a serra e a fábrica da luz, foi empregada para a pesca fluvial con dúas arcas anexas ao edificio do muíño.



Imaxe 4.2.3. Arcas anexas ao muíño de Chousa

- Nora e arca da casa de Cela de Baixo (42.86199, -7.49906): a presa da nora tamén alimentaba unha arca para pesca.

Cerceda (San Pedro):

- Arca do muíño de Rego (42.87154, -7.52682): na presa que abastece de auga ao muíño existe unha arca para a pesca.

RÍO TÓRDEA

Fonteita (Santiago):

- Arca de Ribeira (42.97226, -7.36263): a arca está no interior dunha edificación duns 45 m², nun bo estado de conservación.



Imaxe 4.2.4. Arca de Ribeira

- Arca do muíño do Arrieiro en Rubial (42.96425, -7.36640): na presa que abastece de auga ao muíño existe unha arca para a pesca.
- Arca do muíño do Muíñeiro en Chavín (42.95219, -7.37329): na presa que abastece de auga ao muíño existe unha arca para a pesca.

Gomeán (Santiago):

- Arca do muíño de Olga ou de don Julio (42.93177, -7.38308): no interior do edificio do muíño houbo unha arca para a pesca.
- Muíño e arcas de Eleuterio en Alfonxe (42.92456, -7.38859): no río Tórdea. Consta de dúas pedras de moer centrais e dúas arcas en cada un dos extremos. Tratouse dunha instalación de considerábeis dimensións mais hoxe atópase nun estado de ruína moi avanzado.
- Arca do muíño do Farelo no Castro (42.92020, -7.38973): na presa que abastece de auga ao muíño existe unha arca para a pesca.



Imaxe 4.2.5. Arca nas inmediacións do muíño do Farelo

- Arca do muíño de Bieito en Matafaxín (42.91426, -7.40143): no interior do edificio do muíño houbo unha arca para a pesca.

Abragán (San Bartolomeu):

- Arca do muíño do Rizo (42.88035, -7.42800): no interior do edificio do muíño (hoxe moi deteriorado) houbo unha arca para a pesca.

Escoureda (Santa María):

- Arca do muíño da casa de Airexe (42.87798, -7.43677): na parte exterior (pegado a un lateral) do muíño quedan os restos dunha arca para a pesca.



Imaxe 4.2.6. Restos da arca do muíño da casa de Airexe

Queizán (Santa María):

- Arca de Andrés (42.98967, -7.39089): edificación a dúas augas situada na canle do muíño e mazo de Andrés. O interior albergaba dúas arcas.



Imaxe 4.2.7. Caseto coa arca de Andrés

- Arca de Conde (42.97941, -7.40268): pequena edificación a dúas augas que outrora albergou unha arca.

Laxosa (Santiago):

- Arca do muíño da Herdeira (42.96748, -7.47289).

Paradela (San Fiz):

- Arca do muíño do Placer (42.94123, -7.48884): exterior.
- Arca do muíño de Baltasar ou de Farruco (42.93715, -7.49109).
- Arca do muíño da Areosa ou de Berto (42.93870, -7.49884): exterior.

RÍO MAZANDÁN**Anseán (Santa Catarina):**

- Arca do muíño da Torre de Abaixo (42.91189, -7.44433): hoxe destruídos totalmente, tanto o muíño como a arca.

Marei (Santa María):

- Arca de Bieito (42.90701, -7.44482): arca de pesca dentro dunha pequena edificación da que xa só quedan os restos.

7 CONCLUSIÓN

Concluimos este estudo afirmando que, como era de agardar pola cantidade de ríos que sucun o concello, a pesca fluvial chegou a ter moita importancia no concello do Corgo, tendo inventariadas neste artigo trinta e nove construcións, das cales 16 son caneiros (situados nos grandes ríos do Corgo: 11 no Miño e 5 no Neira) e 23 arcas (situados nos máis pequenos: 6 no Neira, 9 no Tórdea, 6 no Chamoso e 2 no Mazandán).

A segunda conclusión que sacamos é a singularidade das arcas (tamén denominadas pesqueiras no noso concello) e das cales non existen estudos nin atopamos moitos paralelismos fóra da propia zona de influencia do Corgo. Este feito debería de animar a estudosos para realizar unha profunda investigación arredor deste singular método de captura.

E pechamos este pequeno apartado de análise concluíndo que o estado das construcións para pesca fluvial é maioritariamente lamentábel debido á diminución da cantidade de anguía que é capaz de remontar os nosos ríos (construcións de centrais hidroeléctricas no río Miño), pola mala calidade das augas, polo aumento dun verme nematodo, o *Anguillicoloides crassus*, que vive nas vexigas natatorias das anguías e parece espallarse facilmente entre as poboacións de anguía europea, e as limitacións que este tipo de pesca ten a nivel legal. Todo isto fixo que este tipo de construcións caeran en desuso e que hoxe só teñamos moreas de pedras esbarralladas que asoman a cabeza anualmente nos períodos de seca, lembrando un pasado que xa nunca volverá.

8 BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

ABEL VILELA, Adolfo de (coordinador). Historia e antropoloxía da cultura pesqueira en Galicia. Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 1996.

FERNÁNDEZ, Manuel María. Andando a Terra: 1977-1987. Vigo: Edicións A Nosa Terra, 1990.

LADRA, Lois. A pesca tradicional nos ríos de Galiza: caneiros, pescos e pesqueiras. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2008.

MOREIRAS, Olga; CARBAJAL, Ángeles; CABRERA, Luísa e CUADRADO, Carmen. Tablas de composición de alimentos. Madrid: Ediciones Pirámide, 2013 (16º edición).

VÁZQUEZ VÁZQUEZ, Yolanda. Un patrimonio esquecido: caneiros do Miño en Guntín de Pallares. Guntín: Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, 2020.

VVAA. Os Caneiros do Miño no Concello de Lugo. Lugo: Concello de Lugo, 2009.

VVAA. Premios Terras de Chamoso. Libro recopilatorio dos traballos gañadores do certame literario Terras de Chamoso. I, II e III edición (2007-2009). O Corgo: A.C. Arumes do Corgo, 2010.

ARTIGOS EN REVISTAS OU PARTES DE LIBROS

ABEL VILELA, Adolfo de. "Las pesqueras del Alto Miño y afluentes en el siglo XVIII". Boletín do Museo Provincial de Lugo, 1997-98, nº 8, páxs. 159-177.

GÓMEZ ALCAIDE, Rosario. "Os caneiros de Portomarín". Croa, 2021, nº 31, páxs. 78-83.

LADRA, Lois. "Os caneiros de Portomarín, achega a un peculiar e desaparecido sistema de pesca da anguía no río Miño". Cuadernos

de Estudios Gallegos, 1998, T. 45, fasc. 110, páxs. 257-286.

LADRA, Lois. "Artes tradicionais da pesca fluvial". Nova Ardentía: revista galega de cultura marítima e fluvial, 2009, nº 5, páxs. 62-67.

LADRA, Lois. "Três estudos de etnologia fluvial no rio Tua: pesca artesanal, moagem de cereais e travessia ribeirinha". Estudo histórico e etnológico do vale do Tua, 2017, vol. II, páxs. 244-348.

VIVEIRO VEIGA, Orlando. "De redes, caneiros e outras historias". Nova Ardentía: revista galega de cultura marítima e fluvial, 2009, nº 5, páxs. 68-70.

PÁXINAS WEB

<https://sixpac.xunta.es/visorhtml5/> [Consultado: 06/11/2023].

<https://mapas.xunta.gal/visores/basico> [Consultado: 06/11/2023].

<https://fototeca.cnig.es/fototeca/> [Consultado: 06/11/2023].

https://www.ign.es/web/comparador_pnoa/index.html [Consultado: 06/11/2023].

<http://www.xente.mundo-r.com/valdoneira/turerot/rotaenxenhos.htm> [Consultado: 08/11/2023].

<https://pixabay.com/es/images/search/anguila/> [Consultado: 03/11/2023].

https://www.miteco.gob.es/content/dam/miteco/es/biodiversidad/temas/inventarios-nacionales/anguilla_anguilla_tcm30-199012.pdf [Consultado: 03/11/2023].

<https://www.pecriominho.org/anguila> [Consultado: 15/11/2023].

ANEXO I: UN CANEIRO LITERARIO

A diminución da pesca fluvial e o posterior deterioro dos caneiros fixo que as novas xeracións descoñeceran por completo o funcionamento

deste tipo de construcións. A maiores das fotografías e os esquemas do artigo traemos aquí uns extractos do conto "O caneiro", de Orlando Viveiro Veiga e que tivo o primeiro premio de relato (categoría de adultos) na primeira edición do Certame literario Terras de Chamoso, xa que axuda a entender o proceso de pesca da anguía nun caneiro da Terra Chá:

Unha vez rematado o atume da rede nos gallos do forcado, saíu fóra e avanzou polo guiar do caneiro chegando ás pías disposto para armar o trebello. Nas bocas a auga baixaba a cachón e tal como estaba a chover cavilou que as anguías estaban a punto de comezar a baixada. Arrebolou a rede á corrente para que enchoupara gañando peso, evitando así encerellar no forcado, recollendo case ao mesmo tempo. Armou logo na boca de modo que o tiro da auga arrastrara a rede cara abaixo, deixando a súa entrada aberta para a chegada das anguías.

O forcado permanecía entalado na agulla do fondo e no traveseiro da boca resistindo deste xeito a enorme forza da auga, aínda que por precaución amarrara o seu mango á pedra do caneiro coa cadea. Ergueu logo ao cabo dun instante para medir o rebo que baixaba e observou que era escaso: tan só algúns garabullos mesturados con follas, polo que seguidamente volveu armar.

[...]

Cando ergueu o aparello por primeira vez resultoulle livián, cousa que o levou a cavar, mentres camiñaba ata o caseto para baleirar, que a carga fora escasa. Á luz do candil observou tan só dúas anguías escuras e brillantes que caeron enroscadas unha coa outra no fondo da enorme pía de cantería que servía de depósito para conservar en fresco as capturas ata a súa venda. Voltou de présa na procura de aforrar tempo, levando canda el un dos goxos de boca grande con asas que enxergara con varas de codeso cortadas na lúa mingunte.

Armara de novo unha e outra vez ao longo da noite mentres a choiva seguía a caer e o vento zoaba a cada volta con máis forza. Viaxaba ata o caseto en cada ocasión que era preciso baleirar os goxos acurutados traballando sen taxar o esforzo nin o tempo, e foi nunha desas cando de súpeto reparou que a auga medrara comezando a saltar por enriba dos guiares e o río andaba a piques de botar fóra.

O Rulo deixara amarrado o batuxo por debaixo das pías por se fose de necesidade, pois é sabido que as enchentes son repentinas e o quedar no medio da auga en noite coma esta non é comenencia de ningún; [...]

Desarmou erguendo por derradeira vez o forcado e agarrando o goxo, que agora estaba mediado, coa outra man alcançou de contado para refuxiarse no caseto que estaba situado fóra do caneiro no curuto dunha encosta lixeira que facía a ribeira por aquela banda. Non houbera ocasión de voltar polo batuxo, pois durante o tempo que gastara en depositar o aparello no interior do caseto lavaron as pías. O caneiro apenas se adiviñaba agachado



Imaxe A1.1. Portada do libro recompilatorio dos traballos gañadores do Certame literario Terras de Chamoso, que inclúe o relato "O caneiro" de Orlando Viveiro Veiga

debaixo da inmensa corrente de auga e o home voltou atrás, a barca non había de ter coidado pois tal como estaba amarrada coa cadea ao caneiro non o precisaba e como moito daba por perdida a rema.

ANEXO II: UNHAS ARCAS CONFLITIVAS

No artigo de Adolfo de Abel Vilela (1997-98), recollido na bibliografía, fálase da construción da presa da Fervenza, hai dous séculos e medio, para alimentar a un muíño e a unha pesqueira, denominada no Corgo como “arca”, e como esta derivou nunha denuncia por parte do procurador xeral da cidade de Lugo pola influencia negativa que este feito suporía para a pesca, augas arriba do devandito emprazamento. Recollemos un extracto do artigo, no que relata o feito e se describe o procedemento existente para resolver conflitos relacionados coa pesca fluvial nas Terras de Lugo (mantemos as letras grosas e as notas a pé de páxina orixinais).

*En 1766 se produce una denuncia. El 30 de agosto, el procurador general de la ciudad de **Lugo**, don **Juan Salgado**, como representante de los intereses del vecindario, denuncia el grave perjuicio que estaba causando al común y a los habitantes de la ciudad y sus cercanías, **Domingo López** de Bande, que vivía en la parroquia de **San Esteban de Farnadeiros**, y que había fundado en las orillas del río Miño, en el lugar denominado **A Fervenza**, una casa destinada a molino en terreno comunal, con apropiación de tierras.*

*También cortó el río con una presa de mucha elevación, construyendo en ella una pesquera que denominaban **arcas**, con lo cual no dejaba libertad al pescado que producía el río **sin intermisión de día, mes ni tiempo**, por estar continuamente fundada y fijada en él, siendo aún el más considerable perjuicio el que dimanando la fertilidad de la pesca de la que sube de aquel paraje por el expresado río, así a las inmediaciones de esta ciudad como a los más parajes a donde da principio con este edificio, se lo*



Imaxe A2.1. Posibel emprazamento das arcas da Fervenza

impide totalmente**¹. Siendo consciente del daño que ocasionaba la obra, **la continuaba con toda aceleración y número de oficiales.

*Fue comisionado don **Pedro Vicente Sanjurjo**, que acompañado del secretario y del maestro **José González Sierra**, efectuaron el reconocimiento del lugar, levantando un plano que fue remitido con el informe del 21 de septiembre a la real y suprema **Junta de Obras y Bosques**. Se comunicó también al marqués de Piedrabuena, intendente del reino, el cual consideraba que era un asunto de su competencia por ser el jefe y juez privativo para el conocimiento de los negocios de caza y pesca y demás que provienen de la Real Junta de Obras y Bosques².*

*El intendente contestó el día 24 pidiendo que le remitiesen los autos originales para reconocerlos, pero le contestaron que los habían pasado a la **Junta**. El día 8 de octubre contesta de nuevo incluyendo los autos. Señalaba que en el asunto debían de haber*

¹Leg. 91. Actas Capitulares de 1766. Consistorio 30-10. AHP de L.A.

²Ibidem. Anexo Consistorio 11-10.

acudido a él y no a otro juzgado, basándose en que no teniendo jurisdicción contenciosa, se haya embarazado en este en librar comisión para el coto y embargo de la expresada obra, advirtiéndolo al mismo tiempo que habiendo comenzado a actuar en 3º de agosto, y no pudiendo dudar que soy el jefe y juez privativo para el conocimiento de los negocios de caza y pesca y demás que provienen de la Real Junta de Obras y Bosques, no me haya dado cuenta inmediatamente de este suceso³.

El 29 de octubre, don Pedro Manuel de Vera, secretario de la Real Junta de Obras y Bosques devolvía los autos y planos de las pesqueras que intentaba hacer Domingo López de Bande, fabricando dos arcas

grandes para coger todo género de pescado en los doce meses del año, impidiendo no sólo el aprovechamiento común de esta especie, sino también su procreación y desovo⁴.

Por lo que hacía referencia a la construcción de la casa en lugar común construcción de molinos en el río y daños de pastos, señalaba que la Ciudad usase de sus acciones y derechos donde más le conviniese y que en lo relativo a las arcas para pescar, le devolvían los documentos para que de acuerdo con la Real Pragmática y órdenes de caza y pesca y su veda anual comunicadas desde 1754, sustanciase los autos en primera instancia oyendo a las partes, interponiendo las apelaciones a la Junta.



Imaxe A2.2. Presa da Fervenza

³Leg. 91. Actas Capitulares de 1766. Consistorio 11-10. Fol. 343. AHP de L.A.

⁴Ibidem. Fols. 482-482 v.

MEMORIA DE ACTIVIDADES DA A.C. ARUMES DO CORGO E CEC (2022-23)

ANO 2022

PRESENTACIÓN DO NÚMERO 8 DA REVISTA CORGA

O sábado, 9 de abril presentouse no Centro Sociocultural do Corgo o número 8 da revista Corga que contaba cos seguintes traballos:



- Marco Antonio García-Gabilán Sangil: “O deslinde municipal entre os concellos do Corgo e Lámbara”.
- Lois Ladra: “O proxecto Corgoral e a prensa escolar como fonte para a recompilación da literatura popular no Corgo”.
- Óscar González Murado: “Capelanías e capeláns do Corgo”.
- Mario Outeiro Iglesias: “O románico do Corgo”.



No acto, presentáronse os traballos da revista e repartíuse un exemplar de agasallo a cada un dos asistentes.

XVI CERTAME LITERARIO “TERRAS DE CHAMOSO”

O sábado, 17 de decembro, no Punto de Atención á Lectura do Corgo celebrouse a entrega de premios do XVI Certame Literario “Terras de Chamoso”. Os premiados desta edición foron:

CATEGORÍA: INFANTIL

Modalidade: poesía

1º premio: Paula Reija Folgueira, de Monte (Castroverde), pola obra “Sempre galego”.

2º premio: Carolina Freire Cando, de Montecubeiro (Castroverde), pola obra “Miña Terra”.

Modalidade: relato

1º premio: Carla Carracedo Fernández, de Lugo, pola obra “A matanza”.

2º premio: Juan Carlos Álvarez Díaz, de San Pedro de Río (A Fonsagrada), pola obra “Relatos do pasado”.

Premio “A Legua Dereita”: Carla Carracedo Fernández, de Lugo, pola obra “A matanza”.



CATEGORÍA: XUVENIL

Modalidade: poesía

1º premio: deserto.

2º premio: deserto.

Modalidade: relato

1º premio: Ariadna Cambeiro Pérez, de Santiago de Compostela, pola obra “Se o silencio falase”.

2º premio: Julia Amoedo Méndez, de Redondela (Pontevedra), pola obra “A simple historia do mensaxeiro”.



CATEGORÍA: ADULTOS

Modalidade: poesía

1º premio: Natalia Lema Otero, de Vimianzo (A Coruña), pola obra “Heterocromía”.

2º premio: Eva González Blanco, de Lalín (Pontevedra), pola obra “Crisálida”.

Modalidade: relato

1º premio: Xosé Farruco Graña Rama, de Ribadeo, pola obra “Eu voun navegar”.

2º premio: Agustín Lorenzo Fidalgo, de Ourense, pola obra “Unha aldea viva”.

ANO 2023

PRESENTACIÓN DO NÚMERO 9 DA REVISTA CORGA

O sábado, 11 de febreiro presentouse no Centro Sociocultural do Corgo o número 9 da revista Corga que contaba cos seguintes traballos:

- Mario Outeiro Iglesias: “Fontán e O Corgo”.
- Carlos Álvarez Quiroga e Alberto Martín Monge: “Achegamento á vida en Santalla do Alto no século XVIII”.
- Óscar González Murado: “Estado das igrexas do Corgo a principios do século XVIII. A visita de Bustos de la Torre no ano 1700”.
- Lois Ladra: “Nomear a Terra no Corgo: a toponimia local vista por un filólogo”.
- Lois Ladra: “Oficios tradicionais no Corgo. Toño do Carrizo, o último ferreiro”.
- Javier Gómez Vila e María José López Caldeiro: “A Vía Küng polas Terras do Corgo”.



No acto, presentáronse os traballos da revista e repartiuse un exemplar de agasallo a cada un dos asistentes.



XIII ENCONTRO DE ASOCIACIÓNS

O sábado, 27 de maio de 2023, celebrouse o XIII encontro de asociacións no Corgo. O evento, organizado pola A.C. Arumes do Corgo contou coa participación de arredor de 150 participantes da Asociación cultural A Canteira de Neda (Ferrol), Agrupación Instructiva de Redes e Caamouco, Asociación Cultural de Amigos do Patrimonio de Castroverde e da Asociación Cultural Arcas de Sarria, a maiores da propia entidade organizadora.



O programa da actividade foi o seguinte:

- 10:00 h Recepción de Asociacións en Castrillón. Explicación do conxunto de Castrillón e contextualización da Vía Künig.
- 10:30 h Inicio da Vía Künig (km 0).
- 11:30 h Aperitivo no Centro Sociocultural (km 4,6).

- 12:00 h Reinicio da marcha.
- 13:30 h Remate (aproximado) da ruta en Coeo (km 11,8).
- 14:00 h Xantar na Torre de Núñez.
- 18:00 h Actuación de Avelino González: “Contos para facer a dixestión”.
- 19:00 h Despedida.



XVII CERTAME LITERARIO “TERRAS DE CHAMOSO”

O sábado, 16 de decembro, no Punto de Atención á Lectura do Corgo celebrouse a entrega de premios do XVII Certame Literario “Terras de Chamoso”. Os premiados desta edición foron:

CATEGORÍA: INFANTIL

Modalidade: poesía

- 1º premio: Paula Reija Folgueira, de Castroverde, pola obra “Morriña de Galicia”.
- 2º premio: Daniela Freire Toimil, de Montecubeiro (Castroverde), pola obra “Miña terriña galega”.

Modalidade: relato

- 1º premio: Mia Shine Yáñez, de Arxemil (O Corgo), pola obra “A pereira da tía Miseria”.

2º premio: Carla Carracedo Fernández, de Castroverde, pola obra “Vivencias dos labregos nos anos 40-50”.

Accésit: Daniela Alvariño Pereira, da Fontaneira (Baleira), pola obra “A nena á que non lle comeu a lingua o gato”.

Premio “A Legua Dereita”: Carla Carracedo Fernández, de Castroverde, pola obra “Vivencias dos labregos nos anos 40-50”.



CATEGORÍA: XUVENIL

Modalidade: poesía

1º premio: deserto.

2º premio: Uxía Seoane Duro, da Estrada (Pontevedra), pola obra “A miña terra”.

Modalidade: relato

1º premio: deserto.

2º premio: Ana Lestao Ben, de Burela, pola obra “As cousas cambian”.



CATEGORÍA: ADULTOS

Modalidade: poesía

1º premio: Jorge Carril Espido, da Coruña, pola obra “Lembranza”.

2º premio: Susana Antón Mandayo, de Pontevedra, pola obra “Explicación da explicación”.

Modalidade: relato

1º premio: Adrián Pérez Bote, de Madrid, pola obra “A defensa d'O Val”.

2º premio: Julio Romero Suárez, de Arteixo (A Coruña), pola obra “O miradoiro de Suevos”.



DOCUMENTACIÓN PARA A ENTREGA DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

D./Dña

NIF: Teléfono:

Enderezo:

C.P.: Concello Provincia:

Correo-e:

Entrega a seguinte documentación co fin de tramitar a inscrición como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDIOS DO CORGO (CEC):

- ☐ Impreso de solicitude de ingreso no CEC debidamente asinado.
- ☐ Copia simple do DNI
- ☐ Traballo de investigación seguindo as normas de publicación establecidas (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- ☐ Anexos (dúas copias en papel e unha en formato dixital).
- ☐ Autorización de cesión dos dereitos de autor.
- ☐ Consentimento do pai/nai/titor legal (nas persoas entre 14 e 18 anos).
- ☐

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



SOLICITUDE DE INSCRICIÓN COMO SOCIO/A NUMERARIO/A OU XUVENIL

D./Dña

NIF: Data de nacemento: / /

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

Tfno. fixo: Tfno. móbil:

Correo-e:

Título do estudo:

Formación académica:

Experiencia laboral:

Forma de recibir comunicacións da Asociación: ☐ Correo electrónico ☐ Correo postal

Solicita formar parte como Socio/a Numerario/a ou Xuvenil do CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO conforme aos seus estatutos.

En, a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



CESIÓN DE DEREITOS DE AUTOR

O Centro de Estudos do Corgo (en diante CEC) é unha Asociación sen ánimo de lucro.

D./Dña (en diante: "o autor")

NIF:

Enderezo:

C.P.: Concello: Provincia:

Convén o seguinte:

PRIMEIRO: Antecedentes

- 1) O CEC ten como fins a promoción de diferentes estudos (patrimonio natural, material e inmaterial, arte, lingua e literatura, xeografía e historia, economía, sociedade e educación...) sobre o concello do Corgo e a súa divulgación entre os habitantes do concello.
- 2) O CEC realizará (para acadar os fins anteriores) unha recopilación de toda a información posíbel sobre o concello do Corgo nun arquivo/biblioteca (en papel e en formato dixital), así como a publicación dunha revista anual (por escrito) e dun sitio web con artigos sobre O Corgo.
- 3) O autor (en caso de varios autores, especificar no Anexo I) realizou un estudo titulado:

obra que formará parte do uso referido no numeral anterior.

- 4) Polo presente contrato regúlase a forma e condicións da cesión dos dereitos correspondentes que o autor realiza a favor do CEC, que se regulará nun todo polas disposicións contidas nas cláusulas seguintes.

SEGUNDO: Cesión dos dereitos

O autor cédelle ao CEC, quen adquire, os dereitos que lle corresponden sobre o estudo, incluíndo os dereitos de edición e publicación.

TERCEIRO: Regalías

A cesión á que se refire a cláusula anterior realízase a título gratuíto, polo que o CEC non lle deberá aboar ao autor regalías de ningunha especie.

CUARTO: Obrigas do CEC.

O CEC non poderá, en ningún caso ou circunstancia:

- a) Ceder total ou parcialmente, en foma directa ou indirecta, os dereitos adquiridos a través da presente formalidade, a favor de ningún terceiro e baixo ningunha modalidade.
- b) Facer ningún agregado, supresión nin modificación á obra sen o consentimento previo, expreso e escrito do autor.



QUINTO: Dereitos do CEC.

Ademais da edición, publicación e impresión da obra como parte do uso referido na cláusula primeira, o CEC poderá libremente:

- a) Determinar o tipo de impresión, formato, clase de papel, encadernación e demais características físicas do estudo, así como o formato do sitio web;
- b) Realizar actividades de promoción e publicidade dos estudos;
- d) Utilizar o nome e a imaxe do autor con fins publicitarios e de promoción, exclusivamente en relación á obra obxecto deste contrato.

SEXTO: Garantía de lexitimidade

O autor garante que a obra goza de “libre dispoñibilidade” (no caso de varios autores, da “dispoñibilidade conxunta”) dos dereitos que cede.

En caso de impugnación dos dereitos autorais ou reclamacións instadas por terceiros relacionadas con contido ou a autoría da obra, a responsabilidade que puidese derivarse será exclusivamente de cargo do autor.

SÉTIMO: Mandato de protección

O autor autoriza ao CEC a perseguir os responsábeis de edicións clandestinas e fraudulentas, así como para exercer a defensa dos dereitos autorais obxecto desta cesión, se for preciso.

OITAVO: Liberdade do autor

O autor ten liberdade de autorizar a terceiros a realización doutras edicións da obra, así como de ceder os dereitos de autor a favor de terceiros.

NOVENO: Modificación e resolución do contrato

Este contrato poderá modificarse ou rescindir-se de mutuo acordo das partes, así como rescindir-se unilateralmente sempre e cando a outra parte incumpra gravemente as súas cláusulas.

En....., a..... de..... de.....

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



ANEXO I

(Cesión de dereitos de autor)

COAUTOR 1:

D./Dña
..... NIF:
Enderezo:
C.P.: Concello Provincia:

COAUTOR 2:

D./Dña
..... NIF:
Enderezo:
C.P.: Concello Provincia:

En , a de de

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO



AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA MENORES DE IDADE

D./Dña.....

NIF:..... Teléfono:

Enderezo:

C.P.:..... Concello:..... Provincia:.....

Tfno. fixo:..... Tfno. móbil:.....

Correo-e:

Pai, nai ou titor/a legal (rísquense as que non procedan) do menor:

..... con NIF:

Afirmo coñecer os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno que rexen o Centro de Estudos do Corgo (CEC) e autorizo o meu fillo/a a facerse Socio/a Xuvenil da devandita Asociación.

A maiores autorizo a CEC a publicar a imaxe do menor en calquera das actividades relacionadas cos fins do Artigo 5 dos Estatutos, en calquera dos formatos posíbeis (páxina web do CEC, fotografías para revistas ou publicacións, filmacións...)

En....., a..... de..... de.....

Asdo.:

SR./A. PRESIDENTE/A DO CENTRO DE ESTUDOS DO CORGO

Idioma. Só se admite o galego como idioma vehicular da revista. Empregarase sempre a última normativa aceptada pola Real Academia Galega, aparecendo as palabras non adaptadas á mesma entre comiñas.

Extensión. Os traballos presentados terán unha extensión ou outra dependendo do número de redactores:

- 1 persoa: entre 5 e 20 páxinas.
- 2 persoas: entre 10 e 30 páxinas.
- 3 persoas: entre 15 e 40 páxinas.

Os Anexos presentados non serán publicábeis na revista e formarán parte do arquivo-biblioteca do CEC.

Estrutura. O artigo presentado ten que contar cos seguintes apartados:

- Título (máximo de 80 caracteres contando espazos en branco).
- Identificación do(s) autor(es) por orde de importancia ou alfabético de apelidos acompañado do correo-e dos mesmos, o título profesional e o centro de traballo.
- Agradecementos (opcional).
- Resumo (máximo de 150 palabras).
- Palabras clave (entre 3 e 10).
- Introducción/limiar.
- Corpo do traballo cos apartados que se consideren oportunos.
- Conclusións.
- Referencias bibliográficas.

Formato:

- Tipo de documento: Word (recoméndase tamén entregar o mesmo documento en formato pdf).
- Letra: Arial, cor automático (negro), tamaño 12 puntos, salvo que se indique o contrario (títulos...).
- Marxes: superior, inferior e laterais de 3 cm.
- Aliñación: xustificada sen sangría na primeira liña.
- Espaciado: anterior e posterior de 0 puntos e interliñado sinxelo. Espacio entre parágrafos dunha liña en branco.
- Recomendase non empregar o subliñado para resaltar partes do texto.
- Título: maiúsculas, centrado, cor verde escuro e tamaño de letra de 16 puntos.
- Identificación do(s) autor(es): apelidos e nome (separado por coma).
- Datos do(s) autor(es): tamaño de letra de 10 puntos.
- Agradecementos: tamaño de letra de 10 puntos.
- Títulos de apartados (RESUMO, PALABRAS CLAVE, INTRODUCCIÓN/LIMIAR, CONCLUSIÓN, BIBLIOGRAFÍA...) irán en maiúscula, negriña e sen punto ao final. Se se numeran os apartados (a partir da introdución) empregaranse as normas ISO (1 / 1.1 / 1.1.1 / 2 / 2.1 / 2.1.1 etc.).

- Numeración de páxinas: borde inferior dereito incluíndo a primeira páxina (non se fará portada).
- Notas a pé de páxina: tamaño de letra de 10 puntos.

Imaxes. O texto pode ir acompañado por ilustracións, fotos ou gráficos, sempre orixinais ou acompañados do permiso do editor ou autor para a súa publicación. Para ser impresas con calidade, deberán ter unha resolución mínima de 300 ppp. Admitiranse como formatos de imaxe TIFF ou JPG. Incluíranse no documento e en arquivos separados, indicando con claridade o lugar no que deben inserirse no texto.

Bibliografía. Clasificada por orde alfabética, axustase ás seguintes normas:

- Monografías: APELIDO(S), Nome. *Título do libro*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Partes de monografías: APELIDO(S), Nome. "Título da parte". En: Responsabilidade da obra completa. *Título da obra*. Lugar de edición: editorial, ano de edición.
- Artigos en revistas: APELIDO(S), Nome. "Título do artigo". *Título da revista*. Edición. Ano, número, páxinas.
- Recursos electrónicos en internet: Responsábel principal. *Título*. Data de publicación. <URL> (data de acceso).

Unidades de medida. Empregarase o Sistema Internacional de Unidades (SI) e non o sistema anglosaxón de unidades.

Principios éticos e legais. Non se publican textos con contido que promova algún tipo de discriminación social, racial, sexual ou relixiosa; nin artigos que xa fosen publicados integramente noutros lugares.

A revista non se fai cargo das imaxes, textos e traballos dos autores que serán responsábeis legais do seu contido.

En caso de conflito legal con algún aspecto dun traballo publicado, o demandante debe demostrar de xeito fidedigno e mediante denuncia, o presunto delicto ou falta cometido polos autores. O resultado anunciarase na revista.

Os artigos poden ser reproducidos sempre que se cite claramente a súa procedencia e o servizo sexa gratuíto. En servizos de pagamento deberán pedir expresamente permiso e aboar os dereitos correspondentes á revista e aos autores.

Seguindo as norma Vancouver o artigo estará asinado por aquelas persoas que efectivamente participaron na súa elaboración, reservándose a revista o dereito de investigar a participación concreta dalgún ou todos os seus membros.

A comprobación de que un autor intentou plaxiar algún traballo nesta ou outra publicación fará que automaticamente sexan rexeitados, a partir deste momento, os traballos nos que figure o devandito autor.

